



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Serie Pleno  
Número 12

**Sesión Plenaria**  
24 de xaneiro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DIA

---

### Punto 1. Comparecencias en pleno

#### 1.1 3504 (10/CPP-000013)

Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por petición dos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos resultados da Conferencia de Presidentes celebrada no día de hoxe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

#### 1.2 1139 (10/CPP-000010)

Do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

### Punto 2. Mocións

#### 2.1 2756 (10/MOC-000008)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero en persoas menores de idade (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 1876, publicada no BOPG núm. 28, do 14.12.2016, debatida na sesión plenaria do 27.12.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

#### 2.2 2757 (10/MOC-000009)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Solla Fernández, Eva**

Sobre a situación asistencial da sanidade (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 2077, publicada no BOPG núm. 28, do 14.12.2016, que foi debatida na sesión plenaria do día 27 de decembro de 2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

### Punto 3. Proposicións non de lei en Pleno

#### 3.1 676 (10/PNP-000042)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Fernández Gil, César Manuel, e catro deputados/as máis**

Sobre a aprobación polo Goberno galego da norma que regule o réxime de contratación do persoal investigador laboral da Administración pública de Galicia.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 8, do 07.11.2016

#### 3.2 1587 (10/PNP-000146)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da información referida ao custo real para o erario público da decisión de vender Novagalicia Banco de xeito anticipado, así como a publicación dos documentos que fundamentaron ese acordo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

### **3.3 1739 (10/PNP-000165)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Solla Fernández, Eva**

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico nacional para o tratamento da hepatite C, incluíndo a formación dos profesionais, as campañas informativas e o plan de cribado preceptivo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 07.12.2016

### **3.4 2413 (10/PNP-000221)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre a interposición dun recurso ante o Tribunal Constitucional polo rexeitamento da admisión a trámite pola Mesa do Congreso dos Deputados da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 37, do 30.12.2016

### **3.5 2451 (10/PNP-000225)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis, e Sánchez García, Antón**

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o cumprimento da sentenza do 21 de decembro de 2016 do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en relación cos contratos hipotecarios con cláusulas chan

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.12.2016

### **3.6 2507 (10/PNP-000234)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Puy Fraga, Pedro, e sete deputados/as máis**

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia para elaborar e aprobar un programa de axudas específico para as familias monoparentais

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 36, do 28.12.2016

### **3.7 2638 (10/PNP-000246)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel, e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes da comunidade autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

### **3.8 2930 (10/PNP-000259)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar as saturacións que sofren, de maneira habitual, os servizos de urxencias de diversos centros hospitalarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

**Punto 4. Interpelacións****4.1 1044 (10/INT-000031)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Fernández, Raúl, e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa execución da liña de alta velocidade ferroviaria en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

**4.2 1334 (10/INT-000050)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector lácteo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

**4.3 2294 (10/INT-000089)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María, e dous deputados/as máis**

Sobre a posición do Goberno galego para Galicia respecto da revisión do modelo de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 32, do 21.12.2016

**4.4 2491 (10/INT-000096)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre a valoración polo Goberno galego respecto da prevención da violencia machista nas escolas galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

**Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****5.1 3446 (10/POPX-000010)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre os resultados das políticas do Goberno galego en materia de emprego xuvenil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

**5.2 3459 (10/POPX-000011)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a extratexia do Goberno galego para evitar os prexuízos para Galicia derivados do modelo de financiamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

### **5.3 3483 (10/POPX-000012)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis**

Sobre as razóns do Goberno galego para reducir e destinar ao pagamento do alugueiro e as subministracións enerxéticas os fondos das axudas dirixidas ás familias en risco de pobreza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

## **Punto 6. Preguntas ao Goberno**

### **6.1 2875 (10/POP-000301)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón**

Sobre as medidas de actuación en relación co porto da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

### **6.2 2939 (10/POP-000324)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis**

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha xestión diante do Goberno de España para que Renfe manteña o servizo de venda de billetes en todas as estacións da nosa comunidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

### **6.3 3182 (10/PUP-000042)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Díaz Villoslada, Juan Manuel, e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización de xestións diante de Portos do Estado e o Ministerio de Fomento para evitar a poxa dos terreos portuarios nos que están asentados A Solana e o Hotel Finisterre na cidade da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

### **6.4 3484 (10/PUP-000045)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Fernández Prado, Martín, e seis deputados/as máis**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de garantía pola Autoridade Portuaria da Coruña, Portos do Estado e o Concello da Coruña da conxugación do uso e aproveitamento público dos terreos portuarios coa viabilidade económica e social do porto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

### **6.5 2735 (10/POP-000271)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre a situación do mercado laboral en Galicia en relación co resto de España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

**6.6 2764 (10/POP-000277)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Tellado Filgueira, Miguel Ángel, e seis deputados/as máis**

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para informar e formar as persoas consumidoras e usuarias ante as súas preocupacións coa factura da luz

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

**6.7 3460 (10/PUP-000046)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación de discriminación por razón de xénero e acoso laboral que está a padecer unha traballadora dunha empresa de transporte de viaxeiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

**6.8 3482 (10/PUP-000044)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai promover o Goberno galego para evitar a fuga e deslocalización das empresas auxiliares do sector do automóbil ao norte de Portugal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

**6.9 2946 (10/POP-000322)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre a pretensión da Xunta de Galicia de suprimir con carácter xeral a obriga de coñecer a lingua galega nos procedementos de selección das actrices e actores que traballen no Centro Dramático Galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

**6.1 02722 (10/POP-000268)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Fernández Gil, César Manuel, e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración polo Goberno galego dos datos do informe PISA 2015 no que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.*

*O señor presidente comunica a ausencia xustificada do señor Mouriño Villar. (Páx. 11.)*

### **Comparecencia do señor presidente da Xunta de Galicia, por petición dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos resultados da Conferencia de Presidentes. (Punto primeiro da orde do día.)**

*Intervención do Goberno: Sr. presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo). (Páx. 11.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 22.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 26), Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 28.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 33.)*

*Réplica do Goberno: Sr. presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo). (Páx. 37.)*

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno (Páx. 44.). Nesta rolda interveñen a señora Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 44.), o señor Fernández Leiceaga (S) (Páx. 46.), o señor Villares Naveira (M) (Páx. 48.), o señor Puy Fraga (P) (Páx. 48.) e o señor presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo) (Páx. 50.). No transcurso desta rolda de intervencións prodúcese un fallo técnico na subministración de enerxía eléctrica que impediu o rexistro sonoro de parte das intervencións do señor Villares Naveira (M) e Puy Fraga (P). (Páx. 48.)*

### **Comparecencia do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto primeiro da orde do día.)**

*Intervención do Goberno: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 56.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 72.), Sr. Díaz Villoslada (S) (Páx. 76.), Sra. Santos Queiruga (M) (Páx. 79.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 83.)*

*Réplica do Goberno: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 87.)*

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno (Páx. 95). Nesta rolda interveñen o señor Bará Torres (BNG) (Páx. 95.), o señor Díaz Villoslada (S) (Páx. 97.), a señora Santos Queiruga (M) (Páx. 99.), a señora Prado del Río (P) (Páx. 100.) e o señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 103.)*

*Suspéndese a sesión ás tres e trinta minutos da tarde e retómase ás cinco da tarde.*

### **Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero en persoas menores de idade (Punto segundo da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx.106)*

*Intervención do grupo autor da moción: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 108.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Pierres López (S) (Páx. 112.) e Sra. Prado Del Río (P). (Páx. 113.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Quinteiro Araújo (M). (Páx. 115.)*

*A señora Pontón Mondelo (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 117.)*

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a situación asistencial da sanidade. (Punto segundo da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 118.)*

*Intervención do grupo autor da moción: Sra. Solla Fernández (M). (Páx. 119.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 122.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 123.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 125.)*

*A señora Solla Fernández (M) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 127.)*

***Votación das mocións***

*Votación do primeiro punto do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a situación asistencial da sanidade: rexeitado por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 129.)*

*Votación do segundo punto do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a situación asistencial da sanidade: rexeitado por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 130.)*

*Votación do terceiro punto do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a situación asistencial da sanidade: rexeitado por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 130.)*

*Votación do cuarto punto do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a situación asistencial da sanidade: rexeitado por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 130.)*

*Votación do quinto punto do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a situación asistencial da sanidade: rexeitado por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 130.)*



**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. César Manuel Fernández Gil e catro deputados/as máis, sobre a aprobación polo Goberno galego da norma que regule o réxime de contratación do persoal investigador laboral da Administración pública de Galicia.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 131.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Blanco Paradelo (P).* (Páx. 131.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 134.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 135.) e *Sra. Chao Pérez (M).* (Páx. 137.)

*O señor Blanco Paradelo (P) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 138.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da información referida ao custo real para o erario público da decisión de vender Novagalicia Banco de xeito anticipado, así como a publicación dos documentos que fundamentaron ese acordo.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 140.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 143.), *Sr. Sánchez García (M)* (Pax. 145.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 147.)

*Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 150.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico nacional para o tratamento da hepatitis C, incluíndo a formación dos profesionais, as campañas informativas e o plan de cribado preceptivo.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 151.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Solla Fernández (M).* (Páx. 152.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 155.) e *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 157.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 159.)

*O señora Solla Fernández (M) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 161.)

**Proposición non de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a interposición dun recurso ante o Tribunal Constitucional polo rexeitamento da admisión a trámite pola Mesa do Congreso dos Deputados da Proposición de lei orgánica de transferencia de titularidade e competencias da AP-9 a Galicia.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 162.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 164.), *Sr. Sánchez García (M)* (Pax. 166.) e *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 168.)

*Nova intervención do señor Bará Torres (BNG)*. (Páx. 170.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D. Antón Sánchez García, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o cumprimento da sentenza do 21 de decembro de 2016 do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en relación cos contratos hipotecarios con cláusulas chan.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 171.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (M)*. (Páx. 171.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 174.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 176.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 178.)

*O señor Sánchez García (M) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 180.)

*Suspéndese a sesión ás nove da noite.*

*Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días, ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non se procede á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia o deputado don Antonio Mouriño Villar por un problema de saúde. E entramos no desenrolo da orde do día.

**Comparecencia do señor presidente da Xunta de Galicia, por petición dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos resultados da Conferencia de Presidentes**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor presidente, señores e señoras deputadas.

Saudamos os mozos e as mozas do Instituto de Educación Secundaria de Brión, que nos honran coa súa presenza.

Señorías, comparezo ante este Parlamento para trasladarlles o contido, o desenvolvemento e os resultados da Conferencia de Presidentes que vimos de celebrar fai exactamente unha semana, o pasado martes, no Senado, en Madrid.

Como saben, é a terceira vez que teño a oportunidade de asistir a unha conferencia de presidentes como presidente da Comunidade. E o primeiro que quixera transmitirllas é que nesta ocasión, na miña opinión, esta conferencia serviu para reflexionar sobre a importancia de traballar xuntos desde a lexítima discrepancia pero coa debida lealdade e altura de miras. Por esta razón, creo que estamos ante a primeira oportunidade de comprobar que esta conferencia pode ter unha utilidade real para a España das autonomías. Máis aló dos acordos concretos aos que chegamos, e nos que me deterei máis adiante, permítanme que lles transmita a miña satisfacción por un triplo feito. En primeiro lugar, porque a Conferencia de Presidentes se celebrara, tal e como viñamos reclamando desde Galicia, e, ademais, que transcorrera cun clima de cordialidade. En segundo lugar, porque nos dotaramos de instrumentos de control e seguimento da propia conferencia para garantir que os pactos acadados se desenvolvesen en tempo e forma. E, en terceiro lugar, porque fomos quen de trazar o camiño para que un foro extraordinario ata o de agora, a Conferencia de Presidentes — só cinco conferencias de presidentes desde a Constitución de 1978 —, poida converterse nun órgano que funcione de forma habitual para a posta en común dos asuntos que nos afectan.

Desde todos os puntos de vista, calquera de vostedes pode constatar que a vontade compartida de todos os que participamos nesa conferencia é a de configurar un novo marco no que as comunidades autónomas poidamos, primeiro, debater xuntas as inxerencias; segundo, facer as nosas achegas para que a mellora do funcionamento das administracións públicas

se faga cunha visión de conxunto; e, por último, consecuencia dos anteriores, ser máis útiles aos cidadáns.

Esa foi a máxima que liderou os traballos preparativos, un papel clave para que a reunión puidera ser verdadeiramente útil. Foi a máxima tamén que presidiu o encontro, no que todos falamos e nos escoitamos sen cortapisas. Agardo que sexa a máxima tamén no futuro para que este primeiro paso importante pero insuficiente se complete e se concrete en acordos, incluso en pactos de Estado, sobre cuestións fundamentais para todos os cidadáns.

Moitos de vostedes recordarán que hai algo máis de sete anos —algúns de vostedes, polos menos— comparecía igual que hoxe para dar conta da conferencia de presidentes celebrada en decembro de 2009. Entón dixeran que, debido á escasa preparación, a súa utilidade quedara comprometida. Pois ben, en sentido contrario, creo que podo dicir nesta ocasión que si houbo un interesante traballo previo e un esforzo de todos por chegar a acordos e por facer deses acordos algo produtivo.

Non podemos perder a perspectiva, en todo caso, do que supoñen as conferencias de presidentes. Nunca se poderá dicir que destas reunións van saír solucións definitivas aos problemas. Pero si creo que, polo menos, nesta ocasión si se pode falar de que se amosou unha intención clara de dar pasos adiante para afrontar importantes retos, retos que temos ante nós.

E o que quizais é máis salientable é que se amosou unha intención de facelo, e de facelo xuntos, dialogando entre todos e para todos. Porque, en efecto, os acordos acadados e os que poidan derivar máis adiante serán froito das achegas de todos os que queiran participar e pensadas para o benestar e prosperidade de todos os españois, vivan onde vivan.

Se Galicia defendeu sempre que a Conferencia de Presidentes se empregase con máis frecuencia, é precisamente porque na nosa opinión, e como se ten demostrado, pode ser un órgano áxil para abordar asuntos que requiren o consenso do Goberno central e o consenso dos gobernos autonómicos. Ningunha política unilateral, moito menos se é de media luz e en reservados, tampouco ningunha política unilateral, sexa ou non sexa a media luz e en reservados, debe substituír os foros comúns para abordar as prioridades que son de todos. Por iso, señorías, a conferencia, de momento, foi un acerto. Por iso seguiremos acertando se seguimos camiñando na unidade que saíu dela. E por iso os que non quixeron acudir a ela terán que explicar por que se autoexclúen da posibilidade de enriquecer os acordos importantes para a vida dos cidadáns que representan. E digo acordos importantes porque finalmente de alí saíron un total de 11 acordos sobre diversos temas que todos eles teñen unha transcendencia especial para o exercicio do noso autogoberno, e para ofrecer uns mellores servizos e unhas mellores oportunidades aos cidadáns.

Alí falouse, entre outras cousas, do seguinte: do financiamento autonómico, de como financiar a dependencia e de como analizar polo miúdo o impacto do gasto sanitario no total de gasto das comunidades autónomas; de como ir cara a un modelo educativo pactado, duradeiro e eficaz; de máis oportunidades para o emprego; de como mellorar as relacións coa Unión Europea e a presenza das comunidades autónomas na formación de vontade do Goberno cen-

tral nos foros da Unión; da crise dos refuxiados; da violencia de xénero; de como axudar as familias con menos recursos no acceso á electricidade ou a través da tarxeta social; e, por suposto, alí falouse dun tema clave para garantir o noso futuro, un tema clave para España, pero, desde logo, un tema clave por proposta das comunidades autónomas e especialmente da Comunidade Autónoma Galega, alí falouse da evolución demográfica do conxunto.

En todos eles creo que se chegou a acordos interesantes. E creo que, desde o punto de vista de Galicia, podemos dicir que se logrou primeiro que os temas clave como financiamento autonómico, gasto sanitario e demografía, que antes da conferencia queríamos que foran tratados, estiveran durante a conferencia enriba da mesa e formaran parte fundamental dos acordos finais. E, en segundo lugar, Galicia logrou que se tratara con amplitude de miras e espírito construtivo por parte de todos os alí presentes a sanidade, a dependencia e os problemas demográficos de Galicia.

Antes de comentarlles con algo máis de detalle todos os acordos aos que chegamos, permítanme explicarlles que deixarei para o final os acordos que considero de maior relevancia no momento actual. Refírome, por suposto, a tres, refírome á educación, ao financiamento autonómico e ao reto demográfico. Había outros sete acordos propostos de inicio referidos, como acabo de concretar, en primeiro lugar, ao propio funcionamento da Conferencia de Presidentes; en segundo lugar, á protección civil; en terceiro lugar, ás relacións coa Unión; en cuarto lugar, á unidade do mercado, administración dixital e ao emprego público; en quinto lugar, ao bono social como garantía de subministración ás familias con menores recursos; en sexto lugar, á tarxeta social; e, en sétimo lugar, ao emprego. E a maiores dos establecidos de inicio puidemos incluír dous novos asuntos de relevancia: a loita contra a violencia de xénero e o apartado referido á situación dos refuxiados.

Paso agora, por tanto, a ofrecerlles a valoración que desde o Goberno facemos ao respecto de cada un dos referidos acordos.

En primeiro lugar, o acordo sobre a modificación do regulamento da Conferencia de Presidentes, que se refire principalmente á modificación do seu artigo 8 no sentido de engadir dúas funcións do comité preparatorio da referida conferencia. A primeira, adoptar as medidas necesarias para asegurar o cumprimento dos acordos, entre elas celebrar reunións semestrais de seguimento. E, a segunda, coordinar as actuacións das conferencias sectoriais e a correcta aplicación da Lei de réxime xurídico do sector público no referido ás relacións interadministrativas.

Lembrábámolo ao inicio, pero volvo insistir en que valoramos positivamente este engadido, porque supón outorgar unha maior capacidade operativa á Conferencia e a garantía de que os seus acordos van ser obxecto de seguimento para poder ser avaliados. En definitiva, a garantía de que cada seis meses haberá un seguimento dos acordos e unha conferencia anual de presidentes como mínimo.

No discurso de investidura que pronunciei nesta Cámara hai menos de cen días, eu mesmo comentaba que sería un paso cara adiante lograr que a Conferencia de Presidentes pasase de ser algo excepcional e case simbólico a converterse en algo ordinario e algo efectivo. Por iso

entendemos que este acordo pode contribuír a que tanto a Administración xeral do Estado como as comunidades autónomas nos impliquemos máis á hora de elaborar acordos realistas, acordos factibles e, sobre todo, acordos que teñan impacto real na vida ordinaria das persoas.

Desde Galicia, lembrando que foi o presidente Fraga o primeiro que falou da necesidade desta conferencia de presidentes, non podemos máis que mostrarnos satisfeitos de que se dean os pasos para que esta conferencia teña vocación de continuidade, seguimento semestral e periodicidade anual.

En segundo lugar, chegamos a un acordo sobre protección civil. Cremos que este acordo vai servir para mellorar a coordinación entre as administracións públicas na atención ás emerxencias, e por iso acordamos a constitución, antes do 31 de marzo, do Consello Nacional de Protección Civil e a adopción de medidas para o desenvolvemento do traballo conxunto no seo do Consello. Como se di no acordo, a coordinación e a cooperación non deben ser un obxectivo, senón unha garantía na calidade da resposta ante situacións de emerxencia. Polo tanto, damos a benvida a calquera paso que vaia na liña de intentar a máxima coordinación, a máxima axilidade, a máxima eficiencia e eficacia nas actuacións de Protección Civil no conxunto do Estado.

En terceiro lugar, as relacións coa Unión Europea, como todas as súas señorías saben, son clave para a vida das comunidades autónomas e para a nosa relación coa Administración xeral do Estado. Por tantas materias nas que a regulación europea afecta de xeito directo os fogares galegos, a todos os galegos, por todo iso, temos que desenvolver desde os gobernos autonómicos unha coordinación na postura do Goberno central nas institucións europeas. E moito máis neste contexto no que a construción europea está posta en cuestión por algúns. Aí temos, por exemplo, o desafío do Brexit, que suporá un antes e un despois nas nosas relacións e na propia configuración da Unión Europea. E nese proceso a voz das comunidades autónomas ten que ser escoitada e valorada.

Neste sentido creo que é un avance o acordo do pasado martes polo que se decide convocar a conferencia de asuntos relacionados coa Unión Europea no primeiro trimestre de 2017 con catro obxectivos. O primeiro, revisar e actualizar o funcionamento e a organización da propia conferencia de asuntos relacionados coa Unión Europea. En segundo lugar, avaliar a coordinación na preparación dos consellos da Unión. En terceiro lugar, impulsar unha maior participación das conferencias sectoriais na configuración da posición española ante as institucións comunitarias. E, por último, reforzar a coordinación entre a Administración do Estado e as comunidades autónomas nos procesos de negociación, de programación, de xestión e de execución de fondos europeos, cousa importante, fundamental, para Galicia.

Desde a creación desta conferencia, Galicia ten participado activamente en todos os seus órganos e ten sido unha das comunidades impulsoras de moitas das propostas. Por iso todo o que signifique avanzar, revisar e actualizar o funcionamento e a organización da conferencia para asuntos europeos tamén é valorado positivamente polo Goberno.

Como sinalaba anteriormente, neste acordo decidimos incorporar un novo punto referido á situación dos refuxiados, agravada aínda máis pola crueza deste inverno en Europa, e para

o que imos impulsar un plan coordinado de axuda á emerxencia a través dos departamentos de cooperación ou desenvolvemento de todas as administracións públicas.

En cuarto lugar, o acordo importante sobre a unidade do mercado, a Administración dixital, a mobilidade interadministrativa e a recuperación das taxas de reposición para a dotación dos empregados públicos das áreas clave das administracións.

Como dixen no inicio, somos un país sen fronteiras e sen barreiras, e, polo tanto, os acordos destinados a reforzar esta idea, como é o apartado referido á unidade de mercado, teñen que ser sempre ben recibidos.

No eido da Administración dixital cremos que tamén é un avance que se recoñeza a necesidade de traballar máis no fomento da utilización dos servizos e ferramentas compartidos co obxectivo de axilizar e simplificar a relación dos cidadáns coas súas administracións públicas.

No mesmo sentido da eliminación das barreiras, cremos que tamén é desexable seguir avanzando para facilitar a mobilidade dos traballadores públicos en todas as administracións públicas que conforman o Estado español. A través do principio de mobilidade, trátase de lograr, por unha parte, unha mellor utilización dos recursos humanos do sector público e, por outra, que os empregados públicos poidan cambiar tanto de posto de traballo como de función e como de localidade, e, polo tanto, facilitar a mobilidade xeográfica dentro de todo o territorio nacional. Trátase de traballar agora para avanzar en temas como a reciprocidade para reforzar esta aposta pola mobilidade dos empregados públicos no conxunto de todas as administracións.

Tamén no eido do emprego público acordamos analizar as taxas de reposición en función das necesidades dos sectores prioritarios das comunidades autónomas —nos que, sen dúbida, conflúen todas as súas señorías—, a sanidade, a educación, os servizos sociais, a seguridade e as emerxencias. Valoramos positivamente a posibilidade de suprimir as taxas de reposición de efectivos públicos neste momento. Recordamos que a taxas de reposición foron reducidas ao 10 % durante o anterior goberno socialista, e tratábase dunha medida de obrigado cumprimento para todas as administracións públicas de España. Posteriormente, esta limitación ampliouse ao 30 % en educación, sanidade e servizos sociais. Posteriormente, aumentou igualmente nos servizos públicos esenciais ata o 50 % —capacidade de reposición no ano 2015— e ao 100 % no ano que pasou, 2016.

A Xunta cumpriu, como non pode ser doutro xeito, as leis do Estado, e moito máis as leis básicas de obrigado cumprimento para todas as administracións. Porén, lémbrolles novamente que a Xunta sempre mantivo que nun momento de recuperación económica é factible suprimir as taxas de reposición para que as administracións poidan facer fronte ao avellentamento dos seus cadros de persoal en determinados servizos públicos.

Pero, a pesar de que é un feito que estamos iniciando un período de recuperación económica —que espero que se consolide—, a realidade é que aínda quedan moitas familias con graves dificultades. Por iso a Conferencia de Presidentes tamén chegou a dous acordos que afectan directamente a estas familias: o caso do bono social e o caso da tarxeta social.

No referido ao bono social e á garantía de subministración eléctrica, acordouse que as comunidades autónomas teñan unha participación efectiva no desenvolvemento regulamentario do Real decreto lei 7/2016, polo que se regula o mecanismo de financiamento do custo do bono social e outras medidas de protección ao consumidor vulnerable. Ademais, o acordo contempla a colaboración da Administración xeral do Estado e do sector eléctrico á hora de financiar as medidas postas en marcha polas comunidades autónomas para axuda aos consumidores vulnerables. Cremos que é moi necesaria esta colaboración entre as diferentes administracións e esa referencia a como sufragar entre todos o apoio ás familias, e por iso valoramos axeitadamente este acordo.

De feito, en Galicia, como saben, señorías, levamos tempo traballando nesta liña. Somos pioneiros na activación de medidas para dar resposta ás necesidades dos consumidores máis vulnerables. Desde o ano 2014 contamos co ticket eléctrico social, que contribúe ao pago da factura da luz con ata 300 euros ao ano por familia. O ano pasado sumamos un mecanismo automático para evitar o corte de luz por impago ás familias con menos recursos, que neste ano 2017, por suposto, se vai manter e que, ademais, se estende ao gas natural. En total, desde o ano 2014 levamos axudado a máis de 6.000 familias, a máis de 6.000 fogares.

Tamén relacionado coas persoas con máis necesidades quixemos avanzar na configuración da futura tarxeta social, que permitirá acceder ao rexistro de prestacións sociais públicas de xeito que se poidan coñecer en todo momento as prestacións que calquera persoa recibe con cargo a calquera administración pública. Por iso o acordo consiste en que, no prazo de tres meses, crearemos un grupo de traballo con participación da Administración do Estado, das comunidades autónomas e da Federación Española de Municipios e Provincias, que tamén incorporará as achegas do terceiro sector de acción social, para o deseño e posta en marcha da tarxeta social. Estou seguro de que Galicia poderá achegar a súa experiencia no desenvolvemento da historia social única, que, como saben, está comezando a implantarse na nosa comunidade autónoma desde o pasado verán.

Creo que fala ben do desenvolvemento da Conferencia de Presidentes o feito de poder chegar a un acordo sobre un tema que non estivo sometido aos traballos previos á reunión. Un asunto como a violencia machista, a violencia de xénero, non podía quedar fóra dun documento que recolle as opinións e inxerencias dos presidentes e das presidentas autonómicas. Por iso creo que o vindeiro debate monográfico para celebrar no Senado, tal e como se indica no acordo, será unha boa oportunidade para seguir insistindo na necesidade de traballar xuntos para acadar un pacto que contribúa a desterrar este problema na nosa sociedade.

Por último, antes de determe nos tres temas que considero claves da reunión, referireime a outro, sen dúbida, de gran importancia: o emprego.

Na conferencia falouse máis concretamente das políticas activas de emprego e de como afrontalas nun momento en que é preciso consolidar o camiño emprendido nos dous últimos anos coa creación dun millón de postos de traballo. Sen dúbida, o acordo acadado poderá servir de impulso para renovar a Estratexia española de activación para o emprego 2017-2020, prestando atención á creación de máis empregos e, sobre todo, ademais, de máis empregos de maior poder adquisitivo.



É positivo que se manifeste a necesidade de mellorar os instrumentos de coordinación e de intercambio de información no marco do Sistema nacional de emprego, avanzando para este fin a avaliación das políticas activas de emprego en función de resultados e a súa planificación no primeiro trimestre tamén deste ano 2017. Refórzase a aposta por seguir mellorando o sistema de formación profesional, en especial a formación dual, promovendo a participación das comunidades autónomas na xestión dos recursos dispoñibles. E tamén se establece no acordo que a orientación prioritaria dos servizos e programas neste eido debe centrarse, en primeiro lugar, na mellora da empregabilidade dos mozos, da xente moza; en segundo lugar, na empregabilidade doutros colectivos vulnerables —maiores de 65, parados de longa duración, persoas en risco de exclusión social e persoas con diversidade funcional—.

En Galicia temos claro que se poden e se deben reforzar as políticas activas de emprego, e para iso, para este 2017, os orzamentos para o emprego e formación medran un 16,4 % con respecto ao pasado exercicio 2016. Ademais, cunha clara aposta, primeiro, pola creación de máis empregos estables e de calidade; segundo, pola formación e orientación laboral centradas nas necesidades do mercado de traballo, con especial atención ao desenvolvemento da industria 4.0. En concreto, señorías, en Galicia fixámonos o reto de crear 20.000 novos postos de traballo neste ano 2017, tras conseguir a sociedade galega que 80.000 persoas abandonaran as listas do desemprego desde o inicio da anterior lexislatura 2012-2016.

Paso agora a comentar os tres asuntos polos que creo que esta conferencia pode ser recordada se somos capaces de completar o traballo que iniciamos. Refírome ao pacto pola educación, ao reto demográfico e ao financiamento autonómico.

Respecto do pacto pola educación, creo que é bo recordar que o noso sistema educativo ten importantes debilidades. Tampouco ninguén discute que ao longo do período democrático todas as leis orgánicas implicadas —todas impulsadas por gobernos do Partido Socialista, agás a LOMCE— nunca partiron dun acordo xeral, tampouco as impulsadas polo Partido Popular. E, polo tanto, o feito de que agora pareza existir esa vontade de alcanzar un pacto social e político na educación é un motivo de satisfacción.

Ábrese unha nova etapa, unha nova etapa de diálogo con todos os membros da comunidade educativa, co único obxectivo de concretar un pacto para o que os cidadáns están reclamando responsabilidade política. Nese entendemento que deberá buscarse é bo —na miña opinión non é bo, é imprescindible— que a opinión das comunidades autónomas non quede á marxe. E, polo tanto, é determinante que se acordara celebrar un debate monográfico sobre a educación na Comisión Xeral de Comunidades Autónomas no Senado, un debate para poder incorporar o diagnóstico e as achegas das comunidades autónomas aos traballos do pacto de Estado social e político pola educación.

Neste contexto, Galicia está en condicións de achegar a súa experiencia en aspectos nos que creo que podemos achegar. Refírome, por exemplo, á implantación do ensino plurilingüe e ao equilibrio das linguas cooficiais. Refírome á abordaxe da convivencia nos centros educativos. Coa Lei de convivencia e participación da comunidade educativa, aprobada por este Parlamento, cos protocolos de actuación, fomos os primeiros en regular a prevención, a de-

tección e o tratamento do acoso e o ciberacoso, e tamén co primeiro Plan de igualdade no ensino.

Ademais, creo que tamén podemos achegar na potenciación da formación profesional, coa oferta de novos ciclos adaptados á realidade económica e social de cada zona, coa aposta polos centros integrados de formación profesional e polo desenvolvemento de modalidades como a Formación Profesional Dual, a Formación Profesional Básica e a Formación Profesional a Distancia.

Creo que tamén podemos achegar na especialización da oferta educativa nos campos universitarios, aspecto no que neste momento estamos traballando en España como comunidade autónoma pioneira. E tamén podemos achegar no financiamento por resultados do sistema universitario, que neste momento en Galicia está en vigor.

Señorías, temos que tentar un pacto de Estado, un pacto de Estado pola educación, e eu agardo que nesta ocasión aproveitemos esta oportunidade.

Así como a configuración dunha educación de calidade é clave para o noso futuro, tamén é clave afrontar o reto que a evolución demográfica nos está plantexando a todos, por suposto en Galicia pero tamén en España e na maioría da Unión Europea. É un reto marcado por un envellecemento progresivo da poboación que supón unha configuración de pirámides pobacionais con bases moi estreitas que comprometen a viabilidade de todo o sistema de benestar.

Esta é unha das preocupacións que Galicia quixo levar á Conferencia de Presidentes, e creo que o acordo acadado acolle o primeiro paso, que non é menor, que consiste en recoñecer a transcendencia do problema demográfico e comezar a falar de como afrontalo de xeito coordinado, por primeira vez, en todo o país.

Como saben e como temos dito moitas veces nesta Cámara, ese problema non é un problema novo, vén do século pasado, da década dos oitenta. Non é un problema novo e, en consecuencia, non se vai resolver a curto prazo porque se vén xestando, como digo, desde hai décadas. Pero tamén agora se empeza a concretar en boa parte das comunidades autónomas españolas e en boa parte dos Estados da Unión.

En Galicia, concretamente, pasamos de 40.000 nacementos a mediados dos anos setenta a un mínimo de 18.500 en 1998, situándonos agora en torno aos 20.000. Pasouse dunha porcentaxe de maiores de 65 anos do 16,5 % no ano 1991 ao 24 % actualmente. Pero en Europa ningún país acada tampouco agora unha taxa de fecundidade que garanta o relevo xeracional. Só Francia se achega a ela, o 2,1; España, 1,32; Alemaña, 1,47, Italia, 1,37; Reino Unido, 1,82; Suecia 1,88.

En Galicia, levamos falando desta prioridade e isto necesita un traballo individual e colectivo, e por iso traballamos aquí e traballamos cos nosos socios doutras comunidades autónomas e creamos o Foro de Rexións Españolas con Desafíos Demográficos. Polo tanto, o feito de que agora se acorde que se vai desenvolver unha estratexia nacional contra o reto demográ-

fico, que este asunto centrara boa parte da conferencia e se sitúe agora na axenda política prioritaria de toda a nación, tal e como salientou o presidente do Goberno central na súa rolda de prensa, ten un gran valor para nós. Ten valor polo feito de que o acordo sinalase que esta estratexia nacional deberá estar aprobada neste ano 2017, e ten valor tamén por todo o traballo que levamos feito ao respecto, un traballo que servirá de base — así o concreta explicitamente o acordo — para formular a Estratexia nacional contra o reto demográfico. E ten valor porque acordamos que todos, na medida das nosas posibilidades, defendamos ante as autoridades da Unión Europea que as políticas comunitarias teñen que dar resposta aos desafíos demográficos.

Por último, con respecto ao financiamento autonómico, todos coincidimos en que este é tamén un tema clave que hai que abordar sen demora, e cunha actitude o máis construtiva posible. Temos exemplos do que no funcionou, e de feito estamos vivindo as consecuencias dun modelo que naceu obviando a negociación multilateral, e que se deseñou para satisfacer necesidades políticas concretas dunha comunidade autónoma e da súa relación co Goberno central de turno. Creo que todos compartimos que non debemos volver caer nos erros do pasado. Aquí sabemos que, cando falamos de financiamento autonómico, falamos de recursos necesarios para prestar servizos, uns servizos que teñen uns custos. E iso é do que todos os que alí estivemos tratamos de falar. Todos, insisto no de todos, porque isto non é un problema que se vaia resolver con diálogos bilaterais. E, como dixen anteriormente, os que non estiveron seguen invitados a sumarse a este diálogo conxunto. O modelo será de todos ou non será.

E como tiñamos claro que o modelo debe de recoller o custo efectivo dos servizos, o debate debe ser máis de necesidades das persoas que de plantexamentos de territorios. Do que se trata é de como os servizos chegan por igual aos mozos, aos maiores, ás familias, ás persoas que viven na cidade, aos que viven nas pequenas aldeas ou aos que viven nas vilas.

Na reunión do pasado martes tivemos ocasión de falar diso, e de falar de como Galicia precisa que se teñan en conta as súas peculiaridades. Así puiden recordar ao resto de presidentes os seguintes datos.

A poboación maior de 65 anos en Galicia é un 5 % máis que a media de España: 24 % en Galicia e 19 % en España. Contamos co 6 % da poboación, pero co 14 % do total de centros de saúde e co 8 % do total de centros escolares. O transporte escolar en Galicia é case 4 veces máis caro que a media do conxunto de España, e pode chegar a custar en ocasións máis de 4.000 euros por alumno.

Tiven tamén ocasión de lembrar ao resto de presidentes que o sistema debe ser estable, sostible e progresivo — como neste Parlamento manifestei —, estable para superar a permanente situación de provisionalidade, sostible para que non acabe sendo frustrante por irreal, e progresivo no sentido de que permita o transvasamento solidario desde as comunidades autónomas con máis recursos a outras comunidades autónomas con menos renda.

E por suposto tamén tiven ocasión de lembrarllas a importancia de facer unha reflexión acerca do impacto do gasto sanitario no conxunto do gasto das comunidades autónomas. O

gasto sanitario representa entre o 37 % e o 40 % do gasto non financeiro das comunidades autónomas. En comunidades autónomas como Madrid xa representa o 42 %. O gasto farmacéutico en Galicia é tres veces maior que o gasto en universidades. En Galicia os maiores de 65 anos supoñen case o 50 % das estancias de hospitalización, e os maiores de 65 anos supoñen o 62 % do total de gastos en farmacia.

Desde Galicia temos que mostrar certa satisfacción polo feito, primeiro, de que se nos escoitase e, segundo, de que se aceptasen os nosos plantexamentos. A boa recepción por parte da práctica unanimidade de todos os presidentes autonómicos nas súas intervencións supuxo un parágrafo á proposta de Galicia, que queda incluído no acordo, onde se obriga a estudar o impacto do gasto sanitario no conxunto de gastos das comunidades autónomas para efectos de computar un sistema de financiamento. Non se trata só de saber como aseguramos o mantemento do sistema sanitario que agora temos —que, por suposto, tamén—, senón de como podemos afrontar o reto de seguir mellorando, de como podemos afrontar o reto de seguir ampliando, de seguir modernizando, de seguir mellorando os hospitais, de seguir facendo plans directores dos hospitais, de seguir comprando tecnoloxía, de seguir e rematar o mapa de centros de saúde en Galicia; en definitiva, de incorporar tamén novos avances e novas prestacións e novas técnicas diagnósticas. Como acabo de dicir, só haberá novo modelo de financiamento se hai acordo. E engado: só haberá acordo se a sanidade pública é abordada coa relevancia, co rigor e coa seriedade que se precisa.

Quero salientar outro dos aspectos do acordo polo que creo que todos podemos amosar satisfacción. Refírome ao feito de que o acordo de financiamento ten que recoller a necesidade de analizar a situación da atención á dependencia e o seu financiamento. É unha materia especialmente sensible como para que todos nos impliquemos en atopar solucións ás dificultades que o modelo actual poida estar xerando.

E finalmente o acordo tamén contempla o compromiso de analizar como se está a exercer a corresponsabilidade fiscal no conxunto das comunidades autónomas que conformamos España.

En resumo, no eido do novo modelo de financiamento está marcado o campo de xogo, e agora queda moito por traballar. En primeiro lugar, hai que crear e constituír no prazo máximo dun mes unha comisión de expertos integrada polos que propoña o Estado e un por cada comunidade autónoma. Esta comisión terá que realizar as análises necesarias para a formulación posterior dun novo modelo de financiamento autonómico, fundamentado nos principios da LOFCA, os principios de solidariedade, suficiencia, equidade, transparencia e corresponsabilidade fiscal, na garantía de acceso dos cidadáns aos servizos públicos en función do custo efectivo dos servizos públicos e facendo especial fincapé nas políticas de gasto sanitario. Velaquí o marco para os expertos. E unha vez que os expertos elaboren o seu informe, esta análise subirá ao Consello de Política Fiscal e Financeira. O obxectivo é ter un novo modelo de financiamento a finais do ano 2017; iso si, un novo modelo de financiamento consensuado.

En definitiva, señorías, o balance que se pode facer da Conferencia de Presidentes é positivo e esperanzador. ¿Por que? Porque se fixo un traballo previo importante coa busca de acordos

sempre en mente, porque houbo un diálogo aberto e sen restricións no que participamos todos, e porque hai unha vontade de que os acordos se leven á práctica. É positivo e esperanzador desde o punto de Galicia, especialmente, porque se recolleron expresamente todos os temas que plantexamos, os que nos interesan, ou diría que os que máis nos interesan: a demografía e o gasto sanitario.

Pero esta valoración positiva non debe facernos esquecer a realidade do que é esta conferencia de presidentes. Logo de case cinco anos de celebrarse, esta conferencia de presidentes non é máis ca un punto de partida. Agardamos que sexa un punto de partida para un novo tempo de entendemento, pero somos conscientes de que queda un longo traballo por diante. Non será doado pero gustaríame crer que a vontade de acordo que tiveron a ocasión de vivir hai unha semana por parte de todos os que estivemos alí non foi só unha pose, e poderemos lograr os obxectivos marcados se continúa o alcance e contido das actitudes alí amosadas e concretadas nos acordos.

Non quero esquecer que no desenvolvemento dos acordos do pasado martes sería moi interesante contar cun respaldo por parte deste Parlamento. A nosa vontade é a que manifestei desde este mesmo escano no debate de investidura. Estamos abertos ao diálogo e aos acordos cos grupos da Cámara en relación con todos os asuntos tratados na conferencia, e por iso quero trasladarlles catro compromisos concretos.

O primeiro é que no eido do financiamento autonómico o primeiro paso que temos que dar é proceder á designación do experto ou experta que represente a Galicia na comisión. Creo que sería bo que a designación deste experto concitase un alto grao de consenso na Cámara, sería unha boa maneira de comezar a perfilar unha postura reforzada de país no proceso de negociación do novo modelo de financiamento. A tal fin, o conselleiro de Facenda poñerase en contacto os vindeiros días cos grupos parlamentarios para establecer un diálogo acerca do nome do experto ou da experta máis adecuado para acometer esta tarefa. A nosa vontade é lograr que a selección desta persoa que desde a Xunta de Galicia se propondrá —e temos que facelo antes dun mes— para formar parte desta comisión de expertos teña o máis amplo respaldo da Cámara.

A segunda proposta, en relación co reto demográfico, señorías, é que segue en pé a oferta que eu mesmo formulei a finais do mes pasado. Estamos abertos a modificar o decreto que regula a composición do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica. Neste observatorio xa está a Federación Galega de Municipios e Provincias, os sindicatos, os empresarios, as universidades e os expertos na materia. Trátase agora de adaptalo para que se poidan incorporar os representantes dos grupos parlamentarios. Un observatorio que ten como principal cometido acadar un pacto político, social e económico que se traduza nunha lei galega de impulso demográfico co maior consenso posible. Sería bo que as propostas que poidamos pactar neste órgano foran as propostas que levásemos á estratexia nacional que os presidentes acordamos ter aprobada neste 2017.

Terceira proposta. En canto ao acordo para consolidar a Conferencia de Presidentes como un instrumento útil, asumimos loxicamente un compromiso de información e transparencia. Sempre que se produza unha xuntanza da Conferencia de Presidentes —que segundo o

acordo será anual—, o presidente da Xunta haberá de comparecer automaticamente para concretar o alcance e contido da mesma. E cando se celebre unha xuntanza do comité de seguimento para avaliar o estado dos acordos —que como saben deberá ser semestral—, o vicepresidente da Xunta tamén comparecerá na Cámara para manter informados os grupos dos avances que se vaian rexistrando.

A estes tres compromisos podo engadir un compromiso adicional do Grupo Popular en relación co acordo referido á violencia de xénero, xa que esta mesma tarde poderemos debater unha emenda que presentamos á moción do BNG a este respecto, unha proposta para poder elevar unha postura única e conxunta de todos os grupos da Cámara á xuntanza da Comisión Xeral de Comunidades Autónomas do Senado que se acordou convocar tras a Conferencia de Presidentes.

Señorías, en definitiva, para que o primeiro paso que foi esta conferencia de presidentes non sexa o último, pola nosa parte sempre vai existir, en primeiro lugar, unha actitude vixiante e exixente para que os acordos acadados se cumpran, e, en segundo lugar, unha vontade negociadora co Goberno central, co resto das comunidades autónomas e, por suposto, cos grupos desta Cámara para buscar o mellor para Galicia, que é dicir buscar o mellor para os galegos e as galegas, que son aos que nos debemos.

Moitísimas grazas pola súa atención. Quedo á súa disposición. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Pasamos á rolda dos grupos parlamentarios.

Comezamos co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e ten a palabra a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señor presidente do Parlamento.

Presidente da Xunta de Galiza, eu, en primeiro lugar, considero que é positivo que por fin haxa unha comparecencia do Goberno. Tamén considero que é positivo que esa primeira comparecencia sexa do presidente e que aceptara unha solicitude da oposición. Considero que isto, de momento, é unha anécdota. O que nos gustaría, desde o Grupo Parlamentario do BNG, é que instituíramos unha nova práctica neste Parlamento de Galiza, e que non só o presidente senón tamén os conselleiros e conselleiras compareceran á solicitude da oposición. Non digo que sempre teña que ser por solicitude da oposición, pero si que non sexa de xeito excepcional. Porque creo que iso sería un síntoma de respecto polo Parlamento, que somos representantes do pobo, e polo tanto un respecto aos galegos e ás galegas e un síntoma de saúde democrática, que pode crerme que lle fai moita falta a este Parlamento.

Tamén cremos, señor presidente, que o normal sería que coñeceramos de antemán a posición que vai defender o Goberno galego en nome do país. Creo que sería máis lóxico que os temas de país se concretaran antes, e non viñera simplemente aquí a dar conta de feitos consumados, como son os que temos neste momento, onde do Goberno galego tampouco

sabemos nin coñecemos exactamente cales foron as propostas, cales foron realmente as súas aportacións a esa conferencia de presidentes. E o certo é que é todo bastante opaco.

Gustaríanos empezar dicíndolle, señor presidente, que nós cremos que esta Conferencia de Presidentes Autonómicos realmente foi un bluf. E foi un bluf porque vostede mesmo tivo que recoñecer que quen marcou a senda política non foron os presentes, foron os ausentes. Quen estivo marcando a axenda política do Estado foron precisamente os presidentes das nacións que hai no Estado español que exercen como tal e que marcan unha senda propia en beneficio dos seus pobos, de poder avanzar e de poder progresar. Polo tanto, nós cremos que, máis que nun acto institucional, nesa conferencia estamos como nunha segunda parte deses acordos bipartidistas entre o Partido Popular e o Partido Socialista no marco desta operación que acaban de lanzar nesta lexislatura que podemos denominar «operación salvar o réxime e o statu quo do 78». E moitas das propostas que vostede relatou o que nos están avanzando é unha nova recentralización en ámbitos como a contratación pública, como a loita contra a violencia de xénero ou en relación co ensino. E nós —teño que dicirillo con claridade— non cremos que a solución aos problemas do noso país pase por ir a conferencias ao Senado, máis ben cremos que, como galegos e galegas, ten que ver con como reforzamos un autogoberno real que nos dea alternativas e que permita mellorar a calidade de vida da nosa xente.

E tamén, con toda sinceridade, o que temos que trasladarlle, señor Feijóo, é que nós non sabemos realmente, non vemos realmente, cales foron os puntos concretos nos que Galiza saíu gañando nesta conferencia de presidentes. E máis ben o que queremos é que vostede reconsidere unha estratexia de submisión, unha estratexia de subordinación, aos intereses do Partido Popular en Madrid que, na práctica, nos está conducindo á irrelevancia política como país e que está, ademais, minando as posibilidades de que poidamos avanzar realmente en calidade de vida, en benestar, en progreso e en modernización no noso país.

E fíxese se isto é así que até onte podíamos ler nun coñecido xornal do noso país unhas reflexións que lle atribuían a vostede, señor Feijóo. E nesa reflexión que se facía nese xornal —na que citaban unhas palabras que vostede pronunciou fóra de micro—, o que vostede alí parecía ser que viña recoñecer é que da conferencia non saíra absolutamente nada concreto; en certa maneira, iso referendouno hoxe coa súa intervención. Pero é que, ademais, o que nos resaltaba era que todo estaba condicionado a unha cita futura entre Rajoy e Puigdemont; é dicir, unha cita entre o Goberno do Estado e o presidente de Cataluña, onde se ía producir un debate sobre que saída se lle ía dar e que proposta se lle ía dar ao proceso soberanista, e que mesmo todo o debate do financiamento ía estar condicionado a se finalmente Cataluña recoñecía ou non un pacto fiscal similar ao concerto vasco.

E por iso, señor Feijóo, nós pensamos que a súa estratexia está sendo inútil para defender os intereses do noso país e queremos saber se está disposto a cambiar algo. Porque, desde logo, nós non cremos que Galiza teña que ser espectadora, nós cremos que Galiza ten que ter iniciativa e unha senda política propia. E, desde logo, ao que animamos —e contará co Bloque Nacionalista Galego nese labor— é a que realmente priorice a defensa dos intereses de Galiza, aínda que iso lles sexa incómodo ao señor Rajoy e a algún dos grandes intereses ou poderes económicos. Porque realmente, señor Feijóo, a Galiza non lle foi ben no pasado

diluíndose no café para todos e non nos vai ir ben no futuro se seguimos con esa mesma estratexia, que é a que vostede está seguindo. *(Aplausos.)*

E nós queremos dicirlle que sería importante que houbera un cambio de estratexia e unha axenda galega. E para que haxa unha axenda galega no Estado, ten que haber unha relación bilateral. ¿Por que nos vai ir mal negociando directamente os intereses do noso país? ¿Foilles acaso mal esa estratexia aos vascos e aos cataláns? Non, todo o contrario, señor Feijóo, melloraron moito as súas posicións. E o que está claro é que, para que haxa cambios no demográfico, para que mellorem a nosa situación desde o punto de vista dos servizos públicos e da creación de emprego, hai que mover marcos e hai que sustentar un autogoberno real para o noso país.

Nós queremos facerlle tres propostas para esa axenda galega que é urxente que exista. A primeira, efectivamente, o modelo de financiamento. Nós cremos que Galiza ten que estar no debate sobre o financiamento con voz propia; o que non podemos é seguir subordinados aos intereses dos demais, señor Feijóo. E, nese sentido, nós o que vemos é: ¿como nos vai ir mellor?, ¿coa estratexia que foi a que seguiu vostede até o de agora que nos fixo perder moitos cartos no financiamento ou realmente facendo unha aposta de país, confiando nas potencialidades que temos e non quedándonos atrás no tren que outros van coller? Nós, por iso, o que cremos é que Galiza ten que aspirar a todo, que non podemos quedarnos no tren das rexións mentres as nacións que hai no Estado avanza e que debiamos defender, señor Feijóo, un modelo de concerto ou de pacto fiscal —chámelle vostede como queira— porque realmente isto sería mellorar a posición do país.

Vostedes sustentan unha teoría da que logo non hai datos que a corroboren. Porque, se nós analizamos a relación económica entre Galiza e o Estado en termos da recadación do Estado no noso país, o certo é que o Estado está facendo caixa en Galiza. E nós poñemos datos moi claros sobre a mesa que están fundamentados nas cifras oficiais do Ministerio de Facenda. Fíxese: ano 2014 —último exercicio fiscal liquidado—, Galiza aportou ao Estado 11.131 millóns de euros; o Estado, en relación coas transferencias, só nos mandou 7.043 millóns de euros. Se nós tiveramos un sistema de concerto como o teñen os vascos, *(Murmurios.)* e baseándonos... —bueno, isto é moi difícil cando non se escoita— e collendo os mesmos criterios que neste momento se calculan ao cupo vasco, o que tería que aportar Galiza ao Estado serían 630 millóns de euros. Non sei se se dá conta, señor Feijóo, que estamos perdendo 3.500 millóns de euros. ¿Vostede que prefire: un sistema co que seguimos perdendo 3.500 millóns de euros ou ter máis recursos para financiar a sanidade, a educación, a dependencia e realmente poder responsabilizarnos do noso futuro e ter ferramentas que nos permitan avanzar?

Propoñémoslles, polo tanto, un pacto de país —tanto a vostede, señor Feijóo, como ao Partido Socialista e a En Marea— para que realmente confiemos nas posibilidades do país. Porque un concerto económico é a alternativa daquelas nacións que teñen vontade política de selo e para unha convivencia entre iguais nun Estado plurinacional.

O segundo tema que a nós nos preocupa —teño moi pouco tempo— ten que ver, precisamente, con acabar coa situación de espolio enerxético e coa pobreza enerxética. Cos titulares cos que



nós almorzamos hoxe, que vostede diga aquí que na Conferencia de Presidentes lle poñen solución ao problema da pobreza enerxética parece unha broma de mal gusto que lles debe de estar sentando realmente amarga ás persoas (*Aplausos.*) que non poden nin tan sequera poñer a calefacción nestes días polos incrementos do prezo da luz. Pero que isto pase nun país como Galiza, que somos excedentarios na produción de enerxía eléctrica, isto pasa por unha decisión política. Nós cremos que a defensa dunha tarifa eléctrica galega, que signifique unha rebaixa nos prezos das peaxes, unha compensación ao noso país polo impacto que tivo a produción enerxética, sería clave para que haxa un cambio fundamental no tema económico pero tamén para mellorar as condicións de vida dos galegos e das galegas e para favorecer o acceso. Esta demanda, señor Feijóo, vostede non a puxo sobre a mesa e tería un impacto económico maior...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...que calquera rebaixa fiscal que vostede poida poñer en marcha.

E, finalmente, para nós tamén sería importante que recuperáramos un sistema financeiro galego para impulsar o desenvolvemento do noso país. Nós, señor Feijóo, cremos que o desmantelamento das caixas foi a maior estafa colectiva que se lle fixo ao noso país. E nós temos claro que hai responsabilidades políticas e hai responsabilidades dos ex-directivos. E hoxe tamén lle quería dicir, señor Feijóo, que o dramático non é que uns ex-directivos teñan que estar uns días na cadea; o dramático foi que se malvenderan as nosas caixas, o dramático foi a estafa ás preferentes, o dramático é que se siga con estafas como a das cláusulas solo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...e o dramático é que aquí se consolidara a liquidación do sistema financeiro galego e que, por riba, tiveramos que pagar por vender Novagalicia Banco.

Nós, señor Feijóo, cremos que vostede ten responsabilidades directas en todo isto, e se é así, e se vostede cre que está limpo de todo pecado, o normal sería que tiveramos unha comisión de investigación que investigara. Pero tamén sería lóxico que tiveramos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...un pacto de país para denunciar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...a venda de Novagalicia Banco e, o máis importante, unha estratexia que nos permita recuperar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón. Rematou o seu tempo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...unha banca pública galega e poñerlle fin ao espolio do noso aforro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bo día, presidente, señoras e señores deputados.

Señor Feijóo, teño que agradecerlle de verdade a súa comparecencia. Parécenos que isto debe ser un procedemento normal como o foi até o de agora. Entendemos tamén que fora, en fin, polo menos non activo, ou reticente, a comparecer e que tiveramos que ser os grupos da oposición os que así llo solicitáramos, porque, ao final, se quixeramos resumir moi rapidamente o resultado da conferencia, teríamos que dicir algo así: moito ruído e poucas nocas, ou algo parecido. E a verdade é que a partir de aquí temos que facer algunhas precisións, nesta e noutra intervención, temos pouco tempo, e algunhas cousas deixarémolas para a réplica.

Esta conferencia é un paliativo que vai na boa dirección e que a nós nos gustaría que se fixese habitual mentres non consigamos modificar a arquitectura institucional e, a través do Senado, ter un foro permanente con capacidade de decisión onde as comunidades autónomas poidan discutir, entre elas e co Estado, para resolver estas cousas. Porque a maior parte das cuestións que vostede nos trasladou —e que nós compartimos a necesidade de falar delas e de falar desde a perspectiva das comunidades autónomas— deberían formar parte do funcionamento normal, habitual e cotián do noso Estado, que é un Estado descentralizado, federal, complexo, composto por distintas administracións, e deberían ter un foro permanente para poder discutir como pór en común tantas cousas e como resolver as diferenzas cando as haxa.

Moitas das medidas, por exemplo en relación co Regulamento, que vostede nos enfatiza están ben, a nós parécennos ben. Pero vostede sabe coma min que no artigo 4.2 do actual Regulamento xa aprobado se contemplaba que a Conferencia de Presidentes debería reunirse cada ano. Iso xa estaba, e, sen embargo, o señor Rajoy estivo cincuenta meses sen reunir a Conferencia. (*Aplausos.*) Podería recordarlle as súas palabras do ano 2007 —teño pouco tempo—, e nas súas palabras do ano 2007 vostede o que dicía é que era inadmisíbel, completamente, que en temas de transcendencia para as comunidades autónomas o señor Zapatero tardara pois algo así como trinta meses en reunir a Conferencia. Agora pasaron cincuenta e a nosa censura tiña que ser algo maior.

Tamén é certo que desde a perspectiva de Galicia algunhas cousas faltan. Moi rapidamente: non hai ningunha referencia ás infraestruturas e á cuestión do AVE, que é central para a nosa comunidade; non hai referencia ás transferencias pendentes e a completar, por tanto, desde a perspectiva das competencias todo o autonómico; non hai ningunha referencia ao Fondo de Compensación Interterritorial. Todas estas cousas faltan e algunhas outras que non podo indicar porque imos mal de tempo.

Expectativas elevadas, resultados magros. Vostede díxoo ao final e imos coincidir aí. Hai un campo de xogo —eu díxeno na rolda de prensa coa que valorei a Conferencia—, os presidentes autonómicos e o Goberno de España puxéronse de acordo en xogar unha liga, e está

ben, os temas dos que van falar son correctos, pero fáltannos os resultados, e a iso imos. En Galicia vostede chámanos agora a un pacto, a varios pactos, está ben, pero —recollendo as súas palabras— a Conferencia de Presidentes debe ser preparada previamente, ten que haber documentos previos. Pois algo parecido deberíamos facer en Galicia, e vostede nin nos chamou nin nos enviou ningún documento previo. Non hai unha declaración de intencións do Goberno dicindo: «isto é o aceptable», «ata aquí está a posición de Galicia, aquí está a posición de Galicia, estes son os resultados que aspiramos obter». Non hai nada disto. Isto sería tamén unha práctica conveniente para poder mellorar, digamos, a nosa posición negociadora nestas conferencias e para poder establecer un consenso.

En relación co financiamento autonómico, que é o tema central, despois falarei das outras cousas. Entendo a súa reticencia a facer soar as campás despois da conferencia do presidente. Rajoy ten cincuenta meses sen convocar a conferencia e cando chega —eu seguí a súa declaración final— o que lle entendín foi: «Non hai máis recursos, a caixa está baleira, vostedes decidan o que queiran, pero eu non son capaz de aportar nin un euro máis». E este é un mal punto de partida para negociar o financiamento autonómico, un mal punto de partida.

Se hai unha posición distinta, e Rajoy no ámbito interno da conferencia se comprometeu a algo máis, sería bo sabelo, porque imos ter que operar a partir desa cifra. O financiamento autonómico primeiro decide unha cantidade global e despois o seu reparto.

No tan deostado modelo de financiamento do ano 2009, o Goberno de España daquela puxo enriba da mesa algo así como 11.600 millóns adicionais a distribuír en tres anos. ¿Cal sería agora, señor Feijóo, preguntollo directamente, a cifra que sería para vostede conveniente?, ¿11.600, 10.000 millóns, 5.000 millóns? ¿Cal sería conveniente para empezar a falar?, ¿canto debería poñer enriba da mesa o Goberno do señor Rajoy para colmar o desequilibrio vertical entre as comunidades autónomas e o Estado? Para poder reforzar convenientemente a sanidade, a educación, os servizos sociais, todos aqueles servizos que vostede dixo —e eu estou de acordo— que son esencias e que deben ser ben financiados desde o Estado, ¿cal é a cifra? Díganos cal é a cifra, porque a partir de aí podemos empezar a entender un pouco mellor os resultados da conferencia.

A dependencia, créase unha subcomisión, ¡perfecto!, parécenos ben, pero ¿cal é o compromiso do Goberno de España en relación con este tema específico? A súa directora xeral ilustrábanos o outro día, nunha entrevista, dicíndonos que a comunidade autónoma aportaba o 78 % e o Estado o 22 %. Se queremos equilibrar as aportacións, tal e como está na lei, ¿canto debe aportar adicionalmente o Goberno de España? Sería conveniente saber se hai algún compromiso do señor Rajoy neste sentido para o conxunto, e saber despois como se reparte entre as comunidades autónomas.

Unha cifra razoable sería 2.000 millóns, e deses 2.000 millóns poderíamos aspirar a captar, digamos, o 7 ou o 8 %, arredor de 150 millóns de euros adicionais para Galicia, e, por tanto, resolver os problemas de non tratamento daqueles dependentes que teñen dereito e activar as peticións que hoxe se acumulan nos despachos de San Caetano.

Sería bo, tamén, facelo para a sanidade. Está ben un estudo pormenorizado, fíxose tamén para o ano 2009. Houbo unha subcomisión sanitaria específica no marco do Consello de Po-

lítica Fiscal e Financeira, non exactamente na Conferencia de Presidentes, pero no marco... E houbo aportacións adicionais, incluso unha conferencia de presidentes se dedicou expresamente a ese tema, con aportacións adicionais. Pero hoxe, xa, o modelo de financiamento recolle a importancia da sanidade, pondéraa no 38 %, e pondera o avellentamento, e pondera a dispersión; iso está ben dicilo, pero se se quere discutir de verdade estes temas, hai que dicir canto queremos a maiores. ¿Canto debe ponderar a sanidade?, ¿o 40 ou o 45%? ¿Cal é a súa proposta? Porque xa pondera o 38 %. ¿Canto debe ponderar a dispersión? Máis do que pondera hoxe, porque xa o está facendo. Porque iso é o importante, o outro é intentar vendernos algo que xa existe hoxe e que, por tanto, non supón nada a maiores.

En relación coa comisión de expertos, bueno, a min pódeme parecer un modelo pouco operativo, pero acéptoo, paréceme ben. Eu creo que unha proposta por cada comunidade autónoma acaba conformando unha comisión excesivamente numerosa, pero non pasa nada. Ese é o modelo que acordaron os presidentes.

No caso de Galicia, eu dixen o outro día, na rolda de prensa, que me parecía conveniente que nos puxeramos de acordo os distintos grupos parlamentarios co Goberno para designar un experto que nos representara a todos e que defendera as posicións de Galicia. Por iso me parece ben a súa proposta.

Estamos dispostos a facer ese esforzo de consenso, pero —xa digo— tamén nos interesa pactar os criterios. Imos ter oportunidade neste pleno de seguir discutindo sobre estas cousas —porque hai unha interpelación que eu lle farei ao conselleiro de Facenda—, e os criterios son tamén moi importantes, e os obxectivos. E aí van ter que dicirnos, ¿cantos recursos adicionais serían razoables para Galicia derivados do modelo de financiamento? ¿Plantexan vostedes superar o financiamento por habitante sobre o que está hoxe? —que cos datos de 2014 Galicia está no 110 % da media das comunidades autónomas de réxime común—, ou, ¿conténtanse con permanecer onde están? Estas son as cuestións relevantes.

¿Canto diñeiro demanda Galicia ao sistema?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Esa é unha resposta que sería conveniente facer.

Non teño máis tempo, deixarei para a segunda parte a contestación necesaria ao pacto educativo, ao da violencia de xénero e aos outros pactos que vostede nos plantexou, que terán —xa digo— un tratamento na miña segunda intervención.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todas e a todos.

Agradecemos a comparecencia do señor Núñez aquí na Cámara, pero teríamos agradecido saber previamente a que ía. Queríamos saber a que ía á Conferencia de Presidentes das Comunidades Autónomas, queríamos saber a que foi. ¿A que foi?, ¿de que falou?, ¿en que quedara?, ¿que levaba na súa carteira? Non soubemos cal era o seu plan antes de ir. Non o comunicou nin ao Parlamento —podía ter feito unha comparecencia, como a que agora fai, arrastrado, iso si, polos demais grupos da Cámara—, nin o fixo, tampouco, en ningunha rolda de prensa nin, desde logo, as apelacións ao diálogo, que se fixeron, tiveron ningún co-rrelato en falar cos grupos parlamentarios, desde logo non con En Marea.

Si sabemos, desde logo, que o sistema anterior non lle gustaba. Xa o dixo, acaba de dicilo aquí outra vez, aquí na tribuna, que non lle gustaba. Ben, ¿que é o que non lle gustaba? Non acabamos de saber que era o que non lle gustaba, como tampouco acabamos de saber o sistema que agora volve perpetuar o *statu quo* en que non lle gusta. E necesitamos sabelo, porque despois, cando vostede acepte a posición que lle veña imposta desde Madrid, temos que saber cales foron as súas concesións a ese modelo que non lle gustaba e en nome de que pasou por todo iso.

Vostede apelou a un acordo con todas e con todos nós, pero ese acordo non existiu, ¿con quen falou para buscar ese acordo? Agora volve aquí, sobe á tribuna, e volve falar do acordo, ¿a que tipo de acordo se refire?, ¿con quen?, ¿en que termos?, ¿para dicirnos as tres palabras: un sistema estable? ¡Home, si!, nós tamén queremos un sistema estable. Á parte diso, pouco máis. ¿Sostible? ¡Si, un sistema sostible!, tamén o queremos nós. E falaremos agora, tamén, do que vostede entende por progresividade. Pero tamén poderíamos chegar, incluso, a un acordo sobre iso, pero é tanto como moi pouca cousa.

Entón, vostede na xuntanza do doutro día, e nós non sabíamos que levaba na carteira. ¿Que levaba?, ¿que intención política levaba?, ¿que intención de financiamento levaba o outro día?, ¿que puxo vostede enriba a mesa? Quedou vostede moi contento porque lle admitiron todas as súas posicións políticas de financiamento. ¿Cales eran esas posicións? ¿Eran tan importantes e estaban tan pechadas como para saír xa satisfeito desa reunión? Na nosa opinión, por todo o que vostede dixo na Cámara, que é onde hai que dicir as cousas, non levaba nada, levaba a carteira baleira, pesáballe moi pouco, por iso era moi fácil saír contento.

O sistema de financiamento actual a vostedes non os satisfai, desde logo a nós tampouco. E non nos satisfai porque non soluciona os problemas de Galicia. E calquera outro sistema de financiamento que sexa semellante ao actual, por moito que mellore determinados marcos, non nos satisfai, porque nos trata como se fósemos unha provincia, con autonomía administrativa, pero non con autonomía política para facer políticas económicas propias.

¿A Conferencia de Presidentes que discutiu?, ¿que discutiron vostedes?, ¿que posición levaban?, ¿en que estiveron de acordo?, ¿en que non estiveron de acordo?, ¿vostede discutiu con alguén?, ¿houbo algún punto de desencontro co resto dos asistentes, non cos disidentes? Que, por certo, non ir tamén supón marcar unha posición política. E vostede, dentro dos que foi, ¿que fixo?, ¿arrancou algo en relación coa posición de partida que formulou o Goberno

central?, ¿conseguiu vostede algo para o noso país distinto do que lle ofreceron ou conformouse con aceptar aquilo que lle ofrecían?, ¿ou é que vostede non tiña plan? E, polo tanto, ao non ter plan calquera cousa é boa, porque ningún porto é bo para quen non ten un rumbo definido.

Ben, nós temos unha pista, iso si, a nosa pista é que saíu moi satisfeito da Conferencia de Presidentes. En consecuencia, debemos deducir dúas cousas: primeiro, que non levaba a posición previa e que lle valía todo o que alí se falase; e, segundo, que lle gustou. Gustoulle porque era a única consigna política que tiña a posición anunciada alí polo Goberno central. O corolario, o corolario diso é claro: a renuncia á posición de país, que foi a renuncia que fixo, tamén, en relación coa AP-9; que foi a renuncia que fixo, tamén, en relación cos prazos de finalización do AVE, e é a renuncia que fai, tamén, de país e de defensa dos intereses de Galicia co sistema de financiamento. Este é o anuncio dun fracaso.

Dentro dun ano, cando teña vostede que comparecer aquí, virá dicirnos que é un sistema que lle insatisfai, igual que o anterior. E dirá que lle insatisfai porque non foi capaz de valer a posición política do noso país. Porque vostede acredita, e se lle gusta e se acepta iso en nome do interese xeral de España, será porque acredita nunha Galicia minguante. Unha Galicia minguante na que nos conformamos cun *statu quo* á hora de establecer un sistema de financiamento que dá por boa a situación do noso país. Imos mellorar os criterios de dispersión e de poboación, e o da poboación avellentada; temos unha poboación avellentada, necesitamos máis recursos para este enfermo, para que teña unha morte doce, unha boa eutanasia.

Nós non queremos recursos para un paciente terminal, nós queremos curar, queremos solucionar os problemas de Galicia, queremos facer políticas económicas propias, que nos permitan reverter a situación de avellentamento, que nos permitan reverter a situación de despoboación do rural, que nos permitan reverter a situación de implosión económica que ten non soamente a franxa litoral, senón, e moi especialmente, a parte interior do noso país.

Queremos facer todo iso, pero co seu sistema é imposible, é imposible porque está baseado no *statu quo* do noso país, e aceptan e dan por bo un país minguante. Por iso non nos valen os seus marcos de financiamento, e non podemos aceptar o sistema, nin o que vostede levou de baleiro na carteira nin o que vostede se trouxo como éxito —o éxito era fácil porque non levaba nada— como consecuencia da Conferencia de Presidentes.

Non aceptamos a Galicia minguante, non aceptamos a paliación dos problemas, queremos solución dos problemas e queremos capacidade política para o noso país. A capacidade política: non somos unha provincia, non somos un concello, non aceptamos ser unha descentralización administrativa. Se temos autonomía, necesitamos capacidade política, e a capacidade política significa capacidade económica para facer políticas económicas propias; non só para prestar servizos, senón para reverter situacións económicas, sociais, e, evidentemente, iso dará como consecuencia o resultado: poder reverter situacións demográficas adversas.

A demografía non é un problema, é un síntoma. É un síntoma de inacción política, dun sistema de financiamento inxusto, dun sistema político que non nos permite facer políticas

económicas e políticas activas que nos permitan revertir a situación demográfica na que nos atopamos hoxe en día. E vostede confórmase —xa o dixó aquí— con repartir o que hai, díxoo á saída da Conferencia de Presidentes, que se conformaba con repartir o que hai.

Nós non nos conformamos con repartir o que hai, pensamos que o Estado ten que ceder da capacidade financeira que ten neste momento, agora mesmo, para ter máis cartos nós enriba da mesa para poder financiarnos, para poder —mediante unha suficiencia de recursos— facer políticas económicas diferentes, que nos permitan solucionar os problemas deste país. Algo que parece que a vostede non lle interesa demasiado.

Xa lle advertimos que en relación co sistema que se está formulando enriba da mesa, primeiro, para nós é absolutamente insuficiente, porque non nos permite, en primeiro lugar, recuperar o nivel de investimento social que tiñamos, por exemplo, hai seis ou oito anos. É dicir, se tomamos agora como referencia o ano anterior, o ano pasado, para o novo sistema de financiamento, para financiar os servizos públicos, dado que vostedes recortaron conso-lidamente o 25 % en investimento social, teremos que dar por bo que a partir de aí o *statu quo* sería consolidar iso durante a próxima vixencia do próximo modelo de financiamento. ¿Iso é normal? Para nós non é normal, porque non é normal a situación que vivimos nos anos anteriores, nin estamos dispostos a aceptala.

O número de centros escolares, o número de centros educativos, o número de centros sani-tarios... Se vostedes estiveron cerrando centros de todo tipo durante estes anos, e agora van tomar como referencia os que xa están pechados para o novo sistema de financiamento. Cada ano que a poboación mingua, imos ter menos recursos, xa temos menos recursos, ¡claro! Esa é a insuficiencia do seu sistema: incapacidade para facer política económica. Pero, ademais, advírtolle outra cousa: eses parámetros actuais ninguén llos vai aceptar na Confe-rencia de Presidentes. Se non se pon máis diñeiro enriba da mesa, non se vai poder facer un sistema político, non se vai poder facer un sistema de financiamento. E, polo tanto, vostede, que se satisfai agora inicialmente, non vai ter capacidade de satisfacerse ao final.

Propostas políticas de En Marea, desde logo. En primeiro lugar, parta vostede —partamos— do status xurídico-político constitucional que ten Galicia, o recoñecemento do carácter na-cional de Galicia; que temos o carácter de nacionalidade histórica está recoñecido na propia Constitución, non somos unha rexión, que quede claro, non somos unha rexión. Somos unha nacionalidade histórica recoñecida na propia Constitución. Non ten que saírse vostede do *statu quo* xurídico-constitucional para exixir un tratamento acorde co carácter nacional de Galicia.

Polo tanto, e en función do propio principio de igualdade, tan inxusto é tratar de forma di-ferente situacións iguais, como tratar igual situacións diferentes. Polo tanto, exixa vostede un tratamento acorde co carácter nacional de Galicia. Non queremos xogar na segunda di-visión do financiamento autonómico, non queremos xogar como se tivésemos unicamente, exclusivamente, autonomía administrativa; temos autonomía política, temos capacidade política e queremos exercela tamén no económico, e, polo tanto, queremos un sistema de financiamento diferente, queremos un tratamento propio, (*Aplausos.*) acorde co noso sistema nacional e co noso carácter nacional, queremos un modelo de financiamento propio. Se coin-cide co doutras comunidades autónomas, parécenos ben, e se non coincide, dános igual.

Non se trata de que teñamos que ser todos iguais ou todos diferentes, non é un problema de simetrías, non existe ningún problema de constitucionalidade asociado á simetría ou á asimetría dos sistemas de financiamento. Polo tanto, se non hai un problema de constitucionalidade, ¿por que se vai poñer vostede un problema cando non o hai? Non se poña cancelas, xa llas poñerá Montoro, vostede non as poña.

Queremos suficiencia de recursos para prestar servizos, estamos de acordo, pero iso para nós é soamente unha parte do problema do sistema de financiamento. E, desde logo, queremos cuantificalo. Evidentemente, para nós simplemente esa posición —que en teoría compartimos— suporía a necesidade de mellorar o sistema de financiamento en 2.650 millóns de euros para recuperar a capacidade que tiñamos de prestar e de ofrecer investimento social conforme tiñamos hai apenas oito anos.

Hai un erro de partida: partir de que hai que ter en conta o que hai, todo o que hai e só o que hai. ¡Non! O Estado pode compartir a súa capacidade e o seu poder financeiro, pode facelo, exixámoslle que o faga. Temos autonomía política, exixamos iso. Non somos unha autonomía administrativa, non somos un concello, non somos unha provincia. Exixamos conforme a nosa caracterización constitucional de nacionalidade histórica. Queremos poder facer políticas económicas propias e reverter a situación dos problemas do noso país. Queremos solucionar os problemas do noso país, e isto tradúcese en dúas cuestións: a suficiencia de recursos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...—e vou rematando— e o poder fiscal propio.

Queremos un sistema —cualifiquennos como queiran—, nós queremos un sistema que nós cualificamos de corte federal, baseado en dous eixos: a soberanía fiscal, que nos forneza de suficiencia de recursos e dun poder fiscal propio, baseado na cooperación e non na competencia entre os suxeitos políticos a nivel de Estado, igual que sucede a nivel de Europa.

Dicimos isto porque, por exemplo, con relación a Irlanda tamén se lles afea esa situación. Un sistema de cooperación que marque unhas regras de xogo, que nos permita ter a todos os suxeitos que xogamos dentro do marco do Estado un solo de ingresos mínimo. Non xogamos en clave neoliberal a baixar os impostos, a baixar os ingresos para despois non poder facer políticas sociais e políticas públicas. Queremos unha garantía paccionada dun mínimo de ingresos que nos permita redistribuír renda, riqueza, que nos permita facer políticas sociais e políticas económicas propias, que nos permita reverter a situación de implosión demográfica, social, política e económica do noso país, e, en consecuencia, poder florecer.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Si, vou rematando.

En definitiva, un modelo fiscal consecuencia do noso carácter nacional; un modelo federal, de suficiencia de recursos, con capacidade normativa a nivel fiscal; cooperativo, que asegure



uns ingresos mínimos e que nos permita facer políticas económicas propias. Todo o demais son brindes ao sol.

A designación de expertos... Non é un problema de expertos. Hai moitos expertos, pero son expertos en modelos económicos diferentes, o que hai que acordar, primeiramente, a nivel político é que tipo de sistema de financiamento queremos, e a partir de aí designemos os expertos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** E o problema demográfico, a demografía é un síntoma da Galicia minguante na que vostedes cren e na que nós non cremos. Nós cremos no noso país, cremos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...no carácter nacional de Galicia e, en consecuencia, cremos que merecemos un sistema de financiamento que nos permita solucionar os problemas de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Nós queremos felicitar o presidente da Xunta, primeiro, pola súa comparecencia e o feito real de que é o primeiro presidente autonómico que comparece —de todos os presidentes autonómicos— na súa cámara parlamentaria para explicar o tratado na Conferencia de Presidentes, e coincide, precisamente, (*Aplausos.*) coa comparecencia da vicepresidenta no Senado.

É curioso que digan que o presidente comparece pouco cando é o presidente da historia do Parlamento autonómico que máis veces responde a preguntas desta Cámara, tres por pleno —levado ao Regulamento—, e eu creo que non é tan excepcional que o Goberno compareza a petición da oposición. Na pasada lexislatura compareceron 87 veces os membros do Goberno, e delas 37 eran peticións da oposición. Polo tanto, practicamente a metade das veces que comparece o Goberno o fixo coincidindo con peticións da propia oposición.

Conferencia de Presidentes, dúas boas novas: a primeira é que se avanzou na construción do Estado autonómico, e a segunda é que os principais obxectivos que Galicia tiña no plan-texamento inicial da conferencia foron acadados. Polo tanto, eu creo que estamos ante unha boa nova.

En primeiro lugar, dicía que se avanzou na construción do Estado autonómico. É certo que os sistemas federais, entre os que está o Estado das autonomías, teñen dous aspectos. O primeiro son os aspectos diferenciais, as distintas preferencias dos cidadáns que viven en cada territorio. Esas especificidades materialízanse na normativa autonómica, e iso provoca unha certa competitividade que —mesmo desde o punto de vista institucional— é boa para comparar modelos de xestión e que as comunidades poidan, á súa vez, mellorar as súas formas de xestión, pero tamén teñen un aspecto que é o cooperativo, que é coordinar —polo ben común, para acadar obxectivos comúns— o traballo das distintas administracións.

Nese aspecto, a Conferencia de Presidentes é esencial, porque España é o país máis descentralizado —coa excepción de Suíza— de toda Europa, e avanzou moito nos aspectos competitivos: temos capacidade lexislativa, cousa que non teñen os länder; temos capacidade fiscal, o 50 % do IRPF, IVE, impostos cedidos, polo tanto, algo que envexan en Austria; Baviera está pedindo este tipo de competencias desde hai moito tempo. E avanzouse menos nos aspectos cooperativos do sistema autonómico.

En primeiro lugar, no ámbito lexislativo, coa sempre adiada reforma do Senado, que non é a cámara de representación territorial do artigo 69 da Constitución, e no ámbito da colaboración entre executivos, porque este é un órgano de colaboración entre gobernos, polo tanto, a nivel executivo, onde actúan e despois explican, e non veñen dicir que o que van facer é un órgano de coordinación de tarefas executivas; pois dicía que no ámbito executivo sempre se atrancou o funcionamento da Conferencia de Presidentes.

E recordemos que foi nesta Cámara, no debate do estado da Autonomía do ano 1992, a primeira vez que se formulou esa proposta polo presidente Fraga, do Grupo Parlamentario Popular; reiterouse no 1994; levouse á Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado en marzo de 1997; reiterouse no 2004; o Partido Popular, a través do ministro Posada, intentouno meter na Lei de administracións públicas durante o seu mandato —exactamente no ano 2003, se mal non recordo—, e foi frustrado pola oposición, naquel momento encabezada polos socialistas, e, sobre todo e fundamentalmente, polos nacionalistas.

Ben, o feito é que finalmente está incorporada a lexislación estatal na reforma que fixo o Partido Popular da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, que no artigo 146 establece que a Conferencia de Presidentes é o primeiro órgano de cooperación do Estado, e de aí se coordinan as conferencias sectoriais. Ao mesmo tempo, engádese que as conferencias sectoriais se poden convocar, en vez de como antes, coa lei de 1992, por única iniciativa do Goberno, por iniciativa dunha terceira parte das comunidades autónomas.

Se ademais se manteñen para as cuestións comúns, unicamente entre Comunidade Autónoma e Estado, as comisións bilaterais, que se xuntan á Comisión Mixta de Transferencias, péchase o órgano fundamental que conseguiu impulsar a cooperación a nivel executivo. Queda pendente, certamente, a do lexislativo.

E a VI Conferencia de Presidentes tivo, efectivamente, moi bos resultados. Primeiro, dicíase aquí que había moito ruído e poucas noces. Ben, a VI Conferencia de Presidentes foi a no-

gueira que máis noces deu, houbo 11 acordos. A que máis tivo para atrás hai que remontarse ao ano 2009, que tivo 4 acordos. E a do 2004 e o 2007, 3 acordos. Polo tanto, é certo que os acordos son o que son, pero tamén é certo que houbo 11, é dicir, moito máis do dobre da vez que máis acordos houbo nunha conferencia de presidentes.

E, certamente, a Conferencia de Presidentes é unha conferencia que serve para cooperar. Díciase aquí que serve..., preguntábanlle ao presidente qué foi arrancar. Arrancar é extraer con violencia de raíz, e se estamos falando dun órgano de cooperación, eu creo que hai que ir para colaborar, para cooperar, para dialogar e para chegar a acordos. Desde logo, ir a unha conferencia de presidentes para arrancar nada, pois non resulta o máis axeitado. Para iso, certamente, é mellor non ir, que foi o que fixeron os dous presidentes máis nacionalistas das comunidades autónomas.

Porque debemos de recordar que, como dicía recentemente un catedrático de dereito constitucional: «*Los independentistas aborrecen los mecanismos multilaterales de cooperación entre autonomías como los vampiros a los ajos*». E certamente é posible que non se entenda desde unha lóxica nacionalista que é a cooperación multilateral e que se entenda, mesmo, como un intento de recentralización, cando é xustamente o contrario. Precisamente, non se recentraliza cando un, coas súas propias competencias, o que fai é ir pactar como exerce esas competencias para conseguir obxectivos en común.

En definitiva, cremos que é unha boa nova, que se ve reforzada polo segundo aspecto positivo, que é o alto grao de acordos acadados. Acadáronse 3 de carácter institucional: o que atinxe á propia conferencia; o que atinxe á participación das comunidades autónomas na conformación da vontade estatal na Unión Europea, potenciando a Comisión de Asuntos Relacionados coa UE, que coordina as sectoriais no que se refire á participación de España na Unión Europea; e o terceiro, o mencionado sobre o financiamento autonómico.

Outro acordo sobre o emprego, para potenciar e mellorar a información, as políticas activas e, polo tanto, a posibilidade de acadar traballo, e potenciar a formación profesional dual, que se reforza coa posibilidade de mellorar a normativa regulatoria para poder facilitar o movemento de empresas no territorio e gañar eficiencia.

E dous acordos en servizos públicos: protección civil, administración dixital e fortalecemento dos servizos públicos, procurando sacar a taxa de reposición para darlles estabilidade e sostiñibilidade aos servizos públicos.

E cinco dos once son asuntos sociais. En educación, participar na conformación da reforma do pacto educativo a nivel estatal a través do Senado; posta en marcha da tarxeta social en colaboración co terceiro sector; favorecer os consumidores vulnerables de enerxía eléctrica coordinándose coas empresas entre as administracións; contra a violencia de xénero, recibindo aportacións no Senado, tamén, para unha política de estado contra a violencia de xénero; e demografía, para procurar non só unha estratexia nacional, senón levar o tema á Unión Europea.

O balance é prometedor no ámbito institucional dos servizos públicos, do emprego e tamén no ámbito social, e ademais Galicia acadou os seus obxectivos. O primeiro coa demografía, evidentemente, situándoa no primeiro plano da política nacional. E o segundo en relación co sistema de financiamento autonómico.

O acordo sobre o financiamento autonómico denomínase «a sostibilidade do Estado de benestar e o financiamento autonómico». Polo tanto, primeiro revélase a prioridade de mellorar o financiamento autonómico para manter o Estado do benestar, o que é recoñecer que o Estado do benestar está sostido polas comunidades autónomas. E a indisoluble unión que hai entre sostibilidade e financiamento autonómico e Estado de benestar. E faise con principios que desde Galicia, e os expertos así o din, son os máis importantes.

Conseguimos tres logros nese acordo sobre o financiamento. Primeiro, o método, a multilateralidade. Que non pase como pasou no 2009, que Galicia tivo vinte e catro horas do acordo do financiamento autonómico no Consello de Política Fiscal e Financeira o documento que tiña que coller si ou si, ou pagaba os 2.500 millóns das liquidacións negativas herdadas do Goberno anterior.

En segundo lugar, porque se mantén o principio de solidariedade e se introduce, efectivamente, o principio do custo efectivo en función da prestación do servizo en cada comunidade autónoma. Non se fala de financiamento por habitante e tampouco se fala —como fixeron os nacionalistas e como se introduciu na pasada reforma— do principio de ordinalidade. Cada comunidade recibe o que precisa para dar un nivel de prestación de servizos públicos e non se retoca iso despois para que unhas que estaban por baixo pasen para riba e outras que quedan por riba pasen para abaixo.

Conseguimos, tamén, un tratamento específico para a sanidade, que supón o 40 % do custo da prestación dos servizos, o cal quere dicir que se van tratar os custos diferenciais, como poden ser o envellecemento ou mesmo a dispersión, e ademais introduce tamén a dependencia para garantir a súa sustentabilidade con aportacións do Estado. Se engadimos que se mantén a corresponsabilidade fiscal e que se aborda ou reforma o financiamento local, eu creo que son acordos importantes.

Eu creo, señor Leiceaga, que é un erro pedir cifras como obxectivo neste tipo de negociacións. O que hai é que conseguir bos mecanismos que garantan que no futuro os servizos públicos sexan sostibles de acordo cunha serie de principios de eficiencia e de eficacia.

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor PUY FRAGA:** Eu entendo que politicamente o mellor é dicir que se gaña moito pouco, se un vén con mil millóns máis, dous mil millóns menos, pero o importante son os mecanismos. Para iso, o presidente ofertou consensuar un experto e nós, desde logo, alabamos e aplaudimos esa predisposición, ao igual que a de incorporar ao Observatorio Demográfico os grupos da oposición, o compromiso acadado de traer información periódica dos traballos preparatorios e do seguimento da Conferencia de Presidentes e, por suposto, tamén o acordo que esta tarde podemos materializar en materia de violencia de xénero.

Parabéns, en definitiva, presidente ou vicepresidente, que contribuíu cos seus traballos preparatorios, desexar que estes acordos se concreten, animalo a impulsalos e felicitalo porque defendeu o interese xeral e, particularmente, o interese xeral de todos os cidadáns de Galicia.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Réplica do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, agradezo moito a valoración positiva da comparecencia, aínda que está ben comparecer, polo que vexo tamén está mal. En todo caso, eu quedo coa primeira parte de que está ben comparecer.

Señorías, esta comparecencia non é unha anécdota, é simplemente dar conta do que acordamos os presidentes autonómicos e o presidente do Goberno central. Non creo, en consecuencia, que cada vez que se reúna o presidente do Goberno central e os presidentes autonómicos sexa unha anécdota, salvo que non teñamos ningunha consideración cara aos presidentes autonómicos que nos reunimos e soamente o BNG teña consideración cara aos presidentes autonómicos que non foron. (*Aplausos.*) Supoño, señoría, que iso non será así; supoño que non será así, señoría, porque vostede nese caso se confundiría de Parlamento. Pode estar vostede no Parlamento de Euskadi ou no Parlament de Catalunya, pero isto é Galicia, señoría, e no Parlamento de Galicia fálase de Galicia. Se vostede quere falar dos que non foron, alá vostede; dá a sensación de que preferiría que o presidente da Xunta non fora. Supoño que vostede poderá aclarar isto á Cámara e a todos os galegos no seu turno de réplica. Pero, señoría, mentres sexa o presidente elixido por esta Cámara vou cumprir coas miñas obrigacións constitucionais e estatutarias.

Di que non sabemos exactamente a que fomos. Intentei explicalo durante corenta minutos. Non se sabe tampouco cales son as propostas da Xunta. Pois se despois de corenta minutos non escoitaron cales son as propostas da Xunta, non me preocupa tan só que non prestaran atención as estes corenta minutos, senón que non prestaran atención dende o inicio da lexislatura ao que vimos falando aquí e —engado— ao que vimos falando na anterior, e na anterior á anterior. Señoría, levamos falando moito tempo do impacto da sanidade no financiamento das comunidades autónomas. Levamos falando moito tempo do problema demográfico, non só de Galicia senón de oito comunidades autónomas, que, por certo, conformamos unha Conferencia de Comunidades Autónomas, oito, de todos os signos políticos que levamos o noso informe ao Comité de Rexións da Unión Europea. Señoría, dicir que non sabemos exactamente cales son as propostas da Xunta cando o que estamos plantexando é que se financien con base no custo efectivo dos servizos públicos realmente executados é, simplemente, non escoitar nin sequera o que falamos hoxe nin o que levamos falado no país durante moito tempo.

Señoría, creo que, por outra parte, criticar porque non comparecín antes, criticar porque comparezo agora e dicir que a conferencia é un bluf é un gran contrasentido. Porque se queren que compareza para explicar un bluf, señoría, non sei para que me piden a comparencia. Se debería comparecer antes do bluf, non sei exactamente que é o que tiña que contarlles. En definitiva, creo que o portavoz do grupo parlamentario maioritario da Cámara concretou o contido e alcance das conferencias de presidentes.

Señora Pontón, di vostede que quizais fomos ao Senado os presidentes das comunidades autónomas —todos salvo dous— apuntalar o réxime democrático do 78. Señora Pontón, a Constitución española está apuntalada polos españois, e en consecuencia vostede máis eu somos firmes defensores do cumprimento estrito da mesma. Vostede pode querer cambiala, e non me parece mal, gustaríame saber con que alcance e contido. O que si me sorprende, señora Pontón, é que cando vostedes ían á Conferencia de Presidentes non era un bluf. Si, señoría, vostedes, o Bipartito; ríase do Bipartito, señoría, non debería. O Bipartito acudiu á Conferencia de Presidentes en setembro do ano 2005 e en xaneiro do ano 2007. Cando o Bipartito ía á Conferencia de Presidentes non era un bluf, aínda que non se adoptara ningún acordo, e cando vai o Grupo Parlamentario Popular e a Xunta de Galicia e adoptamos once é un bluf. Señora Pontón, vostedes, o BNG, acudiron á Conferencia de Presidentes no Goberno bipartito da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Iso é a historia e iso foi realmente o que ocorreu.

Di vostede que ten que haber relacións bilaterais. Eu estou de acordo, e por iso me sorprende que o intelixente portavoz do Partido Socialista me diga que non falei do AVE; iso é unha relación bilateral. (*Murmurios.*) Si, claro, efectivamente. Ou que non falei de transferencias; iso é unha relación bilateral. Non imos falar na Conferencia de Presidentes do que afecta exclusivamente a un presidente, imos falar do que nos afecta a todos. As relacións bilaterais ímolas manter. Se a próxima semana vou ter tres reunións con tres ministros do Goberno de España é unha relación bilateral. Se dende que tomei posesión xa me reunín con varios ministros do Goberno de España estou, por suposto, traballando nas relacións bilaterais. Iso é o que me corresponde, señoría: dar conta dos problemas de Galicia no ámbito da bilateralidade. Pero cando o que nos corresponde é repartir o diñeiro de todos entre todos —que vexo que hai alguén a quen lle parece mal—, iso é unha relación multilateral.

Señoría, todos estamos confundidos salvo a señora Pontón. Toda Galicia está confundida, señoría. Todos os expertos, todos os que estudan as negociacións do financiamento, todos os economistas da saúde, todos os que levamos traballando moito tempo no Estado autonómico estamos confundidos, porque o que hai que facer é un sistema de cupo, de concerto, entre Galicia e o Goberno central. Todos confundidos, señoría, toda a Cámara confundida salvo seis deputados e deputadas do BNG.

Comprenderá vostede que mañá imos ter ocasión de que vostede me explique as contas, que espero que non sexan contos, senón as contas. As contas en que vostede di que Galicia é excedentaria en ingresos e que incluso tiñamos que transferir ao Goberno de España 600 millóns de euros. Eu dígolle que non, que é o Goberno de España o que ten que transferir a esta Comunidade Autónoma moitísimos millóns de euros, porque nós non imos transferir un pacto, que quede claro en relación con este asunto, señoría, porque o seu sistema de cupo é igual que o seu sistema de tarifa eléctrica propia.

Señoría, cando vostede se reúne co resto dos nacionalistas de España, ¿a que non lles conta isto?, ¿a que non lles conta que o resto das comunidades autónomas terían que pagar máis pola tarifa eléctrica e nós menos?, ¿a que iso non llelo di? Seguro que non, señoría. Non llelo di en serio porque non a tomarían en serio, e a vostede gústalle falar en serio, salvo en momentos excepcionais onde parece ser que non fala en serio.

Mire, señoría, eu veño falar aquí como presidente dos galegos, non como militante dun partido. Vostede vén falar aquí como nacionalista, pero ás veces o nacionalismo non é útil ao país. Os plantexamentos nacionalistas do século XXI interésanme, os plantexamentos nacionalistas do século XIX non me interesan. Por iso, señora Pontón, non nos plantexe propostas sorprendentes no estado actual da cuestión.

Señoría, fálame vostede de que debín de plantexar na Conferencia de Presidentes a recuperación do sistema financeiro galego. Supoño, señoría, que iso tamén é unha proposta, cando menos, pictórica por parte do seu grupo. Mire, señoría, pero ¿é que vostede non se acorda como nos deixou as caixas o Goberno que gañou como consecuencia das eleccións no ano 2009? Vostede estaba alí, vostede trouxo a este Parlamento, xunto co Partido Socialista Obreiro Español, unha modificación da lei para ampliar o mandato dos directivos das caixas. Vostede estaba nese goberno e dixo si dende o seu grupo parlamentario, e agora pídeme vostede responsabilidade sobre as caixas. Con moito gusto, señoría, con moito gusto. Vostedes, señoría, deixáronnos unhas caixas en situación de precreba. Agora, segue habendo unha entidade financeira en Galicia, a sede de García Barbón e a sede dos Cantóns teñen xente traballando e hai cinco mil familias nesa entidade financeira. Cando vostedes nos deixaron as caixas sabían moi ben como as deixaban, aínda que ás veces creo que non o sabían, porque nin sequera eran conscientes dada a falta de información e de lealdade do Goberno de España e do Banco Central coa Xunta de Galicia.

Señor Leiceaga, agradezo que vostede estea a favor da comparecencia. Si, sorpréndeme, igual que ao meu compañeiro o deputado señor Puy, iso de que moito ruído e poucas noces. ¡Home!, señoría, con todo os respectos, non están de acordo os que asistiron á conferencia do seu partido. Permítame, simplemente, que lle lea algunhas consideracións dos presidentes socialistas:

Extracto da rolda de prensa do presidente de Asturias: *«Hoy ya podemos decir que la cuestión demográfica, que ya era un problema de Estado, ahora se ha asumido como un problema de Estado».*

García Paje, presidente de Castela-A Mancha: *«Hemos conseguido que por primera vez»* —señor Leiceaga, insisto— *«hemos conseguido que por primera vez»* —presidente de Castela-A Mancha, Partido Socialista— *«la valoración de la sanidad, de la educación y de los servicios sociales se vaya a hacer sobre el coste efectivo. Por primera vez.»* —di o presidente Paje.— *«Tiene una importancia trascendental. Tendremos que partir de la base de lo que cuestan los servicios públicos prestados de manera igualitaria en el conjunto del territorio».* Partido Socialista Obrero Español, Castilla-La Mancha. Tamén celebrou que non vai haber un novo sistema de financiamento se non hai un moi alto consenso entre todos, o que destacou que é unha forma de descartar bilateralidade. Presidente de Castela-A Mancha, Partido Socialista Obreiro Español.

E o meu amigo, presidente de Extremadura, dixo —leo textualmente—: «*Nos planteamos desde el principio que saliera bien, la hemos preparado, hemos intercambiado papeles y hasta hoy, en más de la mitad de los acuerdos, se han introducido emiendas, discutidas y debatidas para aprobar. En consecuencia, la conferencia salió muy bien*».

Señor Leiceaga, ou os presidentes socialistas que acudiron á Conferencia de Presidentes non están no certo ou vostede está nun gran erro. Señor Leiceaga, formación e información a vostede non lle falta, o que si me sorprende é que diga que o señor Rajoy non convocou ningunha Conferencia de Presidentes en cincuenta meses. Si, señoría, o señor Rajoy —e eu estiven alí— convocou unha Conferencia de Presidentes no ano 2012. Si, señoría, en outubro do ano 2012. Eu estaba alí, ¿sabe o que acordamos, señor Leiceaga? Compromiso de cumprimento do déficit. Señoría, en vinte e dous anos gobernou o Partido Socialista Obrero Español en España. O número de conferencias de presidentes do Partido Socialista Obrero Español foron catro. Leva doce anos gobernando o Partido Popular en España, o número de conferencias son dúas. De momento estamos empatados. Pero si recuerdo aquela conferencia do ano 2012 —porque eu estiven— onde se concretaba nada máis e nada menos que unha declaración conxunta de expreso compromiso do cumprimento do déficit público. Alí estaba o Partido Socialista Obrero Español. Si, señor Leiceaga. Levamos catro anos discutindo se Galicia debe de cumprir ou non o déficit público, vostedes levan catro anos dicindo que son un defensor do déficit público simplemente por defender os acordos das conferencias de presidentes das comunidades autónomas.

Señor Leiceaga, as conferencias de presidentes, probablemente con moito ruído e poucas noces, foron outras. Por exemplo, reunírnos para falar de acordos de I+D. Non digo que non sexan importantes, pero como vostede comprenderá... Menos mal que esa conferencia non a convoquei eu, nin a defendín. Mire, señor Leiceaga, con todos os respectos, os presidentes do Partido Socialista, os presidentes que gobernan nas comunidades autónomas no Partido Socialista, valoraron positivamente a Conferencia de Presidentes e, por iso me sorprende que vostede non fixera unha valoración positiva.

As relacións bilaterais —insisto, señor Leiceaga— deixámolas para as cousas que nos afectan bilateralmente. Temas correctos, pero falta o resultado. É certo, pero, señoría, vostede comprenderá que non imos ir á Conferencia de Presidentes a pechar o sistema de financiamento, porque se non terían vostedes razón de que non explicamos na Cámara o que iamos propoñer.

Polo tanto, fomos para concretar que nun prazo dun mes se constituía a reunión dos expertos, e esa reunión de expertos ten que remitila o Consello de Política Fiscal e Financeira, e posteriormente o obxectivo é que no ano 2017, a finais, teñamos un documento de consenso.

Non creo que se poidan facer as cousas máis rápido, non discuto con vostede que o que falta é o resultado, xa o dixen, por suposto, señor Leiceaga, pero eu recoñezo a realidade, e por iso vostede debería de recoñecela tamén. Non é unha conferencia con moito ruído, é unha conferencia con moitos acordos. Que deses acordos se poidan concretar resultados, iso é o que temos que seguir tutelando nos próximos meses.

Señoría, non creo que ningún presidente do goberno dun país sexa irresponsable por dicir que hoxe recadamos 20.000 millóns de euros menos que no ano 2007, e que gastamos



40.000 millóns de euros máis na Seguridade Social. Iso non fai falta que o diga o presidente dun país, iso, simplemente, é a realidade tributaria e contable do Estado.

Escoitar isto a calquera cidadán, loxicamente, non nos parece que é unha boa noticia, pero os políticos non están aquí para mentir, e non lle podemos mentir á xente sobre a situación actual do país.

Di vostede que debería de dar unha cifra conveniente para conseguir o resultado óptimo para Galicia. ¿Imaxínase vostede que cada presidente autonómico deramos a cifra, a que vostede plantexa e con moita máis virulencia o portavoz de En Marea? ¿Imaxínase vostede unha conferencia de presidentes onde vaíamos dicir exactamente o incremento?

Mire, señor Leiceaga, a min gustaríame que os presidentes do Partido Socialista Obrero Español nas comunidades autónomas non plantexaran a proposta de «x» por habitante e punto, como plantexaron algúns deles.

Supoño que vostede estaría en condicións de comprometer que ningún presidente do Partido Socialista plantexe un sistema puro de financiamento por habitante.

Entón, ¿cal é o que se me demanda? ¿Que empecemos a negociación perdendo posicións por parte de Galicia? Supoño que vostede non me demanda isto.

O custo efectivo dos servizos como modelo do financiamento autonómico, vostede e eu defendémolo.

O impacto da sanidade no sistema de financiamento, vostede e eu defendémolo.

O impacto do avellentamento da poboación, defendémolo.

Di que non lle parece correcta a fórmula dos expertos, pero que acepta que consensuemos o experto. Foi unha pena, señoría, que non nos ofreceran ao grupo parlamentario maioritario daquela na Cámara —37 escanos, maioría menos 1 escano— a proposta que ían facer vostedes no financiamento da sanidade, cando vostedes gobernaban, na Conferencia de Presidentes do ano 2007.

E foi unha pena, señorías, que cando vostedes gobernaban Galicia se enterara pola prensa das negociacións de Esquerra Republicana de Catalunya coa ministra de Facenda do Goberno de España, e ían hilvanando o financiamento de todos.

Señor Leiceaga, nós creo que podemos acordar o experto, gustaríanos, e creo honradamente que sería bo, se a vostede lle parece, e se non lle parece pois, como é natural, imos ter que concretar o experto con base na maioría que representamos do pobo galego.

Exactamente, ¿de que se me acusa? ¿Parécelles mal que o gasto sanitario se trate de xeito diferenciado e sexa considerado como un elemento fundamental no financiamento autonómico, señor portavoz de En Marea? ¿Parécelle mal considerar o reto demográfico unha es-

tratexia a nivel nacional? ¿Parécelle mal que se acorde un pacto pola educación? ¿Parécelle mal, en definitiva, que as inqedanzas que teña Galicia estean expresamente recollidas no acordo?

Pregúntame a que fun e a que ía. Señoría, ía defender Galicia na Conferencia de Presidentes; a debater, a falar e a acordar; a incluír demografía, sanidade, dependencia, custo efectivo dos servizos públicos no financiamento das comunidades autónomas; a elevar a pacto nacional os problemas demográficos de Galicia e doutras comunidades autónomas por primeira vez no estado das autonomías en máis de trinta anos; a plantexar unha peza separada da sanidade pública no sistema de financiamento das comunidades autónomas.

E di vostede a que ía. Pero, señoría, ¿aínda non sabe a que fun? De verdade, vostede está tan despistado con outros temas que non sabe que houbo unha conferencia de presidentes. (*Murmurios.*) (*Risos.*)

Non sei se son previsibles os problemas de En Marea, pero, dende logo, a min non me interesan. O problema, señoría, é que negar a realidade é ridículo.

Non sei se falaban vostedes para min ou para outros; dende logo, eu vin falar aquí para os galegos, non vin falar para o grupo parlamentario nin para ningún compañeiro do grupo parlamentario que apoia o Goberno.

O que si lle digo, señoría, é, ¿en que están en desacordo? Di vostede que non contei con quen discutín. Pero ¿a vostedes interésanlles as anécdotas, tamén, señoría, de con quen discutín, que lle dixen, que me dixen, que volvemos falar? Menos mal que non me preguntou con que presidentes autonómicos xantei, porque ao mellor tamén lle interesaba, pero eu creo que esas cousas lles interesan a algúns partidos políticos onde a orde de prioridades non coincide coa miña.

Mire, señoría, menos mal que vostede chegou a esta Cámara para recordarnos que somos unha nacionalidade histórica, porque mentres vostede non chegara á Cámara creo que pensabamos que eramos un concello ou unha rexión. (*Risos.*)

Mire, un pouco máis de humildade é importante, señoría. Vir descubrir o país trinta e cinco anos despois de que o primeiro presidente democrático da Xunta tomara posesión é algo fantástico.

Mire, dáme a sensación, con todas as preguntas que me fai, de que os que non saben o que queren son vostedes, porque o primeiro que plantexa é reivindicar o carácter nacional de Galicia, e con isto me recordaba ao BNG; e segundo, un sistema federal, e con isto me recordaba ao PSOE. Vostedes, exactamente, ¿cal é o seu sistema? O sistema do BNG pola mañá e o sistema do PSOE pola tarde, ou van mudando en función de cada asemblea.

Mire, señor Villares, con todos os respectos, eu vou defender Galicia, é a miña obriga, é o meu compromiso, é a miña tarefa, e para iso estou aquí. Non vou defender ningunha visión, por moi estupenda que soe, cando se di: se detrás diso non hai nada, só ruído.

Señoría, non somos un concello nunha rexión, por suposto que non, somos unha nacionalidade histórica porque moita xente antes que nós loitou para iso, e por iso estamos aquí, cun presidente autonómico dunha nacionalidade histórica.

Di vostede que Galicia está minguando. Señoría, Galicia está saíndo da peor recesión económica que un goberno autonómico tivo que afrontar. Supoño que saberá vostede que cando este Goberno autonómico tomaba posesión, só no último ano do Goberno anterior se destruíran 50.900 postos de traballo, e agora estamos creando 23.000 postos de traballo só no último ano.

Supoño que vostede sabería que só no último ano do Goberno anterior se destruíron máis de 50.000 altas na Seguridade Social, e agora estamos construíndo máis de 17.600 altas novas na Seguridade Social.

Cando collín Galicia, efectivamente, estaba minguando, e agora está crecendo, e se todo vai como parece, neste 2017 imos conseguir o mesmo produto interior bruto que tiñamos nos momentos de benestar económico.

Polo tanto, non considere vostede que os esforzos dos galegos foron en balde, ao contrario, os esforzos dos galegos valeron a pena.

¿Imos seguir traballando? A resposta é que si. ¿Imos seguir plantexando os temas que nos interesan? A resposta é que si. ¿A que fun? Intentei explicalo durante corenta e cinco minutos: fun plantexar os intereses de Galicia no financiamento autonómico, fun plantexar os intereses de Galicia no financiamento da dependencia, fun plantexar que se impacten os custos da sanidade no novo sistema de financiamento, fun plantexar a posibilidade de, dende as comunidades autónomas, propoñer unhas bases para un acordo básico no modelo educativo, fun plantexar que o Goberno de España cando fale de pesca en Bruxelas debe de ter en conta a proposta de Galicia, porque somos a primeira rexión europea en materia de pesca.

Fun plantexar que as axudas ás familias con menos recursos non é só un problema das comunidades autónomas no ámbito eléctrico. Non, porque o regulador é o Goberno central, e en consecuencia o problema que están a pasar as familias españolas, e moi especialmente as galegas, teñen que abordarse no ámbito completo do Estado.

Fun plantexar, señoría, que os problemas demográficos non son dos galegos, nin sequera do noroeste, os problemas demográficos son de España, que non ten unha taxa de reposición axeitada.

E fun plantexar, señoría, que os temas clave, a demografía, a sanidade e a dependencia, estiveran enriba da mesa e formaran parte dos acordos fundamentais da conferencia. Se vostedes me consideran culpable de falar da demografía no ámbito da estratexia nacional do país, de que a sanidade teña unha peza separada no ámbito do financiamento, de que na dependencia hai que falar do Goberno de España, porque non está cumprindo os compromisos da lei...

E por certo, cando se me fala de capacidade normativa, cando se me fala de autonomía fiscal, estou de acordo, e por iso nós non imos subir o imposto de sucesións, senón que para o 99 %

dos galegos imos seguir eliminando o imposto de sucesións. A autonomía fiscal é que en Galicia non se pague un peso por facer compras ou vendas no ámbito rural, iso é a autonomía fiscal. Agora ben, a autonomía fiscal debería de ser para aquelas comunidades autónomas que fan unha diminución dos seus impostos non á custa do déficit público financiado polo resto dos cidadáns doutras comunidades autónomas, como fan —por certo— os nacionalistas.

Os nacionalistas cataláns teñen un plantexamento moi simpático, pola mañá independízanse de España e pola tarde piden créditos para chegar a fin de mes.

Máis nada e moita grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Abrimos unha rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas.

Señor Feijóo, véxoo a vostede moi enfadado. (*Risos.*) Non sei exactamente, ¡si, si!, moi enfadado, non sei. Sinto que estamos acertando e que lle tocamos aí a fibra sensible, e teño que dicir que a súa comparecencia —e todo este tempo que esgotou— é a maior crítica a que realmente esta Conferencia de Presidentes foi un *look*, e a constatación, señor Feijóo, de que a súa estratexia nos conduce á irrelevancia política dentro do Estado. E esa é unha moi mala noticia para este país, porque nós estamos vendo como perdemos oportunidades.

Segue, tamén, con esa teima desta lexislatura de que eu son aquí a responsable de todos os males da humanidade e de todo o que lle pasa a Galiza. Chegou a dicir que eu fun á Conferencia de Presidentes e chegou a dicir que eu era responsable da quebra das caixas. ¿A vostede isto parécelle serio?

Mire, desde logo, eu non fun quen patrocinou unha fusión, creo que foi vostede que nos dixo que era solvente. Eu, como deputada nesta Cámara, votei en contra de que se modificara a lei que despedía os ex directivos das caixas. Foi vostede quen trouxo unha modificación para blindalos durante un ano máis no seu cargo. (*Aplausos.*) Por certo, señor Feijóo, o tempo no que blindaron esas indemnizacións.

E agora vostede preséntase como que non ten nada que ver en todo iso, e que está libre, absolutamente, de todo pecado. E todo o fía a que lle enviou unha carta ao director do Banco de España.

Eu se soubera que se está cometendo un delito, non enviaba unha carta, non me quedaba cun non por resposta. Eu tería ido á Fiscalía a que se investigara se realmente esas indemnizacións eran certas ou non.

E mire, quen estaba nesta foto, señor Núñez Feijóo, non era eu, era vostede cando nos dicía que esa fusión garantía o futuro das caixas do noso país. Estes son, señor Feijóo, os seus feitos, por iso digo que con graves problemas tamén para Galiza.

Porque mire, Euskadi mantivo unha entidade financeira propia, Cataluña mantivo unha entidade financeira propia, e Galiza non. E vostede ¿quere dicirnos que a súa estratexia é moito mellor que a do nacionalismo vasco e catalán? Pois bastante mellor lles vai a Euskadi e Cataluña coas súas estratexias e non coa submisión que vostede ten ao Goberno central e que hoxe quedou absolutamente patente nesta comparecencia.

Nós queremos, señor Feijóo, que haxa unha relación bilateral entre Galiza e o Estado, e queremos que a haxa en todos os temas que nos afectan. ¿Quere dicirnos que o financiamento non é unha cuestión na que Galiza ten a necesidade de aspirar a algo máis que a ver como os demais deciden por nós? Señor Feijóo, se vostede asume que Galiza é unha nacionalidade histórica —non polo que nos recoñeza a Constitución, porque Galiza é unha nación, diga o que diga a Constitución española—, se vostede quere subirse a ese tren, ¿por que realmente non está facendo o mesmo que neste momento están facendo os cataláns, que é plantexarlle ao Estado que, como mínimo, eles teñen dereito a un concerto económico igual que teñen os vascos? E esta é unha proposta moi seria e unha proposta de alcance para este país.

Mire, hai moitas diferenzas entre Euskadi, Galiza e Cataluña, pero hai unha cousa que todo o mundo recoñece, e é que o concerto económico vasco foi fundamental para un mellor desenvolvemento da súa economía, para que tiveran maior capacidade de investimento e para ter máis recursos, que mesmo iso lles permitiu durante a crise capear moito mellor a situación.

Nós ofrecemos uns datos que están feitos por economistas e que están, ademais, sustentados sobre os datos oficiais do Ministerio de Facenda. ¿Cales son os seus? ¿Que datos ten a Xunta de Galiza? ¿Como pode ser que no ano 2014 xa o Ministerio abraza unha comisión para estudar a revisión do sistema de financiamento e en Galiza non haxa datos, non haxa cifras, non haxa ningún estudo? ¿Que estivo vostede facendo durante todo este tempo? ¿Mirando? ¿Paseando polos platós? ¿Vendo a ver se nalgún momento podía dar o salto, que ao final deu o salto para o abismo porque non o queren a vostede en Madrid, señor Feijóo? (*Murmurios.*) Claro, ¿cal foi a súa responsabilidade nun tema clave?

Nós estamos propoñendo que Galiza teña autonomía financeira plena, que recademos os nosos impostos e que con eses cartos melloremos a sanidade, a educación e a dependencia. Porque non é certo que nós vivamos da solidariedade do Estado, os galegos e galegas pagamos máis en impostos do que logo retorna a través do financiamento autonómico. E, se non, señor Feijóo, poña os datos encima da mesa. Teremos un debate sobre algo. Porque o certo e o lamentable é que nesta cuestión vostede unicamente está facéndolle un favor ao Estado. Quere anular a presenza de Galiza como unha nación e anular a capacidade de que teñamos un autogoberno pleno...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...que realmente sexamos quen de administrar a nosa vida, de administrar os nosos recursos. ¿Por que defende os intereses do Estado e non os intereses de Galiza?

Nós, señor Feijóo, de verdade, cremos que a súa submisión nos está saíndo moi cara. Nós confiamos na potencialidade e na capacidade que ten o noso país. E se os vascos o teñen, ¿por que non Galiza? Se os cataláns o van ter, ¿por que non Galiza? ¿Por que nos quere baixar do tren das nacións? ¿E por que quere seguir mantendo un sistema que nos fai perder máis de 3.000 millóns de euros cada ano? Explíquenolo, por favor. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista.

Señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días de novo.

Afortunadamente, hai hemerotecas e hai diarios de sesións. En fin, vostede dicía no ano 2007: «Nesta conferencia nin sequera nos reuniu, nin sequera. E para propoñer esta comparecencia non mandou ningún documento». Esas eran as súas palabras no ano 2007. (*Aplausos.*) Pero espere, espere...: «¿Cabe un pacto en Galicia sen coñecer a proposta do Goberno? ¿Alguén podería concretar cal é a contía que ía propoñer o Goberno e o seu presidente na conferencia?» —setembro do ano 2005, señor Núñez Feijóo—. Ou, por exemplo, ¿que dicía no ano 2007?: «¿E as infraestruturas viarias?, ¿por que non tratamos na Conferencia de Presidentes as infraestruturas? Nós non temos infraestruturas e por iso, señoría, non contamos na Conferencia de Presidentes, na orde do día non contamos» —señor Núñez Feijóo, no ano 2007—. As infraestruturas, si, si; relación bilateral, si, pero efectivamente as infraestruturas tamén son un problema de Estado que debe de ser... coas comunidades autónomas.

¿E que dicir —xa non vou utilizar máis tempo— da profusión de cifras que vostede utilizaba para recriminarlle ao Goberno que non era capaz de concretar cales eran as propostas? Podemos ir ao *Diario de Sesións* e comprobalo. Pero imos ao positivo, que é o que me interesa, imos ao positivo.

A Estratexia nacional fronte ao reto demográfico paréceme ben que se inclúa na Conferencia de Presidentes, paréceme ben que se tome o acordo de impulsala. Houbo un compromiso de chegar a un acordo de futuro. Perfecto. ¿Remítese á Unión Europea? Ben. Pero a nós gustaríanos que tamén houbera un compromiso do señor Rajoy dicindo que imos impulsar isto cun apoio financeiro razoable. De todas as maneiras, no que respecta a Galicia —que é o que vostede plantexou como pacto— buscamos un consenso. Nós fixemos unha proposta, estamos de acordo en participar. Ten que ser a través dun mecanismo que non estea orgánica e funcionalmente integrado na Xunta de Galicia, por iso falamos do Consello Económico e Social. Pero pode haber outros modelos. E ten que ser un mecanismo que permita unha participación do conxunto dos grupos parlamentarios de xeito equilibrado na composición dese

observatorio ou comisión similar. A partir de aí conte con nós para falar da fecundidade e da súa caída, do avellentamento, pero para falar tamén dos saldos migratorios —aínda que a vostede lle custe traballo recoñecer que existe un saldo migratorio negativo de mozos en relación co resto—.

Segunda cuestión, pacto educativo —que vostede non propuxo—. Falounos de que se vai discutir no Senado sobre o pacto educativo cun debate monográfico. Nós o que lle pedimos é que a posición de Galicia sexa obxecto dun debate parlamentario. Hai posibilidades no Regulamento. Ten que existir un documento previo e ese documento ten que ser remitido á Cámara, para que os grupos parlamentarios da Cámara poidamos facer propostas para facer un debate sereno, sosegado e que permita que o que o conselleiro de Educación leve aos distintos foros teña un apoio máis amplo que o do seu partido; que é lexítimo o do seu partido, que é maioría nesta Cámara, non hai ningún problema, pero sería mellor que tivese un apoio máis amplo.

En terceiro lugar, violencia de xénero. A nós parécenos ben a súa proposta, pero iso queda nas mans do Bloque Nacionalista Galego, que ten que aceptar a emenda. Pero en caso de que non se acepte esa emenda, nós estamos dispostos igualmente a impulsar esa subcomisión no seo da comisión específica de igualdade que hai nesta Cámara para chegar a un acordo sobre a violencia de xénero. E, por certo, xa foi tratado en distintas conferencias de presidentes, pero está ben que se volva tratar agora porque é un tema central de país —de Estado, se se quere— no que debemos colaborar entre todos.

E, por último, na cuestión do financiamento —moi rapidamente— reitero a miña apertura para falar sobre a posibilidade de pactar un experto. Pero tamén lle digo que imos ter oportunidade neste pleno e no seguinte de seguir discutindo deste tema. E nós imos facer un esforzo para precisar a posición que debe defender Galicia. O portavoz do Grupo Popular dicíame: «Non está ben falar de cifras». Bueno, non era iso o que dicían vostedes cando estaban na oposición, non era iso. Pero, en todo caso, lembro: Conferencia de Presidentes sobre financiamento sanitario: 6.000 millóns enriba da mesa; revisión do modelo de financiamento do ano 2009: 11.600 millóns enriba da mesa. Non para Galicia, para o conxunto. Estaría ben ter algunha perspectiva, en fin, algún horizonte financeiro co que se poida comprometer o Goberno de España, porque iso, sen dúbida, facilita as cousas.

E queremos tamén obxectivos. Volvo reiterar: o custo efectivo dos servizos, se vostede le a exposición de motivos do ano 2009, verá que xa está alí. A sanidade xa está contemplada e o avellentamento e a dispersión. Por tanto, temos xa eses elementos. O asunto é: ¿canto ponderamos?, ¿canto pesan? Por certo —e non en relación con vostede senón con algunhas medidas de asimetría—, nestas cuestións a asimetría é xustamente iso. Nestas cuestións a asimetría é o avellentamento, é a dispersión, é en todo caso a existencia dunha lingua propia. Eses son os elementos diferenciais de custo que deben ser incorporados...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...ao modelo de financiamento. E iso é o máis importante e o que garante a igualdade entre todos os cidadáns españois con independencia de onde

vivan. E para nós tamén é importante defender que a solidariedade ten que ser plena, non pode ser relativa a algúns servizos públicos por moi esenciais que sexan, senón que ten que ser para o conxunto das funcións que cumpren as comunidades autónomas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Lembraba que aquí non se estaba descubrindo nada en relación co carácter nacional de Galicia, evidentemente. O que pasa é que hai que recordalo ás veces. Porque quen ten a función de exercer como presidente do país non exerce, e, polo tanto, recordar é sempre bo.

Recordamos tamén hoxe a matanza de Atocha, (*Aplausos.*) xente que deu a vida para que todas e todos disfrutemos hoxe dun réxime que nos permita tamén disfrutar dun réxime de liberdades e comportarnos como país e, polo tanto, exercer as competencias. Igual que antes lles pasou a Daniel e Amador, que tamén fixeron o mesmo; e outras tantas e outros tantos que fixeron moito para que hoxe teñamos un réxime que nos permita vivir en democracia cunhas garantías e uns dereitos sociais mínimos, e de carácter nacional tamén; polo tanto, que non permite, e por iso nós non permitimos —e non podemos deixar de recordalo nesta tribuna—... que hai que exercer daquilo que se é, hai que exercer porque ese é un mandato cidadán. E, polo tanto, agora, que é un momento clave para exercer como presidente dun país, fágao. Iso é o que lle estamos pedindo, non lle pedimos máis. E estamos pedindo para que beneficie as maiorías sociais que están reclamando de todas e de todos nós —dos poderes públicos— unha solidariedade; pero unha solidariedade non caritativa senón baseada na xustiza social. O poder público ten que cumprir unha función de redistribución de renda, da riqueza, e asegurar dereitos sociais mínimos. E iso é o que vostede ten que levar á Conferencia de Presidentes, e iso é o que entendemos que vostede non fixo convenientemente. [...]

*(Por mor dun fallo técnico sobrevido, a última parte da intervención do Sr. Villares Naveira e a primeira da intervención do Sr. Puy Fraga non puideron ser rexistradas nin en audio nin en vídeo e, por tanto, non poden ser transcritas no Diario de Sesións.)*

**O señor PUY FRAGA:** [...] ... todos os gobernos de España, o estatal e os autonómicos, consideran que hai que priorizar o desafío demográfico, e comprométense a levar este tema a Europa e facelo tamén alí unha prioridade. E no acordo, por certo, cítase como antecedente o que xa se traballou por iniciativa de Galicia coas comunidades de Asturias, Aragón e Castela e León no Foro de Rexións con Desafíos Demográficos. Polo tanto, o feito de que España asuma este traballo e pretenda elaborar neste ano unha estratexia nacional contra o desafío demográfico a nós non nos parece nada irrelevante.

E, por suposto, non nos parece irrelevante o financiamento autonómico. Vamos ver, o presidente, primeiro, acaba de ofrecer diálogo para nomear un experto. Agradecemos a predis-



posición do Grupo Socialista, supoñemos —porque non dixo nada— a do Grupo de En Marea, e esperamos a ver que experto nos trae o Bloque que defenda o cupo, porque vai ser moi difícil atopar un só experto que traia o cupo. Ao mellor está chamando por teléfono á señora Pontón nestes momentos.

Ben, o cupo é evidente que non dá, que non dan as contas. Temos unha renda que é inferior á media. E, vamos ver, eu lin un libríño que sacaron agora en defensa do cupo, que recoñece que hai un saldo negativo de máis de 1.000 millóns en Galicia se se xunta a Seguridade Social. A Seguridade Social é un instrumento de redistribución do mercado español, igual que o IRPF ou o imposto de sociedades. E non se entende por que o que é bo, que é manter a caixa da Seguridade Social, como recoñece o Bloque, non se mantén para o IRPF ou o imposto de sociedades, sobre todo cando estamos por debaixo da renda. Falaremos de números.

Pero a nós o que si nos interesa destacar é que Galicia conseguiu que o acordo diga o seguinte: que a análise para a reforma debe basearse nos principios de solidariedade, suficiencia, equidade e transparencia, corresponsabilidade fiscal e garantía de acceso dos cidadáns aos servizos públicos en función do custo efectivo dos mesmos. ¿É isto irrelevancia política? ¿É isto irrelevancia política, ou é irrelevancia política cando chega Cataluña e di que ten que haber un principio de ordinalidade e que o que se pacte para cubrir os servizos públicos con igualdade hai que redistribuílo para que ningunha comunidade autónoma perda recursos en relación coa renda que produce? ¿Onde está a irrelevancia política? A min paréceme que isto é un aspecto fundamental.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** Señor presidente, como non hai reloxo, pídlle que me deixe rematar.

**O señor PRESIDENTE:** Temos nós o reloxo arriba.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.)*

**O señor PUY FRAGA:** Sobre as caixas falaremos esta tarde, señora Pontón.

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor PUY FRAGA:** Mentres tanto, pode ir buscando algunha comunidade autónoma na que se nacionalizase e vendese a caixa de aforros e que manteña a entidade financeira domiciliada no seu territorio. Eu creo que Galicia é a única, pero, evidentemente, iso débese á irrelevancia política do Goberno da Xunta.

Señorías, o presidente ofreceu tres acordos: sobre o experto, sobre a violencia de xénero —veremos se esta tarde se é proclive a el, xa vimos que o PSOE si— e sobre a demografía, e un compromiso de información. Nós cremos que é unha boa forma, a Conferencia de Presidentes, de avanzar no Estado autonómico, de incrementar a autonomía e a coordinación; que a Conferencia de Presidentes é unha boa idea, unha boa idea que xurdiu de Galicia e que, como todas as boas ideas, se abriu paso...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...co tempo. Animámolo, señor presidente, a que manteña ese compromiso de información á Cámara e o traballo coordinado coas demais comunidades autónomas e co Estado na Conferencia de Presidentes, polo ben de Galicia.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Turno de peche.

Señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Pontón, con todos os respectos, sabe que as fusións das entidades financeiras non as avalan as comunidades autónomas, que as avala o Banco de España. E, en consecuencia, se o Banco de España avala unha fusión das entidades financeiras, o lóxico é que os gobernos das comunidades autónomas creamos na solvencia do Banco de España.

Di vostede que esa fusión non saíu ben. Efectivamente, señoría, España entrou nunha recesión económica e o *core capital* das fusións era hoxe «x» e nos tres meses seguintes era «x» máis un 30 %. E por iso non saíu ben a fusión das caixas galegas, como non saíu ben ningunha fusión de ningunha caixa en España. Supoño que a vostede iso faina reflexionar. O BNG, cando plantexaba temas de país púxose de acordo co Grupo Parlamentario Popular fronte á proposta de que desapareceran as entidades financeiras, que era a proposta do Goberno central. E votamos xuntos na Cámara. Sempre llo agradecín e sempre llo vou seguir agradecendo. Por iso me sorprende que vostede vaia mudando de opinión simplemente porque lle interesa ao BNG. A Galicia, non. Di: «En Cataluña e en Euskadi mantiveron as entidades financeiras». Si, señoría, é que en Cataluña e en Euskadi debe ser que os directivos xestionaron ben as entidades financeiras e a tutela financeira por parte dos gobernos de Euskadi e de Cataluña se fixo con corrección. En todo caso, como vostede sabe, a maioría das caixas catalás quebraron, só resistiu unha. Pero as caixas catalás fundíronse en dúas, un grupo chamado Unnim e outro grupo chamado Cataluña Caixa. As dúas se afundiron e ningunha das dúas quedou en Cataluña.

Non teño ningún inconveniente en falar das caixas, é unha das cuestións en que seguín defendendo o país e vouno seguir facendo, a pesar de todos os atrancos, a pesar de todas as demagoxias, a pesar de todas as mentiras. Pero o importante é que hoxe manteñamos unha empresa con 5.000 postos de traballo aquí, creo que iso é o importante. E como dicía o portavoz do grupo maioritario, dígame vostede en que comunidade autónoma isto foi posible. Porque en todas onde tiñan caixas que quebraron perderon o domicilio fiscal. Si, señoría. Se vostede me quere falar de La Caixa, Banco Caixa, ou se me quere falar da caixa de Euskadi,

son dúas que estaban en correcto funcionamento e en correcta contabilidade cando chegaron ao Goberno os seguintes, cousa que a min non me pasou. E vostede saberá por que, efectivamente.

Mire, señoría, non entendo moi ben exactamente se considera que ser presidente da Xunta é facer un salto ao abismo. Di vostede que no ano 2014 e seguintes me dediquei a mirar se podía facer un salto a Madrid e ao final fixen un salto cara ao abismo. ¡Menudo abismo, señoría, ser presidente do meu país! Se a isto lle parece vostede abismo, a verdade é que non tivo vostede a mellor das frases da historia do nacionalismo galego, considerar un abismo ser presidente da Xunta de Galicia. Non é un abismo, señoría, é unha honra.

A vostede parécelle ben o que fan os vascos. Deixe que os vascos fagan o que consideren oportuno e non imite vostede modelos que fan dano ao noso país. Si, fan dano, señoría. Mañá temos unha pregunta sobre a súa teima do concerto. Levan vostedes falando do concerto hai moito tempo. O problema é que ninguén lles fai caso. Supoño que o resto dos galegos aos que non nos parece ben seremos galegos igual ca vostede. Se na Cámara a única proposta de concerto é do BNG, ¿considera que máis de 70 parlamentarios nesta Cámara estamos adiando a Galicia? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) 69, 68... Dá igual, señoría. Non me faga recordar o número de escanos que ten o BNG, señoría, porque non me parece axeitado, non me parece axeitado, señoría. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Digo, señora Pontón, honradamente, que mire as contas ben e non se deixe levar polos contos, porque aquí imos falar de contas. E os galegos sabemos facer as contas ben. Os contos son outra cousa. Mañá imos falar diso, e permítame que mañá lle conteste ás preguntas que vostede me formula na sesión de control.

Señoría, o Goberno está comparecendo. Primeiro foi o conselleiro de Facenda, compareceu a defender os presupostos e a lei de acompañamento aos poucos días de tomar posesión. Creo que iso debería de ser un activo para un país, que aos poucos días de tomar posesión un goberno o primeiro que faga nunha semana sexa traer o teito de gasto, e, o segundo, quince días despois, traer os presupostos da comunidade autónoma. ¿Hai algunha comunidade autónoma que faga isto no Estado das autonomías español? Ningunha, señoría. Non diga que non estamos comparecendo; primeiro o conselleiro de Facenda e, posteriormente, o presidente do Goberno, e agora, inmediatamente, o vicepresidente, e así simultaneamente.

Mire, señoría, non lle oculto o número de veces que comparezo neste Parlamento: todos os mércores 3, 4 veces, en función do número de grupos que vaian existindo na Cámara. Eu vou seguir comparecendo, como é lóxico, e acabo de comprometer que cada vez que haxa unha conferencia de presidentes teño que comparecer de forma automática.

Señor Leiceaga, é certo que no ano 2007 eu falei dos sistemas de infraestruturas, pero ¿sabe por que, señor Leiceaga? Vostede recórdao ben. É que iamos ter o AVE no 2010 e estábamos no 2007 e o AVE non empezara. E eu dicía: joian!, pero ¿de verdade que vostedes —que está o presidente do Goberno aí— non van falar de en que prazo de meses vai entrar o tren de alta velocidade a Galicia, que resulta que non saíu de Valladolid para arriba? No ano 2007, señoría, dicíase que o AVE chegaría a Galicia no ano 2010, despois díxose que chegaba no

2012... (*Murmurios.*) Si, señoría, eu tiven que pactar co Partido Socialista no 2015. ¡Claro, señoría! ¿Sabe por que? Porque había un ministro socialista que deixou de mentir de forma constante e continua. Dixo: ¡home!, xa nos pillaron na mentira, agora imos concretar un prazo razoable. E cando chegamos no ano 2015 — non digo que ese ministro non fixera cousas, que fixo bastantes máis que a anterior — vimos que, efectivamente, non estaría no 2018. Eu vou dar o prazo do AVE e vou dar a miña opinión ao respecto, pero levo un ano dicindo que o feito de que non exista goberno en España non sairá gratis para as infraestruturas de España. E vostedes bloqueando con aquel «no es no, y que parte del no no entienden». Pois, señoría, a parte do non que non entendemos é que durante un ano se bloquearon as infraestruturas do país como consecuencia de que non tiñamos capacidade para executar, para licitar e para contratar. (*Murmurios.*)

Señoría, di que no tema demográfico están de acordo pero que a Xunta non coordine e non dirixa a comisión. Señoría, as universidades están de acordo, os sindicatos están de acordo, a Federación Galega de Municipios está de acordo e agora vén vostede a concretar as regras. Todos estamos de acordo salvo vostedes. ¿E por que non se suman vostedes ao acordo inicial? ¡Pero se inmediatamente modificamos o decreto, señor Leiceaga! O decreto modificámolo mañá. ¡Se fixen esa proposta no Pleno e acabo de volver facela! ¿Vostedes queren unirse ao que estamos traballando coas universidades, cos sindicatos e cos concellos, ou queren unilateralmente establecer unha metodoloxía distinta da que estamos utilizando todos de forma conxunta? Señor Leiceaga, súmese vostede ao acordo e vaíamos máis rápido, porque, se non, vai haber un problema.

Señor Leiceaga, vostede falou de educación e eu agradézoo. Efectivamente, hai unha lei orgánica que está en vigor. Hai unha lei que hai que mellorar. A proposta do Goberno central é aceptala, a min paréceme ben. O Goberno central ofrece un diálogo e ofrece concretar un pacto educativo. ¿Precisamos un sistema educativo estable? A resposta é que si. O goberno que vostedes defendían a primeira lei que derogou foi unha lei educativa do goberno anterior, que aínda non entrara en vigor, que aínda non entrara en vigor. Sen implementar os efectos da lei xa se derogou.

Polo tanto, é o momento de evitar os atallos para conseguir un acordo, evitando posicións extremas e evitando posicións maximalistas. Polo tanto, deixemos o ensino á marxe da política e falemos da calidade do ensino público no noso país. ¿Existe vontade de dialogar e de construír pactos? A resposta é que si. ¿Nós imos participar? Si. ¿Vostede quere facer propostas para que a nosa participación en Galicia se concrete? Paréceme ben. Busquemos ese pacto que supere as estratexias partidistas. Tamén me parece correcto. Pero honradamente creo que estamos nun posicionamento onde non convén outra vez empezar a discutir sobre o discutido.

Señoría, vostede di que no ano 2005 se puxeron máis recursos, que no ano 2009 se puxeron máis recursos. No ano 2009 a débeda pública do Estado español non chegaba ao 40 % do PIB, hoxe estamos no 100 %, señor Leiceaga. Vostedes acaban de plantexar que na dependencia necesitamos 2.000 millóns de euros máis, xa concretaron unha cifra. Vostedes están plantexando tamén unha renda para todos os parados que perderon as prestacións, que ten un importe aproximado de 11.000 millóns de euros. Se vostedes queren pactar co Goberno

central 2.000 millóns máis para a dependencia e 11.000 millóns de euros máis para os parados de longa duración, ¿cal cre vostede que pode ser a cifra para o financiamento autonómico? Se temos un déficit público superior ao previsto, se aínda estamos con déficits públicos do 4 % e agora vostedes plantexan nada máis e nada menos que 13.000 millóns de euros máis de gasto no ano 2017 —no presuposto que temos que aprobar, ou non haberá presuposto—, supoño que vostedes teñen unha partida para o financiamento. Sería moito máis fácil, tal é a súa proposta, dado que o que temos é que pactala. O que xa sabemos é que queren 2.000 millóns de euros máis para a dependencia e 11.000 millóns de euros máis para os parados de longa duración. Xa sabemos bastante. O que pasa, señoría, é que lle falta a vostede un pequeno dato. Di: «¿Cal é a súa proposta?» Pero, señoría, ¿non será máis razoable primeiro construír a metodoloxía e que da metodoloxía saía a proposta? ¿Estamos de acordo? Concretemos a metodoloxía e despois... ¿As dúas cousas? ¿Antes de concretar a metodoloxía xa facemos a proposta? Pois, señor Leiceaga, a verdade é que..., fale vostede cos seus colegas do Partido Socialista, porque a verdade é que menos mal que non foi vostede á conferencia, porque probablemente non existiría un só acordo. Aínda que alí, como é natural, non plantexaría o que me plantexa aquí. Eu plantexei alí o mesmo que aquí. Dixen que ou había acordo ou non debería haber un novo modelo, dixen que ou había multilateralidade ou non se debería pactar entre todos soamente o pactado entre dous ou tres. E o Goberno é do Partido Popular. Polo tanto, díxenlle ao Goberno do partido do que formo parte que non me parece razoable e que non imos aceptar que o sistema de financiamento se pacte de forma bilateral, como o pactaron vostedes. Non o imos aceptar, señor Leiceaga. Espero que vostede cambie de opinión, porque antes aceptaba a negociación bilateral e agora parece que está vostede de acordo coa multilateral. Iso está ben.

En todo caso, imos seguir traballando. Agradezo que vostede estea de acordo en pactar o experto. Non está mal. A min, se me propuxeran pactar o experto estando na oposición, tamén estaría de acordo, señor Leiceaga, a verdade é que si. Pero eu creo que é bo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, o que non me parece moi ben é que vostede diga que isto non é un tema de expertos pero que, non obstante, acepta o plantexamento de pactar o experto. ¡Home! señor Leiceaga, eu crin que ía dicir: oia, de acordo, pactamos o experto, punto. Porque, se non, é moi difícil, de verdade. Criticar todo, señor Leiceaga, non leva máis que a posicións maximalistas.

O portavoz de En Marea dixo que eu teño que exercer como presidente do país. Non fago outra cousa, señor Villares. Seguro que, se vostede exercera como presidente do país, o faría moito mellor ca min, non teño dúbida. O que pasa é que os galegos non están de acordo, señor Villares, non están de acordo. (*Aplausos.*) Por iso, eu vou seguir exercendo como portavoz do meu país. O que me alegra é que vostede teña o mellor dos seus éxitos.

Vostede plantéxame sobre o ticket eléctrico, mañá creo que pregunta ao respecto. Se lle parece ben, por manter a sesión de control, imos plantexar estas cuestións. Aclaroume por fin que a súa visión nacional do país non exclúe que o sistema de financiamento deba facerse nun escenario de multilateralidade desde a igualdade. Estamos de acordo: multilateralidade desde a igualdade, baseada no custo efectivo dos servizos. Polo tanto, estamos de acordo, señoría. Bueno, non está mal, porque pensaba que vostede estaba no cupo, no concerto do BNG, e agora pois todo parece indicar que vostede non está no cupo, no concerto do BNG,

que está na multilateralidade, é dicir, na inmensa maioría dos parlamentarios que aquí estamos. ¿Ve como se pode defender unha postura distinta e que non coincida co nacionalismo? Pódese, e é boa para o país. Porque non crea vostede que os nacionalistas teñen a patente da defensa exclusiva do país. Non, hai plantexamentos que son negativos para o país. E ¿ve como a multilateralidade é un sistema que a Galicia lle interesa? Nós, desde logo, así o vemos.

Señoro Villares, di vostede que temos dous mil e pico millóns menos que no ano 2008. Señoría, levo oito anos dicindo que a Xunta de Galicia está xestionando os servizos públicos con 2.500 millóns de euros menos dos que xestionaba o Bipartito. Fíxense en que a tarefa foi inxente, porque chegar a fin de mes con 2.500 millóns de euros menos cada ano é inxente, señor Villares. E creo que iso hai que recoñecerllo ao pobo de Galicia, que foi capaz de pagar o que debía, que foi capaz de cumprir, que foi capaz de non incrementar a débeda pública por riba do acordado no Consello de Política Fiscal e Financeira, que foi capaz de ser a comunidade autónoma con menor incremento de débeda pública nos últimos oito anos, que foi capaz de non pedir un euro ao Fondo de Liquidez, que foi capaz de manter a tutela do propio tesouro da comunidade autónoma e que foi capaz de manter a autonomía fiscal. ¿Non lle parece, señoría, que iso é exercer como presidente dun país? (*Aplausos.*) Seguro que vostede exercería doutra forma, pero nós exercemos desta. Por iso, non sei o que pensa vostede sobre a harmonización fiscal, porque falan vostedes da multilateralidade desde a igualdade. ¿Quere dicir que a proposta de En Marea é subir o imposto de sucesións ou non? ¿Quere dicir que a proposta de En Marea é subir o imposto de patrimonio ou non? ¿Quere dicir que a proposta de En Marea é poñer impostos no rural ou non? Nós non estamos de acordo con isto, seguro que podemos falar. Nós non estamos de acordo con isto. ¿Sabe por que? Porque a baixada dos impostos en Galicia non lla repercutimos a ningún cidadán do resto do Estado, pagámola nós. E por iso non estamos de acordo en comunidades autónomas que baixan os impostos, que fan déficit público e que despois temos que financiar a súa baixada de impostos con déficit público, é dicir, co diñeiro dos galegos. Aí, señoría, ímonos encontrar, defendendo os intereses dos galegos. E aí si que estou de acordo co BNG, defendamos os intereses dos galegos. Pero interese dos galegos non é subir impostos aos galegos, o interese dos galegos é chegar a fin de mes coa menor presión fiscal posible, que niso consiste nunha comunidade cunha renda por debaixo da media do conxunto do Estado.

Se en Galicia se pagan menos impostos a pesar de ter 2.500 millóns menos de ingresos anuais é porque esta política económica está pensando nas familias e non está pensando nas capacidades e nas competencias do presidente da Xunta para facer grandes cousas ou para plantexar plantexamentos que despois pagan os galegos con débeda pública. Xa temos bastante débeda, señor Villares. Por certo, de vez en cando vostedes dinme que hai que incrementar a débeda pública, pero por outra parte tamén me din que hai que diminuíla. Pero iso, como é natural, será cuestión doutro momento.

Mire, a pesar de ter 2.500 millóns de euros menos, somos a comunidade autónoma con máis profesores por alumno de España. Somos unha comunidade autónoma cun incremento de máis de 30.000 prazas de Formación Profesional. Somos unha das comunidades autónomas —non «unha», senón «a» comunidade autónoma— coas taxas universitarias máis baixas de España. A pesar de ter 2.600 millóns de euros menos, señoría, temos mellores servizos

públicos que os que tiñamos con 2.600 millóns de euros máis. Algo fixemos ben durante estes oito anos.

Señorías, finalizamos. Eu agradezo que, no fondo, aínda que non explicitado de forma concreta, esteamos de acordo. Estamos de acordo en que hoxe en España se vaia falar de demografía, estamos de acordo en que non se pode pechar un sistema de financiamento de forma bilateral. Estamos de acordo en que a sanidade pública, que posúe o 40 % da repercusión do gasto, se teña en conta nese financiamento autonómico. Estamos de acordo en que non imos financiar emocións nin bandeiras nin plantexamentos ideolóxicos. Imos financiar os maiores, os nenos e a xente adulta. Imos financiar o que custa a prestación dos servizos públicos. Imos falar dos temas que lle interesan a Galicia no conxunto da multilateralidade do Estado. Aquí non hai trincheiras nin hai barreiras nin hai territorios amigos ou inimigos. Aquí, señorías, hai intereses lexítimos que nós imos defender de acordo coa Constitución e co Estatuto de autonomía. Imos plantexar, polo tanto, propostas.

¿Queda moito traballo por diante? Si, ¿Queda toda a concreción? Si. ¿Quedan moitas conclusións? Si. Pero ¿empezamos a Conferencia de Presidentes de forma axeitada? Si. Por iso, señora Pontón, non podo estar menos enfadado, non lle oculto que saín da conferencia de presidentes bastante alegre polas propostas que tiñamos. Non, xa sei que a enfadada é vostede, pero non intente contaxiar o enfado.

Miren, o compromiso témolo claro. E nós acabamos de plantexar, señoras e señores deputados: ¿podemos asinar un pacto para concretar un experto que actúe no nome e representación do Goberno de Galicia? A nosa proposta é que si. ¿Vanse incorporar os grupos parlamentarios á comisión demográfica? Dentro da estratexia nacional da demografía que temos que aprobar no ano 2017 para o conxunto de España, ¿van incorporarse os grupos parlamentarios da Cámara? A nosa proposta é que se incorporen.

A comparecencia despois das conferencias de presidentes e a comparecencia despois do comité de seguimento que fai o vicepresidente ¿será obrigatoria na Cámara? O noso compromiso é que si.

¿Podemos plantexar unha postura única en violencia de xénero para trasladar a esa conferencia de violencia de xénero? A nosa proposta é que o BNG acepte, dado que ten el a iniciativa esta tarde. E se non o acepta, aceptarémolo noutra sesión, como recordou o portavoz do PSdeG-PSOE.

Señoras e señores, sigamos traballando, o que ben empeza pode acabar ben. Iso dependerá do que sexamos capaces de facer todos, os presidentes das comunidades autónomas e o Goberno central.

E hai unha cousa que quedou clara na conferencia de presidentes: en España non hai un núcleo de poder, o Goberno central; e en España tampouco pode haber dous grupos de poder, Madrid e Barcelona; en España hai dezasete grupos onde se exerce democraticamente a defensa dos nosos intereses, que son os gobernos de todas as comunidades autónomas, e o Estado é o conxunto de presidentes das comunidades autónomas e o presidente

do Goberno central. Esa é a visión de Galicia e esa é a visión do grupo maioritario deste Parlamento, que estou convencido de que coincide co cen por cento dos deputados e deputadas desta Cámara.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Pasamos ao punto segundo da orde do día.

**Comparecencia do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días a todas e a todos.

Comparezo, despois da comparecencia que acaba de ter lugar do presidente da Xunta, comezando a rolda de comparecencias que haberá a partir de agora, comparecencias, por outra banda, habituais ao comezo da lexislatura dos membros do Goberno galego para expoñer as liñas de actuación das diferentes consellerías da Xunta de Galicia na lexislatura que estamos comezando. Encaro esta terceira lexislatura — polo tanto, terceira comparecencia de exposición de liñas xerais— con ánimo — iso creo que nunca debe faltar—, con sentido da responsabilidade e, por suposto, con disposición a colaborar e recibir toda a colaboración necesaria na busca de consensos, cando sexa posible, para executar as políticas do meu departamento. Eu creo que esta disposición levou a culminar na lexislatura pasada algúns fitos creo que relevantes, promovidos dende este departamento. E, polo tanto, insisto en que esta disposición volve ser a mesma ao inicio desta lexislatura.

Eu vou estruturar a miña intervención en torno a dous grandes eixos —por sistematizala un pouco— que resumen as actuacións que se van levar a cabo dende a Vicepresidencia e dende os seus diferentes centros directivos. O primeiro eixo será o que se basea en dotar os servizos públicos encomendados á nosa responsabilidade, dentro de dispoñer dos mellores recursos posibles e das normas tamén axeitadas para atender as necesidades da cidadanía e, polo tanto, prestar servizos públicos de calidade. E tamén o segundo eixo consistirá en acadar unha Administración accesible, unha Administración preparada para as novas tecnoloxías e as posibilidades que ofrecen, unha Administración transparente pero tamén eficiente e sempre respectuosa cos recursos que xestiona e cos dereitos dos cidadáns.

Comezando polo primeiro dos dous grandes eixos que acabo de anunciar, o referido á xestión dos servizos públicos que temos encomendados á Vicepresidencia, e empezando tamén polo



eido da xustiza, hai que dicir que esta lexislatura vai permitir a culminación de proxectos moi importantes iniciados xa na anterior, á parte dos que vaiamos facer con carácter *ex novo* nesta lexislatura. En primeiro lugar, remataranse —nalgún caso, moi proximamente— as grandes infraestruturas xudiciais encozadas xa no plan que tivo o seu comezo no ano 2010, grandes infraestruturas xudiciais de construcións de edificios de nova planta ou, se non, grandes reformas de edificios que xa existían. Xa este mes de febreiro, en apenas trinta días, rematará a adaptación e reconstrución da fábrica de tabacos da Coruña para destinar alí as dependencias xudiciais da Coruña, parte delas —16 millóns de investimento—. Remata xa en apenas un mes. No primeiro semestre do 2018, do ano que vén, rematarán as obras que xa están en execución no novo edificio xudicial da Parada, en Pontevedra, con case 20 millóns de euros de investimento. E no ano 2019 finalizará a reforma do Hospital Xeral de Vigo para convertelo nunha nova cidade da Xustiza de Vigo, con máis de 25 millóns de investimento. Este mesmo ano comezarán as obras.

A eles hai que engadir tamén, durante esta lexislatura, a construción doutras obras, non de tanta envergadura pero si obras cun investimento importante, naqueles partidos xudiciais onde sexa necesario, onde a urxencia ou a necesidade faga necesario acometer novas infraestruturas xudiciais. É o caso de Tui, anunciado xa o ano pasado. O investimento previsto é de 2,2 millóns de euros e este mesmo ano encozaran as obras. E así durante a lexislatura onde estimemos, de acordo co Tribunal Superior de Xustiza, que son necesarios eses investimentos. Ademais, sen desbotar en ningún caso as obras menores, os pequenos investimentos, pero que ás veces son moi necesarios, en edificios xudiciais. Seguiremos investindo cantidades en torno aos 500.000 euros anuais, ademais do Plan de eficiencia enerxética, con case 3 millóns de euros, que é un plan a catro anos que xa se empezou a executar na lexislatura pasada, e que permitirá acometer obras relacionadas coa eficiencia enerxética pero tamén obras importantes en moitos edificios xudiciais galegos.

E, polo tanto, dende 2009 ata o día de hoxe, contando coas licitacións que lles acabo de expoñer, pódese dicir que este plan de infraestruturas xudiciais —rematado ou, se non, encamiñado para rematar nas datas que lles dixen na súa totalidade— permitiu investir arredor de 100 millóns de euros, que practicamente é o dobre de todo o que se investiu en infraestruturas xudiciais en Galicia dende que a Comunidade Autónoma alá polo ano 1995 asumira as competencias en materia de xustiza.

En segundo lugar, e tamén no eido da xustiza, creo que nestes vindeiros anos, nesta lexislatura, deben ser nos que consigamos entre todos —este é un labor complexo, un labor que hai tempo que empezou e que, dende logo, vai necesitar a colaboración de todos os implicados— que o procedemento xudicial estea totalmente dixitalizado.

A continuación do Plan senda vai ser fundamental para este obxectivo, e estenderemos a posibilidade de comunicación electrónica cos xulgados, a posibilidade de presentación de demandas e escritos de xeito electrónico, dirixidos cara a Administración de xustiza, dende as notarías, dende os centros penitenciarios, dende os hospitais, dende os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado e, en definitiva, e para rematar, dende todas as persoas físicas e xurídicas que dirixan un escrito á Administración de xustiza.

Avanzaremos, tamén, no uso da incorporación de novas funcionalidades, no visor do expediente xudicial, que xa está implantado, xa está funcionando, hai que seguir desenvolvéndo —nisto fomos pioneiros—, e para iso apoiáremonos moito na sede xudicial electrónica galega, en cuxa implantación tamén fomos pioneiros.

Completaremos a rede de gravación de vistas, a través do sistema eFidelius, que xa abrangue o 85 % das salas a día de hoxe, moi por diante da media de implantación noutras comunidades autónomas, e tamén completaremos a instalación do sistema de videoconferencias en todas as unidades xudiciais de Galicia, que xa está en arredor de 30 partidos xudiciais. Completaremos a súa implantación, e tamén nisto imos moi por diante da media de implantación deste tipo de aparellos noutras comunidades autónomas, e sen dúbida o imos facer porque as súas vantaxes son evidentes.

Tamén continuaremos coa renovación dos equipamentos informáticos, nos postos de traballo e nos órganos xudiciais, que ademais é necesario, primeiro, porque teñen unha vida útil determinada e hai que proceder a relevalos, e máis agora que queremos facer todas estas implantacións ás que me acabo de referir, que necesitan novos equipos informáticos eses postos de traballo.

E, en terceiro lugar, creo que é fundamental que daremos xa os pasos definitivos para a implantación da nova oficina xudicial, que está moi ligada, ademais, aos avances en materia de novas tecnoloxías na Administración de xustiza. Polo tanto, ata o de agora iso condicionou a súa implantación, e unha vez que estea publicado, perdón, que xa está publicado o decreto da nova oficina, imos empezar, como experiencia piloto, coa implantación da oficina xudicial en Ourense, seguiremos despois co Tribunal Superior de Xustiza, seguiremos por Santiago, Lugo, Ferrol, Pontevedra, así polas cidades, e, ao final, acabáremolo facendo en todos os partidos xudiciais.

Ao lado dos investimentos en infraestruturas, ao lado dos investimentos en novas tecnoloxías, sen dúbida é o traballo das persoas o que segue sendo fundamental, e, polo tanto, continuamos co programa de dotación de medios persoais para soste o funcionamento das unidades xudiciais, asumindo o compromiso de dotar de persoal, sen ningunha dúbida, todas aquelas unidades xudiciais que se vaian creando ao longo desta lexislatura.

Xa neste 2017 comezarán a funcionar —en canto o ministerio publique o decreto— as unidades xudiciais aprobadas no ano 2016, e isto vai supoñer que se incorporen 24 novos funcionarios e funcionarias a estes órganos xudiciais de nova creación, e, por suposto, a Xunta asumirá o custo orzamentario que isto supón, igual que o fará con todos aqueles órganos xudiciais —insisto— que se acorden crear durante o resto da lexislatura.

Isto dígoo porque hai outras comunidades autónomas que están renunciando —ou polo menos así o fixeron cando se crearon órganos xudiciais— á creación de novos órganos xudiciais, precisamente por non poder asumir estes custos orzamentarios. A Xunta de Galicia xa o fixo, e seguirá facéndoo.

Tamén, por suposto, seguiremos cun plan que ten unha importancia fundamental —e estase vendo cada vez máis conforme avanza—, que é a desconxestión nos xulgados dos arquivos

xudiciais a través dun programa de expurgo, e isto está vinculado á extensión da xestión electrónica dos arquivos, que xa se está implantando, e que, sen dúbida —combinada esta xestión electrónica coa eliminación de moitos miles de caixas, que supoñen moitos centos de miles de expedientes xudiciais—, isto permite, primeiro, liberar espazo, que se estaba convertendo nun problema acuciante en moitas unidades xudiciais, e, ademais, informatizar os arquivos para que poidan ser de fácil manexo.

Continuaremos, tamén, no eido da xustiza apostando polo sistema de mediación. Acábase de celebrar o día da mediación, e creo que a aposta que se veu facendo estes anos —cando menos de impulso e de implantación— demostra que xa en todas as cidades galegas existe dun xeito ou outro, ás veces colaborando coas universidades e outras colaborando cos propios colexios de avogados e procuradores; en todos os casos coas universidades buscando algún tipo de socio, por así dicilo, para implantar a mediación. Xa está nas sete cidades galegas e o seu desenvolvemento futuro o que prevé é a necesidade —e así o faremos— de establecer unha infraestrutura administrativa dende a Xunta de Galicia para xa poder xestionar a actividade de mediación, que creo —e dende logo na Xunta de Galicia imos apostar por iso— que experimentará nesta lexislatura un desenvolvemento importante.

Tamén remataremos cun problema que realmente se estaba dando na emisión de informes por parte do Instituto de Medicina Legal de Galicia. Era necesario aumentar os equipos, e isto levounos —xa o saben vostedes, dado que o anunciei na comparecencia de orzamentos— á creación de 14 novas prazas nos equipos psicosociais e 4 prazas de médico forense, que iso, sen dúbida, redundará na axilización da emisión dos informes por parte deste instituto.

E, por último, por rematar no eido da xustiza, na quenda de oficio, despois destes anos, onde pactamos cos sete colexios de avogados unha axilización nos tempos medios de cobro, por fin este ano podemos cumprir o compromiso de elevación da quenda de oficio un 10 %. Agora hai que negociar os baremos, pero, sen dúbida, os vinte e dous días de media que están tardando, dende a certificación aos colexios, os profesionais dos colexios en cobrar a quenda de oficio se ve reforzada por este aumento do 10 % nas retribucións que os profesionais da quenda de oficio van percibir xa neste ano 2017.

Outra das prioridades fundamentais seguirá sendo a igualdade, a promoción da igualdade dende a Administración, e a loita contra a violencia de xénero.

Creo, señorías, sinceramente, que temos avanzado nestes últimos anos. Eu creo que, de feito, varios dos compromisos adquiridos hai catro anos nunha comparecencia como esta, respecto destes temas, foron acadados. Sen dúbida, isto non nos pode levar se non a pensar que hai que seguir traballando, porque por suposto que queda moitísimo por facer.

Sentímonos especialmente satisfeitos de ter implantada, por fin —ese é un camiño que está aberto e no que hai que perseverar nesta lexislatura—, a necesidade da concienciación de que hai que facer un especial esforzo no eido educativo respecto da promoción dos valores de igualdade e de loita contra a violencia de xénero. Creo que a implementación, por fin, o pasado ano do I Plan galego de educación e igualdade, que supuxo xa que se puidera comezar

a ofertar aos centros unha materia de igualdade de xénero, deixou aberto un camiño no que nesta lexislatura imos perseverar.

Concluíu o VI Plan de igualdade entre mulleres e homes, 300 actuacións, e o que toca agora é presentar o VII plan, que vai programar actuacións neste eido ata o ano 2020. Isto respecto á planificación xeral, pero tamén hai problemáticas concretas que poden quedar tamén abranguidas por estes plans, pero que necesitan actuacións máis puntuais; polo tanto, continuaremos facéndoas, sobre todo no que se refire á conciliación e á corresponsabilidade.

Estamos elaborando, e presentáremolo tamén neste ano, o I plan de conciliación e corresponsabilidade de Galicia, horizonte temporal 2018-2022, e, por suposto, tamén durante a súa elaboración, e despois antes da súa presentación, agardamos escoitar a todos os implicados e contar coas achegas dos grupos parlamentarios.

Outro plan, ao cal lle seguiremos dando un especial impulso nos vindeiros anos, é o que se refire a estender a formación —e nisto tamén somos pioneiros en todos os ámbitos, en todos os eidos, a todos os funcionarios e funcionarias traballadoras da Administración da Xunta de Galicia— específica en materia de igualdade, prevención e tratamento da violencia de xénero.

Nas vindeiras semanas procederemos a aprobar un decreto que xa o estende definitivamente a todo o persoal da Administración pública, e seremos —como dicía antes— a primeira comunidade en elaborar unha normativa deste calado e con esta intención.

Tamén no seu día foi este Parlamento pioneiro na aprobación, o 14 de abril, da Lei 2/2014, Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e intersexuais, e o que toca a partir de agora —e xa se dixo naquel momento cando se aprobou esta lei—, o gran reto, é o desenvolvemento das medidas que nesta lei se comprenden de xeito transversal no que se refire ao Goberno galego, e, polo tanto, continuaremos nestas medidas e no apoio ao tecido asociativo LGTBI.

Señorías, simplemente me refiro, e xa o fixo o presidente nas súas intervencións —penso que en todas nas que tomou a palabra na comparecencia que acaba ter lugar—, no ofrecemento a esta Cámara —esta tarde intentaremos que xa se poida concretar— para acadar unha postura consensuada, unha postura conxunta, para trasladar a postura do Parlamento de Galicia, e a través desa postura do Parlamento de Galicia a postura do pobo galego, á sesión específica que terá lugar no Senado, logo da Conferencia de Presidentes, respecto das medidas para a loita contra a violencia de xénero.

Eu creo que aí debemos estar todos, superando os diferentes puntos de vista que poidamos ter, nunha postura conxunta; creo que sería bo para todo o mundo, e, polo tanto, por parte do Goberno galego aí queda a disposición que xa expresou hai un momento o presidente da Xunta: creo que a Comisión de Igualdade sería, despois de facer os debates necesarios, o órgano idóneo para poder levar a cabo esta postura.

No que se refire ás vítimas de violencia de xénero, tamén presentaremos nas próximas semanas o protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero,

que non busca outra cousa que darlles xa, de xeito claro e conciso, ás vítimas de violencia de xénero unha ferramenta que lles proporcione unha atención personalizada, especializada, e que lles facilite un itinerario claro no seu trato coas administracións, que teñan sempre unha persoa técnica de referencia, e, polo tanto, que lles sexa todo máis fácil, dentro da situación normalmente difícil que lles supón ser vítimas de violencia de xénero, que o trato coas administracións non lles supoña unha pena engadida.

Por suposto, manteremos tamén o apoio directo ás vítimas de violencia de xénero, ás persoas que delas dependen tamén, manteremos as axudas económicas. Este ano, como saben, incrementamos as achegas periódicas en máis dun 60 %, seguiremos proporcionándolles asistencia psicolóxica gratuíta, por suposto todo o que necesiten, e este ano aumentou a asignación orzamentaria —como saben e dixen na comparecencia de orzamentos— nun 23 %. E seguiremos e continuaremos —e todo isto que acabo de dicir, por suposto, será durante toda a lexislatura— cos programas de inserción laboral específicos para vítimas de violencia de xénero.

E todo isto ao tempo que se melloran os recursos, se manteñen e se seguen estendendo os recursos de proximidade a través, sobre todo, das administracións locais, que moitas veces é a primeira porta á que se achegan as vítimas de violencia de xénero; e todo isto farémolo, loxicamente, á parte dos programas específicos dirixidos aos concellos, nas mesas locais de coordinación en materia de prevención e loita contra a violencia de xénero, a través, especificamente, sobre todo, dos centros de información á muller.

A Xunta de Galicia seguirá facendo unha aposta importante polo seu mantemento en colaboración cos concellos, e pola súa extensión alí onde realmente haxa unha vontade clara por parte das entidades locais, que aínda non os teñen, de dispoñer destes recursos de primeira necesidade.

Tamén, e antes de pasar á materia de interior, e relacionado coa violencia de xénero, dicirlles que xa coñecen que entrou no verán pasado en funcionamento a unidade específica da Policía adscrita dedicada á loita contra a violencia de xénero. Polo tanto, durante esta lexislatura, unha vez que entrou en funcionamento —xa digo que leva apenas medio ano—, mellorará aínda máis a súa coordinación co resto de Corps e Forzas de Seguridade do Estado, e, polo tanto, converterase nunha unidade, agardamos que esencial e fundamental, para axuda ás vítimas.

Referido á unidade da Policía adscrita —despois de facer esta mención a esta nova función que se leva desenvolvendo seis meses—, dicir que continuaremos a súa potenciación, non só por este labor fundamental que fan na atención ás vítimas de violencia de xénero, senón tamén por outro relacionado cofurtivismo, coa protección de menores, protección do medio ambiente e do patrimonio.

Iso lévanos a seguir apostando por esta unidade e por esta forma de dispoñer dun corpo de policía adscrito á Xunta de Galicia, e por iso seguiremos insistindo en que é necesario volver completalo. É certo que despois das incorporacións que houbo nestes últimos anos chegamos case —e ese é o obxectivo ideal— a 500, pero volvéronse perder efectivos e por iso lle volve-

remos pedir que se completen ao Ministerio do Interior, sendo conscientes de que é un esforzo importante, dado que tamén a propia plantilla da Policía nacional está reclamando que se complete, pero nós cremos que temos razóns dabondo para facer esta reclamación. Nin moito menos a situación é como era cando no ano 2009 atopamos a unidade de Policía adscrita con apenas 350 efectivos, pero é certo que nos queremos achegar á ratio ideal de 500.

Ao mesmo tempo estamos mirando —e farémolo durante toda esta lexislatura— a súa dotación material cunha renovación practicamente completa do parque de vehículos da Policía adscrita, que está moi anticuado, e tamén comezamos coa inauguración, a semana pasada, precisamente, da nova sede que terá a unidade de Policía adscrita na cidade da Coruña, cunha reorganización das sedes desta unidade, tanto en Vigo —onde é o caso, na miña opinión, máis necesario— como na cidade de Ourense. Isto referido á unidade de Policía adscrita.

Tamén me gustaría facer fincapé en que nesta lexislatura queremos facer unha potenciación, aumentar a colaboración no que se refire ao funcionamento da policía local. A Xunta de Galicia ten competencias claras definidas na lei sobre o regulamento das policía locais, que son un corpo municipal —como todo o mundo sabe—, pero no que nos corresponden unhas facultades de coordinación.

Polo tanto, aquí teremos tamén tres obxectivos principais: primeiro, en desenvolvemento da lei do ano 2007, de coordinación —precisamente á que antes me refería—, que acaba de ser modificada noutros aspectos. Cremos, e creo, que é moi necesario —e moitos alcaldes e alcaldesas estano reclamando— aprobar un decreto que recolla a cooperación intermunicipal na medida en que sexa posible. É certo que aquí nisto estamos moi condicionados tamén pola Lei de forzas e corpos de seguridade do Estado e por outra normativa. Pero é certo que debe ser posible, e debe facerse posible normativamente, que as policía municipais poidan colaborar e poidan facer cousas fóra do seu propio termo municipal; ou, cando menos, cando haxa varias policía locais facer actuacións conxuntas.

Xa digo que, normativamente, non é un tema sinxelo, hai unha serie de obstáculos que hai que superar, pero creo que temos que ser capaces de facelo, porque isto —ao final— é optimizar recursos, e moitas veces supón darlle a un concello unha solución que ás veces non pode acadar acudindo unicamente ás forzas e corpos de seguridade do Estado que estean ubicados no seu concello ou na súa zona. Isto levaranos, tamén, a establecer protocolos de actuación conxunta dos diversos corpos de Policía Local, respectando a autonomía municipal de cada concello que teña un corpo de policía. Cremos que ten que haber protocolos de actuación conxunta, sobre todo se pretendemos estas formas de aprobación, ás que antes me refería.

E, por último, xa foi anunciado na reunión do presidente da Xunta co presidente da Fegamp —se os concellos así o desexan— que hai un convenio marco que asinaremos de xeito case inmediato coa Fegamp para facelo posible. Pero despois terán que ser os concellos os que lle soliciten —nun número, ademais, suficiente para poder convocar estes procesos selectivos— á Xunta de Galicia que centralice as probas selectivas de Policía Local, de xeito que sexa unha única proba con todos aqueles homes e mulleres que desexen acceder a estes corpos. E a partir de aí que se faga —por así dicilo— unha única lista de persoas que superen os procesos selectivos para que poidan ir aos diferentes concellos.

Insisto en que isto é unha reclamación de moitos concellos, simplemente a Xunta de Galicia o que manifesta aquí é a posibilidade e a disposición de facelo nesta lexislatura. Insisto, sempre e cando os concellos, en número suficiente, decidan encomendarlle esta tarefa á Administración autonómica.

En materia de emerxencias, señorías, creo que o cambio fundamental produciuse nestes anos respecto á disposición de recursos, simplemente me vou a algo máis de dez anos, ou incluso menos, onde os únicos parques de bombeiros que existían con carácter profesional eran os das cidades mais algún parque comarcal, moi poucos —insisto—, hai apenas dez-quinze anos. E os grupos daquela municipais de intervención rápida, que despois derivaron nos GES —que é unha estrutura moito máis estable—, mais o reforzamento —sobre todo nestes dous últimos anos— dos efectivos e do material de protección civil, a través das asociacións de voluntarios e máis de 200 concellos, ao que levan, loxicamente, é a un mapa de disposición de efectivos de emerxencia moi diferente ao que había cando se aprobou a lei do ano 2007, a Lei de emerxencias.

Polo tanto, cómpre nesta lexislatura elaborar unha modificación desta lei que teña en conta —xa digo— ese *status quo* moi diferente; afortunadamente, porque contamos con máis efectivos, con máis medios e máis profesionalizados dos que había dez-quinze anos.

E para todo isto é necesario que se aclaren unha serie de cousas antes, é necesario definir o modelo de xestión dos parques comarcais. Teño que dicir —e non é a primeira vez neste Parlamento— que seguimos esperando a que se nos presente un documento claro de viabilidade de cambiar o modelo de xestión. A Xunta de Galicia segue sen opoñerse sempre e cando se cumpran as condicións xa coñecidas de mantemento dos postos de traballo e de non incremento do gasto público no seu conxunto.

Teño que dicir que ata o de agora os documentos que se nos aportaron en ningún modo..., bueno, é dicir, nin sequera o explican ben; nalgún caso nin sequera abordan estes condicionantes que a Xunta de Galicia sempre puxo dende o principio. Polo tanto, en canto iso se faga efectivo, ese compromiso das deputacións, pódese pechar o novo modelo; insisto, ningunha oposición nese sentido. E iso o que permitirá, despois, é elaborar un regulamento do bombeiro, que ese é un compromiso que temos que cumprir, pero cando se defina este modelo, e un regulamento do voluntariado.

Tamén seguiremos, creo, no camiño axeitado. En cada convenio que se vai firmando coa Fe-gamp vaise mellorando un modelo que aínda ten capacidade de mellora. Estoume referindo aos GES, aos grupos de emerxencia supramunicipal, que complementan, en moitos casos dun xeito imprescindible —eu diría que en todos—, o labor que fan os parques de bombeiros e dotan dunha estrutura estable de emerxencias —que é o que ata o de agora non había nos sitios onde non había parque de bombeiros— todo o territorio galego.

E, por suposto, tamén continuaremos co reforzamento, en colaboración cos concellos —porque, vólvoos recordar, son asociacións de carácter municipal; en moitísimos casos o papel dos concellos é fundamental—, estoume referindo ás agrupacións de voluntarios de Protección Civil, máis de 220 recibiron axuda da Xunta de Galicia nestes últimos anos.

Era necesario —e dixémolo sempre— mellorar os medios das asociacións de voluntarios, a mesma palabra o indica, o mínimo que se pode facer dende as administracións é dotalas dos medios suficientes para que aqueles que empregan o seu tempo en formarse, e despois en prestar servizo, o fagan en condicións axeitadas. Bueno, teño que dicir que isto é un labor que corresponde a todas as administracións, e foi asumido nestes dous últimos anos nunha contía moi importante: máis de 8 millóns de euros dedicados á renovación de vehículos, material de emerxencia... Bueno, que todo o que elas mesmas nos demandaron foi asumido pola Xunta de Galicia, e creo que a día de hoxe a situación ten pouco que ver coa que había aquí xa nin hai dez-quinze anos, coa que había hai tres-catro anos.

Recordándolles, señorías, que de acordo coa lei do ano 2007 —elaborada durante o Goberno bipartito—, a competencia da Xunta de Galicia en emerxencias é simplemente de coordinación, non é nin dotación de medios nin sequera aportación de recursos económicos. A Xunta de Galicia esta facendo e vaino seguir facendo, pero a cambio pide coordinación e implicación no expediente nesta lexislatura do resto das administracións. E a coordinación, por suposto, responde á construción; traslado que se empezará —de feito, xa empezaron as operacións e verificaranse no primeiro trimestre do ano 2017— do Centro de Atención ás Emerxencias, cun novo funcionamento, novo edificio e nova tecnoloxía no municipio da Estrada.

Converteremos o Centro de Atención ás Emerxencias da Estrada, complementado coa Academia Galega de Seguridade Pública, para que exista alí unha referencia en seguridade en toda España coas últimas tecnoloxías, coa última formación, coa incorporación, ademais —que así o esperamos—, do resto de corpos que teñan algo que dicir en emerxencias. E estoume referindo, especificamente, ás forzas e corpos de seguridade do Estado. Creo que, ademais, o tempo vai dicir inmediatamente que a xestión das emerxencias despois deste traslado marcará un antes e un despois —sen ningunha dúbida— para ben e en positivo. E nun campo —e dígoo moitas veces— no que só lle prestamos atención cando realmente é necesario, pero a atención hai que prestarlla moito antes para que cando é necesario poida funcionar sen ningún problema.

A Academia Galega de Seguridade Pública tamén creo que vai ter iniciativas importantes nesta lexislatura. Vai ampliar a súa oferta formativa, consolidándoa, primeiro —sen ningunha dúbida—, como o centro de referencia de ensino en seguridade pública para as forzas e corpos..., non só para as policía locais —que se se centralizara o sistema de exames iso sería un pulo importantísimo e contribuiría a ese obxectivo aínda máis do que está ata o de agora, iso nunca estivo en discusión—, senón que o que pretendemos —e creo que podemos conseguilo nesta lexislatura— é que as forzas e corpos de seguridade do Estado, Policía Nacional e Garda Civil centralicen tamén a formación que reciben os seus efectivos en Galicia na Academia Galega de Seguridade Pública, que está á súa disposición.

Á parte de converterse, tamén, en centro de referencia para a formación xudicial, en colaboración co Consello do Poder Xudicial, para xuíces, para fiscais, para letrados, para forenses; e tamén, ¿por que non, señorías?, convertelo nun centro moi importante para impartir formación para os profesionais —por suposto, sempre co control público— da seguridade privada. E tamén, igual que xa fixo a Escola Galega de Administración Pública nestes últimos anos, empezar a impartir, dun xeito sistemático, actividades de teleformación. É posible,



tamén, en determinadas materias na Academia Galega de Seguridade Pública e queremos facelo nesta lexislatura.

E, por último, tamén abordaremos nesta lexislatura, neste mesmo ano, un problema que é certo, unha circunstancia que se deu con especial incidencia no verán pasado, unha vez que se modificou o decreto no seu momento que fixaba a formación mínima dos socorristas acuáticos. Demándao o propio sector, e creo que a demanda é de todos aqueles —e creo que somos practicamente todos e todas— que estamos convencidos de que é necesario ter unha formación axeitada para desenvolver unha función tan importante como é a da atención, sobre todo durante a época estival, nas zonas públicas, e tamén nas zonas privadas, para unha situación de emerxencia. É certo que se deu unha situación transitoria no verán pasado que queda solucionada este ano —e está a punto de aprobarse o decreto que así o garante—, de xeito que prolongamos durante todo o período transitorio a posibilidade de que os socorristas que xa dispuxeran dunha cualificación profesional poidan seguir desenvolvendo o seu labor.

Con isto facilitamos que poidan seguir traballando arredor de 4.000 persoas que xa estaban inscritas neste rexistro transitorio. E, ademais, imos facilitar que os titulados en FP de técnico en actividades físicas e deportivas e os graduados en INEF poidan inscribirse neste rexistro superando un pequeno curso que completaría a súa formación, e que isto suporía, ademais, que 500 persoas máis —ademais das 4.000 que xa están inscritas no rexistro— puideran incorporarse a estas tarefas a tempo de atender a maior demanda que, sen dúbida, se vai producir a partir do mes de xuño.

No que se refire á Administración local, nos vindeiros catro anos imos seguir coa política seguida ata o de agora, sen ningunha dúbida: ofrecemento de cooperación, que se centra nas nosas competencias, por suposto, que é así como hai que entender —ou así o entendemos, dende logo, dende a Vicepresidencia— a relación coas entidades locais galegas.

E en cooperación e en fomento dos intereses que a elas lles atinxen, bueno, encádranse, sen ir máis lonxe, as ordes que se acaban de publicar. Todas as ordes que dependen desta Vicepresidencia veñen de ser publicadas a semana pasada, e ábrese agora o prazo para recibir solicitudes. Vólvense poñer 14 millóns de euros á disposición das entidades locais galegas, tanto dende o Fondo de Cooperación Ambiental como dende as outras ordes para realizar pequenas actuacións, é certo, pero sempre moi necesarias.

E tamén continuaremos coa aposta —que creo que quedou clara— respecto do Fondo de Cooperación Local. Aínda que é un fondo que se atopa residenciado, é certo, na Consellería de Facenda, tamén é certo que na súa negociación e na súa xestión participa sempre, dende o principio, a Vicepresidencia. E creo que dicir que conseguimos superar estes anos de crise onde baixaban os recursos orzamentarios da Xunta de Galicia porque baixaban os ingresos, dicir que é un fondo referido aos ingresos e con índice total e directamente vinculado a se subían ou baixaban os ingresos da Xunta, dicir que baixando os ingresos da Xunta se mantivo este fondo e que agora por fin empece a subir —este ano, como saben, volve subir o Fondo de Cooperación Local—, creo que é unha mostra clara da intención da Xunta de seguir apoiando tamén economicamente os concellos galegos.

Polo tanto, a cooperación seguirá sendo a nosa gran aposta. Como digo, vese nestas ordes, vese no Fondo de Cooperación Local, vese na intención de que imos seguir —empezou na lexislatura pasada e seguirá nesta lexislatura— primando a xestión compartida e a cooperación nas solicitudes de axuda. Estase facendo en 3 de cada 4, nalgunhas non é posible por razóns técnicas e doutra índole; o desexable sería que fora posible na súa totalidade.

Seguiremos, por suposto, incentivando as fusións de concellos voluntarias. E, volvo dicilo aquí, voluntarias, en ningún caso a Xunta de Galicia participará en ningunha iniciativa política que determine a obrigatoriedade das fusións. Iso si, seguiremos decididamente apostando polo carácter voluntario das fusións e incentivándoas. Saen con ese fondo adicional que existe no Fondo de Cooperación Local por se se producira algunha fusión durante este ano e durante os vindeiros.

E respecto da cooperación, por suposto —e volvo dicilo aquí—, apostamos decididamente polo funcionamento de novas fórmulas de cooperación. E estoume referindo á Área Metropolitana de Vigo, posta en marcha logo da modificación dunha lei —aprobada esa modificación por unanimidade deste Parlamento—. A Área Metropolitana de Vigo era clarísima nas súas disposicións, a Área Metropolitana de Vigo establecía unhas disposicións claras respecto da integración de todos os concellos no transporte. E, polo tanto, se se incumpren esas disposicións, a Área Metropolitana de Vigo non pode entrar en funcionamento simplemente porque o di unha lei que, insisto, todos aprobamos por unanimidade. Polo tanto, eu volvo poñer aquí de manifesto a intención de apoiar, xa podíamos estar agora mesmo plantexando posibles competencias para delegar na Área Metropolitana de Vigo, empezando pola de emerxencias, que era a que tiña previsto a Xunta de Galicia.

Encontrámonos cun impedimento legal —e ademais así o determinou a asesoría xurídica e así houbo que plantexar este recurso— que, volvo dicir aquí, en canto se producira o cumprimento da lei por parte do alcalde de Vigo e se integrara no transporte metropolitano, inmediatamente a Xunta de Galicia —como non podía ser menos, unha vez que se cumpra a lei, insisto, aprobada por todos— retiraría ese recurso contencioso-administrativo. Polo tanto, eu espero que se entre en razón, que se cumpra a lei e que sexamos capaces de dicir que esta lexislatura é tamén a lexislatura da Área Metropolitana de Vigo.

Igual que tamén será a lexislatura da elaboración dunha nova lei de Administración local de Galicia. O traballo practicamente —é dicir, feito non, porque haberá que facer modificacións— estará en gran parte elaborado. A Lei de Administración local de Galicia é do ano 1997, cómpre unha modificación, téño o dito moitas veces, pero tamén é certo que esta modificación ten que ir acompañada coas disposicións da lexislación estatal, que, como saben, é básica nun montón de materias que afectan directamente a Administración local, e, polo tanto, tamén, a Administración local de Galicia.

Saben vostedes toda a historia da elaboración e todas as opinións vertidas neste Parlamento dende o Goberno sobre determinadas disposicións da Lei de racionalización —así chamada, en definitiva, para entendernos—, da Lei básica de réxime local, elaborada, ou máis ben modificada, porque era unha modificación da lei anterior, polo Goberno de España. Saben vostedes a sorte que correron algunhas das súas disposicións, tanto no Tribunal Constitu-

cional como despois no eido político; saben vostedes a necesidade que houbo de elaborar, e aquí fixémoslo no Parlamento, unha lei para solucionar algúns dos problemas, e nós cualificámoslos así, ou polo menos disfuncións, derivados das disposicións que viñan nesa lei; saben vostedes que se aprobou esta lei nesta Cámara, e tan mala non sería cando despois, practicamente, outras comunidades autónomas —e non só gobernadas polo Partido Popular— a reproduciron nas súas disposicións, nalgúns casos de xeito literal.

O que estamos esperando agora é que se modifique, agora que, ademais, na Conferencia de Presidentes, por certo —e creo que é unha decisión moi acertada—, se introduciu a referencia ao financiamento local dentro da discusión xeral que se vai facer sobre o modelo autonómico. Se agora, por fin, se aborda iso tamén, cando estea definido no novo modelo de financiamento global autonómico e, polo tanto, tamén local o que lles vai corresponder nese novo modelo ás entidades locais, será o momento de modificar a Lei de Administración local de Galicia, se tamén ao mesmo tempo —como eu espero, ou polo menos creo que sería razoable— se modificaran algúns dos artigos da Lei básica estatal.

Xa digo, os que non estabamos de acordo dixémolo aquí, por iso houbo que elaborar a nosa lei, pero non só son eses artigos modificados pola nosa lei, senón algún máis. Se todo iso se fai —e poderíase facer durante este ano—, nós empezariamos a traballar en paralelo, xa durante o segundo semestre volveríamos retomar os traballos de elaboración desa nova Lei de Administración local de Galicia, e eu agardo que durante o ano 2018 —¿por que non?— sexamos capaces de ter unha lei de Administración local de Galicia, ou unha reforma da Lei de Administración local de Galicia, que incorpore todas as cousas que é necesario incorporar dende o ano 1997. E, por suposto, nesa lei, nesa reforma da Lei de Administración local, estará blindada, como así llo fixemos saber ao presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, a cooperación local como un criterio básico de relación entre a Xunta de Galicia e as entidades locais galegas.

Isto sería no que se refire ao primeiro dos eixes que lles anunciei, á xestión dos servizos públicos.

O segundo, referido —tamén é competencia desta Vicepresidencia— á Administración transparente e responsable, que é tanto como dicir —como lles dicía ao principio a modo de resumo— que seguiremos traballando para que a Administración da Xunta de Galicia —a Administración, sen dúbida, máis importante en volume no noso territorio— sexa cada vez máis accesible, cada vez máis dixital, no sentido da incorporación das novas tecnoloxías, e cada vez máis transparente, pero tamén eficiente e respectuosa cos recursos que nos toca xestionar.

Creo que nestes últimos anos non se perdeu o tempo, nin moitísimo menos. Temos resultados enriba da mesa e agora, nesta lexislatura, debemos seguir promocionando, aumentando e aproveitando as posibilidades do xa feito. O primeiro, creo que é a dotación para toda a Xunta de Galicia dun código ético, que xa está en vigor, que resume ou que poña nun único documento, negro sobre branco, os criterios básicos de conduta e responsabilidade; creo que foi un acerto e creo que a partir de aí se poden facer moitísimas cousas na Administración pública galega, e ademais estendelo a outras administracións.

Creo que se debería aprobar un plan de impulso democrático, como o fixemos na anterior lexislatura, que permitiu aprobar cinco leis, simplemente por recordalas: a Lei de transparencia do Goberno, xa en vigor; a Lei de ordenación dos servizos xurídicos, xa en vigor; a Lei de financiamento dos partidos políticos, xa en vigor; a Lei do Consello de Contas, modificación xa en vigor; e a Lei de iniciativa lexislativa popular e de participación cidadá no Parlamento de Galicia. Todas esas leis conformaron un paquete que agora senta as bases para seguir traballando, e xa seguir traballando a outra velocidade logo de facer non sei se o máis difícil, pero si o que leva máis tramitación e pode ser máis lento, que é aprobar instrumentos lexislativos; agora pódense empezar a aplicar, xa empezamos, pero hai que facer moitas máis cousas nesta lexislatura a outra velocidade e con outros condicionantes.

Portal de transparencia, por exemplo, que xa está en vigor, queremos involucrar moito máis a cidadanía, queremos involucrala non só ao darlle facilidades para que faga suxestións, para que presente queixas, para que pida información; queremos que se implique, tamén, na elaboración da normativa da Xunta de Galicia dende o principio, cun trámite de consulta pública previa, para recadar a súa opinión, para falar tamén coas organizacións máis representativas —sempre hai organizacións máis afectadas por unha norma—, polo tanto, que opinen, opinen desde o principio, que intentemos entre todos acertar. Unha cousa un pouco parecida ao que se pretende facer dende este Parlamento, pero moito máis xeneralizada, dado que a produción normativa da Xunta de Galicia a través de decretos e outro tipo de instrumentos pode ser moito máis numerosa, sobre todo nalgúns aspectos e, sobre todo, nalgúns apartados especialmente técnicos.

Xa digo, un primeiro paso para isto foi aprobar no ano 2016 o decreto de atención á cidadanía, que nos obriga —se esa é a palabra— a unha maior transparencia, á maior transparencia posible, a ser máis accesibles, a tramitar con máis actividade as queixas e suxestións cidadás, en colaboración coa Valedora do Pobo, e, polo tanto, como dicía, cómpre seguir avanzando.

E agora aprobaremos un decreto que regule o novo sistema de xestión da calidade do sector público autonómico, non temos que renunciar, nin moitísimo menos, e sendo organizacións completamente diferentes é certo que hai medidores e sistemas para perseverar na calidade dos servizos que se prestan, que se poden traer tamén á Administración pública, para valorar realmente que obxectivos se están conseguindo, emendalos se non fora así e, en definitiva, conseguir unha utilización o máis eficiente posible dos recursos públicos.

Xa digo, faremos unha especial incidencia nesta lexislatura en todo o que é a implantación de sistemas de calidade, faremos un plan xeral de mellora da calidade de servizos públicos. Ao final é unha auditoría da calidade dos servizos que se prestan, e implantaremos métodos para medila en todo momento e ver se se están facendo as cousas ben e poder cambiar con axilidade aquilo que non se estivera facendo, sendo tamén conscientes de que ao final isto se dirixe ás persoas, aos funcionarios, aos traballadores e traballadoras da Xunta de Galicia e tamén ás persoas —que ao final teñen que ser o máis importante, a eles nos debemos, ás persoas que se relacionan día a día coa Administración autonómica—.

Creo que o Plan Achega, que está practicamente rematado, quedan xa moi poucas cousas para rematar nesta lexislatura, conseguíu —é moito máis fácil dicilo que facelo, pero está

feito— que o 95 % dos procedementos administrativos da Xunta de Galicia se poidan iniciar de xeito telemático, evitándolles ás persoas que se teñan que desprazar ao papel físico para poder iniciar un procedemento. Eu creo que ese é un traballo feito, por certo, teño que dicilo, polos propios traballadores da Xunta de Galicia sen ter que recorrer a medios externos, e que fai realmente crible ese esforzo —que se pode ver na práctica— de facer unha administración máis moderna e máis accesible aos cidadáns.

Xa digo, o 95 % dos procedementos da Xunta de Galicia a día de hoxe pódense iniciar telematicamente, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. Isto levará aparellado —como dicía antes, a través da EGAP, cando me refería á violencia de xénero— unha especial incidencia, e seguiremos facendo especial incidencia na realización de actividades formativas para que os funcionarios sexan os primeiros que poidan darse conta e poidan utilizar todas as posibilidades e estas potencialidades que queremos facer da Administración electrónica. Xa digo que co Plan Achega se ten feito unha formación importante, e temos que seguir facéndoa, porque non tería sentido establecer todas estas disposicións e que despois os chamados a aplicala non tiveran a formación necesaria.

Culminaremos nesta lexislatura tamén o Plan de racionalización da Administración autonómica. Era un plan que se iniciou hai tempo, é certo que é complexo, é certo que despois de iniciarse en Galicia outras comunidades autónomas seguiron tamén esta axenda, e creo que dicir a día de hoxe que o aforro que se está producindo anualmente é de case 70 millóns de euros, creo que é un logro importante, feito, ademais, outra vez, igual que o Plan Achega, con medios —e quero destacalo— da propia Administración autonómica, sen ter que acudir a custosas consultorías externas, sen ter que acudir a ninguén que nos conte algo que xa se sabe dentro da propia Administración autonómica: aforrar 70 millóns de euros.

Pódese dicir que noutras comunidades autónomas o aforro foi maior; de feito, alí están os controis que se fan dende o Ministerio de Hacienda. Pero dicir que todo este aforro —que insisto é dos maiores— se conseguiu prescindindo de moitísimo menos persoal e, dende logo, de ninguén que tivera o carácter de persoal laboral fixo na administración, vendo os despedimentos masivos que se fixeron noutras comunidades autónomas para conseguir aforros ás veces menores, creo que é algo que nos ten que facer sentirnos especialmente orgullosos.

Modernizáronse, axilizáronse e adelgazáronse estruturas, non persoal. Isto hai que completalo agora, nesta lexislatura, unha vez feito este Plan de racionalización das estruturas, un plan de reordenación dos efectivos, e aquí volvemos ser pioneiros e empezaremos —como creo que é debido facelo— pola implantación deste plan na propia Vicepresidencia da Xunta de Galicia. Trátase de algo moi sinxelo, por suposto falado cos representantes sindicais dos traballadores e traballadoras, de analizar as estruturas actuais, detectar —e isto está moi vinculado ao que me refería antes de implantación de sistemas de calidade— se realmente as plantillas están dimensionadas, estruturadas e dedicadas ao que realmente demandan os cidadáns agora ou se é necesario facer cambios.

Eu creo que si que é necesario facelos, iso é un plan de organización de efectivos, era moito máis fácil, probablemente, non facelos, que seguira todo igual, pero creo que nos debemos todos á eficacia e eficiencia, que para iso nos poñen alí os cidadáns e para iso se encomendan

tarefas públicas e responsabilidades públicas a todos os que, dun xeito ou doutro, traballamos na Administración.

Insisto, farase, como non podía ser doutra maneira, como é obrigado, en colaboración e en continuo contacto cos representantes sindicais, pero o Plan de reorganización de efectivos levarase a cabo empezando pola Vicepresidencia —eu agardo que durante esta lexislatura— e en toda a maior parte da Administración autonómica.

E tamén, por último, por acabar con este eido —e vou rematando xa— un tema que non é menor, porque ao final estamos falando da comodidade dos traballadores e traballadoras da Administración pública. Iniciaremos nesta lexislatura un plan de obras a dous anos, unha reforma creo que importante do propio edificio de San Caetano, que leva moitos anos en funcionamento cuns condicionantes arquitectónicos xa no seu momento —probablemente, á hora de determinadas solucións— discutibles, pero é que o tempo demostrou que era necesario facer por comodidade dos traballadores e traballadoras e tamén da xente, dos miles de persoas que acoden diariamente ás dependencias de San Caetano.

Esta reforma, 6,4 millóns de euros, empezará este ano e actuaremos basicamente no illamento térmico, na substitución de fiestras, na realización de cubertas, cousas que son moi necesarias para un desenvolvemento da xornada laboral, e ía dicir en situacións de comodidade, pero non, en situacións —simplemente— do que é obrigado para desempeñar un posto de traballo en calquera lugar e, por suposto, nunha dependencia pública.

Seguiremos co Plan de mellora da contratación pública. Creo que se conseguiron cousas importantes, xa están aprobados os modelos de emprego para contratos de servizo, as guías de contratación, a guía de contratación pública innovadora, un plan para a contratación pública suficientemente responsable. Todo isto está feito e agora temos que seguir traballando, executaremos novas medidas, queremos, nesta lexislatura, instaurar —como dicía antes— un sistema de seguimento para ver os resultados da implantación dos métodos de calidade, pecharemos o proceso de modernización da contratación pública galega, definitivamente, con novas medidas, á parte desta que lles apuntei, e que tamén serán expostas, convenientemente, no seu momento.

En definitiva, queremos unha administración máis moderna, non só modificando normas, iso hai que facelo tamén —hai normas que se queremos que a Administración sexa máis áxil é necesario modificar—, senón tamén modificando as dependencias físicas onde traballan as persoas ao servizo da Administración pública galega, e tamén os medios dos que hai que dotalos tecnoloxicamente para poder facer todo isto posible neste plan de modernización, e tamén actuando sobre as plantillas a través dese proceso de reorganización de efectivos.

Xa se fixeron moitas cousas, na miña opinión pódense facer moitísimas máis, e a nosa intención é facelas durante esta lexislatura.

Por último —remato xa, señor presidente—, referireime, brevemente, á nosa disposición a seguir insistindo, e retomaremos a Axenda de traspasos que se plantexou no ano 2009. É certo que durante estes anos non se produciron traspasos a ningunha comunidade autó-

noma. Nós reclamaremos que se fagan, estámolo facendo agora mesmo coa AP-9, volvo reclamar aquí o apoio —creo que é fundamental— de todos os grupos da Cámara para unha reivindicación que é fundamental para Galicia.

Outra cousa é, despois, a disposición, maior ou menor —nós seguiremos insistindo para que sexa total—, do Goberno central, pero temos que facer reclamacións, seguirémolas facendo, e tamén creo que é a maneira de ir conseguindo estes traspasos, que, xa digo, se ben non se fixeron durante estes anos, iso non quere dicir que non volvamos reclamarlos e conseguir traspasos e plantexalos, e para iso nada mellor que retomar —que a considero plenamente válida, na maioría dos seus aspectos— a axenda que xa estaba plantexada no ano 2009.

Continuaremos tamén facendo un esforzo no que se refire á acción exterior de Galicia e ao papel da colaboración con Portugal. Están a piques de resolver esa convocatoria POCTEP que mobiliza moitos millóns de euros, a cooperación transfronteiriza, esa vantaxe que temos dunha rexión consolidada —eu creo que a máis, unha das máis, se non a máis consolidada de toda Europa—; é unha vantaxe que temos que seguir aproveitando, a través da ACT, con sede en Vigo, a través das eurociudades, a través de todo ese mecanismo de cooperación que xa temos moi estabilizado e que nos dá unha vantaxe, sen dúbida, competitiva moi importante, todo iso vinculado á acción exterior de Galicia.

En 2017 imos dotarnos dunha estratexia galega de acción exterior, para iso levamos tempo traballando e consultando a todos aqueles que teñan algo que dicir. Está claro que Galicia, formando parte de España, ten intereses no exterior propios, polo tanto, tanto no eido económico, como no eido cultural, como no eido de desenvolvemento en cooperación exterior, un montón de eidos que é necesario abordar. Insisto, sendo conscientes da nosa pertenza á nación española, tamén é necesario ter esa óptica propia que será posible a través da Estratexia galega de acción exterior, que definirá países prioritarios, accións prioritarias e, polo tanto, investimento de recursos de xeito prioritario.

Seguiremos, tamén, traballando en contacto directo coas ONG no que se refire á cooperación exterior propiamente dita. Volvo facelo aquí —como fixen noutras ocasións—, agradecer o esforzo e a comprensión das circunstancias que lle foron expostas respecto á rebaixa dos recursos que se dedicaron á cooperación exterior en todos estes anos. Noutras moitas comunidades autónomas desaparecieron directamente, aquí produciuse unha rebaixa —é certo que substancial— comparado co que chegou a haber algúns anos, outra cousa é a execución que se facía desas consignacións.

Teño que dicir que practicamente o 100 % das cantidades dedicadas á cooperación exterior durante estes anos foron executadas; iso é mérito da Xunta de Galicia, pero sobre todo das ONG. Este ano puidemos, por fin, proceder —igual que noutras materias que consideramos fundamentais— a facer un aumento, eu creo que sensible e importante, 7,7 % aumentaron os orzamentos da Xunta de Galicia dedicados á cooperación exterior, e acabamos de adquirir o compromiso coas ONG de que a partir de agora a porcentaxe de subida das cantidades dedicadas á cooperación exterior pola Xunta de Galicia sexa sempre igual, pero sempre que se poida, e eu agardo que sempre vaia ser así, superior ao que suban os orzamentos globais da

Xunta. Creo que esta é unha xusta correspondencia ao traballo feito todos estes anos, ás circunstancias difíciles e ao traballo fundamental que se fai en cooperación exterior.

Polo tanto, señorías, esta é a exposición das liñas globais de traballo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a vindeira lexislatura, para a lexislatura na que agora mesmo estamos, na que temos por diante, que se basea, como vostedes poderán ter comprobado, moito no traballo feito ata o de agora; nalgúns casos había proxectos que remataron, proxectos que deben continuar e bases que se sentaron para facer proxectos novos. Todo isto que queremos facer nesta lexislatura, todo isto que imos intentar facer é a mellor forma de acertar, e coas aportacións e a colaboración de todo o mundo.

Polo tanto aproveito esta comparecencia, como estou seguro, por outra banda, que o farán os meus compañeiros e compañeiras que me sigan a partir de agora nas comparecencias que vai facer o Goberno, para expoñer as liñas xerais. Todo isto, xa digo, dende diferentes ópticas, dende diferentes posicionamentos políticos, pois ao final creo que sempre hai puntos de encontro, e maniféstome abertamente e sinceramente disposto a escoitar todo aquilo que de xeito construtivo se lle plantexa á Xunta de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Comezamos agora a rolda dos grupos parlamentarios. Polo Grupo Parlamentario do BNG ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

Señor vicepresidente, a verdade é que fixo vostede unha oferta de diálogo, un chamamento á colaboración e ao consenso para abordar as grandes liñas estratéxicas desta lexislatura, pero ademais de parecermos un discurso buenista, un tanto de catequista, un discurso, ademais, bastante plano, bastante monótono, pareceunos un discurso, a verdade, pouco críbel.

Pouco críbel porque a verdade é que nós, como din vostedes, procuramos valorar máis os feitos que as palabras, e os feitos das pasadas lexislaturas e os desta lexislatura que acabamos de comezar a verdade é que non nos fan ser moi optimistas a respecto desta oferta, desta pretendida oferta de diálogo, de cooperación e de consenso.

A verdade é que fixo vostede poucos anuncios, hai poucas novidades no seu discurso, poucos plans, poucos desafíos, poucos retos e bastante autobombo e autocompracencia, ademais de, en xeral, continuísmo a respecto de cuestións que xa se viñan desenvolvendo doutras lexislaturas.

Fixo referencia a algunhas materias como, por exemplo, á Administración de xustiza, fixo referencia ás previsións de investimento que hai a este respecto en materia de infraestruturas, pero non fixo referencia respecto á realidade dramática que se está vivindo na Admi-



nistración de xustiza galega, á situación de atasco, á situación de colapso que está derivando nunha imaxe moi negativa da Administración de xustiza; unha situación, ademais, que están denunciando todos os axentes relacionados coa Administración xudicial, dende os sindicatos ata os propios profesionais da xustiza, que denuncian carencia de medios, que denuncian todas as deficiencias que teñen que ver co proceso de dixitalización, por exemplo.

Non lle vou ler aquí todas as denuncias que hai ao respecto, pero están aí na hemeroteca as denuncias de fallos e de problemas que xa discutimos, ademais, en varias ocasións nas comisións. E non fixo vostede ningunha referencia, por certo, a unha cuestión que parece que lle importa pouco, que son as dificultades para utilizar o galego na Administración de xustiza. Porque moito adianto tecnolóxico, moita modernización, moita dixitalización, pero cada vez hai máis dificultades para utilizar a nosa lingua propia, a nosa lingua nacional na Administración de xustiza.

Igual que no caso da igualdade. Vai haber un debate sobre esta materia pola tarde e teremos tempo de falar desta cuestión, pero todo o que estamos a debater nestas últimas semanas, todo o que estamos a ver, que é o máis grave na realidade, o que pon de manifesto é o fracaso estrepitoso das políticas de igualdade e de loita contra a violencia machista; de aí que se fale de propoñer un novo pacto, un pacto tanto a nivel estatal como a nivel galego, para combater —con, desde logo, moitos máis medios, con máis vontade política, con máis decisión e con máis implicación do conxunto da sociedade— esta gravísima situación.

E nós xa lle fixemos unha proposta, unha oferta concreta, esperemos que sexan sensibles a esta cuestión para incrementar substancialmente os orzamentos da Xunta de Galiza nesta materia.

Polo tanto, agardamos o seu apoio no debate que imos ter pola tarde á moción presentada polo BNG.

A verdade é que ten vostede unha situación un tanto difícil, unha situación complicada á hora de comparecer aquí, porque vostede ten que facer unha especie de desdoblamento da personalidade. Vostede actúa como doutor Jekyll pola mañá, como vicepresidente da Xunta, e como míster Hyde pola tarde, como xefe provincial do movemento popular da provincia de Pontevedra.

É vostede o responsable da Administración pública e da cooperación institucional, nomeadamente no caso da Administración local, e o que está demostrando continuamente vostede —e o seu grupo— é a incapacidade para poñerse de acordo coas deputacións para acordar traspaso de competencias e prestación de servizos, porque ademais están instalados, contra o que dixó vostede na súa intervención, nunha estratexia de confrontación, están instalados na confrontación.

E iso podémolo ver todos o días na Deputación de Pontevedra, porque vostedes aínda non acaban de asumir que o Goberno da Deputación de Pontevedra cambiou en 2015, que hai un novo goberno despois de oitenta anos de gobernos de dereitas, despois de oitenta anos hai un novo goberno. Asímano dunha vez e asuman, en vez desta oposición montaraz, unha

oposición razoable que intente chegar a acordos. E fágano, tamén, desde o Goberno da Xunta, porque vostede é o vicepresidente da Xunta, é o presidente provincial do Partido Popular, e en vez de facer alí reunións na Deputación de Pontevedra para incitar aos seus pupilos a esa postura de oposición montaraz, pois podía ben alentar outro tipo de actitudes de diálogo.

Xa non lle vou repetir aquí o que xa dixen noutras ocasións a respecto de campañas mafiosas que se están a desenvolver no ámbito da Deputación de Pontevedra por acabar, precisamente, con políticas establecidas, con políticas de prebendas e privilexios establecidas por gobernos do Partido Popular e, concretamente, do señor Louzán.

E, por certo, falando de Louzán, gustaríame preguntarlle, xa que temos ocasión, cal é a súa situación como militante do Partido Popular e cal é a súa situación laboral na Deputación de Pontevedra. Non sei vostede sabe algo disto. ¿Que traballos está facendo alí para cobrar 43.935 euros da deputación provincial? Non sei se isto ten que ver co feito de que vostede fose tamén no seu momento asesor do señor Louzán cando el era presidente da Deputación de Pontevedra e vostede era deputado neste Parlamento. Non sei se hai algo aí que teña que ver con iso.

Están vostedes tamén nunha estratexia de confrontación coas cidades, e isto parécenos moi grave, en lugar de diálogo e cooperación, vostedes... E hai numerosos exemplos disto, vostede citou o caso da Área Metropolitana de Vigo. Eu creo que é un exemplo claro de como en lugar de buscar acordos e consensos, tanto vostedes como o alcalde de Vigo, están por non sei que intereses empeñados nunha estratexia de enfrontamento e de confrontación, e, polo tanto, así non imos a ningún lado. Con esas liortas absurdas, desde logo, a xente non vai gañar nada.

Igual que podemos falar en Pontevedra co caso de Ence-Elnosa, que vostedes están apoiando os intereses destas empresas en contra das posicións do goberno e da maioría de Pontevedra.

No caso dos aeroportos e noutros temas xa nos anunciaron cal ía ser a posición do grupo parlamentario: a posición do Goberno galego en contra dos gobernos municipais de moitas cidades. Porque vostedes están instalados nunha estratexia preelectoral, xa declararon iniciada a campaña das eleccións municipais do 2019, e, polo tanto, despois da debacle que tiveron en 2015, xa lle deron ordes ao señor Feijóo de que tiñan que recuperar o goberno das cidades e dedícanse a dirixir a oposición desde o Parlamento e desde o Goberno, porque non confían nos seus grupos municipais nesas cidades. Iso eu creo que é un erro, pero, sobre todo, é unha mostra de debilidade.

O escenario que teñen vostedes por diante está claro, en Pontevedra e en Vigo creo que non teñen nada que facer. Non está aquí a señora Lupe Murillo, senón faríalle unha alusión ao respecto, xa que vai ser a candidata, pero creo que para o 2023. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E, en cambio, ven certas mostras de debilidade nos gobernos da Coruña, de Santiago e Ferrol, entón teñen aí a estratexia da quenlla, o ataque, o ataque a eses gobernos. En fin, por ese camiño eu creo que van mal.

Con respecto á Administración local, fala de cooperación dos concellos, pero o que vemos cada día no *Diario Oficial de Galicia* é discrecionalidade no reparto dos fondos públicos. Vostede

falounos das convocatorias de subvencións da súa consellería, da súa vicepresidencia, pero hai moitas outras convocatorias que se resolven a dedo, mediante convenios que favorecen a gobernos do Partido Popular.

Falounos de reorganización e de reforma da estrutura municipal, de fusións de concellos, de fusións voluntarias de concellos. Xa llo dixen na comisión de orzamentos: houbo unha fusión na primeira lexislatura na provincia da Coruña, unha fusión na segunda lexislatura na provincia de Pontevedra, agora tócalle non sabemos se a Lugo ou a Ourense, non sei se nos pode avanzar algo ao respecto. Pensamos seriamente que deberían, en lugar de avogar por este tipo de fusións, buscar outras fórmulas reais de reordenación, de reorganización, de cooperación, como as áreas metropolitanas, pero non boicoteándoas, como están facendo co caso de Vigo, coa escusa do transporte público, porque ese tema se podería resolver por outra vía e seguir adiante co proceso de constitución desta área metropolitana, das mancomunidades ou dos consorcios locais.

En fin, falounos vostede con dúas ou tres pinceladas, pero moi pouco, e gustaríanos que nos falase máis sobre a axenda exterior de Galiza, e tamén sobre a falta de negociación de traspaso de competencias. Vostede dixo que nos últimos oito anos non houbo ningún traspaso de competencias no caso de Galiza e no caso tamén doutras comunidades, pero iso a min paréceme pouco. Desde logo, é un balance cero, un balance que é a nada, que é o baleiro e, desde logo, co que nós non nos conformamos, e pensamos que, ademais, co inicio que tivo esta lexislatura, co espectáculo bochornoso e lamentable que deron vostedes con respecto á transferencia da AP-9, os comezos non son moi optimistas.

Desde logo, teñen que ter unha postura de máis firmeza, de máis contundencia e, sobre todo, de cumprimento dos seus compromisos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...das súas promesas electorais, porque vostedes prometeron negociar traspaso de competencias no ano 2009 e no 2013 e non conseguiron nada de nada.

E con respecto á acción exterior internacional, anúncianos unha estratexia exterior. Pero ata agora que pasa, ¿que non houbo estratexia? A realidade é que é todo retórica, que hai unha política exterior que se caracteriza pola falta de ambición, por unha visión limitada, por unha subordinación ás directrices de Madrid.

Falounos do caso do norte de Portugal. Eu creo que son vostedes, desde logo, moi pouco ambiciosos á hora de establecer liñas de cooperación e coordinación...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...con esa zona.

Non nos podemos limitar só á xestión de fondos europeos, hai que acordar outro tipo de medidas. Desde logo, non nos podemos conformar con que a principal medida sexa favorecer o desdoblamento de empresas galegas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** ...para outra zona.

Na seguinte intervención teremos máis ocasión de profundar noutros temas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras deputadas, señores deputados.

Señor vicepresidente, señor conselleiro da Presidencia, o Estatuto de autonomía de Galicia, que acaba de cumprir trinta e cinco anos —como celebrou este mesmo sábado a súa máxima expresión institucional, esta Cámara— amosou ser unha poderosa ferramenta para o desenvolvemento da personalidade e entidade galega, e da vida social, económica, cultural e lingüística de Galicia. Pero o paso deste tempo e as novas circunstancias socioeconómicas derivadas da gran recesión que sufrimos e que estamos sufrindo desde 2008 exixen unha forte aposta das políticas progresistas de inclusión, de igualdade e xustiza redistributiva fronte ás rampantes políticas neoliberais, individualistas e desreguladoras que foron a orixe desta crise e que tratan de consolidarse no noso ámbito occidental, na Unión Europea, rachando calquera clase de contrato social.

Digo isto porque as súas competencias, señor vicepresidente, conforman un entramado de políticas de orzamentos e de recursos administrativos clave para ofrecer unha resposta nova á cidadanía. Se facemos un breve repaso da súa acción de goberno nestas áreas e analizamos os primeiros pasos deste novo mandato, co proxecto de orzamento de 2017 podemos intuír ou concluir xa de entrada que previsiblemente a cidadanía galega non vai ver unha resposta precisa, neste sentido, das súas políticas. Na súa comparecencia do 12 de febreiro de 2013, na anterior lexislatura, no inicio da anterior lexislatura, sinalaba vostede os servizos públicos, a revisión territorial, o rigor interno na Administración e o aproveitamento dos recursos que veñen de Europa como obxectivos centrais do seu anterior mandato. Pero o balance do acontecido non pode ser en absoluto optimista, por iso pensamos que ten realmente que xirar 180 graos nas súas políticas para que este novo mandato dea resposta de verdade ás necesidades de Galicia.

E quero comezar, en primeiro lugar, por analizar as políticas de igualdade, porque, das súas diferentes competencias, case me atrevería a dicir que é o reto máis importante que ten por diante neste mandato. A pesar das «novidosas apostas» do Partido Popular polas políticas de conciliación, estas reciben no proxecto de orzamento que vimos, no que estamos vendo no debate orzamentario, os mesmos recursos que no orzamento 2016; igual que as accións de promoción e fomento do autoemprego e emprego feminino. E practicamente son iguais os recursos para casos de situación de especial vulnerabilidade.

Un compromiso serio e firme coas políticas de igualdade exige non só sensibilidade senón recursos, sempre insuficientes. As mulleres galegas e a sociedade en xeral necesitan compromisos non só formais, que sexan reais. Esperamos que o incremento co que dotan os programas de apoio ás mulleres vítimas de violencia machista, que nos parece insuficiente —e por iso estamos a demandar nas emendas un incremento superior aos 2,5 millóns respecto dos créditos inicialmente dotados—, esperamos, como digo, que, sendo insuficientes, contribúan dunha vez por todas a rachar esta tremenda lacra. Nós vimos reclamando tamén, con varias iniciativas, a creación de máis xulgados de violencia de xénero. Porque unicamente dispomos en Vigo e na Coruña destes xulgados, e por iso nos parece fundamental profundar nisto.

Como digo, botamos moito en falta realmente medidas transversais que contribúan decididamente a traballar por unha sociedade en igualdade, necesitamos que aposten máis decididamente por políticas de impulso no ámbito da igualdade en materia escolar, polo rexeitamento de subvencións, precisamente, como xa temos dito máis dunha vez, a centros escolares que segregan por sexo, programas que fomenten a titularidade compartida, por exemplo, no ámbito das explotacións agrarias, de corresponsabilidade parental, de garantía legal da presenza equitativa nas listas electorais ou de equilibrio nos órganos de goberno e alta administración tamén na empresa. Avogamos por que reforce as necesarias políticas contra a trata, a explotación e a prostitución. É hora, por fin, por favor, de que desenvolvan a Lei 2/2014 en materia de LGTB, porque foi unha lei altamente consensuada nesta Cámara e que, pasados dous anos, non viu ningún desenvolvemento regulamentario. Agardemos, nesta materia, que a nova comisión parlamentaria en materia de igualdade sexa capaz de avaliar e trazar decididamente as políticas integrais que precisamos. Urxe que esta comisión empece a traballar.

En materia de xustiza, despois de oito anos de goberno, queremos salientar que non se ten feito absolutamente nada na promoción e no desenvolvemento do dereito civil especial de Galicia. Na súa comparecencia non se fixo ningún comentario neste sentido. ¿Que hai da promoción do galego na xustiza, que incluso está tendo atrancos cos novos programas informáticos, tanto en Minerva, en Lexnet ou en Fortune? O Rexistro Civil tamén presenta esta problemática importante. Descoñecemos as alternativas ao cumprimento das penas de prisión, e o sistema de xustiza xurídica gratuíta agarda modificacións que demanda o sector e que nunca chegan.

Respecto das infraestruturas, parece que por fin se vai poñer en marcha, con tres anos de retraso, o edificio xudicial da fábrica de tabacos da Coruña. Estráñanos moito que estea no primeiro semestre de 2018 en marcha —non digo en marcha, senón prestando servizo público xudicial— o edificio da Parda. E estráñanos moito tamén que os equipamentos de Tui e Vigo poidan estar nas datas que comenta, pero confiamos en que así sexa.

En materia de Administración local, queríamos indicar ou facer varias preguntas. Porque ¿cales son as previsións que teñen en materia de planta territorial, en materia de fusións municipais? ¿Cal é a súa proposta para o mapa territorial de Galicia? Porque, por exemplo, nunha recente entrevista, o director xeral sinalaba ou falaba de que 313 concellos é excesivo. No seu programa electoral para o 25 de setembro pasado escribían que potenciarán as co-

marcas como espazos singulares, que elaborarán un mapa comarcal. ¿Outro? ¿Volven atrás? ¿Que van facer nesta materia? Porque a planta da Administración local de Galicia necesita horizonte, necesita seguridade xurídica, necesita obxectividade e necesita concorrencia pública nas axudas. ¿Ou van facer como comentabamos noutras ocasións coas áreas metropolitanas, que nos discursos se apoian pero logo resulta que ou ben as impugnan nos tribunais ou indican aos seus alcaldes que non apoiem as novas iniciativas? Realmente en materia metropolitana, señor vicepresidente, nas políticas urbanas, vostedes nunca creron nin cren. Contémplanas unicamente como nichos electorais, cando son os principais ámbitos de crecemento socioeconómico, son os tractores de Galicia.

Algunhas preguntas máis no eido local: ¿que perspectivas nos presentan para este mandato sobre o pacto local en Galicia e cal vai ser o modelo de financiamento que van defender na Federación Española de Municipios e Provincias?

Cambiando o ámbito das relacións institucionais e parlamentarias, hai dúas cuestións que consideramos esenciais e que se consignan na memoria que presentaron dos orzamentos. Falan de afondar no autogoberno. Eu preguntaría lle se están seguros e en que materias. Os exemplos que estamos a debater estes días poñen en tea de xuízo este nobre compromiso: a AP-9, o AVE... ¿Cren sinceramente que teñen avanzado algo no autogoberno de Galicia?

Volvendo ao seu propio programa electoral, falaban, á parte da AP-9, da Inspección de Traballo, de ordenación do litoral, inspección e vixilancia pesqueira ou tráfico como materias a negociar para unha nova transferencia. ¿Que calendario teñen previsto? En todo caso, falen antes coa Mesa do Congreso, non vaia ser que estas iniciativas, como pasa coa AP-9, sexan de ida e volta. E unha cuestión fundamental que apuntan en materia de relacións institucionais: contribuír a definir a revisión da organización territorial do Estado desde unha perspectiva —din vostedes— global. ¿E a sensibilidade territorial que tiveron desde Madrid nestes últimos anos?

Xa pasando ao capítulo de emerxencias e interior, moi brevemente quixeramos valorar de forma moi positiva a acción dos voluntarios. O que pasa é que Galicia precisa, sen máis demora, a profesionalización do sector, especialmente na fase de intervención. Regulen esta cuestión, por favor, na nova lei de emerxencias de Galicia que teñen anunciada. A potenciación da unidade de policía adscrita, acadando os 500 efectivos —dos que xa se falaba e se prometían en 2013—, é un mínimo absolutamente necesario para que poida exercer importantes competencias precisamente en materia de protección de vítimas de violencia de xénero, medio ambiente, investigación de incendios ou de loita contra o furtivismo ou o marisqueo ilegal. O que pasa é que a perda progresiva de efectivos no Corpo Nacional de Policía, na Garda Civil e na policía local, ademais, está engadindo un risco crecente para a seguridade de Galicia. Esta é unha problemática na materia, en xeral, de interior e de forzas e corpos de seguridade do Estado á que creo, señor vicepresidente, que nestes próximos meses hai que tratar de poñerlle couto.

En materia de relacións exteriores e coa Unión Europea, en primeiro lugar, reclamamos que o ámbito da acción exterior de Galicia se regule ao máximo nivel lexislativo. Reclamamos unha lei que regule a acción exterior para acadar o máximo compromiso nesta Cámara.

E neste ámbito si que nos gustaría facer dúas cuestións que espero que tamén para vostedes sexan da máxima sensibilidade. Por favor, aseguren tamén que en materia de cooperación e desenvolvemento cheguen polo menos a consignar o 0,2 % —xa queda lonxe aquel ansiado 0,7 %— con dotacións orzamentarias previsibles e plurianuais. E unha cuestión tamén fundamental: ¿teñen algunha previsión en materia de refuxiados? Porque nestas últimas semanas de inverno, salvo que eu estea moi equivocado, a Xunta de Galicia non tivo ningunha iniciativa nesta materia, en materia de refuxiados.

En materia de reforma administrativa, hai tres puntos que tamén concordan ou enlazan con algúns dos seus comentarios. ¿Cales van ser os indicadores que van utilizar para medir a calidade dos servizos públicos cos recortes que teñen sufrido? En segundo lugar, ¿cal é o plan de traballo para analizar e reordenar as 69 entidades que actualmente seguen a conformar o sector público autonómico respecto do SEC 2010?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Si, señor presidente, agora remato.

E ¿cales son as medidas que, conxuntamente coa Consellería de Facenda, van desenvolver para recuperar o emprego público destruído durante estes anos? ¿Van abrir as mesas xerais de negociación?

Finalmente, para acabar, señor presidente, en materia de loita contra a fraude e a corrupción, que é unha materia que toda a cidadanía dentro dos barómetros do CIS está considerando como preocupación en segundo lugar, gustaríanos saber se realmente cren na loita contra a corrupción máis alá do discurso formal. Recórdolles que, en materia de transparencia, Galicia caeu posicións respecto do 2004. Non é unha boa noticia. E, por exemplo, nesta Cámara votaron en contra de regular a protección dos denunciante de casos de corrupción.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Santos.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Bos días, compañeiros e compañeiras da Cámara.

Señor Presidente.

Señor Rueda, despois de escoitar a súa intervención, o que observamos é, de novo, unha lexislatura na cal vostede repite a mesma liturxia, repite as mesmas cuestións que levamos escoitando durante anos. Non escoitamos nada novo. Vén a este primeiro pleno a presentar un catálogo de promesas, unhas promesas que vostedes xa saben de antemán que non van cumprir.

Pero, ademais dunha lexislatura coas mesmas promesas, vemos tamén unha proposta carente de ningún tipo de renovación, dun goberno esgotado, que non está pensado xa para as

novas necesidades das maiorías sociais e que realmente só serve para aumentar a desigualdade entre a xente da nosa terra e que non ofrece ningunha oportunidade nin ningunha esperanza.

Ningunha das propostas que está proclamando vai conseguir que Galicia saia do penúltimo posto en Europa en precariedade laboral. E aínda que é certo que iso non depende directamente de vostede, no caso da Administración pública si que é da súa directa responsabilidade. E nas administracións públicas galegas observamos como a temporalidade está situada nun 30 % e que é un dato que non mellora dende o 2016, co cal, aínda que estea moi satisfeito coa súa xestión da Administración, pois vemos que hai grandes eivas que, dende logo, deberían tratarse.

De todos os xeitos, imos estruturar o discurso de En Marea sobre a súa intervención nos distintos eixos que vostede tocou: transparencia —que, por suposto, para nós é absolutamente fundamental—, a Administración pública —respecto da calidade da Administración no referente á prestación de servizos á cidadanía—, violencia machista, xustiza, emerxencias e autogoberno.

Señor Rueda, permítame que lle faga un relatorio das súas principais eivas e contradicións. Respecto do que dicía de que está aberto ao diálogo, a escoitar, ás suxestións da oposición, pois imos facelo, apelando a ese diálogo, que vostedes sempre teñen por bandeira, entre lexislativo e executivo. É un pouco contradictorio que falen de transparencia e de diálogo cando se negan permanentemente a dar información fundamental aos grupos desta Cámara. Por exemplo, gustaríanos facerlle varias preguntas. Por unha banda, ¿onde está a información sobre o convenio sanitario das institucións penitenciarias? ¿Onde están os documentos sobre Marcial Dorado? ¿Onde está a documentación que vostedes negaron para a Comisión das Caixas? O Goberno avalou un proceso que mantivo agochado con varios responsables xa na cadea, e gustaríame oírle dicir que confía tanto no persoal da Administración para facer auditorías. Estou totalmente de acordo que son os mellores para facer este tipo de cuestións. Pois ao mellor estaría ben que lle encargara a persoal realmente independente este tipo de auditorías e que non as externalizaran en algo tan vital como as caixas. E tamén nos gustaría preguntarlle onde está a imprescindible comisión de investigación do caso de Angrois. Porque hoxe mesmo as vítimas están en Bruxelas pedindo alá o que o Goberno galego nega aquí, que é información, transparencia, explicacións e tamén algunha que outra desculpa, que non estaría mal.

Presumen tamén de transparencia, pero, sen embargo, non a practican. Hai uns días a prensa explicaba a lenta transparencia da Xunta para dicir que non se sabe se se teñen tarxetas black. A resposta, por se non a coñece, non foi que non hai tarxetas black. O que se di é que a Consellería de Facenda di non telas dende o 2009, e o resto dos organismos da Xunta non dispoñen desa información. ¿A Xunta non sabe se ten tarxetas black? ¿O conselleiro non sabe se existen? Levamos sete meses de trámites, a intervención da Valedora do Pobo e, ata agora, vostede aparenta que non sabe. E espero que na réplica non me fale do pai de ningún compañeiro nin de cousas que non teñen nada que ver, e que se ciña a falar do que pasa aquí en Galicia. (*Murmurios.*) Porque xa sabemos a tendencia que teñen a querer desviar a atención. Entón, imos falar de vostedes. Xa me adianto porque xa os coñezo.



Tamén falou vostede de código ético, que agora son moi modernos. E entón quérolle preguntar, En Marea quérelle preguntar, se a Xunta de Galicia aplica este código ético, por exemplo, ao caso do Vega Sicilia. É interesante sabelo. Está claro que á Xunta lle custa a transparencia, e esperemos tamén que sexa máis sinxelo saber os acordos entre Fomento e a Xunta na comisión bilateral da AP-9, e que aparezan rexistrados como exige a normativa galega.

Ademais, a transparencia sería desexable tamén, e que disimulen un pouco menos nesa ausencia de rexeneración, aínda que se metan moito con nós despois, cos novos movementos políticos, porque sabemos que é un incordio que teñan que facer un pouco o lavado de cara para satisfacer as reclamacións obvias e sensatas da cidadanía nesta materia. Non deben ignorar que a xente quere saber o que fai o Goberno e quere controlalo, porque é o lóxico.

É doado observar como ese aire de xestor eficaz xa soamente se converte nun slogan de campaña cando comprobamos que, pola porta de atrás, se traspasaron fondos previstos para axudar a familias que non tiñan para pagar a luz a asuntos tan solidarios como á demanda pola mina de Corcoesto —140.000 euros—. Despois tamén contrataron con carácter urxente estudos e investigacións relativos a plans e programas de investimento en campañas publicitarias de divulgación de contidos, por 125.000 euros, por un motivo moi loable, que é o emprego. Pero o grave disto é que, se é un motivo tan loable, ¿por que se fan estes cambios de partidas a escuras, pola porta de atrás, ao mesmo tempo que se deixan estas familias con estes graves problemas e sen luz?

A propaganda di que axudaron a 40.000 fogares, e en realidade é que se reduciron ás axudas a só 5.000 para este auxilio. E para demostrar que a xogada é feita de costas a Galicia, pois, mire, vostede emitiu o 22 de setembro de 2016 unha certificación na que deixou constancia, na súa calidade de secretario do Consello da Xunta, de que o Goberno galego viña de adoptar o documento de cambio de partidas. Tamén o asinou o señor Feijóo, e foi incorporado á relación de modificacións orzamentarias dese mes. Curiosamente, ese acordo non se fai público nin se traslada aos medios, como se fai habitualmente. Gustaríanos saber por que. Se non hai nada raro neste traspaso, gustaríanos saber por que non se dá a coñecer o cambio.

O que é obvio é que non é unha característica do seu Goberno a transparencia. Fan boas leis moitas veces, eu non digo que non. O problema é executalas e facelas na práctica, e é máis fácil para vostedes, por exemplo, defender o soldo do señor Louzán, aínda que os seus asuntos xudiciais estean por aí pendentes. Pero vemos que despois, para outras cuestións, son máis papistas ca o papa. Esa é a súa idea que teñen de goberno, de cumprir co traballo e de ser transparentes.

Tamén sobre violencia de xénero é certo que temos un Observatorio Galego de Violencia de Xénero, pero que non está o suficientemente dotado. E esta lacra que sufrimos e tan grave que neste inicio do 2017 xa van catro mulleres asasinadas, casos de violencia machista e de acoso cada día. Entón, dende En Marea queremos que ese observatorio deixe de ser un titular na prensa e sexa dotado cos medios para combater de verdade a violencia machista en todos os ámbitos da nosa sociedade, e, sobre todo, para incidir na prevención, na concienciación e no exemplo. Porque é moi difícil que vostedes falen aquí de igualdade cando seguen tendo

nas súas filas un señor como o presidente da Deputación de Ourense, Baltar. É moi hipócrita que nos falen de igualdade con este señor campando ás súas anchas mentres sabemos que a súa forma de actuar é facer entrevistas laborais polas habitacións dos hoteis. Entón, é bastante contradictorio.

Xa non digamos tamén con respecto ao grupo especializado de violencia de xénero da Policía Autonómica. ¿Onde está e como funciona este grupo? ¿Cantos axentes formados temos? Está moi ben crear policía en violencia de xénero, en violencia machista, pero tamén sabe, señor Rueda, que, por exemplo, nunha comarca como o Salnés apenas existe unha patrulla da Policía Nacional activa polas noites, que en moitas ocasións non poden acudir ás chamadas de emerxencia das mulleres da comarca. E non porque lles falte preparación, senón porque só teñen dous axentes para esta misión. Entón, isto é o que demostra cal é a súa verdadeira vocación de xestionar realmente unha protección para as mulleres.

Tamén, con respecto á xustiza, entre as súas prioridades enmarcaba ao comezo da pasada lexislatura a modernización da xustiza. Pero a día de hoxe Lexnet non funciona correctamente e seguimos sen poder contar co expediente electrónico, ou papel cero, na xustiza. Dende En Marea tamén reclamamos a necesaria reivindicación de dotar de novos xulgados do social Lugo, Santiago ou Vigo, e tamén que axuden á implantación dunha fiscalía anti-corrupción en Galicia, como reclamaron persoas de peso na xudicatura, como o fiscal superior de Galicia, Fernando Suanzes, ou o presidente da Unión Progresista de Fiscais, Álvaro García Ortiz. Aínda que xa sabemos cal é o seu compromiso real coa corrupción. Porque, como ten o *trending topic* Partido Popular en corrupción, pois é normal que teñan unhas eivas grandes con isto. E así estamos como estamos.

Tamén prometía a coordinación e mellora das emerxencias de Galicia. ¿Cal é a situación a día de hoxe? Pois ¿pódese falar de coordinación e de eficacia nas emerxencias de Galicia con exemplos como o de Fandicosta? Nós pensamos que non, cremos que é unha aberración que estean facendo negocio co lume e poñendo en perigo a vida de tanta xente, e que, ademais, estean privatizando estes servizos para darlles cartos ás empresas a custa de algo tan grave tanto para a nosa terra como para moitas persoas que viven nos territorios e para as persoas que teñen que prestar os servizos.

E imos rematar xa cos seus fracasos, pois imos falar tamén do autogoberno. Vostede retrata de forma nítida o fracaso do autogoberno do PP respecto das competencias de Galicia. Cando atacaban o Bipartito por ser incapaz de acadar transferencias para a nosa terra, pois aquel goberno, ao que nós tamén lle poderíamos criticar moitas cousas, foi capaz de acadar 11 transferencias para Galicia. ¿Onde está o seu resultado? ¡Cero competencias! Acaba de dicir que, claro, que non se fixo ningunha transferencia en ningunha outra comunidade nos últimos anos. ¡Pois menudo consuelo! Ou sexa, que, cando unha non é capaz de facer algo, pois xa se conforma porque os demais non o conseguen. E entón xa está ben, xa non facemos nada máis.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Si, remato.

En definitiva, señor Rueda, hoxe vén representando un pouco o papel do fracaso, da inacción, da continuidade de lexislaturas pasadas, da ausencia total de modernidade e compromiso. E o que lle queda, entón, pois será o papel de deixar Galicia incumprindo constantemente as súas promesas e tamén nos máximos de desigualdade e inxustiza social. Pero vostede segue sendo o número dous, despois do señor Feijóo, que, se algún día se anima a dar o salto, como xa sabemos, a Madrid, igual pode ser o delfín feito realidade por fin. Pero bueno, non se fíe, porque o seu xefe xa advertiu que o pasado tampouco contaba, así que, bueno, desexámoslle sorte igualmente e que faga o mellor para os galegos e as galegas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Santos.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Ben, señor vicepresidente, en primeiro lugar quero agradecer a súa intervención e a súa exposición, absolutamente transparente, de cal vai ser o seu plan de traballo para os próximos catro anos, asumindo compromisos importantísimos, que estou segura que cumprirá, como ten feito en ocasións anteriores, mal que lles pese a algúns e non o queiran recoñecer; uns compromisos, señor vicepresidente, que vostede non pretende cumprir de xeito unilateral. Valoramos positivamente que neste sentido ofrecera consenso e actitude de diálogo, facendo partícipes a todos os grupos da Cámara dos obxectivos que se marcou e dos retos que ten o seu departamento para os vindeiros anos, especialmente en materia de igualdade e violencia de xénero, conciliación, corresponsabilidade, Administración local e mesmo en materia de emerxencias, con esa nova lei que nos traerá pronto á Cámara. Obxectivos que creo que compartimos todos os que formamos parte deste Parlamento, tal como mellorar os servizos públicos ou acadar unha Administración accesible, transparente e máis eficiente.

Compartimos con vostede a necesidade de seguir avanzando nos grandes retos que nos marca a xustiza en materia de infraestruturas xudiciais, na consecución da nova oficina xudicial e na incorporación das novas tecnoloxías, co fin de acadar o obxectivo do papel cero, así como de ter unha xustiza máis eficiente e áxil. Señor Bará, eu recoméndolle que visite o portal xurídico [lex.gal](http://lex.gal), porque, dende que temos ese portal xurídico, é moito máis fácil incorporar o uso do galego ao ámbito da xustiza. Non é cada día máis difícil. Cada día é máis doado.

Tamén concordamos, señor vicepresidente, no ámbito da mediación. Compartimos con vostede a necesidade de seguir apostando por este procedemento, que ten acadado magníficos resultados na resolución de conflitos.

E en materia de igualdade parécenos tamén fundamental a aposta que fai vostede e o seu departamento pola educación en igualdade. Parécenos fundamental que debamos comezar polas idades máis temperás se queremos evitar actitudes machistas, violentas, e evitar a predominancia dos homes sobre as mulleres, sobre todo cando estamos vendo cada día máis

casos de adolescentes e rapazas e rapaces universitarios con índices insoportables de violencia de xénero na nosa xuventude.

Pero, ademais da prevención, outro pilar fundamental, señor vicepresidente, é a atención, na que vostedes non escatiman recursos nin instrumentos, para axudar as vítimas; mulleres que se atopan nunha situación de especial vulnerabilidade e que moitas veces só contan coa axuda da Administración. E é esa é a nosa responsabilidade, achegarlles todos os recursos materiais e persoais que precisen para sentirse acompañadas en todo momento, dende o mantemento dos centros... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) — agora vou, señora Vilán—, dende o mantemento dos centros de información á muller ata as axudas periódicas para vítimas, que este ano se incrementan nun 61 %.

Decía o señor Villoslada que as políticas de igualdade eran o reto máis importante, e que os compromisos coa igualdade non só precisaban de sensibilidade senón tamén de compromisos. Señor Villoslada, igual vostedes serían máis cribles se alí onde gobernan asumen eses compromisos, porque, claro, eu creo que vostedes en xeral, todos os grupos da oposición, están inhabilitados para falar aquí de igualdade e para dicirle aquí ao vicepresidente da Xunta que non cumpre as políticas de igualdade. Porque resulta sorprendente que vostedes veñan aquí a iso cando están pechando o centro de información á muller de Pontecaldelas. (*Murmurios.*) Eu xa sei que para algúns isto é duro, é duro, porque é un carameliño. Xa o sei, señora Rodil. Pero, miren, vostedes onde gobernan ningunean as mulleres, eliminan servizos de proximidade e de atención especializada, e ademais xustificano.

Porque, miren, voulles poñer algún exemplo do que era antes o Partido Socialista. Miren, o 19 de agosto do 2011, a deputada Carmen Cajide presentaba unha iniciativa e dicía: «O Grupo Parlamentario Socialista entende que os CIM non pode ser obxecto de ningunha medida de aforro, por tratarse dun servizo absolutamente imprescindible mentres a muller siga a ser vítima da violencia machista ou de calquera tipo de discriminación, como ocorre na actualidade». Pois ben, ¿que cambiou, señora Vilán? ¿que cambiou?

Mire, vuelle contar unha historia, porque sei que a vostede lle gusta moito. Mire, concello de Ponte Caldelas, 23 de decembro de 2015, véspera de noiteboa. A psicóloga do centro de información á muller, despedida polo Goberno socialista e nacionalista, recolle as súas cousas porque o día 22 se lle acabou o seu contrato. E unha señora á que podemos chamarlle Lola, señora Vilán, podemos chamarlle Lola, pois é unha muller vítima de maltrato, do concello de Ponte Caldelas, que entra pola porta chorando desconsolada e pide axuda á psicóloga do centro de información á muller, que lle di que non pode atendela porque xa non ten contrato. Incrédula, Lola, dille: «Non me podes facer isto, tesme que atender». Entón, a psicóloga dille: «Imos falar co alcalde a ver que solución nos dá». Porque, claro, o alcalde tamén era o responsable de que esa psicóloga e de que ese centro de información non puidera atender a Lola.

¿E sabe o que fixo o alcalde? O alcalde colleu a señora e díxolle: «Non te preocupes, aténdoa eu. *Cuéntame*». Pois mire, *Cuéntame* é unha serie que comeza nos anos sesenta, daquela, cando os problemas no pobo os resolvía o cura, o médico, o mestre ou o alcalde. Vostedes acaban de retrotraer as políticas de igualdade cincuenta anos atrás en pleno século XXI.

(Aplausos.) E vostedes acaban de substituír a atención especializada ás vítimas de violencia de xénero polo *cuéntame* do alcalde de Ponte Caldelas. E ademais substitúena por un equipo de avogadas especializadas, que tamén lles vou dicir como pensan esas avogadas. Pois, mire, a avogada do concello, cando foi ao xulgado do social a defender o despido desas traballadoras, ¿sabe o que lle dixo á xuíza? «Bueno, é que isto da igualdade son inventos modernos da Xunta». Bueno, a xuíza xiraba a cabeza e dixo: «Non quero escoitar nada máis». Pois esa é a especialidade que incorporan vostedes agora nos concellos nos que gobernan. E todo iso coa complicidade, e sendo cooperador necesario, do Bloque Nacionalista Galego, que hoxe presenta unha iniciativa cun pacto contra a violencia de xénero; un pacto contra a violencia de xénero mentres pechan as portas dos seus grupos parlamentarios a quen quere vir falar de igualdade. Porque vostedes saben que asociacións de profesionais de mulleres de centros de información á muller lles pediron solicitude para ser atendidas. E vostedes son o único grupo desta Cámara que non só non as recibiu, senón que nin sequera lles responderon a esa solicitude. E mentres o presidente da Cámara está facendo un esforzo por abrir o Parlamento á cidadanía, para que a xente do común poida entrar aquí, vostedes pechan as portas dos seus grupos parlamentarios... (Murmurios.) Ría moito, señora Santos, que é moi gracioso, isto é moi gracioso. A vostede parécelle moi gracioso. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Eu xa sei que a filosofía das Mareas de Podemos ou de Podemos das Mareas... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, bueno, hoxe xa deixaron falar e entón xa non falamos das Mareas de Podemos. (Aplausos.)

Miren, a señora Pontón, en xullo de 2010, cando auguraba que a Xunta de Galicia do Partido Popular ía pechar os centros de información á muller, presentaba unha batería de iniciativas absolutamente enfadada e absolutamente indignada, porque non se podían pechar os centros de información á muller. E dicía: «O Grupo Parlamentario do BNG considera moi grave o intento de desmantelar os centros de información ás mulleres; polo tanto, solicitamos que a Xunta rectifique». Se vostede manda algo no BNG, señora Pontón, faga que rectifiquen no Concello de Ponte Caldelas, porque, se non, vostede está sendo cómplice desa situación. Pero vostedes o único que defenden é o feminismo *low cost*, o feminismo de bazar chino, ese que non vale para nada, para nada. (Aplausos.) Deixan soas as mulleres do rural. Non veñan aquí despois a propoñer un pacto para a violencia de xénero cando vostedes onde gobernan non son capaces diso.

E a señora Carmela Silva, outra... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non, escandalícese, que, cando veu aquí presentar os orzamentos da deputación, non asumiu as críticas políticas que se lle fixeron e dixo que se lle facían críticas porque era muller. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) ¡Feminista de hojalata!, señora... (Aplausos.), feminista de hojalata. (Aplausos.)

Mire, señora Pontón, o importante non é ser a primeira muller candidata á presidencia da Xunta de Galicia, o importante é que esas mulleres que chegan a postos de representación defendan os dereitos das mulleres. (Murmurios.) E se a señora Carmela Silva... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) Mire, dígalle ao seu grupo que a deixe falar, porque é moi difícil... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Claro, eu enténdoo, pero dígalle ao señor Villoslada que lle ceda o turno. Eu debato encantada con vostede, ¡encantada! Podemos falar de moitas cousas, ademais. (Murmurios.)

Pois, bueno, isto do Concello de Ponte Caldelas non é un carameliño. Isto é unha liña vermella que non se pode pasar. E se vostedes pasan esta liña vermella, se vostedes defenden o que fai o alcalde do «*cuéntame*» e «das cousas modernas da Xunta», vostedes non merecen falar de igualdade, porque non teñen ningún tipo de credibilidade. (*Murmurios.*)

Señor Bará, mire, eu entendo que vostede sexa novato e que se equivocase de comparencia. Porque, claro, pensou que comparecía o presidente do Partido Popular de Pontevedra. Non, é o vicepresidente da Xunta. (*Murmurios.*) E, mire, eu, despois de escoitalo, entendo por que vostede é o ideólogo dos *mojitos* de Cuba da época do Bipartito. (*Fortes murmurios.*) Xa o sei. Agora enténdoo todo, señor Bará. (*Murmurios.*)

Pero, mire, cando fala vostede de oitenta anos de goberno do PP..., non, mire, corenta anos foron de ditadura franquista e outros corenta foron de gobernos democráticos. E nós estamos moi orgullosos de que haxa democracia en España e en Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Eu xa sei que vostedes estarían encantados de que tivésedes actitudes máis franquistas, pero, mire, non, (*Murmurios.*) vostedes están constantemente resucitando a Franco e aínda así cada vez teñen menos deputados. ¡Fíxese vostede! (*Aplausos.*)

Mire, en vez de preocuparse polo señor Louzán..., (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

E remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...preocúpese polos tres imputados que teñen no Goberno da Deputación de Pontevedra que vostedes apoian. Preocúpese por iso en vez de preocuparse polos demais.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Señora Santos, vostede veu aquí interpelar o vicepresidente...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...con cuestións do Parlamento. E, mire, falar das *black* (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) tendo un portavoz do Senado que é un experto, que xa lle chaman Ramón «Espiblack», (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) tendo ao señor portavoz do Senado que é un experto en *black*..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora...

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...que é un experto en especulación en vivendas de protección oficial, igual que o señor Pablo Iglesias. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** En precariedade laboral teñen o ministro señor Echenique. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** En materia de «becas black» teñen o señor Errejón. (*Fortes murmurios.*) ¡Pero que nos vén vostede aquí dar clases de nada!

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Señora Santos..., (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...non está vostede cualificada para dar clases de nada. (*Aplausos.*)

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Bará, vostede, que é o deputado máis divertido da Cámara con diferenza, (*Murmurios.*) di que non entendeu, que non creu o meu consenso porque lle falei en ton aburrido e que tamén falo coma un catequista. Vostede saberá como falan os catequistas, eu non teño nin idea. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Vostede debe sabelo bastante ben e por iso fai comparacións. O malo é que eu quería que comparara máis ben o que dixemos que iamos facer na lexislatura pasada, o que fixemos e o que imos facer agora. Porque entón ao mellor entendería mellor de que vai todo isto.

Dime que somos continuístas. ¡Home, é que gañamos as eleccións! (*Risos.*) (*Aplausos.*) Entón, claro, gañar as eleccións é o que ten. Hai cousas que hai que facer, séguense facendo e fanse despois, señor Bará. (*Aplausos.*)

E despois, a partir de aí, no tempo que dedicou a falar da miña comparecencia, que teño que dicir que foi ben pouco... Porque vostede veu aquí —non estaba, agora xa está— a promocionar... Non sei qué interese ten en que sexa a señora Murillo candidata do PP nas eleccións municipais. Ten vostede moito interese. Eu creo que xa non é a primeira vez que o comenta. Iso son cousas que arraxamos no Partido Popular. Ao mellor non teñen vostedes problemas

no Bloque Nacionalista Galego e entón están esperando a ver o que facemos todos os demais. Supoño que será iso. Supoño que xa están pensando... Din: «Non, é que en Vigo e en Pontevedra non teñen nada que facer». ¡Home!, vostedes en Vigo están de marabilla. (Risos.) Se nós non temos nada que facer, ¿que terá que facer o BNG en Vigo?

Igual que me di: «Na área metropolitana ponse de perfil». Non teñen opinión na área metropolitana. Entre outras cousas non poden opinar, non teñen a ninguén no concello, nun concello de 27 concelleiros. Non hai ninguén do BNG. Ao mellor é por este tipo de cousas, por poñerse de perfil, por en vez de falar... Perdoe, porque, en cambio, o señor Villoslada —ao que lle teño que agradecer, desde logo, o seu ton correcto, creo que é como teñen que ser as cousas—, non me vai dar tempo dicirlllo, porque si que foi parte por parte da miña comparecencia e creo que o abordou todo. Vostede enseguida me veu traer aquí o recado do señor Mosquera, da Deputación... É vostede deputado nesta Cámara. Si, eu son presidente do Partido Popular e vostede deputado autonómico, e, polo tanto, non está na Deputación. Nin está, na miña opinión —nin debería, vostede saberá o que pasa no Bloque—, ás ordes do señor Mosquera para, cada vez que ten ocasión de falar comigo, meter os recados do señor Mosquera —non sei qué das mafias, non sei qué das discusións, non sei qué de...— ¡Vamos falar dos temas da Consellería! Inténteo vostede, xa verá como é capaz. O señor Mosquera déixeo na Deputación coa señora Carmela Silva, que eles non discuten nada. Non, cando veñen aquí, a señora Carmela Silva ten unhas formas excelentes. Son eu o que vou provocar alí. Ela non vén aquí dicir as cousas que eu dixen na comparecencia. Pero xa lle digo que iso non deberían de ser cousas... Eu sácoas porque vostede mas saca cada vez que me ve. (Murmurios.) Claro, quedalle moi pouco tempo e ten que exaxerar, e dicir que a xustiza ¡é un desastre enorme!, ¡un desastre!, e que as videoconferencias non funcionan ben. Saíu na prensa que se caen as videoconferencias. Si, se vostede lera algo máis que os titulares lería que se caen precisamente porque no outro lado non son capaces de conectar ao nivel tecnolóxico que teñen as videoconferencias da Xunta de Galicia. (Murmurios.) Ese é o gran problema en moitas videoconferencias. Pero iso a vostede dálle igual, hai que pintar aquí —iso que dicía aquí— algo dantesco, deficiencias enormes...

Mire, díxenlle na miña intervención —e díxeno moitas veces ao longo da pasada lexislatura— que somos pioneiros na implantación de Lexnet —recoñecido por todo o mundo—, na implantación do visor xudicial —recoñecido por todo o mundo, e tamén pola señora Vilán, que está asentindo agora mesmo—, no programa eFidelius, nas videoconferencias, nun montón de cousas. ¡Home!, ¿as cousas poden fallar? Evidentemente, pero é que estamos á cabeza dun montón de... E non é triunfalismo, é simplemente recoñecer o que se está facendo e non vir aquí a propoñer un panorama dantesco.

E, ademais, dígolle outra cousa. Se estivera tan mal, nas emendas dos orzamentos ¿por que non move un só euro para dedicalo á xustiza? ¿Que pasa? ¿Que non vale a pena ou é que todo está ben? Porque vostede non pon un só euro nas partidas de xustiza pensando que iso está mellor ou peor. Non, non, déixoo así e despois veño aquí e digo que todo é un desastre, que todo é dantesco, que é unha catástrofe. Pero os orzamentos que dedica a Xunta de Galicia á xustiza supoño que estarán ben, porque, se non, vostede nas emendas algo tería que dicir.

Xa lle digo, pouco máis. É que o tema da Deputación, vir aquí falar dos temas da Deputación, se eu fago de presidente do Partido Popular ou non fago... Pois claro que son presidente do



Partido Popular e vicepresidente da Xunta de Galicia. Xa levo tres legislaturas no Goberno da Xunta de Galicia porque a xente nos elixe. Iso pódelle parecer mellor ou peor pero é o que hai, señor Bará. E probablemente porque falamos das cousas en serio cando estamos no Parlamento e intentamos facer as cousas do Goberno, probablemente por iso, esteamos aquí por terceira vez. E se iso lle parece continuísmo..., pois si, oia, aquí seguimos. Pero houbo unhas eleccións hai moi pouco tempo e a xente púxonos alí. E o demais, de verdade, o recado do señor Mosquera... Eu considero que o señor Mosquera ten a capacidade suficiente, capacidade dabondo, para darnos directamente. Non sei por que vostede se empeña sempre en vir aquí facer de correveidile.

Señor Villoslada, de verdade que lle agradezo o ton, agradezo a extensión. E vou intentar contestarlle a todo o que me deu tempo de apuntar.

Diciáme: «Ten que haber máis xulgados». Nós estamos absolutamente dispostos cos xulgados que outorgan a Galicia a dicir que si. Outras comunidades autónomas dixeron que non, varias. E por iso, cando se crearon xulgados, a Galicia viñeron varios xulgados á parte dos que nos correspondían a nós, os que lles correspondían a outras comunidades autónomas que renunciaron. Imos seguir igual. Supoño que agora, polo que eu escoitei nalgunha conferencia sectorial, xa non vai ser así. Todo o mundo, os que antes dicían que non os querían agora din que queren cantos máis mellor. Nós seguimos coma sempre. Imos intentar asumir aqueles que nos podemos permitir, e, sendo a xustiza —na nosa opinión— un servizo público esencial, podémonos permitir todos aqueles que nos ofrezan. Iso si —e contesto algunha intervención máis que houbo nese senso—, os que sexan en cada momento serán aqueles que se determinen —e dígoo sempre— de común acordo co Tribunal Superior de Xustiza en función das cargas de traballo. Non podemos utilizar outro criterio. Eu sei que ás veces sería fácil, para evitar críticas ou para evitar outro tipo de comentarios, caer en dicir «este si e este non». Pero as cargas de traballo son as que son, e supoño que todo o mundo estará de acordo con que ese é o método mellor para facelo e, dende logo, o máis xusto, agora que estamos falando de xustiza.

Dime que ten vostede fundadas esperanzas en que a aposta que eu manifestei, e que manifestamos sempre dende o Goberno da Xunta de Galicia, pola promoción da igualdade sexa real. Eu pódolle asegurar que si. Acertaremos ou non despois, pero intentámolo. Vólvolle a oración por pasiva, e, evidentemente, eu creo que vostedes teñen un alcalde socialista en Ponte Caldelas respecto do que eu creo que pouco máis vou engadir ao que dixo a señora Prado. Pero alí a aposta si que non é real, non é real en ningún caso. Polo tanto, que a aposta sexa real de todos e non só da Xunta de Galicia.

E fáleme tamén de a ver se rexeitamos —falando de igualdade— as subvencións a centros que segregan por sexo. Oia, pois en Vigo hai un. Eu só fun dúas veces e as dúas veces encontrei o seu alcalde, que estaba alí. Polo tanto, a ver se somos coherentes tamén, oia. Gústannos ou non nos gustan, e apóianse ou non se apoian. Nós non temos ningún problema, pero parece ser que algúns membros moi destacados do seu partido tampouco. A ver se nos aclaramos niso e somos coherentes e temos unha opinión de partido; *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* se non, é imposible volverse poñer de acordo en cousas fundamentais. E sempre que nomeo o alcalde de Vigo está o señor Losada aí. Señor Losada,

vouno nomear máis veces, déixeme falar (*Murmurios*.) Porque, se non, vaise poñer nervioso ao longo de toda a comparecencia. Reláxese un pouco. Vou falar desde aquí, desde a tribuna, a pesar de que nomee o alcalde de Vigo. Vou ser obxectivo e xa sei que, diga o que diga, vos- tede vai saltar da silla en bastantes ocasións. (*Murmurios*.)

Respecto da Comisión de Dereito Civil, estou de acordo, señor Villosalada, en que debemos pechar os traballos desa comisión. Aínda que non teñan un resultado tanxible, hai que pechar, porque é unha comisión que quedou aberta. É certo que foi ante o desacordo que eu percibín —e non só eu— entre os membros desa comisión, é certo que se trataban temas moi sensibles, que falamos do cambio do sistema de regulamento do réxime económico- matrimonial, falamos da custodia compartida e doutros temas tamén, que probablemente si que había que abordalos, pero eses taparon ao final o funcionamento desa comisión. E, polo tanto, a miña intención nesta lexislatura e neste ano é volver retomala e darlles un resultado a eses traballos, sexan os que sexan.

Agradézolle a confianza en que acabemos as infraestruturas. Di que ten dúbidas sobre os prazos. Bueno, mire, é que isto tivo moitísimos problemas. Antes había que poñerse de acordo cos concellos de todas as cores políticas. E isto, vostede sábeo igual ca min, non é fácil. Traballou no Concello da Coruña e sabe todo o *iter* que tivo isto e as dificultades que houbo para conseguir esa cesión. Ao final, o certo e verdade é que está a punto de rematarse un edificio que lle dá sentido a toda esa zona, que se estaba degradando, e a partir de agora vai pasar todo o contrario.

Por certo, en fin, xa que isto vai de recados —estaban falando vostedes de que agora se levan moi ben co goberno municipal da Coruña—, a ver se lle din se deciden dunha vez o que queren facer con eses espazos diáfanos, que é o que falta simplemente para rematar esa obra. Ten alí 3.000 metros cadrados á disposición o goberno das Mareas da Coruña e a día de hoxe ninguén sabe alí —os que están na obra no día a día, dende logo, non o saben— o que van facer. Dígoo porque, como están agora nese espírito de colaboración... Ou, se non, vostedes tamén lle poden dar o recado, porque son 3.000 metros cadrados pagados pola Xunta de Galicia cos que o goberno das Mareas non ten nin idea do que quere facer. E despois falamos de despilfarro e de planificación de recursos.

E da Administración local díxome que a directora de Administración local dixo nunha entrevista que o número de concellos lle parecía excesivo. ¡Home!, é que a estas alturas supoño que iso non pode sorprenden a ninguén. É que, entón, ¿por que estamos dicindo que cremos que as fusións son boas? Insisto, fusións voluntarias, en ningún caso doutro tipo, fusións voluntarias.

Non sei se me dicía vostede ou era a representante de En Marea —paréceme que era vos- tede— que xa foron dúas provincias e que agora toca noutra provincia. ¡Oia!, toque o que toque, vostedes dirán que é un desastre, que non pode ser, intentarán impugnalos e haberá que pasar todas as dificultades do mundo para que as fusións vaian indo pouco a pouco adiante. Pero eu alégrome de que en Galicia sexamos os primeiros neste tema. E alégrome de que pouco a pouco se vaia vendo e aparezan expertos —que supoño que vostedes respectarán— dicindo que este é o camiño —insisto, sempre que sexa voluntario—. Polo

tanto, non se poden sorprender de que a directora de Administración local, eu mesmo ou quen fale en nome do Goberno da Xunta de Galicia diga que o número de concellos se podía reducir —de xeito voluntario, insisto—.

Respecto da marcha do pacto local, acabamos de ter unha reunión entre o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da Fegamp. Eu asistín e alí plantexáronse cousas moi interesantes enriba da mesa que se van facer. Algunhas xa as apuntei eu, porque dependen desta vicepresidencia, como todo o que ten que ver con policía locais. Eu creo que é un tema importante. Vostedes non lle deron ningunha importancia, nin sequera o mencionaron, pero eu creo que, se conseguimos facer iso, estamos solucionando un problema que teñen moitos concellos en canto á reestruturación e reordenación das policía locais. Plantexouse seguir vendo o tema das emerxencias —que a iso si que se referiron—, falouse de completar o traspaso dos centros de saúde, falouse dun acercamento en canto ao sostemento dos conservatorios, dos centros de drogodependencia..., ¡joia!, falouse de moitísimas cousas, e dun pacto pola auga. Polo tanto, eu creo que o pacto local está bastante vivo, e a min gustárame que ese consenso que manifestou o presidente da Fegamp se siga mantendo durante toda esta lexislatura.

Respecto do modelo de financiamento, ¿cal é o que nos vale para a Administración local? Pois o mesmo que para a Comunidade Autónoma, un modelo que teña en conta os custos efectivos e que de verdade se dean conta os que teñen que asignar os recursos que non é o mesmo dende un concello prestar servizos cando ten moitísimos núcleos de poboación que dende un concello de Castela e León que ten toda a poboación concentrada e nunha orografía moito máis sinxela, e ao mellor —ou non, porque Castela e León ten o noso problema— menos envellecida.

Sobre as transferencias, do que falaram todos, voulles dicir: ¡joia!, isto non é fácil, nós imos seguir reclamando, por iso non ten boa pinta o que dixeron da AP-9 de que foi unha postura... ¡Oia!, nós queremos seguir dando pasos, reclamaremos outra vez que se transfira a AP-9, tal e como reclama Galicia, que se estea transferindo o que se debería transferir. E alí esperamos o seu apoio, e no resto das transferencias. Porque, efectivamente, non houbo ningunha transferencia, nin a nós nin a ninguén, nestes últimos cinco anos. Pero antes, cando xa estaba o Goberno da Xunta no ano 2009 e aínda estaba o señor Zapatero, para nós non houbo ningunha transferencia, e pedímolas. Por iso falamos de retomar a axenda do ano 2009. E resulta que a Cataluña, o País Vasco e a algunha comunidade máis que gobernaba o Partido Socialista si que lles seguían dando transferencias. Polo tanto, isto vai moito de negociación política pero tamén vai de disposición das dúas partes. Polo tanto, non poño exemplos. Porque ao Bipartito dábanlle transferencias, si, bueno, pero podíamos ver a calidade desas transferencias, porque aquí poñemos o número. Porque se o castelo de Monterrei, con todos os meus respectos, é unha transferencia para opoñer á Inspección de Tránsito que lle deron ao País Vasco mentres a nós se nos negaba, pois, entón, non estamos falando dos mesmos parámetros. Nós imos xa reclamalas todas, ¡todas! E veremos a disposición de todas as partes. Aquí Galicia non casa con ninguén, nin hai cores políticas. Pediremos transferencias, como comunidade autónoma, que lle interesan, estea quen estea no Goberno, antes co Goberno do Partido Socialista e agora co Goberno do Partido Popular.

Respecto da acción exterior, imos facer, señor Villoslada, unha estratexia. Vostede reclama unha lei. Bueno, é discutible se debe ser unha lei ou non, eu creo que o que temos que ter é unha estratexia en todo caso, e hai que poñela en marcha canto antes. E para iso volvo facer un ofrecemento de colaboración.

Respecto da cooperación exterior, eu xa lle expliquei que hai moitas comunidades autónomas, algunhas gobernadas polo Partido Socialista, que directamente acabaron cos cartos dedicados á cooperación exterior, dicindo que iso, se se podía facer, había que facelo dende o ámbito estatal. Nós mantivemos unha cantidade, creo que non menor nos tempos máis duros do orzamento, de arredor de 4 millóns de euros, e agora imos seguir aumentándoa. Polo tanto, cremos firmemente na cooperación exterior.

Respecto —e vou lendo cousas, xa lle digo, que apuntei— da unidade da Policía adscrita, ao que se referiron tamén creo que todos os que interviñeron, pois era unha cousa que era obrigado facer, era necesario. A unidade de Policía adscrita, a Policía Autonómica, tiña que implicarse, porque é imprescindible, na loita contra a violencia de xénero. Hai unha unidade de 14 efectivos, que se apoia ata con 50 máis cando é necesario, e que xa ten agora mesmo encomendada a protección de 134 mulleres. E, polo tanto, aínda estas ordes de protección se poden estender máis conforme se vaia despregando esta actividade, e queremos, sen dúbida, seguir nese vieiro. Pero para iso é necesario, á parte de reforzar os medios, tamén reforzar o número de efectivos, que o pediremos tamén. Por certo, cousa que conseguimos cando máis dificultades tiña o Ministerio de Interior, gobernando o Partido Popular. O Bipartito pedía e moito caso non lle facían.

Respecto do plan de racionalización da Administración paralela dicíame que qué pasa cos organismos que perviven. ¡Oia!, que se auditaron todos, moitos deles para desaparecer e outros para manterse porque se acordou que era necesario que se mantiveran, pero con medidas de mellora en todos os casos, que o aforro de 70 millóns de euros, aos cales vostedes tampouco lle dedicaron moita atención, sae exactamente diso, insisto, non de botar a xente á rúa senón de optimizar, reducir alugamentos e procedementos de funcionamento, que ao final o que permiten son eses aforros.

Falábame respecto da clasificación da transparencia. Pois si, efectivamente, baixamos postos nesa clasificación. Na da OCU quedamos de terceiros, co cal, en fin, fagamos unha harmonización de todo e quedemos con que estamos por riba dos 90 puntos sobre 100, o cal creo que é unha cualificación que nos obriga a seguir mellorando pero que nos obriga a pensar que algo estaremos facendo ben.

Señora Santos, dicíame que me repito moito nas cousas que digo. Ao final voulle dicir que me gustaría deixar claras nesta Cámara as cousas; polo menos, un pequeno exemplo dos compromisos adquiridos tal día como hoxe de hai catro anos nunha comparecencia e as cousas que están cumpridas, aínda que haxa que repetirse, é dicir, as cousas ás que un se compromete como goberno e as cousas que se cumpren. Claro, despois hai que recordalo; sobre todo se se di que non hai nada diso cando si que o hai. Polo tanto, se repetirse é recordar que se están cumprindo os compromisos, de acordo; se continuísmo é dicir —grazas a que a xente, como din vostedes, o pobo galego, cando votou libre e democraticamente, decidiu

aumentarnos os apoios e volver dicir que estiveramos aquí— que había que continuar proxectos, pois si. Como llo dicía ao señor Bará, tamén llo digo a vostede. ¿Iso é continuísmo? Si, pero continuísmo porque a xente o quere. Iso de dicir que é un goberno esgotado un goberno que acaba de gañar as eleccións hai tres meses, señora Santos, aumentando os apoios, repetindo a única maioría absoluta que hai en todo o Estado español, dicir que é un goberno esgotado que a xente nin segue nin escoita e que non está para solucionar nada, ¿que quere que lle diga?, é un pouco de soberbia. Non por min, senón pola xente que nos acaba de apoiar, unha porcentaxe eu creo que sensiblemente —e digo «sensiblemente» por non dicir outra cousa— superior á xente que os apoiou a vostedes, tan lexítima como a que nos apoiou a nós pero moita menos. Polo tanto, dicir que é un goberno esgotado que non atende a xente creo que é moito dicir.

Despois dime, falando de transparencia, que cambiamos as partidas a escuras. Entón vostede ¿como se enterou?, ¿que pasa, que ía un día pola rúa e llo dixo un señor ao oído? Vostede enterouse porque isto mándase ao Parlamento e publícase ¿Que é iso de cambio de partidas a escuras? Iso antes non se facía, señora Santos. Vostede leva pouco tempo aquí, pero antes —e cando digo «antes» é antes de que nós chegáramos ao Goberno— iso non se facía. Nós mandámolo, mandamos todos os cambios de partidas. Efectivamente, é un acordo, e, cando se toma no Consello da Xunta, vén aquí e publícase. E a xente que mira os boletíns entérase. Eu non sei se vostede se enterou porque o leu no periódico, que tamén se entera —e paréceme moi ben— ou porque vostede o viu directamente. Pero están, publícanse sempre. Polo tanto, ¿que é iso de cambio de partidas a escuras? ¡Home! Creo que niso hai que ser minimamente serios, señora Santos. Porque se empezamos a dicir estas cousas... Non se fan as cousas ás agochadas en absoluto, e todo o que se fai é cumprindo a normativa. Mándase aos sitios necesarios e obrigados para poder publicalo e que se saiba.

Do Observatorio da Violencia Machista pídemelo que sexa efectivo. Imos facer todo o posible. Vostedes pediron un cambio. Ao contrario do que fixo o Partido Socialista, que non nos tocou en nada en partidas, vostedes si que piden un cambio. Non respecto dos 100 millóns que pide o Grupo do BNG, que os saca de materias sanitarias para metelos en temas relacionados coa violencia machista. Na miña opinión é discutible; sobre todo, polos sitios de onde sacas as partidas. Pero, en fin, vostedes fan unha variación menor pero, cando menos, este é un tema que lles preocupa. Polo tanto, dígolle que nós temos a nosa visión e vostedes a súa. Lamento tamén que ningún de vostedes fixera ningunha declaración pública —entendida como feita dende esta tribuna— de que imos facer todos e todas todo o posible para trasladar a esa comisión que vai haber no Senado unha postura conxunta de Galicia para a loita contra a violencia machista. Creo que iso é importante, cando falan de consensos. Este é o consenso que nós estamos reclamando. Nin unha soa mención —non sei se a van facer agora—, pero confíen en que nós faremos —acertaremos ou non, como lle dicía antes— todo o posible por facer as cousas ben en algo tan importante.

Non se referiu ningún —ou, polo menos, se foi así, desculpen, creo que non— ao esforzo importante que se fai na quenda de oficio. É que iso tamén é política social. É que iso, moitas veces, é favorecer a loita contra a violencia machista a través da asistencia de oficio, todas esas cousas que se fan. E pódolle dicir que Galicia, na quenda de oficio, vai estar, a partir de agora, nos postos máis arriba. Xa nos gustaría estar máis, pero comparado co que se cobra

noutros sitios, e sobre todo cos tempos que esperan, estamos ben na quenda de oficio. Señora Vilán, vostede sábeo perfectamente. E temos que estar mellor aínda. Pero creo que isto é importante, é un esforzo que se fixo, que se fai dende a Xunta de Galicia, e creo que merecería, non sei —na miña opinión, polo menos—, algún tipo de comentario.

Sobre o que me pregunta pola UPA creo que xa lle contestei, contesteille ao señor Villoslada.

Sobre Lexnet fixeron críticas todos. ¡Oia!, isto ten fallos, é un sistema complicado. Pero pódolle asegurar que funciona infinitamente mellor do que funciona noutros sitios, señora Santos. Supoño que falarán con xente que traballa na Administración de xustiza, pero eu tamén. E con fallos e con cousas que hai que corrixir, creo que estamos á cabeza, e é xusto recoñecelo. E o investimento en novas tecnoloxías no ámbito xudicial non ten nada que ver co que se facía ata hai uns anos. Polo tanto, queda moito por facer, pero eu creo que a diferenza é tan abismal respecto do que había antes e respecto, sobre todo, do que hai noutras comunidades autónomas, especialmente as que están xestionadas no territorio do Ministerio, que creo que é xusto recoñecelo, ou, polo menos, non negalo en absoluto.

Sobre a creación de novos xulgados, o mesmo que lle dicía —paréceme— ao señor Villoslada. A todo o que nos ofrezan diremos que si, e poñeremos os cartos para o capítulo I, de persoal, para que poidan ser creados. Agora, respecto da súa designación concreta, de cales si e cales non, seguiremolo facendo —dende logo, mentres esa sexa a miña responsabilidade— por parte da Xunta de Galicia de común acordo, na comisión mixta, co Tribunal Superior de Xustiza; admitindo todas as críticas e sabendo que ás veces a decisión política é máis fácil que a decisión obxectiva. Pero a decisión vai ser sempre obxectiva, que creo que é a mellor forma de facer política.

Respecto das emerxencias, mire, se imos seguir sempre dicindo que nós o que queremos é facer negocio co lume, darlles os cartos ás empresas, que son todas amigas nosas, privatizado e tal, nunca resolveremos a cuestión principal, que é que levamos un ano esperando a que se nos plantexe desde as deputacións, promotoras do cambio de sistema —tres delas, iso quere dicir que a cuarta non—, e dicir, se se pode facer un cambio de sistema, que aseguren que sexa viable. Levamos un ano. Non será tan difícil cando se nos prometeu esa documentación, feita hai menos dun mes, e un ano despois seguimos exactamente igual.

Polo tanto, señora Santos, de verdade que, se seguimos con este tipo de consignas, con este tipo de marcas, que vostedes cren tal... Non é así, non é verdade, e creo que a Xunta de Galicia a estas alturas —e díxeno tamén na miña primeira intervención—, sen ter, por lei do Bipartito, ningunha outra obriga que a pura coordinación de emerxencias, estase implicando como non se está implicando ningunha comunidade autónoma para atender as emerxencias. Aquí é moito máis difícil, porque a nosa orografía, a nosa dispersión poboacional, fai moito máis complicado atender as emerxencias. Pero aquí ímolo intentar nun esforzo de todos. E as deputacións aquí estanse implicando. Se queren cambio de sistema, que o fagan. Os concellos téñense que implicar, e isto, ao final, creo que todo o mundo o agradecerá.

Pouco máis. Quédame unha quenda de intervención, paréceme, e intentarei facer un pequeno resumo. Intentarei, á parte das cousas que despois lles escoitarei a vostedes nesa última quenda, recordar todo o que se fixo, o que serviu de base para o que queremos facer e, sobre

todo, o que queremos facer. E volvo dicir, para finalizar —que vostedes o identificarán como buenismo, como propaganda, como o que sexa, pero é absolutamente sincera e convincente— o da oferta de colaboración. Nós gañamos as eleccións por maioría absoluta e por iso estamos aquí, pero a oposición, se quere, tamén ten cousas que dicir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Ábrese agora unha rolda especial de aclaracións con dúplica do Goberno.

Ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Si, moitas grazas, señor presidente.

O señor vicepresidente fíxonos aquí unha oferta sincera de consenso e un chamamento ao diálogo. Eu creo que debería nomear como persoa coordinadora desa oferta de diálogo a señora Paula Prado. (*Aplausos.*) Eu creo que é a persoa que ten o talante máis acaído para dirixir esta oferta tan sincera e tan honesta que nos fixo o señor Rueda neste Parlamento. Porque, ademais, deunos aquí unhas grandes leccións de experiencia política aos demais, que somos pobres deputados novatos, que acabamos de chegar ao Parlamento e non temos ningunha experiencia. (*Aplausos.*)

Agradecemoslle moito ese ton e esa humildade que nos acaba de brindar hoxe aquí. Debeu tomar hoxe ración dobre, xa llo dixen o outro día, ración dobre de guindilla e de chile —que vostede o outro día me copiou o chascarrillo—, pero a verdade é que a vostede no almorzo hoxe lle deberon dar unha dose extra. E fixo vostede aquí unha referencia a Cuba, que non esperaba menos, e téñolle que dicir algo ao respecto.

Mire, eu síntome moi orgulloso do meu paso polo Goberno galego, desde logo, foi unha grande honra. Tamén me sinto moi orgulloso de ter dirixido unha política —por primeira vez— exterior de promoción da cultura galega no mundo sen pedirlle permiso e tutela a ninguén, indo con voz propia e coa nosa cultura con orgullo polo mundo. (*Aplausos.*) A Cuba fomos como país invitado e foi unha enorme honra. E fomos como país invitado despois de ir alí a Alemaña e Arxentina, e algúns iso non o podían tolerar, por iso fixeron unha campaña infame de ataque contra esa experiencia. Pero está aí, está aí e foi defendida por todo o sector cultural deste país e por todas as persoas que participaron nesa primeira experiencia, que —desgraciadamente— despois quedou truncada porque vostedes botaron abaixo todas as políticas culturais que se puxeron en pé neste país, acordadas cos distintos sectores. (*Murmurios.*) E algunha que mantiveron por aí debía molestar tanto que fose impulsada polo Goberno do BNG naquel momento que lle cambiaron o nome, cambiáronlle o nome.

En fin, pero iso non é o máis grave que dixen vostede aquí. Vostede aquí fixo afirmacións absolutamente intolerables, que non lle consentimos e que lle pedimos que retire, pedímoslle que as retire. Porque, desde logo, non é de recibo que vostede diga nesta tribuna deste Parlamento que onde gobernamos ninguneamos as mulleres. Iso é absolutamente intolerable e

non llo consentimos, non llo imos consentir. (*Aplausos.*) Ou que digan que os grupos da oposición están inhabilitados para falar aquí de igualdade. Tampouco lle consentimos iso, porque alí onde gobernamos damos exemplo do noso compromiso firme...

Si, voulle falar de Ponte Caldelas, non se preocupe que lle vou falar de Ponte Caldelas, efectivamente. Porque vostedes atoparon aí un tema para atacar —como fan habitualmente— os gobernos desde este Parlamento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero non lle admitimos a demagogia e a frivolidade (*Aplausos.*) coa que actúan neste tema, incluso falando de series como *Cuéntame*. É absolutamente frívolo que faga este tipo de comentarios. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O CIM de Ponte Caldelas, o servizo, pasou iso que pasou porque había un contrato ilegal, (*Murmurios.*) había un contrato ilegal. ¿Que sabe quen o asinou? ¿Sabe quen o asinou? O señor Perfecto Rodríguez, alcalde de Ponte Caldelas. ¿Sabe quen é? ¿Sabe quen é o señor Perfecto Rodríguez? Pois vostedes déronlle como premio, por facer contratos ilegais, a Xerencia do Consorcio da Igualdade e do Benestar. Eses son os premios que lles dan vostedes aos alcaldes que asinan contratos ilegais, que despois a xustiza bota abaixo. Pero non se preocupe vostede que Ponte Caldelas e todos os gobernos onde está o BNG, desde logo, van ter servizos de igualdade, van ter atención ás mulleres, non se preocupe vostede por iso, porque está garantido.

Curiosamente vostede non dixo nada cando se suspendeu, cando se suprimiu, o CIM de Cambados, non dixo nada vostede, estivo calada. Daquela vostede non estaba aquí, non estaba no mundo, non estaba no Parlamento, estivo calada. Claro, gobernaba o Partido Popular en Cambados, entón non había que dicir nada. (*Aplausos.*) En fin, cada un coa súa conciencia e cada un coas súas incoherencias.

Señor Rueda, tamén vou falar de vostedes... Quédame pouco tempo e vou falar de vostedes. Ben, gañaron as eleccións por maioría absoluta. Tamén o señor Trump gañou as eleccións por maioría absoluta. (*Murmurios.*) Ben, gañar as eleccións por maioría absoluta gáñaas moita xente no mundo, con moitos procedementos e con moitos recursos, e veremos os resultados.

A min o que me dá un pouco de preocupación é que vostede non saiba nin quen constitúe a Área Metropolitana de Vigo, sendo vostede nada máis e nada menos que o vicepresidente da Xunta de Galiza. Pois na Área Metropolitana de Vigo está a alcaldesa de Moaña. Non sei se coñece a alcaldesa de Moaña, que está esperando que a Xunta lle resolva todo (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o caos de tráfico que lle montaron alí coas obras da variante. (*Murmurios.*) Pois ben...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...está na tal.

Con respecto á xustiza... A vostede non lle gusta que lle recorde isto, pero os titulares son contundentes. «Fallos tecnolóxicos obrigan a suspender e atrasar decenas de xuízos en Ga-



liza». Unha noticia de outubro de 2016, de hai tres meses. «O xulgado pioneiro en papel cero sopesa abandonar polas avarías». O xulgado pioneiro en papel cero. Unha noticia de decembro de 2016, de hai un mes. «O persoal constata a falla de medios telemáticos e os fallos nas aplicacións». «O sistema que ía acabar co papel cero nos xulgados multiplica». Unha noticia do mes de outubro de 2016.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Bará, remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** Faltan equipos e un mellor acceso á rede, pero, sobre todo, espazo, xuíces e xurados. Vostede vén aquí cun discurso triunfalista de autobombo, pero a realidade da xustiza é a que poñen os papeis, a que poñen os medios de comunicación, a que denuncian todos os días os traballadores...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, grazas...

**O señor BARÁ TORRES:** ...deste ámbito.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señor Bará.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario Socialista o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.

Paréceme certamente desolador que —como ben pide o señor vicepresidente acordos de cara a esa comisión ou subcomisión no Senado en materia de violencia— a voceira do Partido Popular fixera a intervención que fixo, precisamente, en materia de violencia, en materia de igualdade. (*Aplausos.*)

Á parte de que me parece de pouco rigor, incluso parlamentario, porque non fixo ningunha alusión, salvo en materia de igualdade, con ese matiz ao resto de presentación da súa proposta por parte dun membro do Goberno.

Señora Prado, á parte da problemática laboral que hai en Ponte Caldelas, e que vostede coñece ben, non nos fale de exemplos cando —á parte do caso Baltar— votaron a semana pasada en contra dunha iniciativa en materia de cláusulas antiembarazo e en materia de deporte feminino, incluso o Partido Popular en Madrid tivo a delicadeza de absterse, non de votar en contra. Onte tivemos as noticias de que a nivel de Goberno central se eliminan os plans de igualdade para pemes e para universidades, non nos falen de compromisos de igualdade, ¡por favor! (*Aplausos.*)

Pero si, señor Rueda, conte con nós, efectivamente, para o mellor traballo posible de consenso de cara ao Senado en materia de igualdade e en materia de violencia de xénero.

Dúas, tres cuestións, pois paréceme oportuno introducir algunha matización ou algunha precisión para a última rolda de peche pola súa parte.

Cando nós falamos de transferencias non falamos de que o Goberno central teña a ben transferir ou non transferir, senón que falamos de dar pulo á propia iniciativa autonómica en materia de transferencias. É dicir, se vostedes —incluso no seu propio programa electoral— establecen ese elenco de materias a formular ao Goberno central para transferir a Galicia, inicien que teñan lugar os correspondentes acordos para formular esas iniciativas. Porque temos a sensación de que por parte do Partido Popular sempre se concibiu o Estado autonómico como un modelo de desconcentración administrativa, non realmente como un modelo de descentralización territorial e política, e, desde ese punto de vista, se non cambian esa visión, ese exercicio de iniciativa autonómica vai ser difícil que o leven adiante de forma convencida.

Cando falamos de acción exterior, si que non podemos considerar o mesmo desenvolver a Estratexia galega da acción exterior de Galicia a nivel de decreto que a nivel de lei. Evidentemente, o consenso da Cámara, o debate parlamentario, é o que pode enriquecer e acadar precisamente eses consensos nunha acción tan importante como é a acción exterior. Que, por certo, cremos que hai un déficit importante de traballo no ámbito da Unión Europea, incluso nos gustaría que desde ese punto de vista a acción exterior da Xunta non consistira unicamente nun relatorio de viaxes, pura cronoloxía que se presenta á correspondente comisión. Necesitamos que o propio presidente ou o vicepresidente cando fan determinadas viaxes ao exterior dean conta no pleno da Cámara desta importante acción.

Cando falamos de convicción en materia de loita contra a fraude e a corrupción, cando eu menciono o recente informe de Transparencia Internacional España, menciónoo porque o propio portal autonómico de transparencia do Goberno asume este índice como propio do nivel de transparencia da Comunidade Autónoma de Galicia, se non poderíamos acudir a outros portais. E preocúpame que ocupemos o último lugar, precisamente, en transparencia en materia de urbanismo, ordenación do territorio e obras públicas.

Cando falamos tamén de reordenar efectivos, supoño que falamos de reordenar efectivos pero tratando de recuperar, coa progresividade que se necesite, o emprego público perdido, abrindo as mesas de negociación e reforzando a Escola Galega de Administración Pública, que pouco está a facer, porque non ten talvez recursos suficientes en materia de formación de promoción interna de todo o persoal e de traballo para os mellores itinerarios profesionais do emprego público en Galicia.

Neste sentido, para rematar, si que me gustaría insistir en que, por favor, leven adiante os procesos metropolitanos, os procesos de mapa territorial. Nós cando falamos de fusións si, fusións non, o que estamos é pedindo un plan de traballo, un calendario, un horizonte. Non sigan asfixiando as cidades de cara ás eleccións de 2019, porque a única cidade de Galicia que están a gobernar é a de Ourense e non son capaces de desenvolver os orzamentos que necesita esta cidade e de levala adiante.

Nada máis, pola miña parte. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Villoslada.

Ten a palabra pola parte do Grupo Parlamentario de En Marea a señora Santos Queiruga.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Grazas.

En primeiro lugar, o que quero manifestar é que aínda que me gustaría xa directamente falar co señor Rueda, que disto trata esta intervención, é que me vexo absolutamente obrigada, como muller, a contestarlle á señora Paula Prado; porque é de tal nivel de aberración a súa intervención para con nós, as mulleres, e sendo vostede muller, que me apena profundamente ter que interpelala, porque vostede si que é unha lousa para o feminismo, para as mulleres e para que os espazos políticos e os espazos da sociedade sexan femininos, sexan realmente de mulleres fraternas (*Aplausos.*) e de mulleres que realmente están á altura dos cambios nos que temos que estar nós na dianteira, as mulleres.

É mellor ser feministas de bazar, señora Prado, que ser feministas de Louis Vuitton, ¿sabe? É moito mellor, é moito mellor. E de facer regaliños ao feminismo que vostedes entenden..., igual sabe máis Ana Mato e as súas compañeiras de organización, que se empezamos tamén a tirar de hemeroteca facemos un alarde de feminismo e de bo comportamento, tamén, de verdade, inmellorable.

Cremos, ademais, que facer unha frivolidade dun tema tan grave como é a situación das mulleres, como é no caso da violencia machista, no caso tamén das desigualdades que sufrimos..., eu xa lle comentei ao señor Rueda que consideramos que si que fan moitas veces lexislacións e propostas dende o seu grupo que para nós están ben e que son correctas, o problema é levalas á práctica, que sexan realmente realidade.

O que vemos é que, por exemplo, en materia de igualdade salarial os contratos temporais entre homes e mulleres están no 61,96 % para as mulleres e no 38,04 % para os homes. Isto é responsabilidade directa da Vicepresidencia da Xunta na área competente. Entón, ben, ben, non se está facendo, é unha cousa que hai que mellorar.

Cando falaba co señor Rueda comentáballe que ten un goberno esgotado, máis alá de que nadie pon en dúbida que gañaron as eleccións, repetímosllo constantemente, nadie o pon en dúbida, pero iso non quere dicir que non teñan que asumir que hai que avanzar e que hai que mellorar, e que nós poidamos ter un modelo moito máis moderno.

Está equivocado cando di que os demais non coñecemos máis do que coñecen vostedes e que temos unha administración moi moderna. Temos unha administración que se modernizou en moitas cousas, estou de acordo con vostede, noutras ten moito que modernizarse, porque hai persoas que vimos tamén doutras administracións, efectivamente de nivel estatal, que tamén sabemos de moitas eivas que ten a Administración galega con respecto á calidade, á temporalidade, como lle comentei antes, da cal non dixo absolutamente nada; un 30 % en temporalidade que conduce a procesos xudiciais e que é un problema grave, porque despois denunciase a Administración e produce tamén un empeoramento da prestación de servizos, da calidade dos servizos de benestar, que é a súa responsabilidade, tamén.

E, señora Prado, con respecto á corrupción, ¿que quere que lle diga? Á parte volve dicir unha cousa. A próxima vez que o Grupo Popular se refira ás nosas organizacións e ao noso grupo parlamentario cun nome diferente, coa intención de facer burla das nosas organizacións,

eu, polo menos, voume dedicar tamén a denominalos como os denomina moita xente, que é «Partido Podre», e tamén temos o mesmo dereito. «Partido Podre» pola corrupción, está na *Champions League* da corrupción, na *Champions League*.

Poden utilizar demagoxicamente o que queiran, que non somos iguais, ¡non somos iguais! (*Murmurios*.) É máis, é que directamente lle podían poñer unha verxa a Génova 13 que acababamos antes, e sábeo todo o mundo, están imputados ata como organización política pola corrupción.

Entón imos ser serios e imos ter un pouquiño de humildade. Igual que se nos recomenda humildade, teñan vostedes tamén humildade en saber que nadie vai poñer en dúbida que o Partido Popular ten os niveis máis altos de corrupción en todos os espazos que goberna de todo o Estado e de toda Europa. E iso é así, por moito que lles doia, e polo menos acépteno e teñan humildade, e isto é non porque lle poida pasar a calquera organización política ter unha persoa que lle sae rana, senón que son os sistemas de control, que vostedes non os teñen nin dentro nin fóra nin en ningunha parte.

E por último, con respecto ás transferencias da AP-9. O que está claro é que é unha incoherencia, é unha deficiencia moi grande deste Goberno que voten unha cousa aquí e voten xusto o contrario en Madrid cunha cousa tan importante para a economía e para o benestar de moitos galegos e galegas, unha inxustiza social absoluta, e que teñan ese nivel de ausencia de rebeldía e de submisión ao señor Rajoy. E que saquen vostedes —dío o señor Rueda— este goberno de maioría absoluta, único en todo o Estado, pois de pouco lles serve, porque non lles fan nin puñetero caso, para desgraza nosa.

Entón, a moitas cousas non me respondeu con respecto á cuestión da corrupción e da transparencia.

E por último, tamén, que me quedaba no tinteiro, nas administracións galegas non é que me conten cousas os funcionarios, como lle poden contar a vostede, senón que son o meu gremio. Eu non son política, son empregada pública, estou de paso, pero ultimamente me comentaban...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** ... —xa remato— como é que hai unhas subvencións por aí que están asignadas dunha maneira absolutamente de todo menos transparentes, pero como hoxe non é o día, xa presentarei isto en comisión ou en pleno, que é onde hai que facelo, e desmontará esa argumentación.

Así que nada máis. (*Aplausos*.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Santos.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario Popular a señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

Señor Villoslada, eu a verdade é que sinto que lle defraudara o meu discurso, pero é que o meu discurso se baseou na coherencia, máis ben na incoherencia. E cando eu dixen que estaban inhabilitados para falar de igualdade, referíame ao caso concreto que lles expuxen, e mentres non rectificuen en Ponte Caldelas, eu non vou rectificar nin unha soa das palabras que dixen nesta tribuna, (*Aplausos.*) nin unha soa, ¡nin unha soa!, porque para chegar a acordos é básica a coherencia.

Porque, ¿con que Partido Socialista falamos?, ¿co Partido Socialista que defende que os centros de información á muller teñen que ser unha competencia da Xunta?, ¿con ese? Señora Vilán, ¿vostede tamén é xuíz?, ¿vostede tamén é xuíz, señora Vilán? Porque nesta Cámara hai moito xuíz, e moita xuíza, e moita xuíza adxunta, e, ¿vostede tamén é xuíza adxunta, señora Vilán? (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por favor, guarden silencio, igual que se ha guardado.... Por favor, guarden silencio.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Hai que defender que os xuíces se pagan no xulgado, que os xuíces que se pagan no xulgado, señora Noela...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por favor, señor Sánchez. Señor Sánchez, por favor.

Guarden silencio. Perdón, señora Prado, perdone un momento. Disculpe un momento.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Si, pero páreme o tempo.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Disculpe un momento, ya está parado el tiempo.

Por favor, estoy actuando con rigor en todos los casos. Sí, sí, señor Santos. Sí, sí.

Míre, le pido que guarde el respeto necesario, que escoite os seus compañeiros igual que se escoitou o anterior.

Chámoo á orde, primeira chamada.

Pode vostede continuar, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Eu insisto, eu falaba de coherencia, porque para chegar a acordos é fundamental saber de que punto de partida partimos, e non sei se falo co Partido Socialista que defende que os centros de información á muller sexan competencia da Xunta ou co Partido Socialista que defende que os centros de información á muller sexan competencia municipal, porque como neste momento en Galicia hai dúas visións do Partido Socialista respecto aos centros de información á muller, denuncio a incoherencia, porque sen esa coherencia é imposible chegar a acordo, señor Villoslada.

Mire, señor Bará, a Cuba irían con voz propia, pero polo que se ve foron con bebida allea, pagada por todos os galegos e galegas, esa é a súa... (*Aplausos.*) E dígolle o mesmo que ao señor socialista e á señora Santos, non vou rectificar mentres vostedes non rectificquen en Ponte Caldelas, porque non é certo o que vostede dixo aquí.

Vostedes non teñen un compromiso serio coa igualdade, vostedes non defenden as mulleres que o están a pasar mal no rural, porque o concello de Ponte Caldelas ten 5.600 habitantes, e as mulleres de Ponte Caldelas teñen o mesmo dereito a ter unha atención especializada en materia de violencia de xénero que calquera outra muller galega, (*Aplausos.*) e vostedes estanlles furtando ese dereito, ese dereito, señoría.

E mire, a vostedes moléstalles que eu veña aquí e lles desmonte o seu discurso sobre a igualdade. Iso é o que lles molesta, porque vostedes cren que teñen o patrimonio da igualdade, igual que vostedes cren que dan carnés de galegos e galegas, ¡pois non! Vostedes non teñen o patrimonio da igualdade, porque onde gobernan non a defenden co mesmo ahínco que lle piden á Xunta de Galicia que a defendan.

E mire, señora Santos, por suposto que non, non e non. Eu non son o tipo de muller en política que busca o señor Pablo Iglesias, esa muller política que ten que ser para coidar os demais, como unha nai, ¡non, négome!, ¡négome! Mire, xa perdo os papeis. (*Risos.*) Négame a ser (*Aplausos.*) a política, négome a ser a muller política que quere Pablo Iglesias que sexan vostedes, as mulleres de Podemos. Para ser coidadoras e nais xa están vostedes, as mulleres de Podemos, as do Partido Popular loitamos polos dereitos das mulleres, as do Partido Popular loitamos para que as mulleres teñan independencia económica, teñan un traballo digno e teñan un salario acorde co seu traballo. (*Aplausos.*) Vostedes dedíquense a coidar. Igual é que non a entendo, porque, claro, como vostedes agora fan un discurso para rapaces de catorce anos, pois claro, igual temos que ir descumprindo para ir introducíndonos no seu ideario e no seu imaxinario, máis ben imaxinario que ideario, pero, bueno.

Señor vicepresidente, eu a verdade é que lamento que despois de que vostede viñera aquí cun discurso cheo de palabras, e cunha comparecencia chea de palabras como ilusión, impulso, reforma, diálogo, compromiso, consenso, respaldo, cooperación, transparencia ou responsabilidade, tivera que escoitar as cousas que escoitou, pois un que está facendo méritos para chegar á alcaldía de Pontevedra, a outra que tamén está buscando o seu sitio, porque, claro, como non a deixan falar. Despois din que nós lles chamamos As Mareas de Podemos, pero é que lles chaman nas rúas As Mareas de Podemos.

Nós traemos á Cámara a linguaxe da rúa, señora Santos. Eu non teño a culpa de que lles chamen As Mareas de Podemos. (*Aplausos.*) É que realmente eu entendo que onte a señora Bescansa foi moi clara e dixo que vostedes xa non ían estar integrados. Non sei moi ben, bueno, o señor Villares rise, é que claro, isto de que a un o voten para que non sexa portavoz, a outra entre ou non entre. Eu entendo que cos seus líos é moi difícil ter un discurso coherente e único, enténdoa, pero vostede tamén entenderá que a xente da calle non se aclara se son Marea, Marea de Podemos, Podemos das Mareas, ou se hoxe son, mañá non son, un día se integran, outro día se desintegran, e a verdade é que...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...resulta moi complexo.

Señor vicepresidente, conte co Grupo Parlamentario Popular para conseguir os obxectivos que hoxe nos marcou na súa intervención, porque os obxectivos de Galicia tamén son os obxectivos do Partido Popular, porque non podemos defraudar as persoas que nos votaron o 25 de setembro.

E o 25 de setembro a xente da rúa, os cidadáns e cidadás de Galicia...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PRADO DEL DRÍO:** ...votáronnos polos feitos e non polas palabras. Polas palabras pérdense outros, e así lles vai nas urnas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra para cerrar o debate o vicepresidente e conselleiro da Presidencia.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Grazas, señor presidente.

Señor Bará, se eu fixera coa señora Prado o que fai vostede co señor Mosquera, tería que estar aquí defendéndoa, pero sabe que se defende perfectamente. Simplemente lle digo que vostede de cinco minutos que tiña dedicou catro e medio a falar de cousas que non tiñan que ver coa consellería, e ao final o de sempre. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Cada un elixe os temas que lle importan. Entón xa vimos o que lle importa a vostede, volveu falar outra vez do mesmo, o das videoconferencias, só dos titulares, falou de titulares.

Tómese a molestia de ler a noticia e verá o que lle dixer na primeira intervención, que fallan porque fallan doutro lado, porque estamos aquí cun sistema de videoconferencia que está máis adiantado, e voume sempre ao que vostede lle puxo, e non digo nada máis porque senón tería que facer do señor Mosquera, e eu non son o señor Mosquera e non teño que defender a unha persoa que se defende perfectamente, por certo, con verdades como puños, e teño que dicilo, que quede claro.

E despois disto, señor Villoslada, dime o da lei —si, volvo dicir unha discusión, si, o debate parlamentario—, eu a cambio pódolle ofrecer, mentres fagamos esa estratexia, todo o traslado das cousas que fagan falta sobre esa estratexia para facer as aportacións que sexan necesarias, porque de verdade que nos interesa moitísimo acertar nesa estratexia.

Respecto ao portal de transparencia que me dicía, si é certo que nós o temos como referencia, téñeno como referencia en todas as comunidades autónomas, pero tamén lle dicía que noutra análise, noutra análise que eu creo que é obxectiva, saíamos moito mellor parados.

En todo caso, o que lle podó dicir é que cando en transparencia internacional saíamos de segundos, aquí, neste Parlamento, diciánnos que eramos un desastre, co cal, en fin. O único que podemos facer é intentar facer as cousas ben e crer que se dan pasos importantes en transparencia, e seguir entre todos intentando conseguir a administración máis eficiente e máis transparente posible.

E respecto aos procesos metropolitanos, ningún problema, volvín —creo que non tivo moito eco— e volvo facer aquí a oferta de que cando se cumpra a lei, a Xunta de Galicia retirará o recurso contencioso-administrativo posto en defensa da lei que todos aprobamos, por unanimidade. Polo tanto, pleno apoio ás áreas metropolitanas, tamén á da Coruña. A da Coruña o que teñen que facer —isto xa tiveron ocasión de falalo co alcalde da Coruña— é suscitar o consenso de todos, polo menos no desexo de facelo antes de poder impulsala, e aquí non haberá ningunha dúbida.

E señora Carmen Santos, simplemente, se me permite un comentario —que non un consello, que non son quen para darllos—, eu tamén son empregado público, pero aquí estou facendo de político, para iso nos pagan, para facer política, para intentar mellorar as cousas. Ese discurso de eu non son política, son outra cousa, porque os políticos é mellor dicir que non son, iso o que leva ás veces é a cousas como o que dixo o seu compañeiro, Antón Sánchez, de dicir —estábo dicindo alí, eu o escoiteino alí— que para poñer sentenzas públicas non fai falta ser xuíz. Esas son as cousas perigosas que desprestixian a política, polo tanto, eu esas cousas non as diría, sinceramente. *(Aplausos.)*

E para rematar, como lles anunciei ao principio, a min gustárame simplemente dicir que para construír, para seguir construíndo no futuro, primeiro hai que ter construído no pasado, e eu estiven aquí hai catro anos dicindo que se poñería en marcha un centro de atención de recuperación integral destinado ás vítimas de violencia de xénero. Está en marcha, 123 persoas atendidas en apenas dous anos.

Dixemos que constituiríamos un observatorio galego de violencia de xénero, unha comisión interdepartamental, e xa está funcionando. Anunciamos que remataríamos o novo complexo xudicial de Ourense, que poñeríamos en marcha o portal de xustiza, e o edificio leva funcionando vai xa para dous anos e o portal de xustiza está funcionando xa de xeito pioneiro.

Dixemos que crearíamos unha unidade especializada na unidade de Policía adscrita para loitar contra a violencia de xénero, está funcionado desde o pasado verán. Dixemos que reforzaríamos as asociacións de voluntarios de protección civil e empregamos máis de 8 millóns de euros en dotas de novos modios materiais, que, insisto, falta facían.

Informamos que regularíamos a normativa do sistema de control horario introducindo teletraballo e a flexibilidade horaria como sistema xeneralizado, e está funcionando, creo que con éxito, dentro da Administración da Xunta de Galicia.

Anunciamos que traballariamos para incorporar os procedementos administrativos en sede electrónica, e o Plan Achega —como lles dixen— permite practicamente a totalidade. Falta que un 5 % dos procedementos da Xunta de Galicia se poidan empezar de xeito electrónico.



Verá, son algúns exemplos, señorías, das cousas que dixemos que iamos facer probablemente hai catro anos, e vemos o *Diario de Sesións*. Vostedes —ao que lle tocara interpelarme nesa ocasión— dirían que non o iamos facer, que era todo continuísmo, porque é verdade que xa viñamos dunha lexislatura anterior e que era propaganda. Bueno, pois son cousas que están feitas, e como son cousas que están feitas e que se nos permiten facer, o que agora pretendemos levar a cabo nesta lexislatura —dígollo e reitérollo— serán as grandes liñas de acción: rematar a dotación das grandes cidades en infraestruturas xudiciais; faltan solo os edificios que están en construción; aprobar o VII plan de igualdade, con programación de actividades ata o 2020; aprobar o I plan de conciliación e corresponsabilidade de Galicia 2018-2020; seguir impulsando unha fronte común contra a violencia de xénero para construír o pacto de Estado contra esta lacra, e aí temos a oportunidade, e agradézollo ao señor Villoslada —foi o único que o dixo, teño que dicir, dos tres grupos que faláron, excepto o PP, que dou por suposto que vai estar nese consenso— que ofreceu ese consenso para fixar esa postura común; aprobar unha nova lei de emerxencias para avanzar na coordinación dun escenario que afortunadamente non é o de hai quince anos e que, polo tanto, é necesario coordinalo, e comprometo o apoio da Xunta de Galicia a pesar de que, legalmente, non tiña esa obriga.

Tamén centralización dos procesos de selección e, en definitiva, reforzamento dos corpos de Policía Local; posta en marcha do centro de atención ás emerxencias 112 na Estrada; impulsar a nova lei de Administración local unha vez que se dean os condicionantes que antes dixen respecto ás modificacións estatais e ao modelo de financiamento; compromiso da Xunta de Galicia de retirar —acabo de dicilo— o contencioso-administrativo cando se cumpra a Lei da Área Metropolitana e poñela en marcha, ofrecendo o traspaso de competencias dende o primeiro momento; aprobar un decreto regulador, non un sistema de xestión da calidade, no sector público autonómico; reordenar os efectivos da Administración autonómica, un plan moi ambicioso que tampouco mereceu —e láméntoo— os comentarios de ninguén; aprobar unha estratexia galega de acción exterior para Galicia, e reitero o ofrecemento do señor Villoslada de participación; e cooperar co desenvolvemento solvente das ONG no labor que están facendo e incrementar o seu orzamento, de acordo sempre, como mínimo —e se pode ser superior—, co que aumenten os orzamentos da Xunta.

Esta tamén é unha pequena escolma das cousas que queremos facer nesta lexislatura, ás cales me comprometo igual que me comprometín hai catro anos, e só volvo dicir que pido a colaboración e ofrezco consenso nas cousas que poidamos consensuar, e creo que, se acertamos, acertaremos entre todos, Goberno, que gañou as eleccións, e oposición, que volvo dicir —como dixen antes— que ten moito que dicir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Suspendemos a sesión ata as dezasete horas.

Moitas grazas.

*Suspéndese a sesión ás tres e trinta minutos da tarde e retómase ás cinco da tarde.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Retomamos a orde do día co punto 2, as mocións.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero en persoas menores de idade**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo.

A esta iniciativa presentáronse dúas emendas: do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Luisa Pierres López, e polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de Paula Prado del Río.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:*

*«O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a promover un Pacto galego contra a violencia de xénero e que como mínimo inclúa as seguintes medidas:*

*1. Un incremento substancial dos recursos económicos destinados a loitar contra a violencia de xénero, que como mínimo, garantan que ningunha muller vítima de violencia machista en Galicia quede fóra das axudas periódicas por falta de orzamento. E que estas, unha vez solicitadas se resolvan nun prazo máximo de vinte días.*

*2. Mellorar os medios e recursos da xustiza, concretamente:*

*a. Solicitar xulgados específicos en materia de violencia contra as mulleres nas principais cidades galegas.*

*b. Garantir, en todos os xulgados galegos, salas de espera separadas para as mulleres que denuncian e os seus agresores.*

*c. Garantir a formación especializada en violencia de xénero de todo o persoal que intervén no proceso xudicial, incluíndo médicos/as forenses e equipos psicosociais.*

*d. Evitar a vitimización secundaria das mulleres que denuncian, garantindo un trato axeitado.*

*e. Creación de unidades de valoración forense integral e aplicación do Protocolo forense de valoración do nivel de risco co que xa conta o Ministerio de Xustiza nos casos de violencia de xénero.*

*f. Establecer protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.*

*g. Poñer en marcha o acompañamento xudicial personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro, no seu percorrido xudicial desde o momento no que se presenta a denuncia ata o final do proceso.*

*3. Elaborar antes de que remate 2017, e remitir á Cámara unha lei galega de coeducación, realizado con participación e consenso social, nomeadamente das organizacións feministas, sindicatos do ensino e movementos de renovación pedagóxica.*

*4. Intensificar as medidas de prevención da violencia de xénero coas seguintes actuacións:*

*a. Posta en marcha, de xeito periódico, de campañas de información e sensibilización dirixidas á poboación en xeral e específicas para a mocidade, que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero e que informen dos medios e recursos a disposición das mulleres que se atopen en situación de violencia de xénero, facendo especial incidencia no ámbito rural. As campañas terán especial divulgación nos medios de comunicación de titularidade pública, nos centros escolares, educativos, sociais, sanitarios, laborais, culturais e deportivos.*

*b. Aplicar o artigo 15 da Lei 11/2017, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero relativo a formación da totalidade das e dos profesionais.*

*5. Aplicación do artigo 25 da Lei 11/2017, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero que considera a atención psicolóxica como un servizo de atención primaria. E en relación cos programas de atención psicolóxica:*

*a. Abrirase ao Programa de atención a mulleres en situación de violencia de xénero a aquelas mulleres que estean en situación de violencia de xénero, con independencia de si se produciu ou non, a ruptura da convivencia.*

*b. Ampliarase oficialmente no Programa Abrámolo Círculo aos homes menores de idade que protagonizaran casos de violencia de xénero, previo consentimento dos seus representantes legais.*

*6. Elaborar en colaboración coa Fegamp e os concellos, protocolos de prevención e atención a situación de violencia machista naquelas entidades locais que non dispoñan do mesmo ou que precisen da súa actualización por parte de persoal cualificado.*

*7. A Xunta de Galicia financiará investigacións científicas sobre as causas e consecuencias da violencia contra as mulleres e concretamente, no prazo de seis meses, realizará unha avaliación, externa e independente, do cumprimento e do impacto en Galicia da lei galega e da lei estatal contra a violencia de xénero, así como das medidas necesarias para mellorar a eficacia das políticas públicas para acabar coa violencia de xénero que será remitida ao Parlamento de Galicia.*

*8. Promover que tanto medios públicos como privados cumpran os principios establecidos na Declaración de Compostela, procurando a responsabilidade e implicación dos medios de comunicación social no combate á violencia machista e evitando o morbo e sensacionalismo no tratamento informativo da violencia machista.*

9. Estableceranse medidas para evitar a vitimización secundaria das mulleres en situación de violencia de xénero e articularanse medidas que salvagarden a súa intimidade á hora de acceder aos diferentes recursos e servizos que poñen á súa disposición ás diferentes administracións públicas.

10. Manter durante todo o ano cos fondos necesarios, as axudas a mulleres vítimas (o coñecido como Salario da Liberdade).

11. Potenciar a formación e o emprego das mulleres vítimas, cumprindo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.»)

(O G.P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paula Prado del Río, a través o seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:*

«O Parlamento de Galicia acorda que se constitúa unha ponencia, dentro da Comisión Non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, constituída o 29 de novembro de 2016 no Parlamento galego, coa finalidade de articular nun prazo máximo de 3 meses un documento de consenso de todos os grupos políticos con representación na Cámara galega, co obxectivo de elevar unha posición única e conxunta, á xuntanza da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado, que se acordou convocar na Conferencia de Presidentes do 17 de xaneiro de 2017, para celebrar un debate monográfico sobre a violencia de xénero que incorpore as aportacións da Comunidade Autónoma de Galicia aos traballos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.»)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a moción ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas. Moi boa tarde a todos e a todas.

Hoxe o Bloque Nacionalista Galego trae a este pleno unha proposta seria, ambiciosa e con contidos concretos para que realmente poñamos en marcha un pacto galego contra a violencia de xénero. Neste sentido, eu quero destacar unha cousa que para nós é importante: falar dun pacto galego contra a violencia de xénero non é falar dun rótulo, non é falar de palabras baleiras coas que tapar conciencias ou facer que se fai, senón que para nós só é posible facer un pacto galego contra a violencia de xénero se hai máis medios, máis recursos e realmente novas iniciativas para loitar contra a violencia machista. Porque o certo é que as mulleres estamos cansadas de ver como mentres mulleres son asasinadas o único que hai son boas palabras, frases grandilocuentes, pero logo, na realidade, no que está ao alcance das nosas mans, no que podemos facer desde o ámbito das institucións públicas, vemos como hai unha certa resistencia a moverse, a andar e a asumir que hai que ter novas estratexias. Porque, evidentemente, estamos ante un problema moi grave, ante unha das violacións de dereitos humanos máis estendidas e consentidas socialmente. Polo tanto, este debe

de ser un problema que preocupe, que ocupe, e no que os sillóns baleiros deste Goberno pois tamén nos ofenden no debate desta iniciativa.

Estamos falando da violencia e eu quero lembrar que falar da violencia de xénero é falar de asasinatos. Segundo os datos oficiais do ministerio —non vou recoller os datos que publica *Feminicidio* senón os datos xa oficiais do ministerio, que son o suficientemente graves—, desde o ano 2003 máis de oitocentas mulleres foron asasinadas no Estado español. Nesa mesma etapa cincuenta mulleres foron asasinadas na Galiza, o 6,3 % das mulleres asasinadas no conxunto do Estado. Pero, evidentemente, os asasinatos son a cara máis cruel, máis extrema, da violencia machista, pero non son o único rostro que ten a violencia. Sabemos que cada ano hai cinco mil mulleres que presentan denuncias nos xulgados galegos, pero ao mesmo tempo os estudos máis optimistas do que nos están advertindo é de que as denuncias non chegan nin ao 20 % dos casos reais de violencia de xénero que se producen no noso país. Polo tanto, só vemos a punta do iceberg. E nós non queremos esquecer que detrás de cada denuncia, detrás de cada golpe, hai unha muller que está sufrindo e unha muller que necesita que nós esteamos ao seu carón. Porque hoxe hai miles de mulleres que cando abren a porta das súas casas non se senten seguras e felices senón que van directamente a un inferno.

E hoxe neste debate gustaríanos darlles voz a algunhas desas testemuñas para que non se nos esqueza que non falamos de algo frío senón que falamos de algo real que nos afecta como humanas:

María foi vítima de violencia machista durante catro anos e relata que o problema chegou cando empezaron as discusións e as agresións verbais e físicas. Di: «Non es consciente de nada. Un día, de pronto, veste cun coitelo na man porque el colleu outro. E despois de catro anos, que pareceron corenta, decidín reaccionar: fun ao hospital, denunciéi e tiven un xuízo rápido, polo que lle impuxeron unha orde de alonxamento. Sen embargo, a lei non foi suficiente, pois el saltou varias veces esta orde e, aínda así, reducíronlle o tempo de tres anos a un ano».

Antonia cóntanos nunha entrevista: «A violencia sempre vai a máis. Detrás do primeiro berro chega a frase que sentencia cada conversa: *eres tonta*. Ao principio pedíame desculpas e dous meses despois volvía acumular tensión e volvía berrar e golpear a parede. Eu volvíame quedar calada polo pánico. Non tiña traballo, non podía abandonar a miña casa, non tiña onde ir e si, tiña moito, moito medo. Até que chegou un día en que me deu moito máis medo o que me ía facer cando volvera de traballar. Agarrei a miña filla, subín ao coche e marchei. Foi o mellor que puideron facer porque despois souben que andou cun machete buscándome. Unha muller que vive violencia doméstica queda fragmentada. Recoñecelo é doloroso porque, en realidade, aceptas e permites que alguén te golpee e te maltrate. É como unha morte en vida».

Eu, non sei vostedes, pero eu cada vez que escoito estes ou outros relatos que podemos ver afortunadamente a través dos medios de comunicación, pois non deixo de pensar en cantas Marías, en cantas Antonias, en cantas mulleres que nunca seremos capaces de recoñecer nin de nomear hoxe neste Parlamento, sentiron o mesmo que María e Antonia. Pero tamén penso en todas esas mulleres que xa nunca nos van poder contar as súas historias, porque

foron mulleres que quedaron enterradas e asasinadas porque dicían que eran os seus compañeiros e que as ían querer durante toda a súa vida.

E hoxe aquí eu creo que nós temos unha débeda pendente con moitas mulleres, con mulleres como Ana Gómez Nieto, con mulleres como Ana María Enjamio Carrillo, con mulleres como Elena Michaela Marcu, que foron asasinadas no ano pasado no noso país. E eu, de verdade, penso que temos a obriga de non quedarnos no conformismo de que todo está ben, de que non hai nada que facer, e creo realmente que temos a obriga de facer algo máis e que temos a obriga de poñer isto como un tema no que realmente esteamos dispostos a facer algo máis que dicir boas palabras que acaban caendo nun saco roto.

A min gustaríame que hoxe este non fora unha repetición dese discurso da mañá: demagógico, populista, que reduce o machismo e todas as súas consecuencias ao absurdo e mesmo que nos inhabilita para poder falar deste tema. Eu non vou inhabilitar a ninguén porque ninguén me concedeu eses poderes; non sei se no endeusamento que ten un lado da bancada agora mesmo xa se cren co dereito a dicirnos do que podemos falar. En todo caso, nós non imos reducir este debate a un pim pam pum absurdo partidista e que, claramente, ao final ao único que nos introduce é a unha estratexia que non vale absolutamente para nada á hora de mellorar a situación. É evidente que o feito até o de agora foi todo importante. Pero, á vista do que está pasando no noso país, nós dicimos con sinceridade que todo o feito é insuficiente, que hai un repunte da violencia, que hai unha nova estratexia neomachista e que temos a obriga de revisar o que non se fixo, o que está funcionando mal e as cousas que podemos mellorar. Porque é que, se non, parece que estamos nunha especie de rodopío no que o que non se fixo antes non se pode facer agora. Eu négome a aceptar esa dinámica porque, entre outras cousas, pois seguiríamos na prehistoria, na era cavernícola, e penso que sería importante que a dialéctica se dera noutros termos.

Nós entendemos que unha cousa é o debate que se teña que producir no Estado e outra cousa son os debates que temos que ter en Galiza en relación coas competencias que nos son propias ao noso país. E nestes termos é onde queremos situar unha proposta de pacto galego contra a violencia de xénero no que a Xunta de Galicia, todo este sillón de conselleiros e conselleiras que hoxe non acoden a este debate, pois deberían de asumir as súas responsabilidades porque teñen na súa man a capacidade para mellorar a resposta política, social e institucional contra a violencia de xénero. E nese sentido nós facemos dez propostas concretas: algunhas directamente dependen da Xunta; noutras o que queremos é que fagamos unha fronte común desde Galiza para poder defender melloras na resposta do sistema xudicial ou institucional ante unha situación tan grave como a que provoca a violencia de xénero.

O primeiro que pensamos é que fan falta máis recursos; máis recursos non só para as axudas ás mulleres que están nunha situación de violencia de xénero, senón porque falta formación, corresponsabilidade, porque faltan máis medios e máis recursos para que realmente isto sexa unha prioridade política. Nós ciframos que o obxectivo debe de ser que teñamos como mínimo un 1 % do orzamento dedicado a loitar contra a violencia de xénero. Podemos falar de se lles parece moito ou pouco, de se o queremos programar, pero ten que haber un compromiso real neste sentido.

O segundo, para nós importante: categorizar ben de que estamos falando. Hai unha nova categoría que nos axuda a definir mellor o que está pasando coa violencia de xénero: o feminicidio. Propoñemos que iso se inclúa na lexislación galega e que se poña en marcha tamén un estatuto da vítima do feminicidio que coordine toda a resposta ás mulleres que sofren violencia de xénero.

En terceiro lugar, mellorar os recursos da xustiza, tanto con máis xulgados como coa dotación que teñen que ter. E aquí, neste punto, recollemos propostas que fixo o Consello Galego da Avogacía na Comisión non Permanente sobre a Igualdade que temos neste Parlamento, que fixo propostas que quedaron aí. Nós recollemos esas propostas.

Pensamos que hai que traballar na educación, por iso cremos que sería importante un paso adiante como unha lei galega de coeducación. Creemos que é importante que haxa máis medidas de prevención. Quixera determe —se me permite un segundo— nun aspecto que é relevante, que é o que ten que ver coa atención psicolóxica: o Goberno galego está incumprindo a lei, pero, á marxe disto —que nós o que dicimos é que se cumpra a lei, que di que a atención psicolóxica debe de ser considerada como un servizo de atención primaria—, entendemos que, como non todo se vai facer do día para a mañá, os programas que están funcionando teñen que abrirse a todas as mulleres. E precisamente as mulleres que aínda non romperon coa violencia poden ser moi importantes para que dean ese paso e haxa un apoio psicolóxico...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...e que, polo tanto, todos os programas se abran nese sentido.

E logo, finalmente, hai dous aspectos que creo que son importantes: un, que se avance no cumprimento da Declaración de Compostela para que haxa un tratamento axeitado nos medios públicos e privados dos casos de violencia, e dous, que evitemos a vitimización secundaria das mulleres cando sofren unha situación de violencia de xénero. Porque realmente esta é unha cuestión que aínda que a quen non coñeza o tema lle pode parecer menor, o certo é que é moi importante non só para que cando hai unha denuncia haxa un trato axeitado e as mulleres vaian até o final, senón porque forma parte do proceso de recuperación.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** En definitiva, nós queremos un pacto galego...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...con máis medios e con máis recursos e non palabras ocas e responsabilizar aos demais, e que este Goberno ausente, desde logo, hoxe teríase dignado a participar nun dos debates sobre un aspecto tan importante como é a loita contra a violencia de xénero. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Vou ir todo o rápido que poida porque, antes de nada, señora Pontón, indicarlle que nolo puxo difícil con esta iniciativa tan extensa, que en cinco minutos apenas poderei falar do dez por cento de todo o que vostede expón. Pero máis alá deste feito, permítame dúas reflexións: o feito da súa extensa proposición —eu enténdoo ben— non é gratuito, lévanos a ser conscientes do moito —vostede dicíao—, do moitísimo que está por facer no campo da violencia de xénero. Xa comentei nunha pasada intervención que é un tema que sempre está presente en cada pleno desta Cámara, e isto é por algo: polo triste feito de que son moitas as mulleres que seguen cada día a vivir situacións de vulnerabilidade e violencia. E, por outro lado, entendemos que unha proposta que engloba tantos puntos e con tantos matices dificulta seriamente o seu apoio íntegro. Permítanos, por tanto, que a pesar de coincidir coa maioría do exposto discrepemos nalgunhas cuestións, polo que xa lle adianto que nos gustaría que contemplen a votación por puntos e, en todo caso, a nosa emenda de modificación.

No tocante á introdución dunha regulación do feminicidio na Lei galega 11/2007, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, falamos xa tamén en intervencións pasadas nesta Cámara da nosa disposición a abrir este debate, sabendo que hai opinións a favor, outras en contra e outras con matices sobre o termo e as consecuencias do mesmo. Non lles temos medo nin aos debates nin ás palabras, e moito menos a modificar as leis que nós mesmos fixemos co acordo, coa colaboración e co impulso non só de todo o arco político nalgúns casos —non noutros— senón tamén de todas as organizacións feministas. Cremos que a modificación da lei, a introdución deste termo e a súa regulación teñen que facerse con ese consenso e debate previos. Entendemos, pois, que é preciso pospoñer o apoio a ese momento.

Así mesmo, entendemos que no tema do financiamento sería máis axeitado falar de axustalo á demanda real de financiamento. Non falar de cifras nin de porcentaxes concretas, senón daquelas que sexan precisas, nin máis nin menos. Parécenos moito máis importante falar de velar pola garantía de que ningunha muller vítima da violencia machista en Galicia quede fóra das axudas por falta de orzamento. E o que é máis importante: que estas, no caso das periódicas, unha vez solicitadas se reabsorban nun prazo máximo de vinte días e non nun máximo de cinco meses, como se especifica na lei vixente. Esta urxencia nas adxudicacións é fundamental.

A pasada semana trasladábanme o caso dunha muller —ímoslle chamar tamén Lola, señora Prado, por poñer un exemplo— que, cumprindo con todos os requisitos para obter o salario da liberdade e presentando a súa solicitude, comete o erro involuntario, e non provocado por ela, de facelo nun impreso do ano 2015, e non do 2016, polo que se lle contesta un mes máis tarde solicitando: «Volva presentar a documentación no impreso correcto» e coa in-



dicación de facelo nun prazo máximo de dez días, coa ameaza de peche do expediente en caso de non o facer. Nós cremos que o tratamento deste tipo de axudas que permiten ás mulleres ser autónomas e solventes, centrarse na busca dun traballo da súa formación, debería tratarse con toda urxencia. Todos entendemos que é precisa a formalidade na tramitación dunha prestación, pero poñamos o exemplo do caso dun enfermo que entra nun Servizo de Urxencias cunha ferida sangrante grave. Ningún médico solicitaría cubrir un impreso ao enfermo antes de atendelo e metelo a quirófano. Iso entendémolo todos. Pois este é —pensamos nós— o grao de sensibilidade e responsabilidade que o Goberno debería ter con estas mulleres. Máis aínda cando estas leis que regulan as axudas xa contemplan a devolución, en caso de incumprimento das condicións, antes, durante ou ao finalizar a prestación. Dé-anlle prioridade, polo tanto, á prestación e reclamen logo canto teñan que reclamar de impresos que eviten que mulleres como esta, que cumpren todos os requisitos, queden sen recursos durante meses por un tema meramente formal. A demora deste tipo de cuestións é a que fai desconfiar as mulleres das garantías de amparo que se anuncian como tales.

Na moción de modificación, os socialistas solicitamos o establecemento tamén de protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero, así como un acompañamento xudicial personalizado para facer accesible a información ás mulleres sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido xudicial desde o momento no que se presenta a denuncia ata o final do proceso.

Repito —e xa para rematar—: son varias as propostas que engadimos e non temos tempo a comentalas todas, pero agardamos teñan a ben a inclusión das engadidas na emenda de modificación, e entendan a dificultade de poder apoiar todo o presentado por vostedes, polo que esperamos poidan acceder á votación por puntos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, boa tarde.

Señora Pontón, señora Pierres, hai máis de vinte anos que eu empecei a traballar con mulleres vítimas de violencia de xénero e coñezo a moitas Marías, moitas Anas, Vitoria, Lucía, Virtudes; podería dicirlles moitísimos casos. O que si percibo é que dende que comecei a traballar con esas mulleres ata o día de hoxe cambiaron moito as cousas, por sorte. A protección lexislativa, os recursos, os instrumentos, a sensibilización da sociedade, iso é fundamental.

Pero hai un antes e un despois, e o antes e o despois eu sempre o sitúo na orde de protección. Iso tennos que levar a unha reflexión: dende que temos a orde de protección, hai un recurso que decaeu, que son as casas de acollida. Entón, ás veces, non é tan importante poñer o acento no recurso porque ás veces hai recursos que, como ese, se solventan con outras cues-

tións. Entón, ás veces hai que utilizar un pouco máis o sentido común que ter recursos. É certo que hai recursos que son imprescindibles, pero tamén é certo que hai outros recursos que foron caendo en desuso precisamente porque a lexislación e porque outros instrumentos que foron máis contundentes co agresor, que foron máis contundentes co maltratador, que foron máis contundentes co asasino, permiten que as mulleres teñan un confort mellor. Porque, ¿onde está mellor esa muller, na súa casa ou nunha casa de acollida? Na súa casa. Pois temos que conseguir entre todos ter menos recursos, pero que a muller teña máis confort. E ese é o obxectivo que nos temos que marcar todos.

¿Onde temos un gravísimo problema? Temos un gravísimo problema na educación, señorías. ¿Por que? Porque o estamos detectando na xente máis nova, porque con toda a información que hai hoxe, coa cantidade de campañas de sensibilización que temos, con toda a cantidade de recursos aos que accede a xente nova, hai máis violencia de xénero entre os adolescentes que nunca. ¿Por que? Pois algo estaremos facendo mal. E non se trata de poñer máis recursos para as mulleres adolescentes vítimas de violencia. Non, hai que poñer máis recursos en educación, pero non só recursos económicos, que tamén, porque as cousas tampouco se fan gratis, as cousas hai que facelas tamén pagando. Por iso digo que non nos centremos só en recursos, en instrumentos e demais. Sexamos absolutamente eficaces nas políticas que poñamos en marcha, porque da eficacia desas políticas o resultado será mellor. Canto máis eficaz sexa a política que poñamos en marcha máis axeitado e mellor será o resultado.

Presentan vostedes hoxe un Pacto galego contra a violencia de xénero, señorías, con dez puntos. Como saben, aprobouse no Congreso dos Deputados un Pacto de Estado con moitísimos máis puntos. Vostedes o que presentaron foi unha cuestión absolutamente unilateral; é dicir, o pacto é algo que se acorda, algo que se consensúa, algo no que todos estamos de acordo. Por iso, o Grupo Parlamentario Popular presentou unha emenda enmarcada nun dos acordos aos que se chegou a semana pasada na Conferencia de Presidentes, que como ben dixo o presidente da Xunta esta mañá pois un dos once acordos aos que se chegou na Conferencia de Presidentes foi un Pacto de Estado pola violencia de xénero.

E para iso as comunidades autónomas temos que facer a nosa aportación. ¿E que aportación imos facer? Pois nós propoñemos que fagamos a aportación de todos, de todos os grupos parlamentarios, e para iso presentamos unha emenda para dotar ese acordo, para elevalo a través dun instrumento, para canalizalo. ¿E cal é o instrumento? Pois unha ponencia dentro da Comisión non Permanente de Igualdade que hai neste Parlamento. Bueno, damos un prazo razoable de tres meses para poder chegar a acordos. Porque hoxe vostedes presentan dez puntos, o Partido Socialista xa lles está dicindo que hai algúns puntos cos que non están absolutamente de acordo; o Partido Socialista tamén presentou unha emenda doutros tantos puntos; nós poderíamos presentar outra emenda doutros dez ou doce puntos; a Marea tamén, seguramente. Bueno, estaríamos ao mellor aquí agora falando pois de corenta cousas.

Nós cremos que se realmente hai vontade de consenso, se realmente hai vontade de chegar a un acordo e se queremos trasladar á Conferencia de Presidentes un acordo que reflecta... Non, bueno, xa di vostede que non, pois se di vostede que non, non pasada nada, señora Pontón, é unha cuestión de vontade política. Eu simplemente estou dicíndolle que nós temos esa emenda; se non a quere aceptar, alá vostede. Nós, dende logo, cremos que ese é un ins-

trumento. O que vostede presenta hoxe aquí é a proposta do BNG, non é un pacto, non é un pacto; non, non é un pacto, porque o Partido Popular e o Partido Socialista acábanlle de dicir que non están de acordo cos seus puntos. Nós tamén discrepamos dalgunha das cuestións, aínda que esteamos de acordo en algo, discrepamos ao mellor en parte da filosofía.

Por tanto, nós o que propoñemos é que haxa un acordo, e para haber un acordo temos que sentarnos, temos que debater, temos que dialogar e temos que achegar posturas. E iso non o podemos facer agora aquí, en cinco minutos, nun debate dunha moción, como vostede pode comprender, porque xa llo acaba de dicir a representante do Partido Socialista...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...E nós, pola nosa banda, estamos dispostos a chegar a un acordo, pero iso si, nun marco de máis tempo, un pouco máis de tempo para falar das cousas. E se vostede non o quere facer, pois alá vostede. O Partido Popular vai seguir facendo esa proposta.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Bo día.

Dende En Marea estamos a favor desta moción presentada polo Bloque Nacionalista, pois cremos que senta unhas liñas básicas. Por suposto que hai que seguir debatendo e poñendo outras medidas en marcha, pero entendemos que o marco xeral para nós é moi favorable.

Hoxe pola mañá escoitamos a disposición do Goberno para facer da loita contra as violencias machistas unha prioridade e a intención de tratar de traballar conxuntamente e chegar a grandes acordos. Nós, por suposto, faremos todo o posible para que así sexa e mostramos a nosa disposición, porque o que nos interesa é que se remate dunha vez por todas con todas as formas de violencia machista. Pero vostedes teñen moitas contradicións entre o seu discurso e a súa praxe. Porque, si, repiten moitas veces que queren chegar a acordos, que queren facer pactos, pero despois o único que fan é pospoñer as decisións que se traen a esta Cámara, ademais de asegurar que son o único grupo que pode falar da igualdade, que penso que deberían facer un pouco de autocrítica e comezar o debate sen antepoñer que só poden falar vostedes desta cuestión. Para nós é evidente que a actual estratexia é errada, está centrada, principalmente, na reacción ante as denuncias, ante o maltrato máis visible, os asasinatos, e déixanlle un papel moi secundario ao que para nós debería ser prioritario, que é a prevención.

A moción entendemos que dá pasos positivos neste sentido, por iso gustaríanos que se aprobara. Porque o Goberno di que leva a cabo moitas medidas centradas na prevención, pero é

que a prevención non se fai en campañas sinaladas en días específicos; a prevención faise, por exemplo, a través dos centros de ensino. E resulta bastante increíble escoitar o señor Rueda, e escoitala a vostede, falar dos grandes avances que se deron neste eido. Pola mañá dixeron que había moitos avances, agora pola tarde xa dixo que a educación era clave e que algo estaríamos facendo mal. Non sei con cal dos dous discursos quedarme, pero eu pregunto: co discurso da mañá, ¿de que avances falan? Exactamente, ¿como poden vir aquí defender avances cando veñen de aprobar unha Lei como a LOMCE que é o exemplo perfecto da educación que queren vostedes? Vostedes non queren unha educación atravesada pola perspectiva de xénero, díganlo claro. Vostedes queren unha educación que se basea na moral nacional católica, díganlo claramente, é así. E se queren facer unha educación baseada na igualdade, entón deixen de subvencionar —si, imos volver repetilo— os centros que segregan por sexo. E deixen, tamén, de facer da Relixión unha materia avaliable do currículo; por certo, unha única relixión.

Din moitas veces que defenden a igualdade. Mencionaron incluso pola mañá o colectivo LGTBI, e despois de votar a semana pasada en contra dunha moción que presentamos que quería retirar o lixo sexista e reaccionario dos panfletos de HazteOír, ¿como poden votar en contra de retirar esa basura? Porque é o que é: un lixo. (*Aplausos.*) Vostedes votan en contra de retirar iso, pero despois din que queren unha educación en igualdade, ¿como é posible? Eu a verdade é que non o entendo.

Falan tamén da importancia da prevención cando se negan a abrir o debate dos medios e do papel dos medios de comunicación. Non é que haxa desacordos, é que se negan a abrir o debate. Eu só lles pido que falen do tema, porque non podemos seguir permitindo que os medios de comunicación cosifiquen as mulleres, que lles ensinen ás nenas que ser mulleres é ser submisas, ser boa cociñeira, ser boa amante ou que a súa felicidade depende dun home. Iso séguese ensinando hoxe en día, non hai anos, non en *Cuéntame*, hoxe, nos medios de comunicación de hoxe en día séguese ensinando, en series, en películas, incluso en cuestións que poden parecer tan inocentes como os debuxos animados. E permitilo e non o frear, aludindo a unha suposta liberdade de expresión, tamén os fai cómplices. Por iso, para nós de nada vale que condenen en todos os seus discursos os feminicidios, que repitan, que defendan a igualdade, porque despois póñense sempre de perfil, defenden unha educación sexista e a súa política baséase en recortar, ano tras ano, nas partidas destinadas á igualdade. Eu —e xa me vou quedando sen tempo— pediríalles que non fagan trampas.

¿Por que non queren votar esta moción do BNG? Porque queren pospoñer o debate. Porque a súa saída non é quitar dúas medidas e engadir outras tres, a súa saída é crear unha subcomisión para que despois, dentro de sabe Deus cando —porque a comisión nin sequera tivo a primeira xuntanza—, dite sentenza. Vostede, que di que coñece a Lola, a María, a Ana, ¿cre que esas mulleres poden seguir esperando?, ¿cre que non se poden tomar medidas hoxe?, (*Aplausos.*) ¿de verdade cre que non se pode? ¿En que non están de acordo?, ¿en elaborar unha Lei galega de coeducación?, ¿non están de acordo en intensificar a prevención?, ¿ou en promover que os medios cumpran a declaración xa aprobada de Compostela? ¿En que non están de acordo da moción do BNG? Díganlo claramente e, entón, poderemos ter un debate realista. Porque o que utilizan vostedes é unha coartada.

E o acordo principal, o que debería ser, é que nos queremos vivas. Entón, eu pediríalles, por favor, que votaran esta moción por puntos e que aprobaran, polo menos, algúns dos dez puntos que presenta o Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario autor da moción, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas.

Eu quixera empezar case ao revés: empezar agradecéndolle ao grupo de En Marea tanto a súa intervención como o apoio a esta iniciativa, comentar que xa o fixemos informalmente coa portavoz do Grupo Socialista, e a nós gustaríanos poder entrar nas matizacións dalgunhas cuestións que se puideran incorporar. Agardo que teñamos oportunidade, antes de que se produza a votación, de poder ter ese entendemento. E si que me gustaría determe un pouco máis na intervención que acaba de facer a portavoz do Grupo Popular.

O Bloque Nacionalista Galego ao longo destes anos —vostede viuno ao igual que o vin eu desde esta bancada— sempre tivemos moita responsabilidade cando estabamos falando de temas de violencia de xénero. Nós tivemos a capacidade, cando estabamos no goberno, de impulsar unha Lei galega contra a violencia de xénero, que foi un paso adiante moi importante. Eu mesma penso que na reforma que hai que facer da lei estatal hai un modelo a seguir nesa lei galega que se impulsou, que foi unha lei que ademais tivo consenso nesta Cámara. Na pasada lexislatura impulsamos tamén debates para que se mellorara a resposta dos poderes públicos nun ámbito como foi, por exemplo, que se ampliara o salario da liberdade a todo o ano, que temos que este ano facerlle un seguimento para ver que iso se cumpra. Polo tanto, nós sempre tivemos xenerosidade e a man tendida cando se trataba de chegar a acordos na loita contra a violencia de xénero.

O que vostede ten que compartir co noso grupo é que o que non é de recibo é que un mes despois case de que rexistráramos esta moción non presenten ningunha alternativa máis que agora, a última hora, dicirnos que retiremos a nosa moción con todos os seus puntos simplemente para que funcione a Comisión que tiña que estar funcionando xa neste Parlamento. E que, ademais, o fagamos en certa maneira baleirando a autonomía para dicirle ao Senado que temos unhas propostas; que o Senado, nunha comisión na que nós non estamos, decida sobre as competencias que son galegas. E nós, señora Prado, iso non o imos facer. Nós queremos que haxa un pacto neste país, porque que haxa unha lei galega de coeducación non depende do que pase no Senado nin do que pase na Conferencia de Presidentes, é un problema de vontade política. Que se avance —agora que está aquí o conselleiro de Sanidade— en relación co cumprimento da lei é simplemente unha cuestión de vontade. Se vostedes están en contra das propostas que —insisto— recollemos na Comisión de Igualdade de diferentes ámbitos e de diferentes sectores, presenten algunha alternativa. Se vostede quere isto como engádegas, pero que aprobemos algo concreto para este país, non simplemente un pacto de silencio, un cheque en branco para que o Goberno diga que temos un pacto e que non hai nada máis que facer, iso non é un pacto. Un pacto é asumir algún compromiso concreto. Vostedes o que queren é que lles asinemos un cheque en branco. Se con-

vocan unha comisión, ¿como non imos estar se é a nosa obrigación? É que iso non é un pacto, iso é romper as regras do xogo. Aquí hai propostas moi concretas, escollan vostedes, avancen algún compromiso. O que non pode ser, señora Prado, é que esteamos aquí nun debate no que ao final lles digamos ás mulleres deste país que están sufrindo a violencia de xénero que a ver se o Senado na Conferencia de Presidentes acorda algo. Ten que entender, señora Prado, que isto non é serio.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Se quere sentámonos, falamos. Nós aceptamos que iso se incorpore como unha engádega, pero vostedes teñen que aceptar algunhas das propostas que nós facemos porque, se non, é que nós aceptemos un cheque en branco para o Goberno galego sen ningún compromiso concreto. De verdade, pénsese porque creo que hai unha oportunidade para que desde Galiza, primeiro, nos responsabilicemos do que son cuestións do propio país e, segundo, de que tamén lles lancemos unha mensaxe ás mulleres deste país de que non estamos cruzadas de brazos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...senón que realmente estamos comprometidas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Entendo que se hai unha transacción, xa mo comunica despois. Grazas.

### **Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a situación asistencial da sanidade**

**O señor PRESIDENTE:** Seguinte moción, do Grupo Parlamentario de En Marea.

A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Montserrat Prado Cores, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo punto:*

*«Instar a Xerente do CHOU a iniciar de inmediato un proceso de diálogo c@s traballadores/as. A escoitar e ter en conta as súas demandas de reorganización dos servizos, en especial do de urxencias. De non realizarse este diálogo proceder ao seu cese.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Efectivamente, substanciamos hoxe a moción derivada da interpelación do último pleno ordinario, en decembro. É por iso que voltamos falar das Urxencias relativas ao hospital de Ourense, pero poderíamos falar das Urxencias de todo o país a teor de todos os datos que, durante este mes e algo que levamos dende o último pleno, tivemos que recibir, desgraciadamente, só a través dos traballadores e traballadoras e dos medios de comunicación.

As saturacións nas Urxencias do país son cada vez máis frecuentes, máis constantes e máis habituais. E a pesar das declaracións máis ou menos grandilocuentes, das palabras vertidas polos responsables e as responsables sanitarias ou a pesar dos debates na Cámara, a situación é que as urxencias seguen sendo cada vez máis frecuentes, máis constantes e máis habituais. E isto sucede porque o problema non se está abordando, e como a maior parte dos problemas, cando non se abordan convértense nunha bóla de neve. A medida que a sanidade pública ten máis problemas e está máis deteriorada, o problema nas Urxencias, obviamente, incrementase e é de máis difícil solución. Como trasladamos xa tamén no debate da propia Comisión, hai unha evidente carencia de medios humanos nos servizos de Urxencias e xa é practicamente aceptado, e practicamente aceptado como habitual, e non por iso é normal, que as persoas teñan que agardar seis horas, sete horas nalgún caso nas Urxencias, e ultimamente ata oito horas ou nove. E eu creo lembrar —porque revisei a hemeroteca e outras intervencións neste Parlamento— que no mesmo servizo do que estamos a falar, non no pico da gripe senón en maio do ano pasado, ata dez horas se anotaban de agarda nos servizos de Urxencias, máis o que se agarda polas probas, etc.

As Urxencias precisan de persoal, é evidente, é claro e nidio, e iso debería estar sobre a mesa, deberían poñerse xa os medios humanos necesarios. Existen tamén carencias materiais de espazos, de materiais en si nalgúns centros. Pero as saturacións non só se explican por estas carencias relativas aos propios servizos das Urxencias. Tampouco se lles pode botar a culpa ás persoas que acoden aos servizos de Urxencias. Poderíamos falar de que hai algunha porcentaxe de persoas que non empregan ben o servizo, ou da forma correcta, pero iso non explica as saturacións habituais, cada vez máis habituais, máis frecuentes, máis permanentes nos servizos das Urxencias; iso non o explica.

¿Como non se van acumular as persoas agardando nos servizos de Urxencias hospitalarias se tamén os servizos de Radioloxía, de Laboratorio, os servizos nos que se teñen que facer probas complementarias carecen de persoal suficiente, sufriron os recortes durante estes anos?

¿Como non se van acumular se hai tamén menos profesionais e menos camas dispoñibles para os ingresos e, polo tanto, unha vez que xa teñen indicado ese ingreso, en moitas ocasións, teñen que permanecer vinte e catro horas nun Servizo de Urxencias porque non hai onde trasladalos por non abrir eses servizos?

¿Como non van acudir máis a Urxencias se tamén a atención primaria sufriu, e sobre todo a atención primaria, os recortes de persoal e de recursos nos últimos anos? Hai centros de

saúde nos que as agardas son dunha semana para unha consulta, e iso produce que, en ocasións, as persoas non poidan agardar a ser atendidas ou consideren que non poden agardar a ser atendidas.

¿Como non vai suceder se tamén nos puntos de atención continuada se sufriu o recorte de profesionais?

O problema é global. Non admite unha soa solución, unha soa medida. O problema é que a sanidade cada vez está máis deteriorada. Obviamente, sucede en todos os centros e, ¿como non?, tamén no centro do Hospital de Ourense, que ten as súas particularidades.

O debate que se deu na Comisión a semana pasada eu considero que non foi serio, non se abordou con seriedade. Nós non vimos aquí facer proselitismo nin tratar este tema como se fora de interese para utilizalo politicamente por parte de En Marea, e deu a sensación de que no Grupo Popular non facían o mesmo no debate da Comisión. Poden trasladar, obviamente, que non están de acordo con algunhas das medidas que propoñemos, pero eu rogaría que esta vez, por fin, se debata cun mínimo de seriedade. Hoxe teñen a oportunidade.

Eu alégrome, sinceramente, de que na pasada Comisión de Sanidade vostedes decidisen apoiar un dos puntos da iniciativa, ese que solicitaba máis camas con telemetría, é dicir, para controlar as persoas con problemas cardíacos no Hospital de Ourense. Alégrome sinceramente porque, cando debatemos a interpelación no anterior pleno, dende aquí —está presente aquí o señor conselleiro— obviouse este tema trasladando que non tiña importancia. Alégrome de que o revisasen porque, realmente, os profesionais levaban reclamando un par de anos que eses pacientes con necesidades de telemetría se acumulaban nos servizos de Urxencias de maneira habitual.

Pero non é suficiente, voltamos propoñer estas medidas, —como así o rexistramos no mes de decembro— porque precisamos a apertura dos servizos que se pechan habitualmente, non só que se abran nun pico determinado, porque as saturacións —como xa lles intento explicar— son xa frecuentes durante todo o ano. Trouxemos aquí na pasada lexislatura este tema a debate. Non só en inverno, senón que en verán houbo problemas, en primavera houbo problemas, e iso debería facerlles reflexionar sobre a necesidade de que existan máis camas abertas nalgunhas especialidades que si poderían, algunhas médicas, e con profesionais para atendelas.

E, en segundo lugar, que se dote de máis persoal, obviamente, o propio Servizo de Urxencias, de maneira habitual, de maneira constante, independentemente de que puntualmente se poida incrementar. Hai carencias na maior parte dos centros e vostedes saben igual ca min que, a pesar de que o recorte non foi tanto como na atención primaria, esas carencias fan que o persoal sexa insuficiente. Vostedes non se cansan, en moitas ocasións, de falar do cambio poboacional, do incremento das enfermidades crónicas, do incremento da idade da poboación, e iso fai tamén que sexa necesario revisar á alza os profesionais que atenden en moitas ocasións as urxencias no noso país.



Son necesarias, obviamente, máis medidas que estas que propomos, xa o dixemos na Comisión. Fan falta máis medidas e, sobre todo, coa análise que acabo de trasladar de que o problema é global e corresponde a case todo o sistema sanitario.

Pero, ademais diso, solicitamos aquí información. E hai un antecedente moi malo nesta Cámara de non proporcionar a información que se pide, moi malo. Sufrímolos durante a lexislatura anterior, eu polo menos, que estaba aquí, a maior parte das preguntas que se fixeron de información que se solicitou non se solventou en ningún momento. Pedímoslles que nos aclaren na sede parlamentaria, que se nos informe ao Parlamento, dos datos de reingreso nos servizos de Urgencias. Si, solicitámolo, precisamente, porque son os profesionais dos servizos de Urgencias, neste caso de Ourense, os que nos trasladan que ven varias veces persoas que son dadas de alta un día antes, dous días antes do propio servizo. En vez de dicir que é unha acusación moi grave, que é unha barbaridade e que somos uns irresponsables, trasladen os datos e despois valoraremos cales son eses datos e que medidas hai que aplicar para solventalos. Descoñezo por que teñen tanto medo a dar a información que se solicita; talvez porque, probablemente, eses datos non sexan favorables á hora de avaliar a súa xestión.

Aclaren tamén, en sede parlamentaria e publicamente, o número de camas que vai haber na zona nova de ampliación do Hospital de Ourense e que parte vai quedar, que número de camas vai quedar na parte antiga. Porque, ademais da ausencia de recursos suficientes de profesionais, hai un problema evidente, e é que as infraestruturas tampouco son suficientes en moitos casos. E, desgraciadamente, estamos falando de que se vai inaugurar, de que se vai abrir unha ampliación dun hospital que antes de abrirse xa resulta pequena, xa resulta insuficiente. Se non, aporten os datos porque tiñamos, efectivamente, un hospital que estaba nunhas condicións que non eran adecuadas, con habitacións con catro camas, con tres camas, compartindo seis pacientes un baño. Iso non está ben, claro que facía falta ampliálo. O problema que temos agora é que, despois da ampliación, cando se reduzan nas outras habitacións o número de camas para poder estar nunha situación normal, imos ter a mesma carencia de recursos que tiñamos antes, senón máis. E, se vostedes cren que estamos equivocados, dean os datos que levamos solicitándolles dende o mes de decembro nesta Cámara. Son os datos, por certo, que piden os profesionais.

Vou ir rematando. Na Comisión de Sanidade tivemos que escoitar tamén na pasada semana que se nos dixo que se tiñan incrementado os profesionais en Urgencias, que había máis internistas para atender as enfermas e os enfermos. E é lamentable que utilicen ese argumento, sinceramente, porque o que non contan vostedes é de onde saíron eses profesionais. Reduciron dous profesionais, dous internistas, do Hospital de Verín para trasladalos ao Hospital de Ourense; polo tanto, como se di coloquialmente: vestimos un santo, desvestimos outro. A realidade é que vostedes non teñen intención ningunha de incrementar os servizos sanitarios. E en pleno inverno e co avellentamento poboacional, vostedes retiran internistas do Hospital de Verín para trasladalos a Ourense porque aí si había titulares e había protestas dos e das profesionais.

Polo tanto, isto non é unha boa xestión. Dixémolo na Comisión de Sanidade: cando hai dezaocho boxos nun servizo de Urgencias para atender os enfermos e dezasete están ocupados por ingresos, só hai dous libres. Non é unha boa xestión, e dicir o contrario é absurdo. Vos-

tedes teñen que admitir aquí que a xestión non é adecuada e a partir de aí poderemos discutir se as nosas medidas son correctas, se están mellor, se están peor, se son insuficientes. Pero, por favor, pediríalles —e remato xa, que xa me rematou o tempo— que, polo menos desta vez, poidamos ter un debate real sobre o aumento da cronicación na saturación das Urxencias e, neste caso, no Hospital de Ourense.

Máis nada por agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde.

Eu agardo, señora Solla, que hoxe teña un pouco máis de sorte que cando se debateu esta iniciativa na Comisión 5ª, aínda que se naquela ocasión conseguiu a aprobación dun punto, se hoxe aproban outro, pois igual podemos ir de punto en punto e algo é máis que nada.

É evidente que o caso que nos ocupa do Complexo Hospitalario de Ourense, aínda que ten as súas especificidades, non é alleo á situación global en que está sometida a sanidade pública en Galiza, non é allea a situación do Complexo Hospitalario de Ourense á que se vive no resto de Galiza. Unha vez máis, temos que denunciar que con menos recursos, menos profesionais, menos sanidade pública, non se pode dar unha boa asistencia sanitaria. Aquilo de que fan máis con menos, eu volvo dicirlles que é imposible; con menos só se pode facer menos.

En servizos de Urxencias a realidade é que están funcionando cunhas ratios insuficientes. Están funcionando como se non fora haber un aumento asistencial en ningún momento, e cando se produce un aumento da presión asistencial, por pequena que esta sexa, prodúcense os colapsos, porque hai un problema de chegada de máis persoas aos servizos de Urxencias e logo hai un problema de saída desas persoas dos servizos de Urxencias.

Persistir como ten feito o presidente da Xunta e o conselleiro aquí presente —que é de agradecer— en que son cuestións puntuais que están baixo control é faltarlle á intelixencia dos galegos e das galegas porque, de momento, os galegos e as galegas teñen suficiente intelixencia, ou polo menos ven, cando teñen que acudir aos servizos de Urxencias, que esta situación se produce un día si e outro tamén.

Podemos estar de acordo en que hai unha demanda asistencial por riba da media, podemos estar de acordo en que hai un pico por mor da gripe, pero o que é innegable é que hai un déficit en canto ás organizacións do servizo, que hai un déficit en canto aos recursos dispoñibles, que hai un déficit de persoal. E o feito de ter camas pechadas, o feito de ter os servizos baixo mínimos, de non ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sistema público de saúde, pois ten unha repercusión directa do servizo máis que evidente. Falta planificación.

O conselleiro o outro día, ao principio desta alarma social xerada pola situación do pico da gripe, manifestaba que os collera por sorpresa, que esta era unha cuestión puntual, pouco

menos dicía que era inesperado. A verdade é que sorprende esta actuación cando —e xa o dixen o outro día na Comisión de Sanidade—, ao mesmo tempo, se estaban publicando nos mesmos informativos informacións onde saían expertos dicindo que xa tiñan máis ou menos previsto en que momento ía chegar o pico da gripe, que cepa era a que ía actuar este ano, que esa cepa ía ser máis virulenta coas persoas maiores... Si, iso si que é así, señor conselleiro.

No Complexo Hospitalario de Ourense chove sobre mollado. Aquel dito de que «nunca choveu que non escampara» pois vai ser que non se vai poder aplicar ao Complexo Hospitalario de Ourense, porque semella que de momento non vai escampar. A situación está máis que enquistada.

E por iso concordamos coa iniciativa que presenta hoxe En Marea e presentamos unha emenda simplemente na dirección de que se inste a xerente do CHOU a iniciar de inmediato un proceso de diálogo cos traballadores e traballadoras, a escoitar e ter en conta as súas demandas de reorganización dos servizos, e en especial do de Urgencias, e, de non realizarse este diálogo, proceder ao seu cesamento. Porque non son poucas nin as voces nin as demandas de cesamento da xerente do Complexo Hospitalario de Ourense, por incompetente e por negarse ao diálogo. A curmá do presidente da Xunta leva aplicado unha política totalmente de costas á realidade das necesidades da sanidade en Ourense. E eu teño que volver dicirlles que está moi ben que despois dos consellos da Xunta e nas comparecencias públicas digan que están orgullosos dos profesionais do Sergas e lles agradezan o labor feito; fíxoo o presidente do Goberno, o señor Núñez Feijóo, e fíxoo o conselleiro de Sanidade.

Eu, con esta iniciativa, o que quero é emprazalos a que, ademais destas boas palabras —e queda moi ben, enternecedor, emotivo, fantástico—, os escoitaran, sería bo que escoitaran e atenderan as demandas dos profesionais. Sería bo que, ademais deses discursos ocos, totalmente mediáticos que logo non se corresponden con ningunha actuación, deixaran de facer discursos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ... e atenderan as peticións dos profesionais.

Agardando pois que a propoñente acepte a emenda do BNG, apoiaremos de todos os xeitos a iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes.

Vimos hoxe falar dunha situación que afecta o CHUOU pero que, en realidade, evidencia ou é un exemplo máis da situación da sanidade pública galega. Como aquí se dixo, non é Ourense un sitio especial, ou non é tan especial como para ser tan distinto. Ademais eu supoño que ao Partido Popular lle gusta que falemos un pouco máis do centro de Ourense porque sempre nos dicían que falabamos moito do Álvaro Cunqueiro. Bueno, agora xa cambiamos o protagonista. Sei que tampouco lles gustou porque o outro día nos dixeron que falar do Complexo Hospitalario de Ourense era «facer caza maior», nunha desafortunada expresión que entendo que non era froito de ningunha malicia, senón froito do momento. (*Aplausos.*)

E digo que o Complexo Hospitalario de Ourense en realidade tamén é un exemplo, e ademais é pioneiro, e é bastante pioneiro. Mañá teremos oportunidade de falar do pico da gripe e dos problemas xurdidos a partir do pico da gripe en xaneiro, pero Ourense é tan pioneiro que tivo os mesmos problemas pero xa en novembro: camas polos pasillos, déficit de persoal, xente queixándose da mala atención. Están os sindicatos queixándose de descoordinación, de falta de diálogo en Galicia, pero é que isto en Ourense hai moito tempo que o temos. Hai camas pechadas en moitos sitios en Galicia, pero é que en Ourense aínda non se sabe nin cantas camas van quedar, e moitas delas aínda están pechadas. Hai unha ausencia de diálogo, hai un déficit de xerencias nalgúns hospitais galegos, e Ourense é pioneiro, e potente pioneiro, no déficit da súa xerencia. Hai servizos privatizados, con mala calidade nalgúns centros, e en Ourense aínda non sabemos nin sequera cal vai ser a liña de cociña da nova ampliación. Digamos que Ourense é un sitio pioneiro, pioneiro en camas polos pasillos con enfermos que teñen que compartir durante moitas horas, durante máis dun día, espazos a quince ou vinte centímetros uns dos outros. Digamos que é tristemente pioneiro nalgúns cousas, nun déficit asistencial importante.

En realidade, xa sabemos que nos van contar que temos un problema porque sempre estamos falando mal da sanidade. Bueno, non é a nosa intención. Nós tratamos de evidenciar a nosa posición, porque o que nós facemos é repetir basicamente o que nos trasladan os profesionais, constatalo e tratar de aportar algunha solución. Porque os profesionais son os que están salvando a sanidade pública de Galicia, e isto está funcionando grazas aos profesionais. Pero estámolos espremendo, e eu alerto dun novo problema: os profesionais están chegando a unha situación de queima profesional moi importante. E imos ter un problema porque imos ter profesionais que non van dar máis de si, e imos ter un problema médico cos profesionais, que á súa vez teñen que dar asistencia médica aos pacientes e aos cidadáns de Galicia. Polo tanto, nós cremos que iso pode ser un problema. A sanidade, en xeral, está nunha situación límite.

Eu, que son de porto de mar, isto é como se hai un barco que xa vai complicado cando o mar está como un prato, e a pouco que chova ou faga un pouco de vento, a cousa complícase moito, e é mellor ter un bo barco para que vaia moi ben cando o mar está tranquilo pero sexa capaz de soportar un mal tempo cando o tempo está malo, e non estamos niso. O que si estamos é nesas máis de douscentos millóns de euros en concertos privados, os setenta e cinco ao ano que se lle dan ao Álvaro Cunqueiro, en que non hai equipamento nalgúns centros pero hai nove millóns de euros ao ano que se lle dan ao Álvaro Cunqueiro polo acordo coas empresas construtoras, e temos unha situación de inestabilidade.

Todo isto produce situacións como a do CHUOU, unha situación dun persoal en condicións absolutamente inestables, onde se reflicte todo o que esta ocorrendo en toda a sanidade galega: persoal contratado por horas, persoal que ten que estar pendente de se o chaman para ir traballar catro horas, que despois cando está catro horas, como ve que hai un déficit de persoal, non é capaz de marchar. Hai moitos profesionais sanitarios aquí, menos que noutras épocas pero hai varios, que saben que un profesional sanitario non se vai se ten un enfermo pendente e ten que asistilo porque hai un compromiso ético coa profesión. Polo tanto, a sanidade tamén se está aproveitando dese compromiso.

Pero isto non é novo, non estamos descubrindo a penicilina, Colón descubriu América hai moitos anos, quero dicir: non estamos contando nada novo. A sanidade en si ten un problema estrutural. Xa o dicía Gustavo Bueno: todo o que dura é estrutura, e o que non é conxuntura. E isto dura demasiado. Temos un problema estrutural da sanidade, que se pode resolver, que se pode afrontar, con algunhas planificacións. Eu vou poñer un exemplo en Ourense: en Ourense non hai Unidade de Xeriatria, é a provincia española máis envellecida, os maiores de 65 anos triplican os menores de 16, e non temos unha atención específica. Paradoxalmente, se lle damos a volta —e isto comentámolo na Comisión a semana pasada—, o barrio de Galicia con máis número de nacementos e maior poboación escolar, que é o Novo Mesoiro, na Coruña, non ten pediatra agora mesmo. ¿Non hai acaso un programa de planificación? Que isto non é botarlle a ninguén a culpa dos males do mundo, simplemente que hai un problema de planificación. Afrontémolo con sensatez. Eu creo que houbo unha parte das intervencións aquí que reflectiron ben a situación e que apuntaron unha cousa moi interesante: afrontemos o debate dende a perspectiva real do que ocorre, sexamos quen de recoñecernos uns aos outros as cousas boas e as cousas non tan boas.

Nós o que si sabemos é que vostedes, o Grupo do Partido Popular, teñen maioría; xa sei que nolo van contar, xa sabemos que teñen maioría. Aproveito para lembrarlles que xa o dicía —falando de Ourense— un poeta ourensán, José Ángel Valente, que escribiu: «*Lo peor es creer que se tiene razón sólo por haberla tenido*». Nós xa sabemos que teñen maioría, pero hai situacións que se están dando, podémolas negar pero eu creo que ninguén as quere negar...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...Así que creo que, de todo o que se trouxo, é moi importante ser conscientes do que está a ocorrer. É certo que, como dicía a compañeira Montse Prado, se imos aprobando un puntinho, un puntinho, imos así aos poucos e aínda podemos ir facendo. Pero é bo que poidamos ser capaces de recoñecernos no debate e construír un pouquiño, que creo que é o mellor que podemos facer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Solla, vostede leva moito máis tempo ca min de voceira de Sanidade, eu teño pouco tempo nisto, pero, vamos, leccións do que teño que dicir nas comisións ou non creo que non debe dalas, eu creo que podo. Teño o mesmo dereito a opinar porque eu teño escoitado moitas cousas con respecto á sanidade que non me gustan e tamén as escoito.

Con respecto, hoxe abandonou un pouco Ourense, foise un pouco á epidemia da gripe. Eu o outro día escoitaba na radio o catedrático de Medicina Preventiva e xefe do Servizo de Medicina Preventiva en Santiago, o profesor Gestal, que dicía que a gripe deste ano non era especialmente virulenta, que estaba chegando ao pico, que había menos mortos, que había máis alarma, que notaba que había máis alarma, e que Urxencias nesta época sempre se atasca un pouco.

Efectivamente, houbo unha pregunta en pleno sobre Ourense, houbo interpelación, houbo Comisión a semana pasada co texto practicamente idéntico ao de hoxe, e hoxe substanciamos a moción.

A opinión dos grupos da oposición sobre a situación catastrófica da sanidade en Galicia eu creo que é coñecida xa por todos. O que pasa é que a señora Solla o mes pasado falou moito dunha denuncia diante do fiscal, presentada na Fiscalía polos traballadores, e resulta que tal denuncia foi desestimada e hoxe olvidóuselle falar da denuncia ao fiscal. O fiscal dicía que as deficiencias a escala dos traballadores non son encadrables nun delito de omisión de socorro por imprudencia médica, que non había nin causa penal nin causa civil que xustificara tal cousa.

Efectivamente —dixo o señor Torrado na comisión—, como o Cunqueiro parece que vai a menos, porque a xente xa o coñece e funciona ben, e hai pouca protesta, pois parece que agora toca Ourense. Eu hoxe estaba revisando as iniciativas que me pasaron dous grupos e resulta que o 80 % de sanidade é do hospital de Ourense.

Ben, efectivamente, hai un problema puntual e estacional coa epidemia de gripe que se produce todos os anos en todos os países, en España e en todas as comunidades autónomas e en todos os hospitais. De calquera maneira, todas as comunidades autónomas e todos os hospitais toman medidas temporais para garantir a asistencia máis axeitada a todos os cidadáns que por calquera patoloxía teñen que acudir a ese servizo.

Hoxe a señora Solla xa non se atreveu a falar directamente de altas prematuras, escondeuno no medio dese punto que di que hai que dar as cifras de reingresos, porque, claro, volveu falar pero sen citalas. A min paréceme —xa llo dixen na comisión— que utilizar iso de xeito malicioso é atacar a deontoloxía dos profesionais. Ningún profesional médico dá unha alta que non estea indicada por motivo de nada, nin por ordes de ninguén. Calquera profesional que fora sometido ou que se lle quixera facer ou obrigar a facer iso tería que ir directamente ao xulgado, señora Solla.

Realidades. Urxencias é como é, é un sitio onde hai presión, efectivamente hai carga emocional dos pacientes. O Servizo de Urxencias do Chuou ten unha capacidade axeitada á po-

boación, reformouse e ampliouse no ano 2015, creando unha nova sala de diagnóstico e tratamento con máis capacidade para os pacientes. Anteriormente, no ano 2013, púxose en funcionamento unha nova unidade de alta precoz; xa lle dixen na comisión, señora Solla: a alta precoz non é alta prematura, son os que están en observación máis de 24 horas.

A día de hoxe están habilitadas todas as camas e estase a rematar o novo edificio de hospitalización, que vai contar con máis camas das actuais, pero vai evitar as habitacións de 3 e de 4; non hai que poñer liteiras, como comentaba o conselleiro no pleno do mes pasado. Pero, efectivamente, había habitacións de 3 e eu recordo con 4 camas no hospital da Coruña, que non se podía acceder practicamente nin ao baño.

Esta vez non imos votar o punto da telemetría. Non imos votar o punto da telemetría porque a telemetría está funcionando a día de hoxe. Eu anuncieille na comisión que se estaba instalando, que estaba a punto de rematar e a día de hoxe as camas de telemetría e cardioloxía están a funcionar.

Falaba dos internistas. Xa lle dixen tamén na comisión que os internistas do Chuou son os mesmos que os do CHUS, incluso máis que do Chuvi, que se poden comparar a área e a po-boación da área.

O persoal de urxencias está axeitado: hai 34 médicos, 45 enfermeiras, 38 auxiliares, 38 ce-ladores, 14 administrativos; están nos criterios da SEMES. Tomáronse por parte do equipo directivo medidas para cubrir as baixas, incluso todas as vacacións de Nadal, que é moi difícil conseguir substitutos no Nadal; estaban cubertas.

A telemetría está instalada, e por suposto que todo nesta vida é mellorable, pero pensamos desde este grupo que o Hospital de Ourense e o seu Servizo de Urxencia está dotado dun cadro de persoal axeitado, que foi mellorado nestes últimos anos e que vai mellorar moito máis coa apertura do novo edificio de hospitalización. Por iso non imos aceptar a súa iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da moción, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Señor Centeno, isto non é un debate epidemiolóxico. Noutras ocasións temos debatido aquí sobre prevalencia de enfermidades, sobre vacinas, sobre moitas cousas, pero agora estamos falando de que é un problema nas urxencias que está cronificado, e polo tanto non é un debate que se cinga a un pico único e puntual por unha enfermidade, neste caso a gripe.

E non, non esquecín a denuncia; de feito, vostede trasládao hoxe aquí, e repetino xa na comisión do outro día, porque, como hai xente que non o escoitou, pois parece a primeira vez

que o di. Pero realmente non importa o que acontecese coa propia opinión da Fiscalía. A min persoalmente gustaríame que se investigase, porque considero, independentemente do resultado que tivese esa investigación, que non hai recursos suficientes e que hai un problema evidente; se non, non traería aquí esta iniciativa.

Pero xa lle dixen que a opinión da Fiscalía nese arquivamento precisamente desa denuncia dicía que non era responsabilidade da Fiscalía a xestión dos servizos públicos. E eu xa lle trasladei que cando os profesionais se ven tan rodeados, se ven tan vilipendiados e, como non se lles escoita, teñen que recorrer á Fiscalía, é porque precisamente sucede iso que di a Fiscalía, que quen ten que xestionar eses servizos públicos non o está a facer ben e non está a escoitar os profesionais.

Nese sentido, obviamente imos aceptar —como aceptamos na comisión— a emenda que nos fai o Bloque Nacionalista Galego. Non é un problema puntual, e non o utilizamos de maneira maliciosa, quizais vostedes si. Pero eu repítole o que lle dixen antes: se vostedes non teñen ningún problema cos datos de reingreso nos servizos de urxencias, cos datos de cantas camas van quedar, non terán ningún problema en votar a favor os puntos desta iniciativa, porque non deberían vostedes temer a información, salvo polo pequeno problema de que, seguramente, cando saibamos os datos que solicitamos, a súa xestión vai quedar en entredito.

Polo tanto, imos voltar pedir á Mesa a votación por puntos, para que vostedes poidan ter a oportunidade de trasladar se realmente teñen medo ou non teñen medo de dar información, se son vostedes transparentes ou son vostedes un goberno escuro.

Ademais, xa o acabou: vostedes votan a favor dun punto nunha iniciativa nunha comisión, vostedes din que voltamos repetir os mesmos puntos e hoxe dinnos que non poden votar a favor porque xa está funcionando. Bueno, en cuestión de seis días puxeron a funcionar o servizo, ¡eh!, ¡fantástico!, e por iso non poden votar o punto a favor.

Esa é a ausencia do compromiso do Partido Popular coa sanidade pública. E claro, hai os mesmos internistas que en Vigo e non sei onde; non obstante, a vostedes —depende para que iniciativa— encántalles falar do problema demográfico e de incremento da idade poboacional, pero nesta non, nesta non.

Non falamos da necesidade dos ratios segundo a idade poboacional e segundo a cronificación das enfermidades. Iso non importa. E podemos mover os internistas do Hospital de Verín para o de Ourense, porque así queda moi ben e non sae nos medios de comunicación que non hai persoal suficiente.

Sinceramente, non hai posibilidade, polo que se ve, de ter un debate medianamente serio nesta materia, independentemente de que teñamos diferenzas na concepción do modelo, porque vostedes nin sequera queren aportar os datos que se solicitan na iniciativa.

Polo tanto, imos darlles a oportunidade e, se votan que non, quedarán unha vez máis vostedes retratados.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Sobre a emenda do Bloque, ¿acéptaa?

(*A señora Solla Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*)

Acéptaa, si.

Grazas, señora Solla.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Pasamos ás votacións, e imos votar soamente a segunda moción, porque, por acordo dos portavoces, a moción que figura en primeiro lugar votarémola mañá, porque se está na negociación.

Votamos, polo tanto, a Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a situación asistencial da sanidade.

Ela xa manifestou que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e pediu a votación por puntos; entón, ten dereito, e son cinco (*Murmurios.*) Señores, non está mal que se diga a que ten dereito e a que non, non sei que estrañeza lles causa isto. Paréceme lóxico dicilo.

Votamos, polo tanto, os cinco puntos. ¿Teñen que ser os cinco por separado ou pode agrupar algún?

(*A señora Solla Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*)

Por separado.

Pois comezamos votando o primeiro punto da moción.

Votamos.

*Votación do primeiro punto do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a situación asistencial da sanidade*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este punto da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos o segundo punto desta moción.

Votamos.

*Votación do segundo punto do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a situación asistencial da sanidade*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este punto da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos o terceiro punto.

Votamos.

*Votación do terceiro punto do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a situación asistencial da sanidade*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este punto da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o cuarto punto.

Votamos.

*Votación do cuarto punto do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a situación asistencial da sanidade*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este punto da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** E votamos, por último, o quinto punto da moción.

Votamos.

*Votación do quinto punto do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre a situación asistencial da sanidade*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este punto da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Señor letrado, unha consulta. Xa está incluída a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que foi aceptada; polo tanto, están as votacións feitas.

Pasamos ao punto terceiro da orde do día, que se corresponde co de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. César Manuel Fernández Gil e catro deputados/as máis, sobre a aprobación polo Goberno galego da norma que regule o réxime de contratación do persoal investigador laboral da Administración pública de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 676).*

*Emenda de modificación:*

*O texto da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte:*

*“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a aprobar, durante o primeiro cuadrimestre de 2017, a norma que regule o réxime de contratación do persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, incorporando a correspondente memoria económica que conteña a necesaria previsión de custos, dotación orzamentaria, criterios de actuación e calendario de contratacións para o período 2017-2020”.)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Blanco Paradelo.

**O señor BLANCO PARADELO:** Moi boas tardes, señorías.

Queremos falar con esta iniciativa da Galicia pioneira, pero da Galicia pioneira en positivo, como tratarei de expoñer na introdución.

A evolución que se ten producido nos últimos anos en materia de investigación e de innovación fixo necesaria a elaboración de novos marcos normativos en prol de acadar un maior impulso neste ámbito. En decembro de 2013, o Consello da Unión Europea aprobou formalmente as novas normas, a lexislación que rexerá na Unión Europea para o período 2014-2020,

para poder converter a economía europea nunha economía intelixente, sostible e integradora.

Dentro das actuacións para acadar este obxectivo, e como continuación dos programas marco previos, aprobábase o programa Horizonte 2020, dedicándolle cerca de 80 millóns de euros para o período 2014-2020, co obxectivo de levar as ideas dos laboratorios ata os mercados, eliminando barreiras á innovación e facilitando a colaboración entre o sector público e o privado, de cara a asegurar a competitividade global de Europa e un crecemento sostible, poñendo especial énfase na excelencia científica e o liderado industrial cara ao Estado de benestar.

O devandito programa inclúe as estratexias rexionais para a especialización intelixente, coñecido como a RIS3, e temos que dicir que a comunidade galega foi das primeiras do Estado en propor a súa estratexia RIS3 e sometela á consideración das autoridades da Unión Europea, obtendo unha grande acollida e apoio, que lle permitiu póla en marcha dunha forma case que inmediata.

Ademais, fíxoo a través dun proceso participativo, coordinado pola Axencia Galega de Innovación, no que interviñeron todos os axentes do Sistema galego de innovación, dende os distintos departamentos da propia Administración autonómica ata a cidadanía, pasando por outras institucións e axentes económicos e sociais, presentándose publicamente o 25 de marzo de 2014.

Señorías, o Goberno galego xa foi quen de axudar as universidades, centros tecnolóxicos e empresas galegas para captar fondos nos tres primeiros anos, 2014, 2015 e 2016, do programa —como dicía— Horizonte 2020, que supuxeron un retorno de máis de 41 millóns de euros, cifra que case triplica a conseguida no mesmo período do anterior programa, no ano 2007, 2008 e 2009.

No ámbito autonómico, elaborouse a Lei 5/2013, do 30 de xuño, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, dentro da cal se desenvolveu o Plan galego de investigación e innovación, como instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materias de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia, o tamén coñecido como Plan I2C, ou mesmo o programa Oportunius para a incorporación e retorno de investigadores, ou o programa Principia.

Pero nós, lonxe de conformarnos, queremos dende logo acadar máis, e sabemos que queda moito máis por facer. A semana pasada, na Comisión 6ª, aprobabamos unha iniciativa na que propoñiamos instar a Xunta de Galicia a impulsar as medidas necesarias para incrementar a captación de fondos comunitarios en favor da I+D+i por parte das entidades galegas, con especial atención ás pequenas e medianas empresas, no marco dos programas de financiamento europeo existentes para estas actividades, tendéndolles a man aos grupos da oposición para acadar amplos consensos no impulso da I+D en Galicia, como tamén o volvemos facer hoxe con esta iniciativa, que non pretende outra cousa que tratar de axilizar, impulsar a aprobación coa maior brevidade posible dunha norma que regule o réxime de contratación do persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Señorías, Galicia ten que seguir facendo un esforzo adicional para abordar o reto do seu desenvolvemento e a súa consolidación e internacionalización, xa que partía dunha posición por debaixo da media das comunidades autónomas e das rexións da Unión Europea. Nun contexto de crise económica como o que vivimos, Galicia foi quen de facer máis con menos. E, como antes dicía, foi das primeiras comunidades autónomas do Estado en propoñer a súa estratexia RIS, establecendo liñas de actuación prioritarias que inclúen vinte instrumentos, entre os que cabe subliñar aquí o Programa de retención, incorporación e mobilidade do talento, como tamén fomos pioneiros —e quero lembralo— na aprobación da Lei de telecomunicacións e infraestruturas de Galicia, ou mesmo o que dicía o vicepresidente esta mañá da sede xudicial electrónica.

Por iso, tendo en conta o Plan estratéxico de Galicia e a necesidade de desenvolver a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, tecnoloxía e innovación, pretendemos impulsar unha norma que volve situar Galicia na cabeza, sendo pioneiros en España en regular a contratación en réxime laboral do persoal investigador que realiza o seu traballo en centros de investigación da Administración autonómica, un persoal que poderá ser contratado a través dos entes públicos da Xunta de Galicia que desenvolven o seu labor científico nos eidos da innovación e a sanidade por un período de catro ou cinco anos, dependendo da modalidade do contrato. Este proxecto de decreto responde á necesidade de abordar o reto de consolidar o desenvolvemento e a internacionalización da nosa Comunidade Autónoma e da importancia que ten fomentar a investigación para acadar unha economía de mercado máis competitiva e que permita unha maior creación de emprego.

O que se pretende, señorías, é conseguir que se poida establecer un novo marco xurídico que teña en conta a importancia que ten o capital humano con maior formación de cara ao progreso e á mellora da calidade de vida dos cidadáns, que teña en conta as reiteradas demandas dos membros do colectivo de científicos españois no estranxeiro e doutros colectivos sensibles a estas —como digo— demandas.

Deste xeito, señorías, a Xunta de Galicia vai crear por primeira vez a figura do persoal investigador e incluíraa no catálogo de postos de traballo da Administración autonómica, co obxectivo de favorecer a retención do talento científico na nosa comunidade. E, por suposto, a selección deste persoal deberá estar baseada nos principios de igualdade, pública concorrència e competitividade, debendo terse en conta para a dita selección os diferentes regulamentos e procedementos de selección do persoal docente e investigador das universidades e do Consello Superior de Investigacións Científicas (o CSIC); xa que logo, é preciso establecer uns criterios obxectivos e que reflectan a excelencia nas tarefas de I+D+i levadas a cabo polos aspirantes.

Tamén, desde logo, estamos convencidos de que ese decreto deberá contemplar as condicións de traballo do persoal investigador contratado, igual que os horarios, permisos, vacacións, retribucións, duración e ampliación do tempo do contrato, debendo tamén contemplar, sempre que sexa posible, a posibilidade de realizar estadias formativas noutros centros de I+D+i e de transferencia de tecnoloxía alleos e de prestixio.

Polo tanto, polos motivos expostos, queremos desde logo presentarlles esta iniciativa para que o Parlamento de Galicia inste a Xunta a aprobar a norma que regule o réxime de con-

tratación do persoal investigador laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Hoxe levamos escoitando aquí durante todo o día apelando os diferentes grupos ao consenso, ao acordo. Pois hoxe eu —igual que fixemos o outro día na comisión— tamén apelo, señorías, a un grande acordo en algo tan importante como é reter o talento e apostar neste caso pola calidade investigadora dos nosos mozos e das nosas mozas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Blanco Paradelo.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Boa tarde. Grazas, señor presidente.

Señor Blanco, sorprende —ou non sei se sorprende— que se presente esta iniciativa por parte do Grupo Popular con carácter de urxencia. Digo que sorprende —ata certo punto case diría que pode ser un certo exercicio de fariseísmo político e incluso parlamentario— porque é que a Lei 5/2013, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, pois xa ten este tempo. E é máis, conforme o coñecemos todos —e cítano vostedes na exposición de motivos—, o Portal de Transparencia xa publicaba un borrador de decreto, por iniciativa da Dirección Xeral da Función Pública, o 18 de marzo de 2016, cun prazo para remitir suxestións, que remataba o 31 de marzo de 2016, polo que non sabemos que pasou con ese borrador de decreto, que me consta que os diferentes sectores do entramado da investigación de Galicia o recibiron para informe.

Por iso digo que non deixa de sorprender se é unha das prioridades estratéxicas de Galicia —como así o demostra a RIS3 tamén e os necesarios fondos que hai que obter no programa H2020— que se traia esta proposición agora con carácter urxente. Pero ao final chegaremos á conclusión de que, efectivamente, é urxente.

Simplemente cinco ou seis datos que son elocuentes do compromiso que en Galicia houbo estes anos en materia de investigación e desenvolvemento e sobre todo en materia de potenciar o persoal investigador en Galicia.

Á parte de que Galicia está situada nun 0,89 de PIB en materia de I+D, cando estaba en algo máis do 1 % en 2009 —a media da OCDE pode estar no 2 % e nós estaríamos formulando un obxectivo do 1,3, obxectivo ambicioso pero que hai que acadar—, teñamos en conta algúns datos. Investigadores por 1.000 ocupados: Galicia tiña en 2010 un 6,1, baixou a 5,3 en 2015, España tiña 7,2 e baixou a 6,9; é dicir, mentres Galicia perdía 13 puntos porcentuais, España estaba perdendo tamén, pero unicamente 4 puntos.

Datos do Informe da universidade española en cifras, da CRUE: no período 2010-2014 o gasto en investigación en Galicia caeu un 18 %. Pero imos aos datos do INE sobre persoal investigador tamén. Pero antes comentar tamén que respecto do total de investimento de I+D en España, pouco máis —que non pouco— de 13.000 millóns de euros, Madrid está representando un 25 %, Cataluña está representando un 23,5 %, Andalucía —a veces a tan deostada

Andalucía— está supoñendo un 10,6 % en I+D, País Vasco un 9 % e Galicia un 3,8. Pero é que Galicia representa pouco máis do 5 % do PIB e o País Vasco o 6 %, pero duplícanos ou triplícanos na aposta en investigación e desenvolvemento.

E vaíamos aos datos de persoal de I+D en equivalencia á xornada a tempo completo. Datos INE: Galicia en 2010 tiña un total de efectivos de 10.809, cando en 2015 está en 9.037; perdemos 1.772 investigadores a tempo completo nestes cinco anos. Pero o sector privado non é o que perdera máis, porque a empresa caeu de 3.600 a 3.400, pero é que o sector da Administración pública cae de 1.800 a 1.300 —case 500 efectivos— e o Sistema universitario cae 1.075 efectivos. É dicir, a caída en Galicia de persoal investigador neses últimos cinco datos —datos INE— é do 17 %.

Por iso é que si é fácil chegar á conclusión de que realmente é urxente, pero era urxente en 2014, era urxente en 2013..., e por iso necesitamos xa non digo que recuperar pero si unha aposta forte en materia de investigación e desenvolvemento. E neste tema en concreto presentamos unha emenda para que precisamente a proposición que presenta o Partido Popular teña compromisos, compromisos de memoria económica, compromisos de dotación de custos, de dotación orzamentaria, criterios de actuación e calendarios de contratación de persoal investigador para todo o mandato do período 2017-2020.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, señor presidente. Boa tarde.

Esta proposta do Grupo Popular forma parte desas iniciativas que podemos chamar «de botafumeiro», o que pasa é que neste caso o botafumeiro pois ten algunha cor que non é moi de botafumeiro, e, ademais, fala dun tema no que hai, a verdade, moitas máis sombras que luces nos últimos anos.

Efectivamente, xa pasaron tres anos desde que se aprobou a lei galega —xa pasaron cinco desde que se aprobou tamén a lei estatal— e tempo houbo para poñer en marcha este tipo de iniciativas. Polo tanto, parécenos ben que agora veñan cunha iniciativa urxente, pero tiveron tempo para poñela en marcha. E a verdade é que xa hai dez meses a Xunta de Galicia fixo público un comunicado onde afirmaba que a Xunta creará a figura do persoal investigador, incluíraa no catálogo de postos de traballo para favorecer a retención de talento en Galicia, poderán ser contratados por entes públicos da Xunta, haberá tres tipos de contratos... É dicir, que xa hai dez meses que puxeron en marcha a elaboración desta norma e non se sabe nada dela, non sei moi ben cal é o motivo deste atraso. En todo caso, se vai agora, pois, desde logo, e se supón un avance e unha mellora na situación actual —que confiemos en que sexa así—, desde logo contará co apoio deste grupo.

É un lugar común xa falar de que nas épocas de crise hai que cambiar o modelo produtivo, hai que apostar pola economía do coñecemento e da innovación. A realidade é que Galiza

non o fixo nos últimos cinco ou seis anos, a realidade é que a situación foi a peor, e así o din todas as estatísticas, entre elas as do INE do ano 2015, que fan referencia á actividade da innovación científica e desenvolvemento tecnolóxico, que falan do castigo, da forte merma que tivo o investimento público en materia de innovación e de investigación, cunha redución do persoal investigador do 20 % tanto no que é na Administración pública como na universidade.

O 22.10.2013 o señor Feijóo obsequiábanos cunha desas súas frases célebres: “O obxectivo é proporcionar oportunidades para frear a migración de xente moza altamente cualificada no noso país e evitar páxinas en branco na historia do I+D+i galego”. Eu non sei se houbo páxinas en branco, pero, desde logo, houbo moitas páxinas en negro para o persoal investigador, que tivo que coller a maleta para marchar do país, que quedou no camiño, que non puido desenvolver a súa carreira investigadora, porque Galiza ocupou e ocupa os últimos postos do Estado en materia de investigación. Ocupa o posto 12 de 17, só ten por detrás a Murcia, Extremadura, Castela-A Mancha, Canarias e Baleares; non é, desde logo, como para presumir. Temos un gasto do 0,9 % en I+D+i, cando a media do Estado está no 1,3 % e o investimento nesta materia baixou máis en Galiza que na media do Estado nos últimos anos.

Fíxese no que dicía o Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015: “O obxectivo xeral é a converxencia do esforzo galego en I+D+i co esforzo do conxunto do Estado, que en ningún caso debe ser inferior ao 2 % do PIB en 2015”; 2 % do PIB en 2015; estamos no 0,9 % no 2017. E di: “cifra que nos porá na senda de acceder ao obxectivo fixado pola UE para o ano 2020 do 3 % do PIB”.

Polo tanto, todos estes anos, 2009-2015, foi unha oportunidade perdida. Perdemos o tren da innovación, da investigación e o coñecemento, un tren e unha senda en que nos puxera aquel goberno tan deostado por vostedes, o Goberno bipartito. O Goberno bipartito fixo unha aposta de verdade pola innovación e pola investigación, fixo un intento serio de crear a carreira investigadora en Galiza, de crear un corpo de persoal investigador, con ese Plan Incite, de promoción da investigación, cos contratos posdoutorais, cos programas Ánxeles Alvariño, co programa Parga Pondal, que vostedes laminaron en canto chegaron ao Goberno, deixando moitas persoas no camiño.

Polo tanto, desde logo nós apostamos pola creación dun corpo de persoal investigador único en Galiza, pola súa estabilidade, pola súa seguridade, por garantir os seus dereitos laborais, desde logo. E pensamos, ademais, que ese corpo debe estar xestionado polo Goberno galego en coordinación coas universidades, os centros de investigación e os centros tecnolóxicos. E tamén pensamos que esta normativa que se pretende aprobar debería intentar aplicarse tamén no ámbito doutras administracións, e concretamente no ámbito universitario, para que non haxa diferenzas entre o persoal investigador segundo traballe para unha administración ou para outra, mesmo que haxa, como hai agora, diferenzas entre as distintas universidades nesta materia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.



Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Teño que comezar a miña intervención cun breve comentario acerca do contido. Nós pensamos que traer a esta Cámara un asunto tan serio como é a investigación, que compromete o futuro do noso país, e falar da necesidade de regular o réxime de contratación do persoal investigador laboral da Administración, é claramente insuficiente. É certamente moi limitante o debate parlamentario, cousa que habitualmente acontece; a vostedes encántalles que falemos dos detalles e obviemos os debates de fondo.

Por iso, e porque da súa lectura nos quedan moitas máis dúbidas que certezas, traemos aquí a que consideramos a pregunta fundamental, a fin de poder posicionarnos con esta proposta: ¿van levar a cabo unha aposta real pola I+D+i, cun orzamento consignado, ou van seguir mirando para outro lado, expulsando talento científico de Galicia? Porque isto é o que para o noso grupo parlamentario é o verdadeiramente fundamental.

En vista do borrador do decreto, imaxinamos que non, e o que é peor: comprobamos que a súa teima na precariedade laboral para os investigadores e investigadoras deste país permanece. Seguen vostedes falando dun máximo de cinco anos nos contratos. Isto, señorías, o único que fará é seguir dando pan para hoxe e fame para mañá e afastándonos da verdadeira necesidade que ten a I+D+i no noso país: financiamento e estabilización. O contrario será seguir gastando os cartos en persoal altamente cualificado, que, como está pasando, segue fornecendo as universidades e empresas no estranxeiro.

O que se desprende da lectura da súa proposta é que podemos coincidir na diagnose da situación. É certo que hai un déficit importante de persoal altamente formado en tarefas de I+D+i. No que parece claro que non imos coincidir é na análise das causas nin nas posibles solucións. Sabemos que sería francamente difícil subir aquí e dicir algo diferente a estar a favor da investigación ou a innovación. ¿Quen subiría aquí e diría que está en contra dun cambio do modelo produtivo? Ninguén o usaría. Dende logo, non o usaría o presidente Feijóo.

Como acaba de recordarnos o señor Bará, Feijóo, sen rubor ningún, reiterou o seu compromiso coa I+D+i pese a ser o máximo responsable dun goberno culpable do desmantelamento de equipos de investigación, da interrupción de proxectos de investigación fundamentais, da caída das patentes, así como do atraso de ata cinco anos nas convocatorias de bolsas de investigación posdoutorais, que implicaron ausencia de oportunidades para quen quería apostar pola investigación no noso país; iso é recortes cero, claro. Pero, como acostuma acontecer, os feitos din máis de vostedes que as súas palabras.

Non hai máis que revisar os orzamentos dende que chegaron ao Goberno para comprobar que a innovación non foi nunca unha das prioridades da súa acción de goberno, porque para iso o que fan falla son recursos; recursos, non slogans baleiros, recursos. De acordo cun estudo sobre a inversión en I+D+i no Estado español da EAE Business School —que non é sos-

peitosa de coincidir ideoloxicamente con nós —, en Galicia esta inversión non fixo máis que baixar dende o máximo acadado en 2009, cunha cifra equivalente ao 0,96 % do PIB, para ficar nun 0,87 % en 2012. Nese ano, o investimento reduciuse nun 6,5 %, un descenso dous puntos maior que o experimentado no conxunto do Estado e que deixa o noso país no doceavo posto respecto do compromiso coa innovación.

Señor Blanco, por favor, ¿tamén van dicir que na investigación fixeron máis con menos? ¿Ten a pouca vergoña de dicir que na investigación fixeron máis con menos? Sexamos serios, porque os indicadores reais, obxectivos, que non se poden discutir, da I+D+i insisten en desmentir as súas palabras, amosando cifras moi preocupantes que comprometen o futuro do noso país e da nosa xente, que dificultan que Galicia poida competir nunha economía globalizada.

Fixándonos soamente na parte que hoxe nos atinxe dos recursos humanos, vimos —como xa se dixo aquí— que o persoal investigador descendeu nun 20 %. Isto supuxo 600 investigadoras e investigadores menos nas universidades.

Señor Blanco, vostede dixo que levaron as ideas ao mercado, pero non é certo; o que levaron foi os investigadores e investigadoras ou ao desemprego ou ao exilio.

Polo tanto, despois de ter reducido reiteradamente o orzamento, lamentarse agora de que o persoal investigador é insuficiente é como o alumno que non estudou e se queixa de suspender; por poder pode facerse, pero concordará comigo en que non resulta serio.

A desculpa son os recortes. A realidade, non obstante, é que vostede deciden que é prioritario e que non. Así, por exemplo, en Portugal, malia ter aplicado os recortes durísimos, a I+D+i non se tocou. O resultado xa o estamos padecendo: emigración forzosa e diáspora do potencial científico deste país, centos de investigadores e investigadoras que aquí desprezan, pero son benvidos nas universidades no estranxeiro, a non existencia de empresas emerxentes galegas baseadas na ciencia, na tecnoloxía, e inmovilismo. No futuro tocará partir de cero, volver a esas cifras de 2009. E, mentres tanto, unha xeración perdida e miles de oportunidades perdidas.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Blanco.

**O señor BLANCO PARADELO:** Grazas, señor presidente.

O primeiro que teño que dicir é que quero agradecer o talante que tivo neste caso o voceiro do Grupo Socialista, que, ademais, presentou unha emenda; quere dicir que ten intención ou que lle gustaría, polo menos, chegar a algún acordo para votar a favor. Eu xa lle digo que, tal e como está a emenda, é complicado, pero eu estou disposto a ofrecerlle algunha transacción; se quere, despois podemos falar dalgún matiz da súa emenda.

Habitualmente, cando o Grupo Popular presenta unha iniciativa, os grupos da oposición — uns máis ca outros— din que se enfadan, din que, claro, é botafumeiro; como eu non presento a iniciativa, pois non me gusta, e como non me gusta, pois imos ver se atopamos, en vez de investir o seu tempo en preparar a iniciativa para buscar propostas e ser construtivos, invisten o tempo en andar rebuscando por aí calquera tipo de argumento negativo que poida pois tratar de tirar por terra a proposta.

Despois, é curioso escoitar que din que —ademais, coincidiron tanto En Marea como o BNG— quen non pode estar de acordo en apostar por un cambio de modelo produtivo e levan catro anos aquí votando «non» a todo. Calquera tipo de iniciativa que trouxo este goberno, calquera proxecto en materia de innovación, de investigación, de I+D+i, votaron «non» a todo, e ata o esperpento que foi nun proxecto como era o dos avións non tripulados en drones, que era un exemplo pioneiro, innovador, en Rozas, en Lugo, estiveron facendo todo posible para ver se podían tirar o proxecto abaixo, ata que foron alí, montaron o seu espectáculo, estiveron buscando a ver se aparecían as tropas por alí, os soldados, e non apareceu nada. Despois déronse conta de que estaban facendo o ridículo. ¿Como imos crerlles a vostedes que queren apostar por cambios de modelo produtivo, que queren apostar por innovación?, ¿como imos crelos? Iso resulta de todo imposible.

Mire, podo recordar algún dato, que tamén llo digo —xa sei que vai haber algún deputado ao que igual lle parece mal—: a execución do fondo tecnolóxico na época do Bipartito, cando o Goberno de Feijóo chegou ao goberno, estaba no 5 %; iso era, señor Bará, a gran xestión. Ou, como lle dixen antes, a captación de fondos no ano 2014, 2015 e 2016 triplicou a do ano, neste caso, 2008 e 2009, a deses anos, triplicouna. Entón, ¿como pode vostede poñer aquí de exemplo a política de innovación do Bipartito?

Mire, nós imos dicirlle estatísticas tamén oficiais, porque, en vez de buscar iniciativas, en vez de buscar argumentos en contra, quero destacar que a Xunta está a facer unha aposta clara polo investimento de I+D+i pese ás dificultades, pese a ese cambio de modelo, pese a terse que apostar por esa necesaria colaboración público-privada, da que vostedes tampouco falan, e así o demostran preto de 600 millóns de euros mobilizados pola estratexia de especialización intelixente RIS3, que vostedes todos criticaron desde o primeiro día. Eu pensei: ¿por que están en contra da Estratexia de especialización intelixente RIS3? E agora veñen dicir que están vostedes de acordo cun cambio de modelo produtivo.

Tamén cómpre recordar que o orzamento da Axencia Galega de Innovación para o ano 2017 aumenta de novo un 3,7 %, ata situarse por riba dos 63 millóns de euros. ¿Que recortes? E, ademais, isto encadea catro anos de crecemento consecutivo. Polo tanto, ¿de que recorte están falando? Cambien o discurso un pouco, muden o discurso.

Quero dicirlles tamén que os últimos datos oficiais colocan Galicia como a terceira comunidade con maior incremento no gasto de I+D durante 2015, e en termos absolutos 19,3 millóns de euros máis que en 2014, tan só por detrás de Cataluña e Madrid. Así pois, tamén o gasto de I+D en Galicia medrou un 4 % fronte ao 2,7 % que medrou en España.

Quero destacar especialmente, para terminar, o crecemento do gasto en I+D realizado pola Administración pública, que se incrementa un 10,4 % fronte a un 4,6 % do Estado.

E, por último, desde logo — nós non o negamos en ningún momento —, o gasto en I+D sobre o PIB en Galicia comezou a senda de recuperación desde o nivel peor da crise, desde o ano 2013, que vostedes tamén...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BLANCO PARADELO:** ...negan. Así que eu pídolles que se sumen a esta iniciativa construtiva, se queren apostar de verdade por reter e polo talento innovador de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Blanco Paradelo.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da información referida ao custo real para o erario público da decisión de vender Novagalicia Banco de xeito anticipado, así como a publicación dos documentos que fundamentaron ese acordo**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta proposición non de lei ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Boa tarde a todos e a todas. Grazas, señor presidente.

Quería comezar esta intervención recordando —poñendo as cousas un pouco en contexto— como as persoas deste país levamos máis dun lustro vendo como, baixo a desculpa desa tan popular crise, os nosos dereitos foron progresivamente baleirados de contido real e como o sistema e as forzas políticas cómplices dilapidaron baixo esta escusa os servizos públicos e sementan para nós un futuro e un presente de precariedade que pretenden que aceptemos con submisión e sen cuestionarnos absolutamente nada.

A forza de repetición fómonos acostumando tamén a escoitar todos os días no telexornal, xa case como unha parte rutineira dos informativos á altura do tempo ou á altura dos deportes, como millóns e millóns de euros do erario público ían destinados precisamente a rescatar a banca, rescatar a banca con diñeiro público mentres as condicións de vida das maiorías sociais empeoraban. E isto xustificábase como se dunha praga bíblica se tratase, como se non fosen consecuencias directas dun sistema en crise, en crise económica, en crise institucional e en crise de lexitimidade, por castigar, precisamente, máis as persoas que menos responsabilidades tiñan nesa crise.

Porén, como afortunadamente Galiza non é un pobo para nada submisivo nin comungamos con rodas de muíños, grazas á forza de persoas e colectivos que non creron isto, que non se resignaron e que loitaron na rúa e nos tribunais, foise deitando luz sobre a escuridade. Deste

xeito, loitas exemplares de dignidade do noso pobo, como a das preferentes, foron facendo, peza a peza, un puzzle que bota luz sobre o que hai detrás, peza a peza foron destapando o puzzle dun sistema bancario podrecido e sen o máis mínimo control público. Pero este é aínda, desafortunadamente, un puzzle incompleto, no que aínda faltan moitas pezas a xuízo deste grupo parlamentario; por iso traemos esta iniciativa.

Faltan pezas para coñecer o alcance real dunha chea de prácticas abusivas e para saber canto diñeiro público —e con que criterios— de todos e todas se destinaron aos bancos e cal foi o resultado. É neste aspecto, precisamente, no que queremos centrar a atención hoxe, aínda que haxa moitos asuntos colaterais que se cruzan.

Máis aínda, se temos en conta a actualidade recente, as novas do último mes, no que temos especialmente dous feitos que nos gustaría sinalar e que poñen de relevo a necesidade e a urxencia de aclarar canto antes as cifras da venda de Novagalicia Banco e de fiscalizar un sistema bancario podrecido, como dixen, e continuamente rescatado co diñeiro público sen que sexa cuestionado nin o fondo nin a forma.

Hai dous feitos recentes que deben poñer as alarmas outra vez na palestra do debate público. Un deles é que coñecemos unha nova sentenza, a de decembro de 2016, da Unión Europea, que certifica que esas cláusulas chan, como son coñecidas popularmente, son absolutamente ilegais e atreveríame a dicir que inmorais; en concreto, no noso país afectan sobre todo a entidade que hoxe coñecemos como Abanca.

Doutra banda, puidemos coñecer tamén o informe do Tribunal de Contas do Estado no que se avalía o proceso de reestruturación bancaria entre 2009 e 2015, que revela que o rescate estatal das caixas se fixo —e isto dío o Tribunal de Contas, non o digo eu— sen criterio e sen o control necesario para asegurar a utilización eficiente do diñeiro de todos e todas. É máis, é que o informe do Tribunal de Contas dá información concreta e preocupante sobre a venda de Novagalicia Banco. Por sinalar só unha cuestión, recolle que a Comisión Reitora acordou en decembro de 2013 adxudicar o contrato de venda das accións, de titularidade —como ben saben— do FROB e do Fondo de Garantías, sen que o dito acordo sinalara os importes máximos das garantías que finalmente se concederon na compravenda formalizada o 25 de xuño de 2014; feitos de absoluta gravidade e que poñen de relevo dúas cuestións que desde o BNG levamos tempo denunciando.

En primeiro lugar, a falta absoluta de control público, no pasado e no presente, sobre a actividade bancaria, de raíz nos seus antecedentes e tamén no seu proceso de reestruturación, porque temos un Estado e uns gobernos completamente servís diante dos intereses de Abanca.

Doutra banda, que o rescate, a hipoteca sobre o erario público, que supón todo este tema con Abanca, non acabou. Explícome. Desde as contas públicas, se repasamos, non só se destinaron 8.981 millóns de euros para sanear Novagalicia Banco, non, non só. Non é só que despois fora vendida por pouco máis de 1.000 millóns, lembrando que, por exemplo, o propio FROB recoñeceu que esa venda supuña perdas para o estado de máis de 8.000 millóns de euros. Non é só iso. É que o FROB infravalorou os custos da venda, porque infravalorou o custo desas co-

berturas públicas das que se beneficiou o comprador. ¿E a que nos referimos con isto que soa tan abstracto e tan técnico? Pois a que a ese custo de saneamento non se está engadindo, non se está valorando de forma eficiente o que supuxo ese pacto de compravenda.

Referíndome, xa por abreviar, a dúas cuestións moi concretas que coñecemos neste país, dunha banda, todos eses custos derivados da responsabilidade da comercialización de preferentes e obrigas subordinadas e, doutra banda —¡oh sorpresa!—, os custos derivados tamén das coñecidas como cláusulas chan. É dicir, agora o FROB, co diñeiro de todas e todos, vai ter que asumir ata o 85 % das contías desas devolucións, porque iso era o que estaba pactado nas condicións de venda de Novagalicia Banco, documento que ten o Tribunal de Contas, porque, como sempre, esta Cámara e este país continúan adoecendo dunha importante falta de información sobre todas estas cuestións.

Por iso é o que vimos reclamar hoxe aquí, sobre todo información e transparencia, para podermos xulgar que pasou, como se xestionou e aprender dos erros no futuro. Isto todo nun contexto no que —insisto— seguimos sen ter unha información clara dos porqués desa venda adiantada, que podía terse desenvolvido até o 31 de decembro deste ano que acabamos de iniciar e que se precipitou, aínda non sabemos por que, xa no ano 2013.

En fin, desde o BNG entendemos que é fundamental afondar nesta cuestión. Ademais, xa temos sinalado, en numerosas cuestións, como nese adianto, nesa consumación do adianto do proceso de poxa, se incumpriron tanto o memorando como o plan específico de reestruturación. Deste xeito, a venda tivo xa uns custos que o Tribunal de Contas valora, até o 31 de decembro de 2015, en máis de 9.000 millóns de euros. Iso xa é indicativo do suficientemente grave que é isto para o erario público, pero, como ben sinala o Tribunal de Contas, esta é unha débeda que medra, é unha débeda que vai *in crescendo*. O disparate chega até tal punto que isto vai aumentando precisamente de cuestións derivadas como as consecuencias da cláusula chan ou das obrigas preferentes e subordinadas.

Vou rematando para centrar tamén esta iniciativa no contexto no que estamos. Nós entendemos que isto é unha nova oportunidade para o Parlamento, é unha nova oportunidade tamén para vostedes, para os señores e señoras do Partido Popular. Unha nova oportunidade para, diante do paso do tempo, diante de que cada vez hai máis motivos polos que é absolutamente necesario, agora ao fío do problema das cláusulas chan, deitar luz sobre ese puzzle do gran calote que supuxo a venda de Novagalicia Banco de forma anticipada, que se deite luz e se deite información.

Nós ofrecemos esta nova oportunidade hoxe diante da votación desta iniciativa, tamén nunha semana na que onte se abriu unha comisión que agardemos que finalmente sexa máis ambiciosa do que vostedes queren permitir. Eu xa me alegro —a verdade— de que tivera sido onte a constitución da mesa, porque, escoitando o señor Martínez o domingo, eu fun durmir un pouco alarmada, porque aínda non comezara a comisión de investigación e o señor Martínez —que é unha pena que non estea aquí— xa quería pechala; unha cousa inaudita, en fin.

Nós consideramos que isto é absolutamente importante e é fundamental por ese dereito elemental á información, á información sobre o destino e uso dos recursos públicos. Eu antes,

cando fixen referencia ás loitas que neste país deitaron luz sobre este asunto, fixen fincapé nas loitas na rúa e nos xulgados. E non citei esta institución propositadamente, porque o certo é que o que desde aquí se fixo é absolutamente insuficiente e non está á altura do que os veciños e veciñas deste país están a exixir das institucións.

Por iso reclamamos e pedimos a todos os grupos parlamentarios que apoiem esta iniciativa, porque non se trata só de saber o custo, senón de aportar luz ás actuacións levadas a cabo, pois fica claro que foron decisións con total opacidade e con graves consecuencias para o noso erario público e tamén para o financiamento e para o desenvolvemento da economía galega.

Finalmente, pedimos o apoio para esta iniciativa porque de verdade entendemos que votar en contra desta iniciativa é votar en contra dese dereito á transparencia, tanto a ese dereito de información deste Parlamento como de todos e cada un dos galegos e galegas, e porque votar en contra desta iniciativa é votar en contra de saber para que se usa o diñeiro público e votar en contra de canto custou realmente unha operación cuxa débeda segue *in crescendo* e que foi absolutamente escura.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

**O señora LOSADA ÁLVAREZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Vou comezar, señora Presas, dicindo que o Grupo Socialista vai apoiar esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

Non pensaba ter que citar neste Parlamento nunca a Donald Trump e o seu equipo, pero vouno facer. Antonte, ao día seguinte da toma de posesión, esa toma de posesión que a todos ou a algúns polo menos nos aterrorizou un pouco, o xefe de prensa de Donald Trump dixo que a Casa Branca agora defende que hai «feitos alternativos» para analizar a realidade.

Eu durante moito tempo levo preguntando aquí que significa aquilo de que había máis pobres no ano 2009 que no ano 2016, que emigraba máis xente no ano 2009 que no ano 2016, ou aínda hoxe o señor Feijóo, faltando unha vez máis á verdade, dicindo que os grupos da oposición, neste caso o Grupo Socialista, pedía máis déficit.

Cando nós falabamos de déficit, falabamos daquel slogan publicitario das eleccións do déficit cero e dicíamos que nun contexto de forte recesión económica esa política procíclica era absolutamente desafortunada, e sempre que falamos de gasto falamos de onde sacar ese gasto.

Polo tanto, estes feitos alternativos, estes relatos alternativos que suceden a esa posverdade, que xa se viña cociñando aí é exactamente un marco analítico perfecto para o que pasou coa Comisión das Caixas de Aforro neste Parlamento.

Empezo cunha entrevista do señor Feijóo o día 19 de outubro do ano 2014 no diario *Faro de Vigo*. Case ano e medio despois daquel maratón do mes de xullo en que nunhas xornadas de mañá, tarde e case noite, cunha premura absolutamente insoportable, porque realmente o equilibrio político do país perigaba, pois foi necesario facer unha batería de comparecencias.

Dixo textualmente: «*No tenemos miedo a analizar cualquier cosa en la Comisión de las Cajas de Ahorro, que propusimos crear nosotros*». ¡*Toma ya!* Despois de dous anos votando en contra, efectivamente, ao final se aprobou cos votos da maioría. É obvio que se seguiron votando en contra non había comisión. Pero ¡*que propusimos crear nosotros*! Feito alternativo, posverdade destas ás que nos teñen absolutamente acostumbrados.

O señor Feijóo tamén desempolvou o outro día, con suma celeridade, nalgún medio de comunicación, a reprodución da carta que enviou ao gobernador do Banco de España, ao señor Miguel Ángel Fernández Ordóñez, en relación coas remuneracións dos altos cargos de Novagalicia Banco. Non entendo por que, se estaba tan seguro da súa posición, non permitiu que o señor Fernández Ordóñez viñera comparecer a esta comisión no mes de setembro — insisto —, no mes de setembro do ano 2013. Quero dicir: parece que había unha marxe axei-tada como para unha aterraxe suave.

E, da mesma maneira, o señor Feijóo o día 5 de novembro do ano 2010 dixo textualmente: «*Felicito os máximos responsables das caixas galegas polo seu traballo e pola súa xenerosidade*». Cambiar a historia, pasar á posverdade, pasar a eses feitos alternativos acaba sendo un proceso cansado, acaba sendo un proceso, mesmo para o presidente da Xunta, ás veces confuso —por dicilo dalgunha maneira—. É necesario manter moitas posverdades, manter moitas posicións inexplicables. Volvo repetir que hai tres anos e medio que se produciron esas comparecencias e, desde logo, na opinión deste voceiro e do Grupo Socialista, absolutamente tinguidas de escurantismo.

E, efectivamente, este domingo —diciáo a voceira do Bloque Nacionalista Galego— o señor conselleiro de Facenda —en fin, eu xa non sei se é posverdade ou feitos, a min parécenme poderes paranormais— dixo: «*No es bueno andar siempre revisando. Creo que la cuestión está suficientemente clara*». É verdade tamén que dixo que aquí se viña debater de xestión, pero iso pode ser unha orientación —por dicilo dalgunha maneira—. Isto, de que esta cuestión está suficientemente clara, (*Aplausos.*) literalmente, ou polígrafo ou poderes paranormais. E, como supoño que non é ningunha desas dúas cousas, do que se trata é de facer un novo relato no que literalmente o papel político xogado polo señor Feijóo e pola Xunta de Galicia se licúe e desapareza. Ese é o obxectivo fundamental deste proceso.

E, efectivamente, o Tribunal de Contas falou deses 41.700 millóns de euros de custo do proceso de reestruturación bancaria; fala de ausencias de estratexias claras, de erros de procedemento, de opacidade nos rescates, de opacidade na venda dalgunhas entidades; en fin, toda esa batería de cuestións que nós vimos denunciando e que ninguén explicou. Isto é



exactamente como esa diferenza que hai entre os afiliados á Seguridade Social e os parados rexistrados.

É dicir, ¿por que se vendeu con tanta celeridade Novagalicia Banco? É dicir, ¿en que informe se fundamentou unha decisión que, vendo os resultados financeiros do grupo Abanca, foi claramente lesiva para os intereses públicos desta comunidade autónoma...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...—vou rematando, señor presidente— ou ben do conxunto, en realidade, do Goberno de España?

E, desde logo, nós cremos que esa cuestión é necesario estudala, sen ningunha dúbida. E logo nós seguimos dicindo que non pode ser que se focalice exclusivamente nun gobernador do Banco de España a responsabilidade —téña ou non— dun proceso que vai moito máis alá dos anos que ocupou o señor Fernández Ordóñez ese cargo. E, polo tanto, o señor Caruana, que quero recordar que foi gobernador do Banco de España ata marzo do ano 2006 —é dicir, xa estaba o señor Touriño, ese que fixo deixación de funcións...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...no control efectivo, necesario, das caixas de aforro... —,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...¿por que o Partido Popular non quixo que viñera o señor Caruana? E, desde logo, polo que parece, tampouco quere que veña o señor Linde, que basta con escoitalo aínda hoxe para ver que é un bo aliado táctico do Partido Popular.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Boas tardes.

O señor Losada citou a Trump, eu cito a Carlos Gardel: «*el que no llora no mama*», e, sobre todo, «*el que no afana es un gil*».

E hoxe no pleno, nas proposición non de lei, casualmente imos falar de tres grandes estafas, que demostran como o sistema é propiamente ou ten elementos gravemente corruptos. Imos falar da AP-9, unha grande estafa multimillonaria, con determinados beneficiados; imos falar das cláusulas chan e, polo tanto, da conivencia dos sucesivos gobernos coa banca para abusar sobre os consumidores; e imos falar do resultado da fusión das caixas, daquela caixa galega que prometera o señor Feijóo e que acabou sendo un banco venezolano, imos falar

do proceso de venda de Novagalicia Banco. E, entón, aí temos que concluír que isto é un auténtico escándalo.

Sigo sorprendéndome, sigo indignándome con como estas cousas non somos capaces de trasladalas á sociedade na súa verdadeira magnitude. É escandaloso que este Parlamento, onde en teoría reside a soberanía do pobo galego, durante ese proceso de venda non soubese nada, non puidese dicir nada, porque non coñecía nada de ningún dos documentos, de ningunha das decisións, de como se tomaron, en base a que criterios se tomaron, nada de nada, unha auténtica vergoña; e se o sabía o señor Feijóo e foi cómplice, pois xa sabemos tamén de que lado está o señor Feijóo; e se non o sabía tamén o señor Feijóo, é irrelevante como presidente deste país.

E non o sabiamos. Estábase tomando a decisión sobre a caixa ou a entidade bancaria que reúne o 40 % do aforro dos galegos e nós non sabiamos por que se decidiu anticipar a venda, ese desinvestimento acelerado, non sabiamos en base a que criterios e non sabiamos con que condicións. ¿Iso é transparencia ou que é? Porque a opacidade evidentemente é un elemento indispensable para poder levar a cabo estes roubos, atracos á xente, e foi a opacidade indispensable para este proceso de venda sen provocar un escándalo social maiúsculo.

Vivimos nun país no que quen rouba para comer é un delincuente, pero quen rouba a mans cheas, centos de millóns, é un respectable representante do sistema, que fai cousas como esta, como a venda de Novagalicia Banco, despois de ser rescatado con 9.000 millóns de euros de diñeiro público, por 1.003 millóns de euros, e, como ben explicou Noa, con beneficios fiscais e beneficios a costa do erario público, varios, que aínda non sabemos nin sequera a cantidade que é, que é o que se pide nesta iniciativa. Pois tamén son respectables, homes do sistema; en cambio, os que protestan e aos que se lles ocorre protestar diante do Congreso, diante do Parlamento, son perigosos antisistema. É un escándalo.

¿Que fixo este goberno para garantir que os galegos e as galegas souberan o que se estaba facendo durante o proceso de venda? Nada. Nós pedimos no seu momento información e negóusenos. Non sabemos se a Xunta a exixiu ou non. O señor Feijóo non dixo nin mu mentres se estaba a decidir sobre o aforro dos galegos, nada, e iso que o proceso deixa moito que desexar, máis alá do resultado do proceso, máis alá dese resultado de entregar o aforro galego a un banco venezolano por 1.003 millóns de euros despois de ser saneada con 9.000.

Nós solicitamos no seu momento ese informe Mackinsey, que aconsellou o desinvestimento acelerado, é dicir, vender tres ou catro anos antes do permitido Novagalicia Banco, sen saber por que; curiosa circunstancia tamén que a maioría da xente, da cidadanía, non coñece. Quen tomou a decisión da venda deste banco foi unha auditora americana, famosa polas portas xiratorias, por tutelar procesos de privatización, acabar colocando á fronte das entidades privatizadas os seus.

¿Vostedes cren que pode defender os intereses da cidadanía galega Mackinsey, sen ningún control público ou sen ningún control público galego?, sen máis control que o FROB —por certo, o FROB cando xa gobernaba o señor Rajoy, señor Puy, aquí xa non estaba Zapatero e vostedes tamén estaban na Xunta—, sen ningún control, sen que saibamos nada. ¿Por que se aconsella vender antes de tempo? ¿Vostedes cren que isto non é un escándalo?

Pedimos tamén o informe BNP Paribas e a *due diligence*, elaborada por PricewaterhouseCooper. Tampouco se nos dou, negóusenos. Polo tanto, esa entidade que representaba o 40 % do aforro vendeuse sen que nesta institución puidésemos dicir nada, nin opinar nin saber. O seu Goberno e vostedes botábanlle as culpas da fusión, as responsabilidades, ao FROB cando estaba Zapatero, sen dicir que vostedes non se opuxeron a todas as medidas que tomou o señor Zapatero respecto da ordenación do sistema das caixas. Pero ¿quen estaba no Goberno do Estado e no Goberno da Xunta...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...cando foi o proceso de venda, señor Puy?

Remato xa.

Ben, houbo tamén cambio nas condicións da venda. Houbo dúas addendas que modificaban as condicións da venda, como dicía o propio FROB, que favorece unha maior capitalización do banco. Diso beneficiase a entidade, sexan cales sexan os seus propietarios, bancos ou fondos. Isto é literal. Cambiouse e non se cambiaron as condicións de venda. Non sabemos se fixemos bo negocio ou mal negocio con esa venda. Non o podemos saber.

É evidente que a opacidade é necesaria. Tampouco sabemos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...—remato xa, medio minuto—...

**O señor PRESIDENTE:** Non, medio minuto é moito, dez segundos.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Na Comisión das Caixas que saíu faláron do señor Valeriano Martínez. Polo dito aquí polo señor Puy na petición de comisión aprobada, quen vai manexar os tempos é o señor Puy. Decidiu arrefrialo dous anos, porque el quixo, porque *yo lo valgo*, e agora ao mellor quéreo quentar, para facelo rapidiño rapidiño, facer o ditame rápido...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...non aportar a documentación e por suposto non abrir a comisión de investigación a este proceso.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Si, brevemente, porque non merece moito máis.

Señor observador da Comisión das Caixas, direille que para investigar as indemnizacións millonarias parecía razoable esperar a que concluíra o procedemento no Tribunal Supremo. Agora sabemos que foi o que pasou, sabemos que houbo un delito e está probado xudicialmente. Vostedes sigan observando. Se se queren xuntar á comisión de investigación, pois encantado.

*(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** E agora tócalle escoitar a vostede. Este señor escoitouno. Silencio.

**O señor PUY FRAGA:** Que vostede fora observador decidiuno vostede, non eu.

Aquí o que pide o Bloque Nacionalista Galego, se me permiten, é unha petición un tanto estraña, por extemporánea. Acabamos de constituír a Comisión das Caixas o pasado luns. O lóxico é que o plan de traballo incorpore a petición de toda aquela información que se considere oportuna para isto.

En segundo lugar, o que pide o Bloque é saber o custo. Di literalmente: o que someten a votación é, primeiro, demandar do Goberno do Estado que proporcione información necesaria para coñecer o custo real para o erario público da decisión de vender anticipadamente Novagalicia Banco. O custo está aquí, vostede mencionouno, está no informe que se acaba de facer público por parte do Tribunal de Contas, que di que son 9.559.202 euros; iso é, 9.000 millóns de euros que acaban de dicir todos. Polo tanto, é público o resultado, está nun documento oficial do órgano fiscalizador do gasto público en España.

É verdade que neste custo os italianos son máis orixinais. No Monte dei Paschi o decreto polo que se recapitaliza esa entidade financeira, en vez de chamarlle fondo de reestruturación bancaria, o que lle chaman é decreto salvadepósitos. Son envexables os italianos, porque expresan cunha palabra o que foi esa axuda do Estado para salvar os depósitos dos galegos que tiñan alí os cartos.

O segundo que piden, concretamente o Bloque, é que faga públicos os documentos que presuntamente fundamentaron esta decisión.

Eu non quero alongarme moito. Simplemente, remítoos ao BOE do 27.12, ao do 11.6.2013, onde están publicados os plans de resolución. O propio FROB publicou varias notas informativas, houbo un proceso no que competiron varios aspirantes a quedar coa caixa, e, por certo, vostedes prognosticaron case todos que ían ser para uns fondos voitre americanos – xa se ve con que acerto – e sabían perfectamente quen concorría. Déuselle a quen fixo a oferta que dobraba a segunda mellor oferta. Foi a primeira vez que en España se conseguiu recuperar algo de cartos, realmente lonxe do que vostedes dicían que ía ocorrer, que se ía regalar a un gran banco español ou a uns fondos voitre por 1 euro.

Todo este procedemento foi tan transparente que – eu teño aquí os documentos, non vou abusar deles – hai aquí un tal señor Almunia que firma un informe, que está publicado pola Comisión Europea, que precisamente fala da reestruturación de Novacaixagalicia, e, polo

tanto, da súa venda, que di que se cumpriu toda a normativa comunitaria, é dicir, que se fixo correctamente.

Por se todo iso fose pouco, o Tribunal de Contas acaba de concluír, e leo literalmente a conclusión —señora Presas, hai que ler o informe, o importante—, que di: excepto nos casos de Novacaixagalicia, «*el FROB no aprobó*» —e a outra é Caixa Cataluña— «*durante el periodo fiscalizado un procedimiento que estableciera las reglas básicas aplicables a cada una de las ventas de entidades de crédito, excepto Novacaixagalicia*». O informe do Tribunal de Contas o que di é que, efectivamente, o FROB non o fixo ben, coa excepción de Novacaixagalicia.

E vostede menciona aí un pequeno incidente, que son catro liñas que lle dedica no informe á venda de Novacaixagalicia, no que di que: «*Dicho acuerdo señala los importes máximos de las garantías*». Vostede dixo que era un escándalo, e non le a nota a pé de páxina, 33: «*No obstante, debe señalarse que, tal como se expone nas alegaciones del FROB, el borrador del contrato de venta, que fue examinado por la Comisión Rectora, sí detallaba los importes máximos de las garantías*», e o propio informe di que os importes máximos das garantías están contemplados.

Polo tanto, hai pouco por aí que poidamos votar, cando todo é público e cando se saben as cifras que se coñecen.

Si que é certo que podemos aproveitar este debate, un máis sobre as caixas, para recordar que unha cousa son os datos e outra son as valoracións lexítimas e outra son os infundios ou as insinuacións. Estamos escoitando estes días que o señor Feijóo foi cómplice das indemnizacións millonarias. Cando acaba de axuizarse, eu non sei se alguén veu nalgún periódico que a Audiencia Nacional ou o Tribunal Supremo chamara algún responsable da Xunta ou algún responsable autonómico a declarar nin como testemuña sobre as indemnizacións millonarias. Ben, a xustiza sabe de quen é a competencia, sabe quen fixo o delito, sabe por que, e chama a declarar a quen ten capacidade de fiscalizar iso: o Banco de España, por exemplo, os antigos xestores das caixas, etc., etc., e vostedes din que foi unha confabulación do señor Feijóo. Isto é un infundio, por exemplo.

Decía o señor Losada —e non podo estar máis de acordo con el— que o mellor é non facer relatos alternativos. Eu creo que, simplemente, con que collamos o relato a través das declaracións do señor Abel Caballero da fusión das caixas, temos aí xa na realidade varios relatos alternativos: «*Es un buen día para Vigo, porque la ciudad impone su criterio. Gayoso no es el problema, sino la solución*». Caballero: «*Si el PP gobernase, Gayoso estaría jubilado y Pego, destituido*».

Podemos facer varios relatos alternativos só seguindo as declaracións do señor Caballero, pero non é esa a cuestión.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** Eu creo que estamos todos de acordo en que non é esa a cuestión.

Hai un dato obxectivo: mantivéronse 5.000 empregos. Hai unha entidade, que é Abanca, que xa non está intervida por ningunha autoridade pública, porque saben que Bruxelas

xa lle levantou todas as restrición o 1 de xaneiro, que ten dado un terzo do crédito que hai en Galicia, a particulares e empresas. Grazas á súa existencia, en Galicia hai menos oligopolio, porque a presenza desta Abanca é fundamental no noso tecido produtivo, menos oligopolio que noutras comunidades autónomas; e hai un compromiso de permanencia.

É certo que Galicia merece unha explicación. O que non merece é unha nova controversia...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...baseada en infundios. Son vostedes os que teñen unha nova oportunidade de sumarse a facer unha explicación razoable do que pasou.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy

Grupo autor da proposición non de lei, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Ben, descúlpeme, señor Puy, pero a verdade eu, máis que extemporánea, estou arrefriada, arrefriada como arrefriado estaba este debate e como lle gusta a vostede arrefriar. Eu estou arrefriada porque a verdade é que o Partido Popular cualifique de pequeno incidente o que pasa cos bancos neste país, os datos que que está poñendo o Tribunal de Contas enriba da mesa, pois a verdade, señor Puy, nós, que desde o BNG a capacidade de ler e escribir de momento aínda a temos, pese a que igual tamén nos invalidan para iso, para falar de feminismo, para ler informes, etc., pero iso non quita que este tema teña que ser aínda unha cuestión por aclarar, na que quedan moitísimas responsabilidades por depurar, estamos seguros de que moitísimas máis penais, e estamos seguros e seguras de que moitas máis políticas. As responsabilidades políticas levará tempo, non pasa nada, teremos que seguir insistindo. E haberá que seguir insistindo por vías externas ao Parlamento de Galicia, se desde aquí non se consegue, pero vostede tranquilo, que temos anos e anos por diante para conseguir que nalgún momento se depuren as responsabilidades políticas. E iso ao que tanto medo hai neste Parlamento e tanto medo hai por aí, a coñecer a verdade sobre estes procesos —igual que tampouco queren coñecer a verdade sobre cuestións como o Alvia e hoxe tiveron que volver a Europa para atopar por outra vía que non é este Parlamento galego unha explicación, unha solución—, en aras da transparencia, haberémolo de conseguir, non pasa nada. Somos optimistas, somos xente traballadora e insistente e continuaremos para que ese tema se siga a tratar. Por iso non teñan medo ningún, que haberá responsabilidades nalgún momento, e conseguiremos que se saiba toda a información sobre ese proceso que o señor Feijóo cualificaba de «fusión solvente» e aínda seguimos preguntándonos por que.

Mire, eu voules dar un dato, só para dar unha idea da gravidade que supón ese gran calote das estafas bancarias e por que este Parlamento debería ser corresponsable e buscar toda a información posible.

Un só dato de cifras, xa que tanto lle gustan tamén ao Partido Popular as cifras. Por exemplo, mentres se retiraron desde 2012 54.151 millóns de euros do fondo de reserva das pensións, foron destinados á banca, durante a crise, máis de 60.000 millóns de euros públicos.

¿Isto que quere dicir? Isto quere dicir que o custo do rescate, ata onde sabemos, ascendeu a unha cantidade similar á máxima que se acumulou no fondo de reserva de pensións, que foi de 66.815 millóns de euros en 2011. Entón, é unha tomadura de pelo que desde as institucións non se queira afondar realmente na transparencia e en ver toda a información ao respecto. Porque agora temos unha sorpresinha co Tribunal de Cuentas, pero non sabemos que máis hai alén diso. Non o sabemos cando menos nós, igual vostedes saben algo máis. Pero para unha xeración que xa nin temos a máis mínima esperanza de cobrar unha pensión o día de mañá, isto é unha tomadura de pelo, vendo as contías e comparándoo con algo tan fundamental para a nosa sociedade.

Por rematar xa, porque non me queda tempo, quería comentar algunha cuestión máis. Hai outro problema de fondo sobre o que cómpre recabar toda esta información para seguir debatendo e profundando sobre el, e é chegar nalgún momento a poder avaliar que supuxo para a nosa economía a liquidación desas caixas dentro dun deseño político que desde o BNG entendemos que xa é previo á crise, que é unha estratexia política e ideolóxica para facer desaparecer esas caixas e a súa función, concentrar e recentrar o poder financeiro en mans dos bancos e que así determinados intereses políticos serviran a eses intereses bancarios.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico nacional para o tratamento da hepatitis C, incluíndo a formación dos profesionais, as campañas informativas e o plan de cribado preceptivo**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas; unha do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 1739).*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*«Garantir o correcto funcionamento da Consellería de Sanidade no relativo á hepatitis C, especialmente no relacionado co trato coas persoas afectadas e o seguimento do Plan estratéxico, separando para iso das súas funcións os altos cargos investigados por homicidio.»)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Proponse engadir un novo punto co seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a realizar todas as accións precisas para que se cumpla dun xeito efectivo o convenio asinado entre SERGAS e a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias para a aplicación efectiva do disposto no Plano para a abordaxe da Hepatite C no ámbito dos centros penitenciarios radicados en Galicia.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Hai 55.000 persoas afectadas da hepatite C. Responsabilidade dunha gran parte dos contaxios tamén do propio Sistema nacional de saúde; responsabilidade, por tanto, das administracións públicas. Sen embargo, ante a aparición da posibilidade de novos tratamentos que palíen ou que eliminen a posibilidade da enfermidade, viviuse unha deixadez de funcións ata que comezaron as mobilizacións, ata que houbo protestas, ata que se fixo ruído nos medios de comunicación por parte das persoas afectadas; é dicir ata que había afectación política para os que daquela —que son os mesmos— gobernaban.

Non foi ata a aprobación do plan de abordaxe por parte do ministerio que a consellería tomou nota e abandonou a deixadez para poñer en marcha medidas, tarde, mal e a rastro. E polo camiño quedou o sufrimento, o empeoramento do estado de saúde dalgunhas das persoas afectadas, e, desgraciadamente, tamén mortes dalgunhas desas persoas.

Sen embargo, a imputación de dous altos cargos da Xunta de Galicia tivo unha resposta tímida xa no primeiro caso, na primeira imputación, contida, unha resposta ao noso entender irresponsable.

Ante a primeira imputación, o señor presidente dixo que a denuncia ía ser arquivada; nada diso aconteceu. Despois desprezou tamén o sufrimento das vítimas, trasladando que por dous ou tres pacientes tampouco había tanta alarma; que non se podían relacionar cos recortes en materia sanitaria; xustificando dalgunha maneira as políticas e a actuación das persoas imputadas.

O pasado mes de decembro, ante a nova imputación dos dous altos cargos —de Carolina Criado e de Félix Rubial— por ese presunto homicidio imprudente, o señor presidente dixo que era unha boa noticia para os encausados. Que a imputación por seis presuntos homicidios imprudentes era unha boa noticia, que fixeran ben o seu traballo, que fixeran o que tiñan que facer e que el non ía cesalos.



Iso non só é unha resposta timorata, sobarda o que é unha resposta timorata, e introdúcese directamente na xustificación das actuacións desas persoas; no amparo político, no amparo por parte dun presidente a dúas persoas encausadas por presunto homicidio imprudente.

É moi grave, ¡gravísimo!, ¡gravísimo! Desprezo á dor das familias, desprezo total ao que é a boa xestión sanitaria, e, polo tanto, aval e amparo do presidente da Xunta de Galicia.

Miren, nós non sabemos, dende En Marea, que vai acontecer co procedemento xudicial, pero, independentemente do que aconteza con ese procedemento xudicial, nós si sabemos dende o inicio que hai neste caso responsabilidades políticas; responsabilidades que se advertiron dende a tribuna deste Parlamento e que se advertiron dende as rúas; e non entendemos como a estas alturas se poden seguir amparando esas actuacións.

Fixéronse mal, e eu comecei trasladando que só coa loita das plataformas de afectados e afectadas da hepatite foi cando se iniciou a toma de medidas, se non, non acontecería nada diso. Así que é incomprendible como a estas alturas vostedes, como o Goberno do Partido Popular, seguen sen asumir o contido global das recomendacións; que non son recomendacións, senón que son obrigas de aplicación do propio Plan nacional contra a hepatite C.

Falabamos precisamente de 55.000 persoas infectadas, pero o propio ministerio fala de que un 70 % das persoas infectadas non sabe que o está, así que poderíamos estar a falar de 35.000 potenciais infectados e infectadas que aínda non o saben e que, ademais, son potenciais contaxiadores da propia enfermidade. Iso segundo as propias estimacións oficiais do propio Goberno.

Ante este panorama, sinceramente, resulta moi difícil comprender por que non cumpre a Xunta de Galicia coa parte do plan relacionada co cribado, coa prevención, coa formación das e dos profesionais da saúde.

Agora mesmo estanse a dar os tratamentos da hepatite C, é certo que está en debate se se amplía a outros rangos, a eses F0 —falarémolo noutra iniciativa—, pero resulta incomprendible como teñen que ser outra vez os afectados e as afectadas os que teñen que denunciar publicamente o incumprimento doutras partes do plan para que se tomen medidas. Ademais, nin sequera son medidas dun elevado custo nin dunha dificultade enorme de planificación para a propia Consellería de Sanidade, polo tanto, deberían de ser xa de aplicación inmediata e non debería ser necesario que nós trouxésemos este tema aquí.

A única campaña que se fixo para animar as persoas a irse facer o cribado, segundo os grupos de risco, foi esta, foi a que fixeron as plataformas de afectados e afectadas de hepatite. A Consellería de Sanidade, total deixadez e abandono de algo que é imprescindible e que podería evitar que a enfermidade empeore en persoas que agora mesmo aínda non están diagnosticadas, e podería iniciarse o tratamento ou o seguimento ou o que consideren os profesionais, pero nin tan sequera se fixo esta parte. Como tampouco se fixo o relativo á formación dos e das profesionais.

É certo que houbo innovacións nos tratamentos e, obviamente, algúns profesionais non os coñecen, non coñecen a posoloxía, porque non todos os profesionais son especialistas hepatólogos, e en atención primaria as persoas afectadas cóntannos que en moitas ocasións son elas e eles os que lles contan como vai ese tratamento.

Os profesionais temos dereito a ter formación relativa ás innovacións, e neste caso en algo tan importante e que deu unha campaña de tanta importancia que rematou cun plan específico por parte do ministerio.

Non se explica o terrible resultado que estamos a discutir, con esas imputacións sobre a mesa, con ese fallo do que debería de ser a actuación preventiva da consellería, como podemos volver obrar mal en algo que poderían facer ben dende o principio.

Seguimos sen saber, sen ter datos tampouco, das persoas reclusas nas prisións que están a recibir ou non o tratamento. Hai que lembrar aquí tamén que foi practicamente unha burla a decisión que se tomou de deixar practicamente igual as condicións nas que reciben o tratamento con ese convenio con institucións penitenciarias. Realmente denunciámos aquí no Parlamento que as persoas non recibían ese tratamento, que as obrigaban a desprazarse, e finalmente o convenio que asinaron deixou a situación tal cal estaba ao inicio.

Seguimos sen esa formación dos profesionais; seguimos sen os programas de cribado. Hai pouco, no pleno de decembro, falabamos aquí do cribado do VIH-Sida, e nós propoñiamos que, independentemente de que a poboación non é a mesma, obviamente, porque a poboación de risco é distinta nun caso e noutro, podían vostedes aproveitar a despistaxe da entrevista en atención primaria como proposta. Deberían facelo xa vostedes doutra maneira, pero polo menos, aínda que non o fagan, aproveiten vostedes para preguntar, e, se as persoas están dentro dos grupos de risco, efectúen ese cribado. Tampouco quixeron, e pedíronnos que o trasladásemos noutra iniciativa que non tiña nada que ver.

Hoxe teñen a posibilidade aquí de votar a favor, de facer a parte que lle resta ao plan por cumprir; porque non ten sentido ningún que non se cumpra co que temos sobre a mesa. A prevención debería ser a principal preocupación de calquera Goberno en materia sanitaria; a formación dos profesionais debería ser a obriga e a preocupación de calquera Goberno en materia sanitaria; e máis, sobre todo, cando estamos falando dunha enfermidade que mata.

Ademais, como xa dixen ao principio, gran parte das persoas infectadas fórono no Sistema nacional de saúde no seu momento, obviamente. Polo tanto, queremos que, nunha cuestión de lóxica e de raciocinio, non teñan que ser as plataformas as que cos seus recursos intenten paliar o que non fai a consellería.

¡Voten a favor desta iniciativa e asuman a responsabilidade en materia de prevención e de xestión da sanidade pública!

Máis nada por agora. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** A esperanza, a expectativa que supuxo para miles de persoas a aparición dos novos fármacos para a curación da hepatite C, foi parella cunha actuación nefasta, negligente, criminal, por parte tanto do Goberno español do Partido Popular como do Goberno galego

Foi unha actuación destinada a poñer trabas, a poñer problemas e barreiras para que as persoas enfermas que tanto o precisaban puideran acceder aos tratamentos. Unha actuación que puxo en risco a saúde e a vida destas persoas; que puxo claramente ao descuberto a auténtica faciana do Partido Popular e que puxo ao descuberto as consecuencias da súa política sanitaria: a eliminación de orzamento, a prioridade dos cartos fronte á vida das persoas, cartos que logo non os choran á hora de entregarllelos aos bancos nin ás construtoras nin ás multinacionais.

Minimizaron os feitos e houbo intento de xustificar o inxustificábel; nula asunción de ningunha responsabilidade e moito menos de arrepentimento ou atisbo de desculpa. A realidade é que coa súa actuación deixaron morrer persoas por razóns económicas e, como consecuencia, deben asumir responsabilidades. Agora teñen que poñerse diante do espello das actuacións que levaron a cabo, e o espello non é outro que un xuíz está a investigar a dous altos cargos en relación coa morte de doentes. Dous altos cargos aos que vostedes, o Partido Popular, se negan a cesar; e, lonxe de cesalos, de destituílos, son premiados con manterse na Administración pública en cargos de altísima responsabilidade, como é o caso do xerente da EOXI de Vigo.

Esta actuación xudicial ratifica as denuncias e a alerta que fixemos, por exemplo, aquí neste Parlamento. Pedimos rectificación e por parte do Partido popular non se quixo realizar esta rectificación; e agora hai unha investigación que establece que hai unha relación directa causa-efecto; que a toma de decisións sobre a administración dos fármacos incidiu directamente na posibilidade de curación das persoas, e, por conseguinte, a non administración puido ser a causa da morte destas persoas.

O Partido Popular mercantilizou a saúde dos galegos e das galegas. Foron alertados, advertidos, por terra, mar e aire, e o Goberno do Partido Popular, os deputados e deputadas do Partido Popular, non escoitaron, fixeron oídos xordos, e actuaron e seguen a actuar con prepotencia e con chulería —teño que dicilo así—, só entendible en alguén que se sente impune diante do que poida pasar.

Imos apoiar esta iniciativa que presenta hoxe En Marea. En abril do ano 2015 púñase en marcha o Plan estratéxico para a abordaxe da hepatite C; un plan ambicioso no papel, mais que logo, á hora de desenvolvelo, non hai nin a rapidez nin, desde logo, a intensidade desexables.

Hai aspectos do plan que non están nin sequera encetados, e outros moitos están por desenvolverse. A liña estratéxica de cuantificación da magnitude do problema —que era unha

das cuestións demandadas dun xeito moi insistente— practicamente está sen encetarse. E a prevención, o promover o diagnóstico precoz en poboacións prioritarias, está practicamente sen desenvolver. Os plans de detección, os plans de cribado, sen poñelos en marcha.

A información á poboación, que consideramos que é fundamental, non se está a realizar. Como se dixo aquí, o propio plan establece que arredor do 70 % das persoas infectadas non o saben, e é tremendo que todas esas persoas poidan estar desenvolvendo unha enfermidade que pode ser tratada a tempo. Persoas asintomáticas coas que é preciso e sería bo actuar antes de que se desenvolvera a enfermidade. Formación nos profesionais...; é dicir, toda unha serie de actuacións contempladas no plan mais que quedan aí e nunca máis se sabe.

Insisto en que estamos de acordo coa iniciativa presentada, e presentamos unha emenda para que este Parlamento inste o Goberno galego a realizar todas as actuacións precisas para que se cumpra dun xeito efectivo o convenio asinado entre o Sergas e a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias para aplicar o tratamento ás persoas reclusas.

Eu teño que dicir que o BNG trouxo aquí a iniciativa para que isto fora posible por instancia da Plataforma de afectados pola hepatitis C, votouse favorablemente neste Parlamento, e a verdade é que é unha especie de burla que se aprobara no seu momento e que a día de hoxe, a pesar de que se calcula que son arredor de 456 as persoas reclusas en cárceres situados en Galiza que poden estar afectadas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...non hai información de que haxa máis de 5 ou 6 que foran tratadas; e os que son tratados, teñen que pedir o traslado a Madrid e estar alí durante meses, alonxados do seu entorno, para ser tratados.

Dende logo, é unha evidencia que este convenio asinado entre o Sergas e Institucións Penitenciarias foi un intento de lavado de cara, a estas alturas parece unha auténtica evidencia, polo que sería bo que tiveramos que deixar de falar do tratamento da hepatitis C neste Parlamento porque o Partido Popular...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...dunha vez por todas, o toma en serio. Se o tomaran en serio, deixaríamos de ter que traer a este Parlamento...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...iniciativas pedíndolles que fagan, entre outras cousas, o que acordaron e votaron a favor de facelo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra agora, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, señor presidente.

Indubidablemente, este é un debate no que nós imos apoiar, sen ningunha dúbida, a iniciativa que se presenta. É un debate especialmente duro e sensible, como de seguro todos os que estamos aquí somos conscientes —gustaríame dirixirme ao conselleiro por algunha mención, pero bueno, en todo caso, o debate é entre os grupos—. É un debate especialmente sensible e con algunha característica emocional difícil, é indiscutible. Hai situacións duras, como existen en moitísimas situacións de enfermidades, pero esta foi especialmente gravosa, con enfermos moi desesperados buscando tratamentos en Exipto, na India... situacións que todos coñecemos. Polo tanto, creo que é importante ter en conta estas delicadezas á hora de tratalo.

Nós queremos centrarnos en dúas cuestións, e despois especificamente na emenda que propoñemos. A primeira é completar o proceso médico. Nós sabemos o que está asinado e sabemos o que está aprobado; pero que, como se di aquí, non se está a cumprir correctamente. Polo tanto, nós cremos que é necesario —sen discusión, sen máis debate— completar o tratamento. Non é máis que iso, non ten moita máis volta. E isto implica que as persoas que están en cárceres, as persoas que son reclusas, teñen o mesmo dereito ao tratamento porque non están encapsulados, son igualmente persoas.

Teñen os seus dereitos —algúns deles— cernados por unha situación pola que están pagando, pero ese non é o debate; a nivel de saúde son persoas igual que outras e, polo tanto, non cabe que teñamos que facer esa diferenza.

Eu si creo que esta é unha cuestión de especial sensibilidade, basicamente porque o tratamento é un dereito. Nós plantexamos que a sanidade é un dereito, e dentro da sanidade está o tratamento. Se a sanidade nós plantexamos que teña que ser coas súas características: pública, gratuíta e de calidade, nós tamén defendemos que o tratamento ten que ser así.

Se é un dereito, temos que garantírllelo a todas as persoas. Nós somos máis partidarios de garantir dereitos e redistribuír a riqueza. Non nos gusta pensar que hai quen quere garantir a riqueza e redistribuír os dereitos —que iso non é a cuestión—. Polo tanto, nós solicitamos con vehemencia que se cumpra esa parte.

En segundo lugar —e esta paréceme máis importante—, ademais de completar o tratamento, gustaríanos ter escoitado algunhas explicacións. Sinceramente, e de maneira moi nítida, non consigo entender por que non existiron explicacións claras do ocorrido. Non é posible entendelo. Xa non digo que non o poidan entender as familias dos afectados —que evidentemente non—, pero ¿por que non existen explicacións? ¿Por que non é posible que un conselleiro, que un presidente da Xunta, que moito falou do tema para presumir dalgunhas cuestións, non ofreceron algunhas explicacións públicas do ocorrido? Explicar as cousas non significa asumir que un o fixera mal, aínda que dende a nosa posición si consideramos que se fixo mal. Pero quen dá explicacións non ten por que asumir que se se dan

explicacións é porque as cousas están mal. Sinxelamente, é o labor público dun conselleiro ou dun presidente da Xunta ofrecer explicacións, e nun caso tan delicado coma este, de maneira especial.

Merécese unha explicación, os afectados merecena, e non houbo unha explicación clara. Sempre foron declaracións arrincadas, respostas forzadas... Non houbo unha comparecencia nítida para explicar. ¿Non é un tema de suficiente relevancia para iso?

Si o foi para presumir de 130 millóns de euros investidos, como dixo o presidente da Xunta aquí —dos que, por certo, nos gustaría saber onde están—. Pero é que incluso se cualificou a denuncia, o proceso xudicial, de trampa moral —que é un pouco delicado—. Ese proceso xudicial acabou no que todos sabemos, na Audiencia Provincial que investiga por homicidio —que é un tema delicado, sen dúbida—.

Polo tanto, cando se falou de trampa moral, cando se presumiu dun investimento que non se sabe onde está... unhas explicacións. E a partir desas explicacións, poderíamos ter algunhas outras posicións porque teríamos máis datos. Cando non existen datos é cando existen problemas e cando existen interpretacións que, dende logo, estou seguro de que o Partido Popular considera sesgadas. Pero, se non hai información, é máis fácil que se fagan interpretacións diversas.

Polo tanto, nós queremos que se complete o proceso e queremos que se dean explicacións. E ao fío dese proceso xudicial nós consideramos que existe unha situación especialmente moi delicada. O seguimento do plan formula que existen reunións periódicas dos afectados con representantes do Sergas. Eses afectados, cando se reúnen con representantes do Sergas, teñen diante o interlocutor e a interlocutora. A interlocutora, neste caso, é unha das persoas que están investigadas por homicidio, e é especialmente dura esa situación.

Nós o que plantexamos é que cambien os seus cargos, que os separen das situacións que teñen que ver co tratamento da hepaticidade C. É unha cuestión de moralidade, case de humanidade. Non fagamos aos enfermos, aos afectados, pasar polo feito de ter que ir a unha xuntanza e reunirse con aquela persoa que está investigada por homicidio, por unha situación na que morreron algúns dos seus familiares.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** E non estou entrando no que vai dicir a sentenza xudicial, que o dirá a sentenza xudicial, eu estou entrando na cuestión moral de non ter que verse as caras nesa situación. Polo tanto, por aí vai a nosa emenda, que propón separar das súas funcións —que teñen que ver co tratamento da hepatitis C, con este proceso e coa avaliación deste plan— a estes altos cargos investigados.

Xa sei que o presidente dixo que só están investigados por prevaricación...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...—non sei se iso nalgún partido político é un mérito, en todo caso, non creo que o sexa—, pero agora xa están investigados por algo máis. Polo tanto, nós pedimos que se teña en conta esa emenda que cremos que complementa a iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Eu vou dicir o que se pide na iniciativa: «Que sexa a Consellería de Sanidade quen asuma a formación dos profesionais, as campañas informativas e o plan de cribado contemplados nesa estratexia». E aquí falouse de todo menos case disto.

Hai dúas persoas, efectivamente, que están en investigación, e aínda que para toda a oposición dea a sensación de que xa están condenados, a min sorpréndeme que, tendo de voceiro a un xuíz, se digan estas cousas. Eu, desde logo, a título persoal espero, desexo e confío en que pase o mesmo que pasou coa Fiscalía de Ourense; non quero dicir máis.

Hoxe mesmo compareceu na Comisión de Sanidade do Congreso o secretario xeral de Sanidad, quen explicou en que grao ou en que punto de desenvolvemento está o Plan estratégico de abril do ano 2015.

Ao mesmo tempo, trae o Grupo de En Marea unha iniciativa rexistrada hai dous meses que segue ao milímetro as directrices dunha determinada plataforma de afectados, que non é a única. ¿É unha casualidade, ou terá algo que ver con que o representante en Galicia desa plataforma fora candidato frustrado —segundo din os medios de comunicación— ao Parlamento nacional? (*Murmurios.*) ¿Ou ben que fora de número quince nas listas de En Marea-Podemos para as eleccións autonómicas? (*Murmurios.*) Parece que lle molesta, señor Sánchez.

Será por iso polo que este voceiro vai a Madrid, ao Congreso dos Deputados, a criticar a Xunta de Galicia, a chamarlle psicópata ao noso presidente, a dubidar da actuación do xuíz Lago, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ou a rematar dicindo que non se reúnen co Partido Popular porque non manteñen relacións co mesmo. (*Murmurios.*) Esa persoa estivo nun debate de televisión con este voceiro e falamos das cousas, e tivo que recoñecer que España era o mellor país, ou dos mellores países, para estar enfermo de hepatite C por ser o sexto país en número de tratamentos, vixésimo oitavo país en número de casos. (*Aplausos.*)

¿De que estamos a falar, señorías? Fálase de que non hai transparencia na aplicación do plan. Supoño que non se referirán á Comunidade Autónoma de Galicia, que ten colgada na súa web toda a información dispoñible sobre o número de casos tratados, distribución pobo-

cional por idade, por sexo, por medicacións previas, por estado clínico previo, por coinfección co VIH, por xenotipo, todos os medicamentos administrados e todos os resultados obtidos. Penso que máis transparencia é difícil.

Antes do plan, en Galicia tratáronse 1.137 persoas, e despois do plan —a partir do 1 de abril do ano 2015—, 3.578 pacientes. Obriga o Plan estratéxico a facer un rexistro de tratamentos, e é en Galicia onde, dende o primeiro minuto, existiu a Plataforma Vixía HC, onde se rexistran todos o datos.

Non dubiden, señorías, de que este grupo parlamentario está absolutamente orgulloso do éxito da aplicación do plan en Galicia e ademais tamén dos profesionais, que foron quen de acadar graos de efectividade do 95,88 %, que ascende ata o 97,18 % se non se contabilizan aqueles enfermos que non remataron por algunha causa o tratamento. Cumpriuse cos doentes administrándolles os tratamentos precisos.

Estas cifras —mellores que as poucas coñecidas no resto do Estado— dan fe da formación e capacidade dos nosos profesionais no tratamento desta enfermidade. Eses datos da Vixía foron eloxiados nunha reunión do Ministerio de Sanidade, onde estaban todas as comunidades autónomas, pola súa rigorosidade e exhaustividade. Pódolle dicir que o 85 % dos datos que tiña o ministerio naquel momento procedían da Comunidade Autónoma de Galicia, o 85 % dos casos. Por iso, que se diga que non hai datos fiables, será no resto do Estado, en Galicia os datos son claros e fiables.

Acúsase de que o plan se centrou na dispensación de tratamentos, ¡faltaría máis! O inicio era tratar os doentes. Supoño que todos coincidiremos en que iso era estrita e urxentemente prioritario.

Desde logo, non podemos apoiar esta iniciativa, porque pensamos que o desenvolvemento do plan debe ser a nivel nacional, absolutamente coordinado, e non que cada autonomía faga o que lle pareza axeitado. Se revisan vostedes o cronograma que aparece no plan estratéxico, o cronograma di que esas medidas de cribado e de información están previstas para o segundo semestre do ano 2017, co cal penso que estamos en tempo.

Desde logo, téñense tratado en Galicia todos os enfermos que o precisaban dentro da priorización prevista no plan en relación co grao de fibrose da enfermidade. O compromiso deste grupo parlamentario e da consellería cos doentes é solidariedade, e o máximo respecto aos mesmos penso que está fóra de calquera dúbida.

Téñense atendidas en España e libres virus máis de 65.200 persoas, segundo as cifras proporcionadas pola ministra de Sanidade no Congreso dos Deputados. En Galicia, xa llo dixen en outubro do ano pasado, 4.700 persoas. Téñense investido en España máis de 1.040 millóns de euros no ano 2015, 600 no ano 2016 e 200 están previstos para este ano 2017.

Foille solicitada ao ministerio, por parte da consellería, en reiteradas ocasións, a máxima rapidez posible no desenvolvemento do plan, pero Galicia ten aplicado as estratexias de xeito máis avanzado que a maior parte das comunidades autónomas.



Estase a traballar no desenvolvemento do plan, no marco do Ministerio de Sanidade, e este grupo non pode apoiar que se faga desde ningunha comunidade autónoma a custa das demais.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra polo grupo autor da proposición non de lei a señora Solla, á cal lle pido que se posicione tamén sobre as emendas presentadas. Grazas.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

A respecto das emendas, imos aceptalas, porque certamente tanto o tema que trae hoxe En Marea aquí como o resto de aspectos foron trasladados por parte das afectadas e afectados á totalidade dos grupos da oposición. Quizais se o Partido Popular non recibe ou non acolle esa información é pola actitude que mantén dende o inicio. Obviamente, este grupo pediu xa a dimisión, como non pode ser doutro xeito, das persoas imputadas, porque é vergoñento, efectivamente, que esas mesmas persoas sigan tendo responsabilidades en materia sanitaria no noso país. É vergoñento que, despois de estar imputados e imputadas por presuntos homicidios imprudentes, vostedes sigan amparando esas actuacións.

Din vostedes que o fan moi ben, todo o fan moi ben, mágoa cando despois hai consecuencias para a poboación da súa imprudencia e da súa incapacidade para xestionar a sanidade pública. Que vostede teña que escudarse na lexítima actividade política dunha persoa que participa dunha plataforma cidadá é realmente lamentable, xa llo dixen nalgunha ocasión. Cando vostedes teñen que recorrer a este tipo de infamias para xustificar o que vostedes non fan na Consellería de Sanidade, ou en calquera outra consellería do Goberno, é precisamente porque son incapaces de xestionar o que os cidadáns e as cidadás deixan nas súas mans. (*Aplausos.*)

Non é verdade, señor Centeno, que se estean a facer os cribados e que se estea a cumprir co plan, e que vostede diga que, evidentemente, aínda teñen marxe dá a mostra de como vostedes non asumen as súas responsabilidades. Teñen que agardar a que expire o plan para cumprilas, teñen que agardar a que haxa imputacións para facer algo, teñen que agardar a que se mobilicen as afectadas na rúa, con efectos para a súa saúde, para poñerse a traballar; é lamentable que teñan que esperar a que os demais fagan o seu traballo ou lle indiquen que teñen que facer. ¡Claro que se coordina o plan a nivel de todo o Estado! ¡Claro que houbo hoxe unha reunión!, na que, por certo, se falou de ampliar os tratamentos. Pero aquí estámolles falando doutra parte do plan que non se cumpre, e vostede acaba de anunciar que van votar en contra. Votaron en contra, no seu momento, de proporcionar os tratamentos, e parece que agora imos ter que esperar a que a realidade os obrigue a cumprir coas súas obrigas. É realmente lamentable, díggollo sinceramente, porque non custa tanto asumir que non se está a facer.

E, por favor, gustaríame —agora non ten quenda de intervención— que me respondese nalgunha ocasión, e sei que o vai facer na Comisión de Sanidade —ou non—, se colgar nunha páxina web algunhas indicacións é facer un plan de cribado e formación dos profesionais.

Sinceramente, señor Centeno, vexo que é imposible debater con seriedade nada neste Parlamento. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Pasamos, pois, á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a interposición dun recurso ante o Tribunal Constitucional polo rexeitamento da admisión a trámite pola Mesa do Congreso dos Deputados da Proposición de lei orgánica de transferencia de titularidade e competencias da AP-9 a Galicia**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Ben, traemos aquí o tema da AP-9 unha vez máis, e traerémolo todas as veces que faga falta ata que se consiga o obxectivo de termos unha AP-9 galega e sen peaxes. Xa tamén se presentou, se rexistrou unha iniciativa conxunta dos grupos para tramitar unha nova proposición de lei, e agardemos que nesta segunda oportunidade teña máis éxito que a primeira. Depende, fundamentalmente, da vontade política do Partido Popular, aínda que sexa un texto modificado na súa redacción con respecto ao que foi aprobado aquí por unanimidade, teñen unha nova oportunidade para aprobalo en Madrid.

Esta proposta de hoxe é consecuencia do acordo da Mesa do Congreso do 13 de decembro de 2016, que pode ser cualificado como o día da vergoña, o día da vergoña porque se tomou un acordo —entendemos que infame por parte do Congreso dos Deputados— sobre a proposta aprobada por este Parlamento por unanimidade, un acordo, ademais, asinado, ese día da vergoña, pola presidenta do Congreso dos Deputados e Deputadas, Ana Pastor.

Ben, pois este acordo pon en evidencia cales son as verdadeiras razóns do rexeitamento, do veto por parte do Partido Popular, a este acordo. Son razóns políticas, por moito que se intenten camuflar como razóns de tipo técnico. A realidade é que hai un veto político do Partido Popular en Madrid, e que ese veto se toma co consentimento —chamémoslle submisión, chamémoslle subordinación, chamémoslle vasalaxe ou chamémoslle traizón, como queiran— do Partido Popular galego e do Goberno galego.

Alegan supostas razóns técnicas, con argumentos absolutamente falsos e tramposos como, por exemplo, que se trata dun itinerario de interese xeral incluído nun itinerario de tráfico internacional e interese europeo, que serve de acceso á fronteira con Portugal, cousa que non é certa no caso da AP-9, e a portos e aeroportos de interese xeral, cando tampouco comunica directamente estas infraestruturas, e din que por estas razóns non é posible o traspaso a Galicia.

E, ademais, falan, tamén, con argumentos absolutamente faltos de rigor, e que son unha auténtica trapallada, do impacto económico que tería ese rescate da concesión, que cifran

na cantidade de 4.300 millóns de euros a partir dun cómputo baseado nos ingresos que tivo a concesionaria no ano 2014, de 127 millóns de euros multiplicados polos anos que quedan da concesión. Desde logo, ningún rescate de concesión se fai con base nestes cálculos.

E, por riba —por iso dicimos que foi o día da vergoña—, dáse aínda o agravio de que esa decisión da Mesa do Parlamento se toma ao mesmo tempo que o Goberno do Estado —dando estas razóns para o caso de Galiza— anuncia o rescate multimillonario por máis de 6.000 millóns de euros das autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas crebadas no Estado.

Polo tanto, estamos con esta decisión ante un novo agravio que hai que sumar a unha longa lista que levamos sufrindo desde hai máis de corenta anos coa AP-9. Pagamos peaxes absolutamente abusivas, que son as máis caras do Estado, sufrimos por parte da concesionaria beneficios multimillonarios que chegan á cantidade de 743 millóns de euros, que recadan cada día en Galiza, diñeiro que pagamos todos e todas os usuarios da autoestrada, 300.000 euros. E vemos como, a pesar deses beneficios multimillonarios, se reduce o persoal, hai unha peor calidade do servizo, hai unha falta absoluta de mantemento das infraestruturas; e, por riba, vemos tamén, a pesar de todo, como se lle prorrogou a concesión ata o ano 2048, chegando ao máximo legal permitido de setenta e cinco anos.

Polo medio están todas as manobras especulativas para unha venda da concesión, que vai ser un novo gran negocio, un novo pelotazo ao que están aí axexando grandes fondos de investimento, fondos voitres internacionais, e que é unha das razóns dese veto do Goberno do Estado para a transferencia e, tamén, para o rescate da concesión, porque hai aí unha gran operación para facer de novo negocio cunha infraestrutura que é vital para o noso país.

Ademais, este acordo pon en evidencia, unha vez máis —por se non fora suficiente xa con todas as veces que o sufrimos—, ese dobre discurso das forzas políticas de obediencia estatal, neste caso do Partido Popular, que din unha cousa aquí e a contraria en Madrid. Fan a contraria en Madrid, no caso da AP-9 o voto, ademais foi o mesmo día, por iso dicimos que foi o día da vergoña; o mesmo día que vostedes votaban aquí a favor da tramitación desa proposta, en Madrid poñían o veto na Mesa do Congreso dos Deputados.

Polo tanto, a verdade é que os deixan quedar en moi mal lugar a todos vostedes como representantes do Partido Popular en Galiza.

Entendemos, ademais, que este acordo da Mesa do Parlamento supón un desprezo, supón unha burla e unha falta de respecto a este Parlamento que aprobou esa lei por unanimidade. É a primeira vez, a primeira vez que a Mesa do Congreso veta a tramitación dunha lei aprobada por un parlamento e, polo tanto, que se impide a opción de debater e despois aprobar ou non, porque xa se vería despois co trámite que tivese das Cortes esta lei; podería aprobarse tal e como estaba redactada ou podería aprobarse con cambios con respecto á redacción inicial, pero a realidade é que se vetou, que se impediu o debate, e este é un feito absolutamente inaudito, é un feito que consideramos antidemocrático.

Pensamos, ademais, que hai unha clara vulneración dos dereitos de deputados e deputadas deste Parlamento, o dereito fundamental de representación e participación política, e por

iso pensamos que é unha decisión arbitraria, é unha decisión inxusta. E, polo tanto, por decencia desta institución e por coherencia cos acordos adoptados é polo que facemos esta proposta de acordo, que ten tres puntos:

Un primeiro punto, que di que expresar o rexeitamento pola decisión da Mesa do Congreso que desbotou a tramitación da Proposición de lei de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 a Galiza, aprobada por unanimidade polo Parlamento galego.

O segundo punto, que di promover a interposición dun recurso ante o Tribunal Constitucional apoiando —loxicamente, o recurso non o pode interpoñer o Parlamento, pero si os deputados e deputadas— que os deputados e deputadas demanden o amparo por vulneración do dereito fundamental á participación de cargos públicos en condicións de igualdade e presentando por este Parlamento a asistencia técnica parlamentaria e xurídica para efectivizar este recurso.

E, ademais, trasladar este acordo —punto terceiro— á presidenta do Congreso.

Pedimos o apoio de todos os grupos para que haxa unha resposta unánime, unha resposta de país en coherencia e en defensa dos intereses colectivos e dos acordos deste Parlamento.

Desde logo, o Grupo do BNG non vai pasar páxina con este tema, traerao aquí todas as veces que faga falta, imos facer causa desta cuestión, porque nos parece unha cuestión vital e estratéxica para o noso país. Imos dar a batalla institucional, social e legal, imos mobilizar todas as enerxías que fagan falta para deter este acordo, que é absolutamente inxusto e indigno, e imos mobilizar todas as enerxías contra este espolio da AP-9, contra esta estafa legal, contra este roubo, contra este atraco, contra este agravio, contra esta aldraxe, que é unha ofensa —creo que me quedo curto cos substantivos, habería que dicir moitos máis— á dignidade de Galicia, deste Parlamento e, tamén, de todas e todos vostedes que están sentados na bancada do Grupo Popular.

Polo tanto, seguiremos adiante con consenso ou sen el, non imos parar ata conseguir unha AP-9 galega e sen peaxes, non imos parar ata conseguir que remate esta vergoña. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Boas tardes, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Hai unha primeira parte da iniciativa coa que nós coincidimos na parte resolutiva. Nós cremos que o Goberno de España está utilizando —dun xeito extremadamente extensivo— a potestade que dá a Constitución española, no marco do debate de orzamentos, de dar a con-

formidade ou non a toda proposición ou emenda de acordo co artigo 134 da Constitución española.

O Partido Popular estao facendo con todas as iniciativas lexislativas que chegan ao Congreso dos Deputados. A nós isto non nos parece aceptable. Fíxoo coa proposta de derogación da LOMCE, por exemplo, fíxoo cunha proposta da suba de pensións e faríao con calquera outra iniciativa lexislativa. Se mandásemos ao Congreso dos Deputados unha iniciativa con forza de lei para declarar a Colón galego, tamén a sometería a ese criterio e non daría a conformidade o Partido Popular.

E esta actitude deriva só da súa condición de goberno en minoría, intentando protexer..., ter o monopolio da iniciativa lexislativa e furtárllela aos grupos que conforman o Congreso dos Deputados ou ás cámaras autonómicas, que tamén a teñen de acordo coa Constitución. Devalúa o papel do Parlamento, devalúa o papel dos parlamentos autonómicos, erosiona a división de poderes e reforza —dunha maneira excesiva— o papel dos executivos, levando ao paroxismo o que podemos chamar o parlamentarismo racionalizado, que forma parte, sen dúbida, dos debates actuais.

Nós non estamos de acordo con isto, e, nese sentido, xa lles adianto que imos votar a favor da primeira parte da iniciativa do BNG, se aceptan a nosa petición de votación por puntos.

Pero o certo é que a Mesa do Congreso está non tramitando, digamos, está aceptando a non conformidade do Goberno en moitas iniciativas lexislativas, non só as que proceden de parlamentos autonómicos, senón, como dicía antes, as que tamén proceden de grupos parlamentarios.

Pode non gustarnos, pode parecernos que isto é non conforme ao que debería ser un parlamentarismo normal, pero, en todo caso, forma parte do noso ordenamento xurídico e tamén forma parte da xurisprudencia. Hai unha sentenza do ano 2006 do Tribunal Constitucional que non lles dá amparo a deputados do Grupo Popular no Parlamento vasco contra unha decisión da Mesa da Cámara que, xustamente, fora vetada para a súa tramitación polo Goberno vasco, por considerar que incorría en cambios no documento orzamentario que fora previamente aprobado pola Cámara.

En fin, podemos ter opinións distintas, pero, se se trata dunha cuestión xurídica, isto forma parte, tamén, necesariamente do debate. A cuestión política é outra cousa, e iso maniféstase —eu creo que ben— no caso da iniciativa do BNG na primeira parte da súa resolución.

E para estas decisións cabería un recurso de amparo, pero o recurso de amparo é un dereito que teñen deputados e deputadas de maneira persoal. Que nós aprobásemos aquí ou non a segunda parte da resolución non afectaría para nada ese dereito. Eu respecto ese dereito, respecto ese dereito, non podería ser doutra maneira, en fin, e os deputados que queiran exercitalo teñen toda a miña comprensión. Pero non estou moi seguro de que isto leve a bo porto en termos xurídicos, non teño esa seguridade. E creo que se o que queremos —como parece ser de acordo co autor da proposición— é, ao final, conseguir a transferencia da AP-9, xa puxemos en marcha un mecanismo alternativo, sen dúbida, moito máis potente, como

é a sinatura por parte dos catro grupos políticos desta Cámara dunha proposición de lei orgánica que imos volver remitir ao Congreso dos Deputados. Eu creo que esta é a vía adecuada para resolver esta situación e para conseguir a transferencia da AP-9 á Xunta de Galicia, para que poida exercer competencias sobre a mesma.

Esta nova proposición de lei modifica parcialmente a anterior e, xustamente, esa modificación, que foi aceptada por todos, dalgunha forma pon en cuestión a posibilidade de que eses recursos xurídicos prosperen, porque, dalgunha forma, estamos aceptando que a proposición anterior tiña algún punto que lle daba pé ao Goberno de España a non dar a súa conformidade para a tramitación, porque podía entenderse que comprometía recursos do orzamento. Eu creo que non era así, creo que non era así, pero creo que existen razóns para que o Goberno de España puidera facer esa interpretación.

Por tanto, apoio político, pero cremos que a vía para conseguir a transferencia da AP-9 é outra, é a que puxemos en marcha entre todos os grupos da Cámara, e, nese sentido, pediría que houbera unha votación por puntos para deixar clara a nosa posición nesta materia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Leiceaga.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Boas tardes.

No debate da proposición non de lei anterior vimos unha característica que me parece moi perigosa en democracia e que, desgraciadamente, o Partido Popular vén utilizando demasiado, que é —en vez de rebater os argumentos— descualificar as persoas, sementar a sospeita sobre as persoas que pelexan polo que cren que é xusto e, neste caso, descualificar as persoas que están loitando, defendendo as vítimas, os enfermos da hepatite C. Pero é máis, é unha táctica moi habitual... *(Aplausos.)* Lamentamos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, nós non. Non, nós non. Non, non, se queres, explícoo, pero nós non. Nós non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, si, os amigos do PP..., os amigos do PP, imos falar agora na iniciativa. Acábase de dicir aquí, poñer en dúbida..., *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Deixen falar a persoa que está no uso da palabra.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ... [...] unha persoa simplemente polas súas simpatías políticas. E iso é moi habitual nas vilas e en Galicia, por toda Galicia sabemos —durante todos estes últimos anos— que é unha estratexia moi estendida no Partido Popular; calquera persoa que exprese libremente as súas opinións, é desacreditada cando non lle convén ao Partido Popular.

Pero é máis, é que nin sequera iso, é que vostedes están poñendo en entredito o que di unha fiscalía e un xuíz, están falando fiscalía e xuíz. Pero tampouco é estraño, vostede teñen desatado

cacerías tamén contra os xuíces, contra os xuíces que lles molestaban algo. Porque teñen unha concepción omnívora do poder. Vostedes de demócratas aínda lles queda moito por aprender. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Moito, teñen unha cultura que non se enraíza na cultura democrática. ¡Non, non, non!, é así, teño que dicilo. Para min estas cuestións son moi indignantes. O que vin agora parece que é baixar moito o listón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Claro que é a miña opinión, estouna expresando. Poderei opinar, ¿non? ¡Só faltaría! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Exactamente!

Ben, no que respecta á proposta do BNG, nós ímola apoiar, porque estamos para que se respecte o acordo unánime deste Parlamento —votado tamén polo Partido Popular—, a dignidade do Parlamento e, polo tanto, a dignidade, tamén, de Galicia, dos galegos e das galegas.

Aquí aprobouse unha proposición de lei por unanimidade, repito, que pedía o traspaso da AP-9 á Xunta de Galicia e o Goberno español vetouna, simplemente vetou o debate no Congreso dos Deputados con argumentos falsos, con manipulacións, con mentiras, e pensamos iso a pesar de que —no que nós cremos, que é unha esperanza de que se poida conseguir algo para este país— aceptamos modificar o texto da proposición de lei para eliminar aquilo que se utilizou como argumento para vetar o debate, pero —como xa se dixo aquí— non porque creamos que os argumentos que se deron para vetar o debate fosen certos, eran falsos.

Tanto o argumento de que é unha vía que vai ata a fronteira con Portugal, porque xa dixemos que non vai ata a fronteira con Portugal, pero tamén dixemos que en Cataluña e en Euskadi se traspasaron autovías que van ata a fronteira con Francia e non houbo problema, como o argumento dos custos, que xa repetimos moitas veces a burda multiplicación das peaxes recadadas no último ano polos anos que quedan de concesión. Iso consta no informe que serviu para vetar o debate dunha proposición de lei. ¡De vergoña! Cando sabemos que iso é totalmente falso.

A falsidade destes argumentos, cremos que é de xustiza seguir loitando porque se recoñezan que eran argumentos falsos, e esta iniciativa eu creo que vai nese sentido, por iso a apoiamos. E, tamén, con respecto a esa proposición de lei que nós, non sen dúbidas, apoiamos, porque non cremos que evite a posibilidade de que unha vez máis se utilice calquera outro tipo de argucia para vetar o debate, porque isto trátase de vontade política.

Tamén pedimos que non se lles tome o pelo outra vez aos galegos e ás galegas, e pedímosllo, especialmente, a quen ten maior responsabilidade: o Partido Popular. A ver que van facer vostedes cos seus compañeiros de Madrid, que supoño que son do mesmo partido, ¿non? Porque vostedes defenden a unidade de mercado, defenden un financiamento, tamén, homoxéneo e sen diferenzas. Agardemos que poidan facer algo e se, polo menos outra vez, dende o Goberno do Estado se lles toma o pelo aos galegos e ás galegas —desta vez con outro tipo de argucia falsa, mentireira e manipuladora—, esperemos que teñan algo máis de contundencia para expresar o desacordo, moita máis contundencia que a que tivo o señor Feijóo, que agachou a cabeza cando veu o ministro e reintentou vender uns logros que xa, como vimos, estaban logrados e resesos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non debata, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Agardamos que non lles tomen o pelo outra vez aos galegos e ás galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra polo do Grupo Parlamentario Popular o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Grazas, presidente.

Señorías.

Señor Fernández Leiceaga, compartimos os comentarios do seu segundo punto, pero respecto ao uso que se está facendo por parte do Partido Popular no Congreso dese veto, creo que vostede sabe perfectamente que se se está facendo ben ou mal xa se está dirimindo agora mesmo no Constitucional, xa está en estudo, e creo que será aí onde se poida confirmar. Pero, como ben dicían, utilizáronse criterios técnicos, técnico-xurídicos, non políticos.

Señor Sánchez, é difícil subir aquí e descualificar máis, inventar máis en cinco minutos, e leccións de democracia, as xustiñas, ¡as xustiñas! Porque o único que fixo o señor Centeno é dicir a verdade, se non lles gusta... ¿Pero foi nas listas ou non foi? É dicir... (*Aplausos.*) Se non lles gusta a verdade, non descualifiquen, porque infamias temos que escoitar nós, e insultos temos para contar nós, e non por cortarme vai ter vostede máis razón, porque non a ten.

En calquera caso, señor Bará, permítame —cando di con tanta intensidade e fala de aldraxe—, eu de verdade creo que a única aldraxe que hai aquí foi cando se opuxo o BNG a que se construíse a autopista. ¿Acórdase da navallada? ¿Acórdase? Esa si que é unha aldraxe a Galicia e a todos os galegos.

Non van defender máis que nós a transferencia da autopista á Galicia, non é patrimonio seu, como tampouco outras cousas que lles recordaron esta mañá. Imos seguir defendendo este traspaso, e este traspaso a Galicia porque a aldraxe é cando se vota en contra da transferencia, como fixeron vostedes cando estaban no Goberno de Galicia. Esa si que é unha aldraxe. Nós manteremos os mesmos criterios.

Pero —como xa poden intuír— votaremos en contra desta proposición non de lei, porque vai en contra dos últimos pasos dados por unanimidade nesta Cámara, e porque, ademais, non axudan ao obxectivo último, como ben dicía o compañeiro do PSOE, ese obxectivo que é conseguir —o máis axiña posible— esta transferencia.

E, como ben saben, ademais, gustárame felicitar os catro voceiros dos catro grupos por chegar a ese acordo, que se rexistraba conxuntamente a semana pasada, no que se pide a tramitación, a transferencia dunha nova lei que transfira a titularidade da AP-9, e onde se



eliminan os aspectos que lle serviron para xustificar xuridicamente ao goberno da Mesa do Congreso esta decisión.

Ademais, como ben saben tamén, fíxose con asesoramento, axuda e colaboración inestimable da asesoría xurídica desta Cámara, e decidiuse entre todos, incluída a asesoría xurídica, que esta era a mellor opción, como dicía a voceira do PSOE, para conseguir esa transferencia. Polo tanto, sexamos coherentes e votemos o mesmo que votamos e firmamos os 75 deputados nesa proposición non de lei. Creo que este camiño non é coherente con esa decisión.

E, ademais, pensamos que este segundo punto o único que pode xerar é que se atrase, e incluso se paralice, o trámite ante a tramitación alegando que, seguramente, eu vou agardando a que se falle por parte do Constitucional.

Creemos que non axudaría a esta tramitación, e xa que temos unha decisión unánime noutro sentido, respectémola e non enredemos, porque enredando, señores do BNG, o único que facemos é debilitar a nosa posición, a posición de Galicia neste tema.

Se ben é certo que non coa mesma intensidade, tamén cremos que o punto primeiro e terceiro non axudan a conseguir ese obxectivo dunha transferencia áxil, e, ¿por que o dicimos? Nun primeiro apartado polo mesmo que dixo o señor Leiceaga, tamén pensamos que estando en tramitación unha nova lei, dalgún xeito recoñecemos que algún dos temas é discutible desde o punto de vista técnico-xurídico, polo menos.

Por outra banda, temos que presentalo ante a mesma mesa que queremos rexeitar, tampouco creo que afondar nas diferenzas sexa o mellor xeito de chegar a un acordo e conseguir esa tramitación.

E, por último, eu permitiríame facer un comentario. Poñamos o tema ao contrario, din que non se está respectando este Parlamento, imaxinemos que é o contrario e que a Mesa do noso Parlamento decide non tramitar unha petición doutro parlamento do mesmo congreso. Se tiveramos un rexeitamento, se fora así, defenderíamos a nosa Mesa e, ademais, sairíamos en defensa da independencia e do criterio dos Servizos Xurídicos desta Cámara e das decisións da nosa Mesa. Sexamos coherentes e sexamos sinceros, que así sería.

Seguiremos pedindo a transferencia da AP-9...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** ...non é patriotismo seu, e dicíallo antes. É importante manter esa postura unánime sobre a tramitación, temos un acordo da semana pasada e respectémolo. Esta mañá o presidente dicía que ás veces os nacionalismos non axudan ou non son bos para o país, e se se queren levar ata determinados aspectos, eu creo que —como neste caso— en vez de axudar esas tendencias nacionalistas, o que fan é ir en contra dos intereses do país e da transferencia da AP-9.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do grupo autor da proposición non de lei o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Ben, en primeiro lugar, quería dicir que si imos aceptar a votación por puntos, como pediu o señor Leiceaga. E ao señor Fernández Prado o que lle teño que dicir é que esta iniciativa é en defensa dun acordo do Parlamento galego; é unha iniciativa en defensa dun acordo unánime deste Parlamento, en coherencia con ese acordo unánime, e non imos pedir perdón por ser coherentes, por ser consecuentes e defender un acordo deste Parlamento.

Efectivamente, é unha aldraxe, é un espolio, é un roubo. Mire, nós dixemos que era unha navallada a autoestrada no momento da súa construción. Efectivamente, o trazado coa normativa ambiental de hoxe non habería por onde collelo, non se podería aprobar, é unha auténtica barbaridade. Pero a verdade é que nos equivocamos con iso da navallada, porque non era unha navallada, era unha auténtico atraco, era un roubo aos bolsillos de todos os galegos e galegas, era moito máis que unha navallada, era un atraco, un roubo, un espolio, unha aldraxe, unha vergoña..., unha vergoña, ademais, por todo o que está pasando agora con este tema.

A proposta, como dicía, é para dar resposta, e unha resposta firme, unha resposta contundente, e gustaríanos que unánime deste Parlamento, ante unha decisión que é arbitraria, que é inxusta e que é antidemocrática, porque se está utilizando un precepto legal, o artigo 134.6 da Constitución, dunha maneira abusiva, dunha maneira retorcida non para vetar unha lei, senón para vetar algo que é moito máis grave, para vetar o debate parlamentario dunha lei aprobada por este Parlamento. Polo tanto, nós iso non o podemos consentir.

Polo tanto, creo que temos dereito a tomar este acordo, creo que é unha obriga deste Parlamento tomar este acordo e, ademais, facer ese recurso de amparo por vulneración de dereitos fundamentais. E pedimos que o Parlamento apoie este dereito que teñen os deputados e as deputadas a pedir este amparo, e tamén que o Parlamento apoie cos seus medios técnicos e xurídicos este recurso.

Polo tanto, non é unha cuestión simplemente xurídica, é unha cuestión de dignidade, é unha cuestión de decencia, que non ten nada que ver co feito de que se tramite unha segunda tentativa de proposición de lei e que, en todo caso, se se aproba con ese cambio na redacción, non exime a quen teña que negociar co Goberno do Estado o feito de que se negocie nesa comisión mixta non só a transferencia, senón tamén o rescate da concesión, que —en todo caso— é un dereito que temos como galegos e galegas.

En fin, que creo que o tema está claro, os argumentos que se deron non son argumentos técnicos, son argumentos políticos. Con eses argumentos vetaríase tamén de novo a transferencia, polo tanto, este Parlamento ten que ser coherente, consecuente, e por decencia e por dignidade pedimos o apoio para esta proposta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D. Antón Sánchez García, sobre o impulso pola Xunta de Galicia para o cumprimento da sentenza do 21 de decembro de 2016 do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en relación cos contratos hipotecarios con cláusulas chan**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda.

*(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición*

*Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:*

*«Garantir o correcto funcionamento da Consellería de Sanidade no relativo á hepatitis C, especialmente no relacionado co trato coas persoas afectadas e o seguimento do Plan estratéxico, separando para elo das súas funcións aos altos cargos investigados por homicidio.»)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Antón Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** O Tribunal de Xustiza da Unión Europea, en sentenza do 21 de decembro de 2016, vén de fallar a favor dos consumidores no caso das indemnizacións das cláusulas abusivas, das cláusulas chan abusivas. As entidades de crédito terán que devolver todo o que os clientes aboaron de máis durante a vida do préstamo hipotecario e non só a partir do 9 de maio de 2013, como fixara o Tribunal Supremo.

Segundo o Tribunal de Xustiza da Unión Europea a xurisprudencia española, que limita no tempo os efectos da declaración de nulidade das cláusulas chan contidas nos contratos de préstamo hipotecario, é incompatible co dereito da Unión. Tal limitación dá lugar a unha protección dos consumidores incompleta e insuficiente, polo que non constitúe un medio adecuado e eficaz para que cese o uso das cláusulas abusivas.

Nesta sentenza faise constar que a declaración xudicial de carácter abusivo dunha cláusula debe de ter como consecuencia o restablecemento da situación na que se atoparía o consumidor de non existir a dita cláusula. A consecuencia, polo tanto, é que se lles devolva o incorrectamente cobrado pola existencia das cláusulas chan con intereses, cos xuros incluídos.

Esta sentenza e as consecuencias sobre as cláusulas chan é unha mostra máis do trato de favor que continuamente tiveron os gobernos españois durante anos coa banca, de diferentes cores, hai que dicilo, que propiciou tamén unha situación de abuso sobre os consumidores, moitos anos, continuamente.

Unha vez máis, como dicía antes, outra estafa a gran escala, tamén, permitida en conivencia con eses gobernos. E unha vez máis, neste caso, as autoridades europeas que teñen que saír en defensa dos dereitos dos consumidores, paradoxalmente, e poñer colorado, vermello a quen en cambio sostíña outras posicións, como, por exemplo, a sentenza o Tribunal Supremo, que incluso un dos argumentos para a irretroactividade das cláusulas chan era que podía haber unha grave alteración da orde económica. É dicir, a prioridade é protexer os bancos, unha vez máis.

Durante anos o Estado español estivo montando un sistema que constantemente supoñía non só abuso sobre a xente, senón infrinxir constantemente a normativa comunitaria de protección do consumidor. Isto supoñía miles de millóns de euros roubados. O Tribunal de Xustiza Europea xa declarou que a lexislación hipotecaria, en temas tan sensibles como a dación en pago, a protección sobre os desafiuzados, era contraria á lexislación europea. E sempre a remolque e a regañadientes, gobernos españois ían modificando as normativas que lles impoñían desde Europa, non por iniciativa propia deses gobernos, que sempre se puxeron do lado da banca.

Agora as cláusulas chan, pero tamén os gastos de formalización das hipotecas, pero é que agora hai ata quince cláusulas en cuestión que poden ser abusivas, ¡quince! E todo o sistema dos últimos vinte, vinte e cinco anos posto en cuestión, é escandaloso, e unha vez máis tamén houbo responsables políticos, os sucesivos gobernos que lexislaron constantemente a favor da banca e que toleraron esta situación.

Como dixer, na sentenza faise constar que a declaración xudicial de carácter abusivo dunha cláusula debe ter como consecuencia o restablecemento da situación na que se atoparía o consumidor de non existir a dita cláusula. É dicir, é meridianamente claro que a sentenza obriga a devolver todas as cantidades cobradas sempre que existan cláusulas abusivas, cláusulas chan abusivas, ¡todas!

Ante esta situación, nós dicimos, ¿como se garante mellor ese dereito dos consumidores que sufriron esas cláusulas chan? Pois nós apostamos porque se abran procedementos extraxudiciais con todas as garantías para que se lles devolvan eses cartos —que son dereitos deses consumidores— sen ter que recorrer forzosamente ao procedemento xudicial, a provocar máis gastos, máis esforzos e máis tempo, xa que teñen recoñecido, claramente, ese dereito.

E por iso, inicialmente, na nosa proposición non de lei pediamos que a Xunta implementase un sistema extraxudicial desas características, con garantías, e que non obrigase a recorrer á xustiza.

Ben, teño que dicir tamén que nos autoemendamos, porque no medio deste tempo —entre que a rexistramos e que veu a debate— se aprobou o Real decreto lei 1/2017. Teñen que des-

culpar os diferentes grupos e as persoas que ían vir ao debate, pero cremos que está xustificada esa autoemenda, porque a aprobación dunha lexislación básica, evidentemente, aquí tamén hai que cumprila; a Xunta non podería iniciar un procedemento autonomamente. Unha vez que esta lexislación se considera básica o que fai é modificar a proposta de acordo que inicialmente faciamos, pero coa mesma idea, coa idea de dotar dun procedemento que facilite o pago desas cantidades con todas as garantías.

Pero unha vez máis, analizando o Real decreto lei 1/2017, vemos que dentro do marco definido pola sentenza do Tribunal de xustiza da Unión Europea, e dentro das posibilidades que hai, todas as posibilidades, este acordo utilízase para beneficiar á banca, unha vez máis. E todas as posibilidades e os resquicios que había para beneficiar a banca utilizáronse para beneficiar a banca, e unha vez máis a balanza se inclina do lado dos bancos.

É dicir, segundo vemos neste real decreto o banco informa o cliente —a todos os clientes que teñen cláusula chan—, o cliente voluntariamente pode presentar unha reclamación, que se chama reclamación previa, e a partir de aí todo está xa nas man do banco, que pasa a ser xuíz e parte.

O banco pode contestar simplemente que non considera que a cláusula do cliente sexa abusiva, e remata, pon fin ao procedemento. No caso contrario, o propio banco é o que calcula a cantidade a devolver, envíalle esa proposta ao cliente, sen ningún tipo de mediación, sen ningún organismo previsto que verifique se a oferta que lle está facendo o banco é correcta ou non.

O consumidor deberá manifestar se está de acordo co cálculo. O prazo para o acordo son tres meses, e o banco pode facer o seguinte: pode rechazar expresamente a solicitude do consumidor, final do procedemento; tres meses sen comunicación, non recibe contestación o cliente, final do procedemento, silencio administrativo negativo, nin sequera ten que contestar; ou, se non, incluso pode contestar o banco, e se nos tres meses non ingresa a cantidade ao cliente, remata o procedemento e non ten ningunha consecuencia para o propio banco.

É dicir, dáselles tres meses de marxe aos bancos sen ningún tipo de consecuencia, fagan o que fagan. O consumidor non pode executar acción xudicial durante o procedemento extraxudicial, e só se o consumidor rexeita a oferta do banco e interpón demanda xudicial, na que obtívase unha sentenza máis favorable que a oferta recibida, se imporán custas á banca.

É dicir, isto é escandaloso, tamén. Se o banco lle fai unha oferta ao cliente, o cliente pensa que non é a xusta e recorre posteriormente á xustiza, se non recibe unha sentenza cunha cantidade superior á ofrecida polo banco, as custas son para o cliente. Se durante o proceso o banco produce un allanamiento, pois o mesmo, se despois a cantidade non é superior a esa cantidade ofrecida polo banco, as custas tamén son para o cliente.

É dicir, nós cremos que favorece a banca en todos estes aspectos. Tampouco fai ningunha referencia aos executados hipotecarios, que foron botados das súas casas, que sufriron as cláusulas abusivas, aos que perderon a casa por un préstamo hipotecario que tiña estas cláu-

sulas abusivas. Non hai ningún tipo de mecanismo sancionador fronte á banca. Hai que comparar o celo co que se castiga o incumprimento dos consumidores coa tolerancia dos incumprimentos da banca neste país.

Non hai ningún orzamento previsto no real decreto lei, non ofrece garantías, porque non hai ningún organismo entre o banco e o consumidor, e a relación entre o banco e o cliente do banco para nós non é unha relación entre iguais, precisa dun organismo público, a ser posible —que podería ser o Instituto Galego de Consumo—, para mediar e para asesorar tamén, para asesorar, o cliente no cálculo —que non é un cálculo sinxelo— das cantidades.

Cremos, ademais, que non é unha relación entre iguais, pero moito menos cos precedentes que ten a banca neste país, é dicir, ¿quen garante que non volve haber cláusulas abusivas ou mecanismos abusivos sobre o cliente?, ¿quen é o que garante que ese acordo non volve ser unha estafa ao cliente e nos volvemos meter noutro bucle de estafas? Non hai ninguén que o garanta. O cliente pode dicir: bueno, ti aceptaches, pero pode haber outra vez máis un acordo abusivo para o consumidor, e non hai ninguén que garanta iso e ninguén que supervise.

¿Que pasa se a banca incumpre de novo a lexislación? Nós cremos que todo iso xustifica unha petición da modificación do real decreto lei, por iso instamos a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a modificación, con efectos retroactivos, do Real decreto lei 1/2017, ao efecto de garantir os dereitos dos consumidores, a devolución obrigatoria do...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...entidades financeiras —xa estou rematando— e sen requirimento previo de todas as cantidades cobradas en exceso pola aplicación das mencionadas cláusulas, intereses devengados incluídos, dende a data de efecto do contrato, e a desenvolver con plenas garantías os instrumentos de arbitraje que garantan o exercicio efectivo do anteriormente sinalado, incluído, no seu caso, a exención das custas xudiciais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez.

Por parte dos grupos non emendantes. Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Ben, boa tarde a todos e a todas.

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego queremos manifestar o noso pleno apoio a esta iniciativa de En Marea coa que compartimos o fondo e a concreción, e que vai na liña das cuestións que publicamente, e tamén neste Parlamento, temos rexistrado xa ao respecto.

Vou ser moi breve, porque a cuestión é bastante clara. Aquí vimos como a crise destapou os abusos da banca no Estado español, uns abusos non só en canto á xestión económica —algo

do que xa falamos algo noutros puntos—, senón un abuso contra as persoas usuarias en situación, ademais, de indefensión, de vulnerabilidade pola diferenza —como comentaba agora mesmo Antón— entre o coñecemento e o poder, e as facilidades que ten a banca e o coñecemento que teñen esas persoas usuarias.

¿Que acontece? Que á gravidade dos feitos, desafortunadamente, non se respondeu con rapidez e con exixencia por parte das institucións e das administracións en xeral, sobre todo con exixencia, con ir ao cerne dos problemas, con ir ao cerne das solucións. Vímolos nas preferentes, e todo parece indicar que o imos ver agora coas cláusulas chan, acrecentado por un fenómeno de intentar tapar que non hai problema ningún, que xa está isto finiquitado enseguida, entón intentar calmar a alarma social, e, dese modo, se non temos alarma social, se non temos unha contestación permanente, pois pasará como coa cuestión das preferentes, onde inicialmente se vulneraban absolutamente os dereitos das persoas afectadas, non se tomaban en serio por parte das maiorías políticas e pretendíase que morrese o tema. Como xa dixen antes, grazas a esa exemplar loita conseguiuuse que non fose así.

Entón, indo ao gran, desde o BNG compartimos a preocupación que se recolle nesta iniciativa, entendemos que isto está nun contexto moi preocupante, porque, dunha banda, temos un Estado que rende absoluta pleitesía aos ditames da banca, non sabemos se nos goberna en Madrid o Partido Popular —unha gran coalición— ou se, efectivamente, nos goberna directamente a banca ou quen, e mentres temos unha Xunta que adormece e que non exerce as súas competencias de consumo, como a nós nos gustaría.

Hai xa máis dun mes desta sentenza e vimos un repetido espectáculo, primeiro íase aprobar un código de boas prácticas —que primeiro había desacordo entre os grandes partidos do Estado—, despois as mans escuras da banca por detrás, e entón finalmente ese código nunca chegou a bo porto.

Despois entramos na telenovela do real decreto, e todos os indicativos que ían aparecendo eran bastante negativos, canto á transparencia cara ao consumidor, canto á falta de actuación de oficio e demais.

Finalmente, o resultado tivémolo hai uns días, e non é satisfactorio, é absolutamente nefasto, e supón un absoluto lavado de cara diante da banca tanto do PSOE estatal, como do Partido Popular, como de Ciudadanos alá en Madrid, e diante do que agardamos que a Xunta nos dea unha sorpresa e reaccione doutra maneira, ¿non?

Ademais, é salientable como durante todo este tempo, durante este mes e pico, igual que anteriormente, pois a única preocupación por parte do Goberno eran os colapsos, sexan nas oficinas bancarias ou sexan nos xulgados. Entón estamos preocupándonos só do colapso en lugar de ver que aí hai unha necesidade e que haberá que artellar mecanismos para que non haxa eses colapsos e para que se garanta a atención ás persoas. Unhas persoas que se cifran no noso país en, aproximadamente, 200.000, segundo saen as informacións. Diante disto temos un novo bocado de oxíxeno á banca, que é o que se prioriza.

O tempo é curto, e Antón xa entrou bastante no que é o decreto, e simplemente salienta un feito de fondo que é absolutamente disparatado se o vemos baixo calquera óptica. No ensino e na aprendizaxe de linguas faise moito un exercicio que é alterar os nomes dos personaxes nunha fábula, e se collemos esta historia e en lugar da banca poñemos un ladrón, e pretendemos dicirlle á persoa que foi roubada que quen vai decidir o ditame do seu problema é a persoa que lle roubou, sería totalmente absurdo.

Entón, a nós non nos vale este decreto, continuaremos a demandar tamén a súa transformación en solucións reais. Nese sentido, da Xunta exixir que tome a iniciativa, que sexa exixente no marco do Estado, que reclame medidas de fiscalización da banca para solucións agora para todas estas persoas afectadas, e tamén de cara ao futuro, porque ao final, ¿que acontecerá coas cláusulas chan? Pois como coas preferentes, como con calquera outra cuestión destes calotes bancarios que estamos a ver, que ao final non hai unha reflexión profunda de que é o que hai detrás, ese gran puzle da estafa bancaria, que continuamos sen querer destapar, porque hai intereses políticos e persoais ocultos detrás, e, desde logo, desde o BNG queremos reivindicar que iso non se faga...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...que se desvele todo e que se busquen solucións a esta estafa permanente na que estamos vivindo.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Como xa se dixo aquí, o Tribunal Supremo de España, o 9 de maio de 2013, ditou unha sentenza na que se recollía que as cláusulas chan eran abusivas e, polo tanto, nulas. Pero na mesma sentenza non se recoñecía o carácter retroactivo, polo tanto, non afectaba a todas aquelas situacións anteriores á publicación da dita sentenza.

O 21 de decembro de 2016 unha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea cuestionou esta decisión do Tribunal Supremo español e estableceu que unha cláusula é nula e que o é, polo tanto, para todos os efectos, con plena retroactividade.

Con base nesa sentenza, vemos que —segundo calculou o Banco de España— a banca española terá que desembolsar uns 4.000 millóns de euros, e sobre 200 millóns de euros soamente en Galicia.



A asociación galega de consumidores e usuarios calcula que en Galicia hai unhas persoas beneficiarias, potencialmente, entre 50.000 e 70.000, polo tanto, é importante a cifra.

Á vista desta sentenza, o PP non estableceu ningún procedemento de devolución, preferindo, coma sempre, mirar para outro lado. Volveu obviar unha situación preocupante —que afectaba un número moi importante de cidadáns—, un xeito de enfrontar os problemas como os xa vividos noutras ocasións, por exemplo no caso das preferentes.

Tivo que ser o Partido Socialista no Congreso dos Deputados quen obrigara ao debate e a tomar unha serie de medidas que se materializaron no Real decreto lei 1/2017, publicado —como se dixo antes— o 21 de xaneiro no BOE, é dicir, este sábado, no cal se obriga a banca a establecer procedementos para a reclamación extraxudicial, que se devolva a totalidade sen quitas, que se calculen os intereses de demora devengados e que sexa todo o proceso con total transparencia.

A verdade é que nós, unha vez que se presentara a PNL de En Marea, viñamos hoxe aquí para votar a favor desa PNL, posto que vostedes presentaron unha PNL na que na súa parte resolutive propoñían, e digo textualmente: «Habilitar e activar os mecanismos e instrumentos necesarios de arbitraje e solución extraxudicial para a devolución, polas entidades de crédito, das cantidades cobradas aos clientes de contratos hipotecarios con cláusulas chan.»

Propostas que nós, os socialistas, entendemos que están recollidas, practicamente na súa totalidade, no Real decreto lei 1/2017, e, polo tanto, non presentamos ningunha emenda a esa PNL inicial que vostedes nos presentaron, posto que no real decreto lei se establece que as entidades deberán implantar un sistema de reclamación, que terá carácter voluntario para o consumidor, para atender os afectados polas contías da cláusula chan. Así está establecido no artigo 3, no parágrafo 1.

E tamén, no artigo 3, di que as entidades deberán garantir que este sistema de reclamación sexa coñecido por todos os afectados, é dicir, que se dirixa a todos os afectados para explicarlles como poden reclamar os seus cartos; que os afectados cobrarán a totalidade dos seus cartos de xeito gratuíto para os consumidores e coas máximas condicións de transparencia e rendición de contas; que o prazo máximo —como ben dixo anteriormente— será, como máximo, de tres meses, e que poderán pagar en efectivo ao consumidor se este está de acordo; e que sexa o consumidor quen decida aceptar ou rexeitar a oferta, e no caso de rexeitala, evidentemente, quédalle a vía xudicial. No caso, tamén, de que a banca teña feito unha oferta máis baixa á que o consumidor consiga a través da vía xudicial, imponse a condena ás custas á propia banca.

Por iso nós nos atopamos sorprendidos de que vostedes hoxe presenten unha emenda a súa propia PNL na que solicitan a modificación do real decreto lei.

Nós ímonos abster, noutro caso íamos aprobalo, evidentemente, pero ímonos abster porque entendemos que están recollidas practicamente todas as proposicións que vostedes fan. Ademais, tampouco tivemos ocasión de poder presentar unha emenda, posto que foi emendado con bastante precipitación.

No caso que vostedes propoñen, e é no único que nós vemos que pode haber algunha diferenza —e é que falan de devolución obrigatoria e de oficio—, nós entendemos que dese xeito non se lle permite ao propio consumidor decidir como lle convén máis a dita devolución, posto que non se pode esquecer que esta devolución leva aparellada obrigas fiscais, que poden supoñer un cambio significativo nas deducións do IRPF.

Nós seguiremos de cerca este procedemento, sabemos que non é excelente, pero si é o mellor, o máis rápido e o máis áxil para evitar situacións complicadas e que se arranxen a maioría delas no prazo de tres meses, como máximo, dos tres meses que veñen establecidos no real decreto lei.

Nós seguiremos exixindo que se impulse un órgano de seguimento...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...—si, acabo— control e avaliación co obxecto de garantir a protección dos consumidores e impulsar a correcta implantación e coñecemento do mecanismo extraxudicial e o desenvolvemento normativo que sexa necesario. E, tamén, seguiremos a traballar para que as asociacións de consumidores teñan presenza neste órgano de seguimento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia o señor Castiñeira Broz.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Señor presidente, señorías, boas tardes.

Señor Sánchez, houbo algún momento no que eu lle diría que case pensaba que estaba nun concerto de Rafael, porque repetiu tantas veces «*Escándalo, escándalo, esto es un escándalo*», que, de verdade... E eu pensei que xa estaba desfasado ese cantante, pero recordoumo vostede por varios momentos.

E, señora Presas, señora Rodríguez, de verdade, eu alégrome moito de que o PSOE por fin fixera algo, ¡por fin! Parece ser que este real decreto o firmou un tal Pedro Sánchez —creo—. Polo que dixo aquí parece que foi iniciativa do PSOE, pero, que eu saiba, estalle firmado por Mariano Rajoy, (*Murmurios.*) presidente do Goberno e do Partido Popular. (*Aplausos.*) Pero, segundo vostede... Mire, eu, visto o visto, (*Aplausos.*) alégrome moito, loxicamente, de que fora pactado, dialogado e acordado co Partido Socialista, con Cidadáns, co PNV, con Coalición Canaria... Con outra serie de partidos, non só o Partido Socialista, señora Rodríguez, ao cal deberían de invitarse os de En Marea-Podemos, deberían de estar aí; creo, sinceramente, que deberían de estar.

Pero a min —tal e como dixo aquí que o PP nunca tomara medida ningunha nin en desahucios nin nisto, de verdade— gustaríame preguntarlle: ¿e logo vostede de quen vén sendo?, ¿dos

do non?, ¿dos da abstención?, ¿ou dos da Carmen Chacón que sacou o desahucio express e o súper express? ¿De quen vén sendo o Partido Socialista? Porque, claro, iso témolo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non sei se se acorda vostede no ano 2011 do que fixeron. (*Murmurios.*) Si, si, pero a historia está aí, o que fixo cada un, cada goberno e cada partido. (*Murmurios.*)

Señor Sánchez, mire, vostede, efectivamente —e díxoo aquí—, presentou unha iniciativa, unha proposición onde pedía, inicialmente, unha solución extraxudicial para a devolución das cantidades indebidamente cobradas aos clientes dos contratos hipotecarios. Solución extraxudicial que vén avalada e referendada polo real decreto que se aprobou o día 20, é dicir, a semana pasada; polo tanto, vostede, aínda que tarde, debeu reflexionar e presenta outra iniciativa. Outra iniciativa que vén dicir que se a outra estaba collida ao 100 % o que pedían, resulta que esta eu diría que ao 75 %.

Mire, vostedes agora piden que a devolución sexa obrigatoria, que se faga de oficio... Non, e explicareille o porqué. Porque entendemos que debe ser voluntaria a liberdade do consumidor para elixir o sistema que prefire; polo tanto, non lle imos restar un ápice de liberdade de toma de decisión aos consumidores. Que se inclúan os intereses de demora, vostede mesmo recoñeceu que se incluían os intereses devengados. E tamén, no seu caso, a exención de custas xudiciais; pois tamén está recollido nese real decreto.

Eu creo que o que lles fastidiou a vostedes, sinceramente, foi que tiñan as pancartas pintadas e preparadas, e co real decreto fastidiáronselles. Entón, tanto os do BNG como vostedes quedáronse coas pancartas, que as terán que reciclar. (*Aplausos.*) E nese sentido era como debía de presentar a iniciativa, (*Aplausos.*) retirala; e, se non a retiraban, modificala e pedir un reciclado das pancartas, porque me parece que é o que deberían de facer.

Porque, mire, no real decreto —e díxoa no primeiro punto, no primeiro artigo— o obxectivo e o obxecto son un procedemento extraxudicial para defender os consumidores de forma sinxela, rápida e gratuíta —gratuíta, sinxela e rápida—, e, por suposto, voluntaria; non de oficio, voluntaria. E, mire, o banco ten obrigatoriamente que establecer no prazo dun mes uns mecanismos de reclamación para o consumidor, e informar a todos aqueles consumidores que teñan cláusulas chan, notificarlles como se van tramitar. A partir de aí, voluntariamente, se o decide o consumidor fai a reclamación. Tan pronto se faga a reclamación, ten o banco tres meses para facer o cálculo: «deberá...»; iso chámase imperativo, non é pode facer e se non o fai... Non, non, o real decreto pon claramente «deberá facer unha valoración e o cálculo do efectivo que ten que devolver». E se non lle sae, se o banco entende que non procede, ten que razoar e motivar o porqué; cousa moi importante, non é ao libre albedrío do banco, diso nada, ten que, claramente, posicionarse e dicir os motivos de por que non valora e non procede a valoración, ou a valoración —que é moi diferente—. A partir de aí o consumidor ten a opción de dicir se lle gusta a valoración que lle ofrecen ou non, estamos nun país libre; polo tanto, decide se vai aos xulgados, se non lle gusta o que lle valoran, vai aos xulgados ou non. E a partir de aí establécense, loxicamente, unha serie de medidas tanto no tratamento fiscal desas posibles devolucions ás que teña dereito como outra serie de medidas.

E, mire, o Goberno galego desde o día seguinte tomou medidas, inmediatamente. E o propio presidente da Xunta díxoo claramente nas súas declaracións: os bancos deberían de ingresar inmediatamente o cobrado indebidamente nas contas dos usuarios...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...e dos consumidores, e á disposición de todos os usuarios galegos e galegas teñen a oficina galega de consumo e competencia. Aí é onde se está informando, tramitando e facendo xestións neste sentido para todos aqueles usuarios que estean á disposición, tanto por teléfono, desde a páxina web, incluso cun formulario tipo no que só hai que poñer o nome...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...—remato, señor presidente— os datos do consumidor e o número de préstamo. E incluso con xornadas informativas ao longo de Galicia; é máis, este xoves hai unha en Pontevedra á que está invitado vostede a ir. Lévanse, no que vai de ano...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** ...atendido máis de 1.000 usuarios ou consumidores afectados polas cláusulas chan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Ten a palabra, para rematar o debate, o señor Sánchez García.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ¡Ay, llévame pronto...! (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Eu acéptolle que me parecera (*Aplausos.*) a Rafael, pero vostede na súa intervención pareceu Sméagol, de *El señor de los anillos*, (*Risos.*) «*El real decreto es mío...*». (*Risos.*) É o que máis lle importou, a paternidade do real decreto, pelexarse co Partido Socialista a ver quen tiña o mérito. Aí están as prioridades, señor Castiñeira.

Coidado coas pancartas, só fai falta escoitar o que están dicindo as organizacións de consumidores para ver que as pancartas aínda non hai que gardalas; non hai que gardalas, porque o que dixen eu aquí é o que din as organizacións de consumidores. Vostedes apelan moito ao diálogo, pero non atenden a razóns. Mire, eu expliquei aquí por que cremos que este real decreto privilexia a banca, dentro do que poden vostedes sempre van a remolque e beneficiándoa no que poden —evidentemente, non poden dicir que non a unha sentenza do Tribunal Superior da Unión Europea, se puideran, facíano; se puideran seguir cobrando esas

cláusulas chan, por vostedes seguíanas cobrando—, dentro disto, todo o que poden, para o lado da banca, todo o que poden, para o lado da banca,

Mire, unha vez máis, coa moral que me caracteriza, vou tratar de razoar. (*Murmurios.*) Custas procesuais: «*Solamente si el consumidor rechazase el cálculo de la cantidad a devolver o declinase*», soamente hai unha posibilidade de que non lle encasqueten as custas ao consumidor. «*Si el consumidor interpusiese una demanda frente a una entidad de crédito sin haber acudido al procedimiento extrajudicial del artículo 3, regirán las siguientes reglas: en caso de allanamiento, la entidad de crédito antes de la contestación a la demanda se considerará que no concurre mala fe, a efectos de lo previsto en el artículo 395.1, segundo párrafo, de la Lei 1/2000, de 7 de enero, de enjuiciamiento civil. En el caso de allanamiento parcial de la entidad de crédito, ante la contestación de la demanda, siempre que consigne la cantidad cuyo abono se comprometa, sólo le podrá imponer la condena en costas si el consumidor obtuviera una sentencia cuyo resultado económico fuese más favorable que la cantidad consignada*», Todo, todo son vantaxes para a banca, ningún mecanismo sancionador, ningún mecanismo supervisor que garanta que o que está facendo o banco non é outra vez repetir a estafa.

Vostede imaxínese —imos ver—, a banca pode sistematicamente ofrecer cantidades á baixa; a sabendas, a mala fe pode dicir: imos ofrecer o 20 % menos, sistematicamente. E non ten ningunha cuestión que lle preocupe, pode facelo e non hai nada que a sancione por actuar de mala fe, nada, cero. ¿Que é o que pasa? Nada. Pode facelo sistematicamente, e estatisticamente sae beneficiada. Porque vai haber moita xente que prefira..., que non queira ir á asesora, que non queira pagar un avogado, que non queira tal..., e vai aceptar; e sae beneficiada, ¡claro que si sae beneficiada! Moito máis que se houbera un organismo entre o cliente e o banco, por protección do consumidor, pero tamén unha protección do consumidor xa cando o trato coa banca, que eu creo que debería de haber —sabendo os antecedentes— ese intermediario. Ningunha, pode utilizar esa táctica.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Pode utilizar a táctica de deixar pasar os tres meses sen nin sequera contestar, non teñen por que contestar. E vostede di que están obrigados a informar, ¡pero se non se especifica nin como!, ¡non se di nin como no decreto! Unha entidade pode poñer na súa páxina web esa información e a ver onde está no real decreto algo que llo impida, ¡en ningún lado!

Ten moitas eivas que eu tratei de explicar no pouco tempo que hai. (*Murmurios.*) Creo que razoablemente non é..., (*Murmurios.*) como dixo a voceira do Partido Socialista, eu creo que deberían de repensar o voto...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Eu sei que apoiaron este acordo en Madrid, bueno, fagan como o Partido Popular, desmárquense dos seus colegas de Madrid, (*Risos.*) que neste caso, na banca, os de Madrid non o fixeron mal nos últimos anos.

(*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez.

Suspendemos a sesión ata mañá, que a reiniciaremos ás dez da mañá coas preguntas orais ao presidente da Xunta.


Moitas grazas.

Ás dez da mañá.

*Suspéndese a sesión ás nove da noite.*

## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintero Araújo, Paula	(EM)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez González, Román	(P)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Sánchez García, Antón	(EM)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Solla Fernández, Eva	(EM)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Toja Suárez, María Dolores	(S)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Torrado Quintela, Julio	(S)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
30. Martínez García, Valeriano	(P)	68. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
31. Mato Otero, Beatriz	(P)	69. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
32. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	70. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25